

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

- 1852** *Circular 12/2008, do 30 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables.*

ÍNDICE

- Exposición de motivos.
- Capítulo I. Recursos propios. Definición e exigencias.
 - Artigo 1. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 2. Capital inicial.
 - Artigo 3. Composición dos recursos propios.
 - Artigo 4. Deducións dos recursos propios.
 - Artigo 5. Definición alternativa dos recursos propios.
 - Artigo 6. Límites no cómputo dos recursos propios.
 - Artigo 7. Exigencias de recursos propios.
 - Artigo 8. Exigencias de información, recursos propios e grandes riscos en base consolidada.
 - Artigo 9. Cálculo dos gastos de estrutura.
 - Artigo 10. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento.
 - Artigo 11. Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.
 - Artigo 12. Entidade obrigada.
- Capítulo II. Exigencias de recursos propios por carteira de negociación.
 - Artigo 13. Definición de carteira de negociación.
 - Artigo 14. Proceso de valoración.
 - Artigo 15. Coberturas internas.
 - Artigo 16. Requisitos de recursos propios por riscos da carteira de negociación.
 - Artigo 17. Excepcións aos requisitos de recursos propios por riscos da carteira de negociación.
 - Artigo 18. Normas xerais sobre o risco de posición e cálculo da posición neta en instrumento financeiro.
 - Artigo 19. Normas xerais sobre instrumentos concretos.
 - Artigo 20. Exigencias de recursos propios por risco de posición en valores de renda fixa.
 - Artigo 21. Exigencias de recursos propios por risco específico para carteira de negociación con derivados crédito.
 - Artigo 22. Exigencias de recursos propios por risco de posición en renda variable.
 - Artigo 23. Exigencias de recursos propios por risco de posición en institucións de investimento colectivo.
 - Artigo 24. Exigencias de recursos propios por risco de liquidación e entrega.
 - Artigo 25. Exigencias de recursos propios por risco de contraparte.
 - Artigo 26. Modelos internos.
 - Artigo 27. Requisitos exhibibles aos modelos internos.
 - Artigo 28. Exigencias de recursos propios para as entidades autorizadas a utilizar modelos internos.
- Capítulo III. Exigencias de recursos propios por risco de crédito.
 - Artigo 29. Métodos de cálculo de exigencias de recursos propios.

- Artigo 30. Criterios xerais.
- Artigo 31. Asignación de posicións a diferentes categorías.
- Artigo 32. Ponderación de posicións de diferentes categorías.
- Artigo 33. Recoñecemento de axencias de cualificación externa.
- Artigo 34. Determinación da cualificación crediticia.
 - A) Método estándar-ponderación de riscos.
 - Artigo 35. Posicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais.
 - Artigo 36. Posicións fronte a administracións rexionais ou autoridades locais.
 - Artigo 37. Posicións fronte a organismos administrativos e institucións sen ánimo de lucro.
 - Artigo 38. Posicións fronte a bancos multilaterais de desenvolvemento.
 - Artigo 39. Posicións fronte a organizacións internacionais.
 - Artigo 40. Posicións fronte a institucións.
 - Artigo 41. Posicións fronte a empresas.
 - Artigo 42. Posicións fronte a clientes retalistas.
 - Artigo 43. Posicións garantidas con bens raíces.
 - Artigo 44. Posicións en situación de mora.
 - Artigo 45. Posicións pertencentes a categorías de alto risco.
 - Artigo 46. Posicións en forma de valores de débeda garantidos.
 - Artigo 47. Posicións en titulizacións.
 - Artigo 48. Posicións a curto fronte a institucións e empresas.
 - Artigo 49. Posicións a curto fronte a institucións de investimento colectivo (IIC).
 - Artigo 50. Outras partidas.
 - B) Recoñecemento de ECAI. Correspondencia coas cualificacións crediticias.
 - Artigo 51. Metodoloxía. Criterios para o recoñecemento.
 - Artigo 52. Cualificacións individuais.
 - Artigo 53. Correspondencia (MAPPING).
 - Artigo 54. Tratamento.
 - Artigo 55. Cualificación de crédito de emisores e emisións.
 - Artigo 56. Cualificacións de posicións a curto e longo prazo.
 - Artigo 57. Partidas en moeda nacional e en divisas.
- Capítulo IV. Exixencias de recursos propios por risco de crédito de contraparte en instrumentos derivados, operacións de recompra, préstamo ou toma en préstamo de valores ou materias primas e operacións de financiamento con marxe.
 - Artigo 58. Definicións.
 - Artigo 59. Criterios xerais e elección do método de cálculo. Métodos.
 - Artigo 60. Método de valoración a prezos de mercado.
 - Artigo 61. Método de risco orixinal.
 - Artigo 62. Método estándar (ME).
 - Artigo 63. Método dos modelos internos. Compensación contractual.
 - Artigo 64. Contratos de novación e outros acordos de compensación.
- Capítulo V. Técnicas de redución do risco de crédito.
 - Artigo 65. Utilización das técnicas de redución do risco de crédito.
 - Artigo 66. Definicións.
 - Artigo 67. Consideracións xerais.
 - A.-Coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.
 - Artigo 68. Compensación de operacións de balance.
 - Artigo 69. Acordos marco de compensación de operacións.
 - Artigo 70. Garantías reais.
 - Artigo 71. Outros bens e dereitos utilizados como garantía real.

- Artigo 72. Elixibilidade en todos os métodos.
- Artigo 73. Elixibilidade adicional consonte o método amplo para as garantías reais de natureza financeira.
- Artigo 74. Elixibilidade adicional consonte o método baseado en cualificacións internas (IRB).
- B.–Coberturas do risco de crédito mediante garantías persoais.
- Artigo 75. Elixibilidade dos provedores de cobertura en todos os métodos.
- Artigo 76. Derivados de crédito.
- C.–Requisitos mínimos.
- Artigo 77. Consideracións xerais.
- Artigo 78. Cobertura do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.
- Artigo 79. Requisitos mínimos para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira en todos os métodos.
- Artigo 80. Requisitos para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira no método simple.
- Artigo 81. Requisitos mínimos para o recoñecemento das garantías reais de bens raíces.
- Artigo 82. Requisitos mínimos para o recoñecemento dos dereitos de cobramento como garantías reais.
- Artigo 83. Requisitos mínimos para o recoñecemento doutras garantías reais físicas.
- Artigo 84. Requisitos mínimos para o recoñecemento doutros bens e dereitos utilizados como garantía real.
- Artigo 85. Coberturas do risco de crédito con garantías persoais e valores de débeda con vinculación crediticia.
- Artigo 86. Garantías recíprocas.
- Artigo 87. Requisitos específicos para os derivados de crédito.
- D.–Cálculo dos efectos da redución do risco de crédito.
- Artigo 88. Consideracións xerais.
- Coberturas do risco de crédito mediante garantías reais.
- Artigo 89. Bonos con vinculación crediticia e compensacións en balance.
- Artigo 90. Acordos marco de compensación
- Artigo 94. Variacións nos axustes de volatilidade que se deberán aplicar aos valores axustados das garantías reais.
- Artigo 95. Cálculo das posicións ponderadas por risco perdas esperadas que se deberán aplicar a garantías reais.
- Coberturas do risco de crédito mediante garantías persoais.
- Artigo 96. Valoración.
- Artigo 97. Cálculo das posicións ponderadas por risco e das perdas esperadas.
- E.–Desfases de vencementos.
- Artigo 98. Consideracións xerais.
- Artigo 99. Determinación do vencemento.
- Artigo 100. Valoración da cobertura.
- Artigo 101. Criterios xerais.
- Artigo 102. Criterios xerais.
- Capítulo VI. Exixencias de recursos propios por risco de crédito de titulización.
- Artigo 103. Ámbito de aplicación.
- Artigo 104. Transferencia significativa do risco.

- Artigo 105. Transferencia efectiva do risco.
- Artigo 106. Efectos da aplicación das normas de titulización.
- Artigo 107. Apoio implícito.
- Artigo 108. Criterios xerais.
- Artigo 109. Método estándar de titulización.
- Artigo 112. Disposicións xerais.
- Artigo 113. Requirimentos adicionais conforme o método estándar de titulización.
- Artigo 114. Requisitos das cualificacións crediticias externas.
- Artigo 115. Proceso de asignación do nivel de calidade crediticia.
- Artigo 116. Uso das cualificacións crediticias externas.

- Capítulo VII. Exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio.
- Artigo 117. Criterios xerais.
- Artigo 118. Cálculo da posición en divisas e ouro.
- Artigo 119. Normas de compensación.
- Artigo 120. Cálculo das exixencias de recursos propios.

- Capítulo VIII. Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas.
- Artigo 121. Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas.
- Artigo 122. Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas. Instrumentos concretos.

- Capítulo IX. Exixencias de recursos propios por risco operacional.
- Artigo 123. Consideracións.
Método do indicador básico.
- Artigo 124. Requirimentos de recursos propios.
- Artigo 125. Compoñentes do indicador de risco operacional.
- Artigo 126. Excepcións no cálculo de exixencias de recursos propios.
Método estándar.
- Artigo 127. Requirimentos de recursos propios.
- Artigo 128. Liñas de negocio, porcentaxes de requirimentos de capital e listas de actividades.
- Artigo 129. Procedementos para o emprego do método estándar.
- Artigo 130. Requisitos para a utilización do método estándar.
Métodos avanzados.
- Artigo 131. Requisitos para a utilización de métodos avanzados.
- Artigo 132. Requisitos cualitativos para a aplicación de métodos avanzados.
- Artigo 133. Requisitos cuantitativos para a aplicación de métodos avanzados.
- Artigo 134. Datos internos de perdas por risco operacional.
- Artigo 135. Datos externos de perdas por risco operacional.
- Artigo 136. Factores relacionados co contorno de negocio e co control interno.
- Artigo 137. Efecto dos seguros e doutros mecanismos de transferencia do risco.
- Artigo 138. Clasificación dos tipos de eventos de perdas por risco operacional.
- Artigo 139. Solicitude de utilización dun método avanzado para todo o grupo.
- Artigo 140. Utilización de métodos de forma combinada.

- Capítulo X. Supervisión e control de grandes riscos.
- Artigo 141. Definición de grandes riscos.
- Artigo 142. Cálculo das posicións para efectos de grandes riscos.
- Artigo 143. Comunicación das posicións de grandes riscos.
- Artigo 144. Límites aos grandes riscos.
- Artigo 145. Excepcións aos límites.

Capítulo XI. Goberno interno das entidades e autoavaliación de capital.

Artigo 146. Requisitos de organización interna.

Artigo 147. Control interno. Procedementos e medidas.

Artigo 148. Política de xestión de riscos.

Artigo 149. Risco de tipo de xuro fóra da carteira de negociación.

Artigo 150. Proceso de autoavaliación do capital.

Capítulo XII. Obrigas de información.

Artigo 151. Informe anual de autoavaliación de capital.

Artigo 152. Revisión e avaliación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 153. Información ao mercado. Informe sobre solvencia.

Artigo 154. Autorización de modelos internos e regras xerais sobre autorizacións e presentación de solicitudes.

Artigo 155. Información periódica para remitir sobre exixencias de recursos propios.

Disposicións derradeiras.

Disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria segunda.

Disposición transitoria terceira.

Disposición transitoria cuarta.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira segunda.

Anexo I.

A.–Clasificación das contas de risco e compromiso.

B.–Tipos de derivados.

Anexo II. Estados.

Exposición de motivos

O obxecto desta circular é adaptar o marco regulatorio de solvencia das entidades financeiras na Unión Europea ás empresas de servizos de investimento españolas e aos seus grupos consolidables.

Con esta circular finalízase o traballo de transposición das directivas comunitarias, 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito (refundición) e 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio (refundición), establecendo un marco común, con limitadas excepcións, para as empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito.

Neste sentido e co dobre obxectivo de, por unha parte, evitar arbitraje regulatoria e, por outra, facilitar a integración dos diferentes tipos de entidades nos grupos consolidables obxecto de supervisión, estableceuse un paralelismo entre as normas que regulan a solvencia das entidades de crédito e as contidas neste texto. Porén, ao igual que os textos comunitarios que se traspoñen, recolléronse as especificidades propias das empresas de servizos de investimento, tales como as posibles excepcións ou limitacións de aplicación de determinadas exixencias ás entidades que pola súa actividade ou escasa complexidade non as requiren ou a consideración dos gastos de estrutura como un dos limiares que cómpre considerar nas súas exixencias de recursos propios. Adicionalmente, e como se detalla máis adiante, nalgunhas materias específicas e concretas, relacionadas fundamentalmente co risco de crédito cuxos principios son de transcendental importancia para as entidades de crédito, optouse por regularlas para as empresas de servizos de investimento por referencia directa á Circular sobre determinación e control dos recursos propios mínimos do Banco de España.

A circular recolle as normas necesarias para a adecuada transposición das directivas antes mencionadas que, pola súa vez, reflicten a adaptación á Unión Europea do novo acordo de capital do Comité de Supervisión Bancaria do Banco de Pagamentos Internacional (Bank for International Settlements).

Merece especial mención o uso de modelos de remisión de información desta circular comúns cos das entidades de crédito, non só a nivel nacional senón a nivel comunitario, pois foron desenvolto de forma específica polo Comité Europeo de Supervisores Bancarios (CEBS) por proposta directa da Comisión Europea. O uso de tales modelos facilitará a recollida e divulgación de información, non só polos supervisores nacionais senón tamén por todos os supervisores de solvencia europeos, facendo posible por primeira vez a comparación de datos das entidades financeiras a escala europea.

A proposta de circular inclúe no seu texto, en moitos casos con carácter literal, boa parte das disposicións contidas na Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores, na súa redacción dada pola Lei 47/2007, do 19 de novembro e no Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras. O obxectivo desta duplicidade é facilitar a lectura, comprensión e consulta, dada a súa complexidade e nivel de detalle.

A circular contén cento cincuenta e cinco artigos distribuídos en doce capítulos, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. Adicionalmente, conta cun anexo I, descritivo das contas de orde, risco e compromiso e dos tipos de derivados e doutro anexo II, composto por vinte e un estados de informe de información periódica.

O capítulo I regula o ámbito de aplicación, define os conceptos de recursos propios e as súas exixencias tanto a nivel individual como de forma consolidada. Abórdanse neste capítulo os límites no cómputo dos recursos propios, as deducións destes e as diferentes categorías de recursos propios desde os básicos aos de terceira categoría, compostos estes últimos basicamente polos financiamentos subordinados a curto prazo.

O capítulo II detalla os criterios xerais relativos á carteira de negociación; ben que este capítulo pode ser o de maior transcendencia para as empresas de servizos de investimento, apenas incorpora novidades substantivas con respecto ao réxime actual.

Os capítulos III a VI, que se describen brevemente a continuación, agrupan os cambios máis profundos no que a solvencia se refire. Abordan todos eles, desde unha perspectiva ou outra, o risco de crédito, as súas técnicas de redución, o risco de contraparte e, finalmente, o risco de crédito que ten por orixe a titulización. Convén non esquecer que a modificación do Acordo de Basilea de 1988 está fundamentalmente dirixida a entidades de crédito internacionalmente activas.

O risco de crédito abórdase no capítulo III, no cal se recollen bastantes novidades e, sen dúbida, foi un dos capítulos suxeitos a maior revisión por parte do Comité de Supervisión Bancaria, posto que a sensibilidade e capacidade de adaptación das exixencias de recursos propios ao nivel de actividade e complexidade dos negocios das entidades de crédito teñen claro reflexo no risco de crédito. Non obstante, non se prevé que os cambios recollidos vaian afectar de forma significativa as empresas de servizos de investimento dadas as características dos negocios destas e as restricións legais impostas para este tipo de entidades no que a concesión de créditos se refire. Cabe destacar a incorporación das cualificacións de crédito emitidas polas axencias independentes de cualificación crediticia, que substitúen as antigas ponderacións por tipo de entidade, así como a posibilidade de utilización de modelos internos de cualificación, suxeitos a aprobación, que constitúe a principal novidade nesta materia. Adicionalmente, outra das novidades deste capítulo é a aceptación dos acordos de compensación bilaterais, regulando con detalle o emprego de garantías reais, avais e derivados de crédito.

Recóllense tamén no capítulo III os criterios de recoñecemento das axencias cualificación as que se denominan como «Axencias de Cualificación Externa de Crédito», en diante ECAI (do inglés External Credit Assessment Institution).

O capítulo IV trata o risco de crédito e contraparte das operacións temporais, do préstamo e dos derivados. A novidade fundamental non reside no seu tratamento, senón que é digno de mención que se desenvolvese un capítulo específico para esta materia,

ampliando e aprofundando nos riscos que entrañan este tipo de actividades e os métodos de cálculo das exixencias de recursos propios que delas derivan. Neste capítulo establécense as exixencias por risco de contraparte para operacións, xeralmente OTC (do inglés «Over the Counter»), onde o risco de liquidación e entrega non estea garantido por un terceiro, xeralmente unha cámara de compensación, para aquelas operacións en que, de incumprir a contraparte, orixinarían unha perda para a entidade. A novidade fundamental deste capítulo é a posibilidade de realizar compensacións entre posicións cunha mesma contraparte que estean suxeitas a un acordo de compensación bilateral legalmente exixible.

As técnicas de redución do risco de crédito detállanse no capítulo V, que inclúe as coberturas mediante diferentes tipos de instrumentos e garantías. Tamén se establecen os requisitos mínimos para o seu cómputo e os métodos de cálculo da redución do risco.

No capítulo VI abórdase a titulización, distinguindo claramente non só entre os riscos dos orixinadores ou promotores dos que asumen os investidores neste tipo de instrumentos, senón tamén entre titulizacións tradicionais ou as denominadas titulizacións sintéticas que se obteñen mediante os novos instrumentos derivados de crédito. Distínguense igualmente os tramos máis usuais das titulizacións, na medida que implican maiores ou menores riscos, enfatizando os apoios implícitos a estes produtos. Ao igual que en capítulos mencionados anteriormente, como o relativo á carteira de negociación ou ao risco de crédito, prevese tamén neste capítulo o uso de modelos internos suxeito a aprobación previa.

A principal novidade do capítulo VII, relativo ao risco de tipo de cambio, foi a inclusión das posicións mantidas en ouro para efectos do seu tratamento como se dunha divisa máis se tratase. Non presenta, comparado co réxime actual, novidades dignas de mención.

O capítulo VIII desenvolve as exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas, establecendo un método de cálculo xeral, o sistema de vencementos, un método simplificado e un método de escala de vencementos ampliado, este último precedendo autorización, para o cálculo das exixencias.

Presumiblemente, a principal novidade para as empresas de servizos de investimento será a nova exixencia de recursos propios por risco operacional prevista no capítulo IX. Defínese o risco operacional como aquel resultante de fallos ou procedementos inadecuados que poden orixinar perdas para a entidade. Esta definición abrangue o denominado risco legal pero non pretende abarcar os denominados riscos reputacional ou de estratexia. Establécense novas obrigas en canto a recursos propios na medida en que todas as entidades están suxeitas a fallos informáticos, de procedementos, erros, fraudes etc. A circular establece tres métodos de cálculo das exixencias de recursos propios que van desde unha simple porcentaxe de ingresos netos, o método do indicador básico, a métodos máis avanzados que empreguen modelos internos, ao igual que os capítulos de carteira de negociación, risco de crédito ou titulización. Preténdese, en xeral, co uso dos modelos internos, estimular mediante a posible redución de exixencias de recursos propios a análise e a vixilancia dos riscos, de forma tal que a sistemas máis desenvolto e sofisticados para medir, controlar e xestionar os riscos lles correspondan menores exixencias.

Non obstante o mencionado no parágrafo anterior, convén ter presente que esta nova exixencia só será de aplicación para aquelas entidades cuxas exixencias de recursos propios se determinen como suma de riscos, non sendo de aplicación ás entidades de actividade limitada.

O capítulo X establece os límites á concentración de posicións. É quizais o capítulo que presenta menores variacións con respecto ao réxime actual, ben que, ao se exceptuaren de consideración determinadas posicións mantidas fronte a sistemas de compensación e liquidación, flexibilízanse as exixencias para as empresas de servizos de investimento.

O capítulo XI representa unha novidade con respecto á circular que derrogará ao abordar os criterios xerais para a organización interna, procedementos de control e de avaliación interna en relación coa solvencia. Dado que se concede gran liberdade ás entidades á hora de calcular as súas exixencias de recursos propios, podendo incluso

establecer logo de autorización, os seus propios modelos internos, requírenselles uns procedementos mínimos que lles permitan coñecer os riscos a que está ou pode estar sometida a entidade con base na actividade desenvolvida.

Por último, o denominado pilar III do Novo acordo sobre capital, de disciplina de mercado, cuxo obxectivo é dobre, fomentar a competencia e mellorar a transparencia, ten o seu reflexo no capítulo XII. Desenvólvese unha ampla batería de conceptos sobre solvencia que as entidades deberán divulgar, pola vía que elas elixan para, entre outros obxectivos, mellorar a transparencia do sector e fomentar a confianza nel. O artigo 155 deste capítulo describe as obrigas de información das entidades obxecto desta circular á Comisión Nacional do Mercado de Valores que, ben que como se mencionou anteriormente, incorpora numerosos estados de detalle, non é menos certo que reduce de forma significativa a súa frecuencia.

En consecuencia, en uso das facultades que na materia ten conferidas, de acordo co Consello de Estado, e conforme o establecido no artigo 15 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores dispuxo:

CAPÍTULO I

Recursos propios. Definición e exixencias

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta circular será de aplicación ás empresas de servizos de investimento definidas nos artigos 62 e 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e os seus correspondentes grupos consolidables, tal como se definen no artigo 86 da mencionada lei e se describen no número 2 deste artigo.

2. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, tal como se definen no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, son aqueles grupos financeiros en que conorra calquera das seguintes circunstancias:

a) Que unha empresa de servizos de investimento controle unha ou varias entidades financeiras.

b) Que a entidade dominante sexa unha entidade cuxa actividade principal consista en ter participacións en empresas de servizos de investimento, sempre que as empresas de servizos de investimento sexan as de maior dimensión relativa entre as entidades financeiras participadas.

c) Que unha persoa física, un grupo de persoas, unha entidade dominante distinta das indicadas nas letras anteriores, ou unha entidade non consolidable que actúen sistematicamente en concerto, controlen varias entidades, sendo, polo menos unha delas, unha empresa de servizos de investimento, e sempre que as empresas de servizos de investimento sexan as de maior dimensión relativa entre as entidades financeiras participadas.

3. Formarán parte do grupo consolidable:

a) As empresas de servizos de investimento.

b) As entidades de crédito, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

c) As sociedades de investimento mobiliario.

d) As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, as sociedades xestoras de fondos de titulación hipotecaria ou de activos, así como as sociedades xestoras de fondos de pensións, cuxo obxecto exclusivo sexa a administración e xestión dos citados fondos.

e) As sociedades de capital-risco e as sociedades xestoras de fondos de capital-risco.

f) As entidades cuxa actividade principal sexa a tenza de accións ou participacións, salvo que se trate de sociedades financeiras mixtas de carteira sometidas a supervisión no nivel de conglomerado financeiro.

Así mesmo, formarán parte do grupo consolidable de empresas de servizos de investimento as sociedades instrumentais cuxa actividade principal supoña a prolongación do negocio dalgunha das entidades incluídas na consolidación, ou inclúa a prestación a estas de servizos auxiliares.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar, logo de solicitude, a exclusión individual dunha entidade do grupo consolidable de empresas de servizos de investimento:

a) Cando a entidade de que se trate estea situada nun Estado non membro da Unión Europea en que existan obstáculos xurídicos para a transmisión da información necesaria;

b) Cando a entidade de que se trate non presente un interese significativo, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con respecto aos obxectivos da supervisión das empresas de servizos de investimento e, en calquera caso, cando o total do balance da entidade de que se trate sexa inferior ao máis baixo dos dous importes seguintes: 10 millóns de euros ou o 1 por cento do total do balance da entidade dominante do grupo;

c) Cando a consolidación desa entidade resulte inadecuada ou poida inducir a erro desde o punto de vista dos obxectivos da supervisión dese grupo.

Cando, nos casos previstos na letra b) anterior, varias empresas respondan aos criterios alí mencionados deberán, non obstante, incluírse na consolidación sempre que o conxunto formado por tales entidades presente un interese significativo con respecto aos obxectivos.

4. Cando unha empresa de servizos de investimento ou un grupo consolidable de empresa de servizos de investimento estean, pola súa vez, dominados por unha ou máis entidades estranxeiras, con sede nalgún Estado membro da Unión Europea, cuxa actividade principal consista en ter participacións en empresa de servizos de investimento ou entidades financeiras, sen que ningunha delas teña a súa mesma nacionalidade, a entidade dominante e as súas restantes filiais consolidables, calquera que sexa a súa nacionalidade, integrarán un grupo consolidable de empresa de servizos de investimento, para efectos desta circular, sempre que se estea en presenza de calquera dos seguintes supostos:

a) Cando as empresas de servizos de investimento de nacionalidade española sexan as únicas filiais desa natureza no ámbito comunitario.

b) Cando, existindo empresas de servizos de investimento filiais españolas e doutros países comunitarios, se acadase un acordo entre Comisión Nacional do Mercado de Valores e as autoridades competentes deses outros países, incluíndo o país de sede da sociedade dominante, en virtude do cal se asigne a competencia de supervisión en base consolidada á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) Cando, existindo empresas de servizos de investimento filiais españolas e doutros países comunitarios, en ausencia do acordo a que se fai referencia no inciso anterior, a empresa de servizos de investimento do grupo con balance máis elevado tivese nacionalidade española ou, se os totais de balance fosen iguais, fose española a empresa de servizos de investimento autorizada en primeiro lugar.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o método de consolidación contable que se aplicará para o cumprimento dos requirimentos de recursos propios en base consolidada mencionados no número 4 anterior.

6. Sen prexuízo do establecido no número 4 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores decidirá se, nos casos seguintes, se debe efectuar a consolidación, e de que forma:

a) Cando unha empresa de servizos de investimento exerza, en opinión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha influencia significativa nunha ou varias empresas

de servizos de investimento ou entidades financeiras, sen posuír, porén, unha participación ou outros vínculos de capital nestas entidades; e,

b) Cando dúas ou máis empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras se encontren baixo dirección única, sen que esta deba ter sido establecida por contrato ou por medio de cláusulas estatutarias.

En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá permitir ou prescribir a utilización dos métodos previstos na Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.

7. As disposicións contidas nesta circular non serán de aplicación ás empresas de asesoramento financeiro, que se axustarán no relativo aos seus fondos propios ao previsto no Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

Artigo 2. *Capital inicial.*

As empresas de servizos de investimento deberán dispoñer do capital inicial previsto no Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

Artigo 3. *Composición dos recursos propios.*

1. Para efectos do cumprimento das exixencias de recursos propios das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, tal como se establecen na presente circular, os recursos propios estarán compostos polos seguintes conceptos:

a) O capital social, incluídas as primas de emisión e as accións preferentes, con independencia da forma en que se realizase o seu rexistro contable. Exclúense as accións sen voto recollidas na letra f seguinte.

b) As reservas efectivas e expresas.

c) Os resultados do exercicio corrente, durante o exercicio e, no momento do seu peche, até que teña lugar a aplicación de resultados, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Que exista un compromiso formal de aplicación de resultados por parte do órgano de administración da entidade.

Que as contas en que se reflectan os citados resultados fosen verificadas con informe favorable polos auditores externos da entidade.

Que se acredite, á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a parte de resultados para computar está libre de toda carga previsible e, en especial, de gravames impositivos e dividendos.

d) As reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos que fosen computables antes da entrada en vigor da Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, así como as derivadas da formulación de contas cos principios recollidos na mencionada circular sempre que estean debidamente rexistradas na contabilidade e se correspondan con activos de libre disposición. As reservas desta natureza asociadas a procesos de fusión non se contabilizarán como recursos propios antes da inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, restándose entrementes dos activos revalorizados para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios.

e) Os fondos afectos ao conxunto de riscos da entidade, cuxa dotación se realizase separadamente dentro da conta de resultados ou con cargo a beneficios, e sempre que o seu importe figure separadamente no balance público da entidade.

f) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto e ás accións rescatables cuxa duración non sexa inferior á prevista para os financiamentos subordinados recollidos na letra g) seguinte, reguladas nas seccións quinta e sexta do capítulo IV do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

g) Os financiamentos subordinados recibidos pola empresa de servizos de investimento que cumpran os requisitos establecidos nos parágrafos posteriores deste artigo.

h) Os financiamentos subordinados de duración indeterminada que establezan a posibilidade de diferimento de xuros, e de aplicación da débeda e os xuros pendentes de pagamento á absorción de perdas sen necesidade de proceder á disolución da entidade.

i) As porcentaxes que se indican a continuación dos importes brutos das plusvalías (netas de minusvalías) que se contabilicen como axustes por valoración de activos financeiros dispoñibles para a venda dentro do patrimonio neto, tal como se recollen na Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco. Estes importes brutos estarán constituídos polo saldo acreedor de cada unha das contas dos axustes derivados de instrumentos de débeda ou de capital, máis a corrección impositiva aplicada para a súa integración en tales contas:

– O 35 por 100 dos axustes de valor correspondentes a plusvalías en valores representativos de débeda.

– O 45 por 100 dos axustes de valor correspondentes a plusvalías en valores representativos de renda variable.

Na medida en que as entidades ou os seus grupos non integren as porcentaxes das plusvalías mencionadas nos seus recursos propios computables, ou as integren parcialmente, o valor do activo, ou o que é o mesmo, o valor da posición que se considerará, tanto para efectos dos requirimentos de recursos propios como para efectos da deducións ou dos límites aos grandes riscos, consideraranse os importes brutos das plusvalías que contribuísen a incrementar os recursos propios. É dicir, só se terá en conta a cantidade que resulte de multiplicar o importe total das plusvalías contabilizadas pola proporción que representen as plusvalías efectivamente computadas sobre a totalidade que, como máximo, se poderían ter computado de acordo con esta letra i). Esta posibilidade de cómputo será enteiramente libre para as entidades ou os seus grupos, ben que deberá ser comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores, mentres se manteña, xunto cos estados previstos no artigo 155 do capítulo XII desta circular, mediante un anexo cos cálculos e axustes realizados ao respecto.

j) Só no caso de grupos consolidados, ademais dos conceptos anteriores que se mostren nos estados financeiros consolidados, os seguintes conceptos:

– As participacións representativas dos xuros minoritarios do grupo consolidado, na parte en que se atope efectivamente desembolsada.

– As reservas en sociedades consolidadas.

2. Para a súa inclusión entre os recursos propios, os elementos recollidos nas letras a), f), g) e h) computaranse na parte que se atope efectivamente desembolsada.

3. Para considerarse recursos propios, as reservas e fondos a que se refiren as letras d) e e) precedentes deberán cumprir, á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, os seguintes requisitos:

a) Ser libremente utilizables pola entidade para cubrir os riscos inherentes ao exercicio da actividade típica das empresas de servizos de investimento, incluso antes de que se determinasen as eventuais perdas ou minusvalías.

b) Reflectirse na contabilidade da entidade, tendo sido verificado o seu importe polos auditores externos desta e comunicada esa verificación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) Estar libres de impostos ou reducirse na contía dos que previsiblemente lles sexan imputables.

4. Para considerarse recursos propios, os financiamentos subordinados a que se refire a letra g) precedente deberán cumprir as seguintes condicións:

a) O prazo orixinal destes financiamentos non será inferior a cinco anos, se non fose fixada a data do seu vencemento deberá estar estipulado para a súa retirada un aviso previo de, polo menos, cinco anos. Tanto nun coma noutro caso, durante os cinco anos anteriores á súa data de vencemento reducirán o seu cómputo como recursos propios a razón dun 20 por cento anual, até que o seu prazo remanente sexa inferior a un ano, momento en que se deixarán de computar como tales.

b) Diferirse o pagamento dos xuros en caso de perdas.

c) Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, sen prexuízo de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poida autorizar ao debedor o reembolso anticipado de financiamentos subordinados se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade.

d) Non poderán ser achegadas, ou adquiridas posteriormente, pola propia entidade, por entidades do grupo consolidable ou por outras entidades ou persoas con apoio financeiro da entidade emisora ou do grupo consolidable. Porén, poderán ser convertibles en accións, achegas ou participacións da entidade emisora, ou de entidades do grupo consolidable, e ser adquiridas co exclusivo fin da súa conversión.

e) Nos contratos e folletos de emisión quedará patente a condición de financiamento subordinado para os acredores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará estes contratos e folletos co fin de cualificar a súa computabilidade como recursos propios.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, determinará a cualificación e inclusión nos recursos propios dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento de toda clase de accións preferentes, emitidas de acordo coa normativa que sexa de aplicación, e dos elementos recollidos nas letras d), e) e f) do número 1 deste artigo, emitidos por sociedades instrumentais ou outras filiais. Para iso atenderá á lexislación do país onde se realice a emisión e á interposición das sociedades instrumentais ou filiais, co obxecto de que non debiliten a eficacia dos requisitos e limitacións establecidos para eses instrumentos, nin o seu valor como recursos propios do grupo.

6. Sen prexuízo do previsto no número 5 precedente, para o seu cómputo como recursos propios, as participacións representativas dos intereses minoritarios distribuiranse entre os elementos recollidos nas letras b), f) e g) do número 1 precedente, para efectos dos límites establecidos no artigo 6, de acordo cos seguintes criterios:

a) Entre os elementos recollidos na letra b) do número 1 anterior incluíranse as participacións representativas de accións ordinarias e as materializadas en accións preferentes emitidas por filiais estranxeiras, sempre que estean dispoñibles para a cobertura de riscos e perdas nas mesmas condicións que as accións ordinarias, a súa duración sexa indeterminada e non outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos.

b) Entre os elementos indicados na letra f) do número 1 anterior incluíranse as accións sen voto emitidas polas filiais españolas e as accións preferentes emitidas por filiais estranxeiras que estean dispoñibles para absorber perdas da entidade sen necesidade de proceder á súa disolución, e que, ou ben teñan duración indeterminada, ou ben, téndoa determinada, non sexa inferior á prevista no número 4 deste artigo para os financiamentos subordinados e non outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos.

c) Entre os elementos indicados na letra g) do número 1 anterior incluíranse as accións preferentes emitidas con duración determinada por filiais estranxeiras, cando outorguen dereitos acumulativos ao cobramento de dividendos. En todo caso, a súa

duración non poderá ser inferior á prevista no número 4 deste artigo para os financiamentos subordinados.

Artigo 4. *Deducións dos recursos propios.*

1. Deduciranse dos recursos propios enumerados no artigo anterior, polo seu valor en libros, os seguintes conceptos:

- a) Os resultados negativos de exercicios anteriores.
- b) Os resultados negativos do exercicio corrente.

Asimilarase aos resultados negativos o saldo debedor (perdas netas) de cada unha das contas do patrimonio neto que reflicten: axustes por valoración de activos financeiros dispoñibles para a venda, sexan de valores representativos de débeda ou de instrumentos de capital; axustes por valoración (minusvalías) por diferenzas de cambio, e axustes por valoración negativos por coberturas de investimentos netos en negocios no estranxeiro. As minusvalías xurdidas en partidas non monetarias valoradas polo seu valor razoable cuxo axuste a tal valor se impute en patrimonio neto recollerán, así mesmo, o compoñente de tipo de cambio. As minusvalías incluídas como axustes por valoración de activos non correntes en venda trataranse aplicando os criterios que lles corresponderían segundo a súa natureza se non se clasificasen contablemente en tal categoría. Tamén se asimilará aos resultados negativos o saldo debedor que poida presentar a reserva de revalorización de activos a consecuencia da aplicación do previsto no número 1, letra f) da norma transitoria segunda da Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.

c) Os activos inmateriais integrados no patrimonio da entidade, incluíndo o fondo de comercio orixinado ben por consolidación, por combinación ou polo método da participación.

d) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade ou do grupo que estean en poder daquela ou no de calquera entidade do grupo consolidable, mesmo os posuídos a través de persoas que actúen por conta de calquera delas e os que fosen obxecto de calquera operación ou compromiso que prexudique a súa eficacia para cubrir perdas da entidade ou do grupo.

e) Os financiamentos a terceiros cuxo obxecto sexa a adquisición de accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da empresa de servizos de investimento que as outorgase ou doutras entidades do seu grupo consolidable. Esta dedución non alcanzará os financiamentos outorgados ao persoal da entidade ou doutras entidades do grupo consolidable, sempre que o seu importe unitario non supere seis mil euros.

f) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade, ou doutras entidades consolidables, posuídas por entidades non consolidables do mesmo grupo económico, até o límite que alcancen, directa ou indirectamente, as participacións, apoios en diñeiro ou avais crediticios outorgados ás entidades tedoras pola empresa de servizos de investimento ou por calquera das entidades do grupo consolidable.

g) Adicionalmente, cando a tedora das accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da empresa de servizos de investimento, ou doutras entidades consolidables sexa unha filial non consolidable de calquera delas, esta dedución non poderá ser inferior ao importe que desas accións, achegas ou valores computables corresponda á propia empresa de servizos de investimento, ou grupo consolidable, con base na súa porcentaxe de participación sobre a entidade tedora, tendo en conta que para a obtención desa porcentaxe de participación, no caso de participacións indirectas, só se computarán as posuídas a través de sociedades filiais e multigrupo.

h) As participacións en entidades financeiras, distintas de entidades aseguradoras, non integradas no grupo consolidable, cando a participación da empresa de servizos de investimento ou do seu grupo consolidable supere o 10 por 100 do capital da participada.

i) Os financiamentos subordinados ou outros valores computables como recursos propios emitidos por entidades participadas a que se refire a letra precedente, e adquiridos pola entidade que detente as participacións.

j) As participacións en entidades financeiras non aseguradoras, distintas das previstas na letra g) anterior, e non integradas no grupo consolidable, así como os financiamentos subordinados emitidos por elas e adquiridos pola entidade ou o grupo que detente as participacións, na parte en que a suma de todas elas exceda o 10 por 100 dos recursos propios da entidade ou do grupo, calculados despois de levar a cabo as deducións a que se refiren as letras a), b), c), d), e) e f) deste número.

k) O importe das posicións en titulizacións que reciban unha ponderación do 1.250 por 100; salvo que ese importe fose incluído no cálculo dos riscos ponderados para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por activos titulizados.

l) Outros activos ou riscos que as entidades deduzan consonte o disposto no capítulo X por exceder dos límites aos grandes riscos.

m) Axustes por valoración que ofrezan saldo debedor, neto de plusvalías, deberanse asimilar aos resultados negativos tal e como se describe na letra b) anterior.

n) As participacións cualificadas en empresas non financeiras, tal e como se describe nos seguintes parágrafos deste artigo, cando no grupo se integre unha entidade de crédito.

o) Só no caso de grupos consolidados, ademais dos conceptos anteriores que se mostren nos estados financeiros consolidados, os seguintes conceptos:

- O fondo de comercio de consolidación.
- En caso de que no activo do balance consolidado luzan perdas en sociedades consolidadas, estas deduciranse dos recursos propios, deducindo as reservas consolidadas, se as houber.

2. Entenderase que posúe unha participación cualificada cando, en relación coa empresa participada:

a) Posúa polo menos o 10 por cento do seu capital ou dos seus dereitos de voto, incluíndo os posuídos a través de entidades controladas polo grupo consolidable ou pola entidade de crédito, ou a través de persoas que actúen por conta dun ou outra, e aquilo de que se dispoña concertadamente con calquera outra persoa; ou ben,

b) Poida exercer unha influencia notable na súa xestión. Entenderase que existe esta posibilidade cando ao menos un 20 por cento dos conselleiros da empresa participada poidan ser designados, ou o fosen efectivamente, polo grupo consolidable ou a entidade de crédito que posúa a participación.

A dedución das participacións cualificadas realizarase pola maior das seguintes contías:

– O importe total das súas participacións cualificadas en empresas que non teñan o carácter de entidades financeiras ou de sociedades instrumentais destas, na parte en que ese importe total exceda o 60 por cento dos recursos propios do grupo consolidable.

– O importe da participación cualificada nunha soa empresa ou da suma das participacións cualificadas en empresas pertencentes a un mesmo grupo económico, sempre que as empresas non teñan o carácter de financeiras ou de sociedades instrumentais destas, na parte de cada participación ou suma de participacións que exceda o 15 por cento dos recursos propios do grupo consolidable.

3. Exclúense da dedución prevista no número 2 precedente:

a) As participacións cualificadas que non revistan o carácter de inmovilizacións financeiras. Teñen o carácter de inmovilización financeira as participacións cualificadas que permanecesen máis de seis meses na carteira da entidade ou do grupo e as que presenten algunha traba ou vinculación que impida a súa libre transmisión.

b) Cando o grupo consolidable posúa unha participación cualificada a consecuencia do aseguramento dunha emisión de valores, poderá non deducir esa participación, sempre e cando non transcorrese un ano desde a adquisición dos valores.

c) As participacións posuídas en nome propio, pero por conta de terceiros, sempre que exista un contrato escrito de mandato e non exista unha participación cualificada na mesma empresa por parte da entidade ou do seu grupo económico.

Artigo 5. Definición alternativa dos recursos propios.

1. Non obstante o disposto nos artigos precedentes, logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, as empresas de servizos de investimento e os seus grupos que teñan exixencias de recursos propios para a cobertura dos riscos ligados á carteira de valores de negociación poderán utilizar a definición alternativa de recursos propios formada polos elementos a que se refiren as letras a) e b) seguintes, deducindo os elementos a que se refiren as letras c) e d) seguintes:

a) Os elementos comprendidos no artigo 3.

b) O financiamento subordinado a curto prazo que cumpra, ademais dos requisitos establecidos no número 4 do artigo 3, con excepción da súa letra a, os seguintes requisitos:

– O prazo orixinal destes financiamentos non será inferior a dous anos.

– Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, salvo en caso de liquidación da entidade. Sen prexuízo do anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar ao debedor o reembolso anticipado de financiamentos subordinados se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade ou do grupo consolidable.

– O pagamento de xuros e o reembolso do principal deberanse diferir en caso de que o nivel de recursos propios descenda por debaixo do 100 por cento dos niveis globais exixidos á entidade ou ao grupo consolidable.

As entidades deberán notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera amortización cando, a consecuencia desta, os recursos propios da entidade ou do grupo consolidable descendan por debaixo do 120 por cento dos niveis globais exixidos, ou cando os recursos propios xa estean situados por debaixo desa porcentaxe.

c) Os elementos comprendidos no artigo 4.

d) Os activos ilíquidos, cando se conceda autorización para que os financiamentos subordinados mencionados na letra b anterior superen o 150 por cento dos recursos propios básicos, a que se refire o artigo 6.

A comunicación referida no número 1 incluírá unha memoria xustificativa, en que se detallará o financiamento subordinado que se teña intención de captar e os seus prazos de vencemento, as vías para a súa obtención e a porcentaxe máxima que representará en relación aos recursos propios básicos.

2. A definición alternativa de recursos propios dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento estará formada polos elementos a que se refire o punto anterior, salvo os elementos da letra a), que se substituirán polos recursos propios computables dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento tal e como quedan definidos no artigo 6, todos eles en relación co balance consolidado.

3. Os activos ilíquidos estarán formados polas partidas seguintes:

– Investimentos en empresas do grupo, multigrupo, asociadas e participacións en entidades financeiras.

– Inmobilizado material.

– Investimentos dúbidosos, morosos ou en litixio.

– Resto de activos non reembolsables nun período inferior a 90 días.

Artigo 6. *Límites no cómputo dos recursos propios.*

1. Os recursos propios básicos dunha empresa de servizos de investimento estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos nas letras a), b) e c) do número 1 do artigo 3, menos o importe dos conceptos recollidos nas letras a), b), c), d), e), f) e l) do número 1 do artigo 4 relativas a aqueles elementos.

Os recursos propios básicos dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento incluírán, co seu signo, os elementos citados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables; as participacións representativas dos intereses minoritarios que se poidan incluír entre as reservas efectivas e expresas previstas na letra b) do número 1 do artigo 3 e as reservas en sociedades consolidadas a que se refire a letra j) do mesmo artigo, menos as deducións previstas na letra o) do artigo 4.

2. Os recursos propios de segunda categoría dunha empresa de servizos de investimento estarán constituídos polos elementos citados nas letras d), e), f), g), h) e, por último, na letra i) do número 1 do artigo 3.

Os recursos propios de segunda categoría dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento estarán constituídos polos elementos enumerados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables e polas participacións representativas dos xuros minoritarios que se deban incluír nos elementos citados nas letras f) e g) do número 1 do artigo 3.

3. Os recursos propios de terceira categoría dunha empresa de servizos de investimento ou dun grupo consolidable estarán constituídos polos financiamentos subordinados que cumpran os requisitos establecidos no número 1 do artigo 5.

4. Na definición xeral non serán computables como recursos propios de segunda categoría da entidade ou o grupo consolidable os seguintes conceptos:

a) O exceso de financiamento subordinado recollido na letra g) do número 1 do artigo 3, sobre o 50 por 100 dos recursos propios básicos da entidade ou o grupo consolidable.

b) O exceso de recursos propios de segunda categoría sobre o 100 por 100 dos recursos básicos da entidade ou grupo consolidable, na parte en que ese exceso non se eliminase conforme a letra a) precedente.

5. Na definición alternativa de recursos propios:

a) O exceso sobre o 50 por 100 dos recursos propios básicos do financiamento subordinado, recollido na letra g) do número 1 do artigo 3, poderá ser computable sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non excedan o 250 por 100 dos recursos propios básicos asignados á definición alternativa.

b) O exceso dos recursos propios de segunda categoría sobre o 100 por 100 dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable, na parte en que ese exceso non fose eliminado con respecto ao disposto na regra anterior, poderá ser computable sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non excedan o 250 por 100 dos recursos propios básicos asignados á mencionada definición alternativa.

c) O exceso dos recursos propios da terceira categoría sobre o 150 por 100 dos recursos propios básicos da entidade ou do grupo consolidable asignados á definición alternativa poderá ser computable, se se obtivo previamente a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores e sempre que a suma dos recursos propios de segunda categoría asignados á definición alternativa e os de terceira categoría non excedan o 250 por 100 dos recursos propios básicos asignados á mencionada definición alternativa, e se deduzan os activos ilíquidos.

Artigo 7. *Exixencias de recursos propios.*

1. As empresas de servizos de investimento manterán en todo momento con recursos propios iguais ou superiores ao maior dos conceptos recollidos nos números 1.1 a 1.4 seguintes:

1.1 A suma dos seguintes conceptos:

a) As exixencias de recursos propios, calculadas de acordo cos métodos establecidos nesta circular, por riscos ligados á carteira de negociación, ao risco de crédito de contraparte e de liquidación.

b) As exixencias de recursos propios, calculadas de acordo cos métodos establecidos nesta circular, por riscos de tipo de cambio e materias primas.

c) O 8 por 100 de todas as posicións ponderadas por risco de crédito, con excepción das actividades da carteira de negociación e dos activos ilíquidos cando se deduzan dos recursos propios, para o risco de crédito e dilución.

d) As exixencias de recursos propios respecto de todas as súas actividades para o risco operacional, calculadas tal e como se establece no capítulo IX.

1.2 A cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

1.3 As dúas terceiras partes do capital mínimo requirido para a constitución do tipo de entidade de servizos de investimento de que se trate.

1.4 O 5 por mil do volume das carteiras xestionadas.

As empresas de servizos de investimento deberán cumprir cos límites establecidos para os grandes riscos no capítulo X.

2. Non obstante o disposto no número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as sociedades xestoras de carteiras e as axencias de valores a manter uns recursos propios iguais ou superiores ao maior dos seguintes importes:

a) A suma de exixencias recollidas nas letras a), b) e c) do número 1.1 deste artigo.

b) A cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

c) O cinco por mil (5 por 1.000) do volume das carteiras xestionadas.

3. Non obstante o disposto no número 1 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as empresas de servizos de investimento cuxa actividade se axuste a algunha das descritas nas letras a) ou b) que se detallan a continuación, a manter uns recursos propios iguais ou superiores á suma de exixencias previstas nas letras a), b) e c) do número 1.1 deste artigo máis a cuarta parte dos gastos de estrutura do exercicio precedente.

a) Empresas de servizos de investimento que actúen por conta propia co obxectivo exclusivo de levar a cabo ou de executar a orde dun cliente ou para poder entrar nun sistema de compensación e liquidación ou nun mercado recoñecido, cando actúen como axencia ou executando a orde dun cliente.

b) Empresas de servizos de investimento que:

– Non manteñan efectivo ou valores de clientes.

– Só operen por conta propia.

– Non teñan clientes externos.

– A execución e liquidación das súas operacións sexan responsabilidade dunha entidade que se encargue da compensación e estean garantidas por ela.

4. Non obstante o disposto nos números precedentes deste artigo, as filiais das empresas de servizos de investimento poderán optar por non aplicar o previsto no número 1, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que tanto a filial como a empresa de servizos de investimento matriz estean suxeitas a autorización e supervisión pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, a filial estea incluída na supervisión en base consolidada da empresa de servizos de investimento que sexa a empresa matriz e se cumpran todas as condicións seguintes co fin de garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

a) Que non exista nin sexa previsible que exista ningún impedimento práctico ou xurídico relevante á inmediata transferencia de fondos propios ou ao reembolso de pasivos pola empresa matriz;

b) Que a empresa matriz lle demostre á Comisión Nacional do Mercado de Valores que efectúa unha xestión prudente da filial e se declarase garante dos compromisos subscritos pola filial, ou ben que os riscos na filial sexan pouco significativos;

c) Que os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial;

d) Que a empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou cesar a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial.

5. Non obstante o disposto nos números precedentes deste artigo, as empresas de servizos de investimento filiais de sociedades financeiras de carteira poderán optar por non aplicar o número 1 deste artigo, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que a matriz e a filial estean constituídas en España e que a matriz estea suxeita a supervisión en base consolidada por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

6. As empresas de servizos de investimento matrices suxeitas a autorización e supervisión en base consolidada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán optar por non aplicar o número 1 deste artigo, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que se cumpran as condicións seguintes para garantir que os fondos propios se distribúan adecuadamente entre a empresa matriz e as filiais:

a) Que, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, non existan actualmente nin sexa previsible que existan impedimentos materiais, prácticos nin xurídicos para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso do pasivo á empresa matriz;

b) Que os procedementos de avaliación, medición e control do risco pertinentes para a supervisión en base consolidada abarquen a empresa de servizos de investimento matriz.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude, poderá autorizar as empresas de servizos de investimento matrices a incorporar no seu cálculo da exixencia prevista no número 1 deste artigo, as súas filiais instrumentais, sempre que:

a) Os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial;

b) A empresa matriz posúa máis do 50 por cento dos dereitos de voto vinculados ás participacións ou accións da filial ou teña dereito a designar ou cesar a maioría dos membros do consello de administración ou órgano equivalente da filial;

c) As posicións ou pasivos relevantes das filiais o sexan con respecto a esas matrices;

d) A empresa de servizos de investimento matriz demostre plenamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores as circunstancias e as disposicións, incluídas as de tipo xurídico, polas que non exista nin se prevexa ningún impedimento práctico nin xurídico relevante á inmediata transferencia de fondos propios ou ao reembolso de pasivos cando os deba a filial á súa empresa matriz.

8. As empresas de servizos de investimento españolas filiais dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento autorizado e supervisado noutro Estado membro da Unión Europea, así como todas as empresas de servizos de investimento que non se inclúan na consolidación, cumprarán, con carácter individual, os requisitos de autoavaliación do capital interno previstos no capítulo XI sobre organización, control e avaliación interna.

9. Toda empresa de servizos de investimento que non sexa nin empresa matriz nin empresa filial, así como toda empresa de servizos de investimento que non se inclúa na consolidación, cumprirá de forma individual o capítulo XII, relativo á divulgación de información.

10. As empresas de servizos de investimento españolas filiais de empresas de servizos de investimento matrices da Unión Europea, ou de sociedades financeiras de carteira matrices da Unión Europea, deberán proporcionar, de forma individual:

- a) Información sobre recursos propios da empresa de servizos financeiros;
- b) Información sobre o cumprimento dos requirimentos de recursos propios pola empresa de servizos financeiros e sobre o seu procedemento de avaliación da adecuación do capital interno.

Artigo 8. Exixencias de información, recursos propios e grandes riscos en base consolidada.

1. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, partindo da súa situación financeira consolidada, manterán en todo momento recursos propios iguais ou superiores ao maior dos números 1.1 ou 1.2 seguintes:

1.1 A suma dos seguintes conceptos:

- a) As exixencias de recursos propios, calculadas de acordo cos métodos establecidos nesta circular, por riscos ligados á carteira de negociación, ao risco de crédito de contraparte e de liquidación.
- b) As exixencias de recursos propios, calculadas de acordo cos métodos establecidos nesta circular, por riscos de tipo de cambio e materias primas.
- c) O 8 por 100 de todas as posicións ponderadas por risco de crédito, con excepción das actividades da carteira de negociación e dos activos ilíquidos cando se deduzan dos recursos propios, para o risco de crédito e dilución.
- d) As exixencias de recursos propios respecto de todas as súas actividades para o risco operacional, calculadas tal e como se establece no capítulo IX.

1.2 A suma de exixencias individuais de todas as entidades do grupo calculadas de acordo coa súa regulación específica. Para estes efectos, os conceptos de recursos propios que conforme as súas normas específicas sexan computables para as entidades, pero non o sexan para as empresas de servizos de investimento, deduciranse das exixencias desas entidades até onde alcancen os citados requirimentos. As deducións que deban efectuar segundo a súa normativa específica, pero non se deban deducir de acordo co previsto no artigo 4, sumaranse aos citados requirimentos.

2. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento deberán cumprir cos límites establecidos para os grandes riscos previstos no capítulo X desta circular.

3. As empresas de servizos de investimento matrices da Unión Europea e as empresas de servizos de investimento controladas por unha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea cumprirán en base consolidada cos requisitos establecidos nos capítulos XI e XII, relativos a organización, control, avaliación interna e divulgación de información, respectivamente. Non obstante, logo de solicitude á Comisión Nacional do Mercado de Valores, os grupos consolidables cuxa estrutura se axuste ao previsto na letra c) do número 2 do artigo 1, poderán ser dispensados das obrigas previstas neste número.

4. As sucursais de empresas de servizos de investimento con sede en países terceiros calcularán os límites á concentración de riscos sobre os recursos propios do grupo consolidable da empresa estranxeira. A sucursal comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nas datas previstas para a remisión dos estados semestrais, os citados recursos propios, calculados conforme a súa lexislación nacional. Se a sucursal non pode achegar estes datos, o cálculo realizarase cos elementos de recursos propios localizados na sucursal.

Artigo 9. Cálculo dos gastos de estrutura.

1. Para o cálculo dos recursos propios necesarios en función do nivel de actividade, consideraranse gastos de estrutura as rúbricas, do estado M2 da Circular 7/2008, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, seguintes:

- Gastos de persoal, Debe 6.
- Gastos xerais, Debe 7.
- Outras cargas de explotación, Debe 8.
- Contribucións e impostos, Debe 9.
- Amortizacións do inmovilizado, Debe 10.
- Outras perdas, Debe 13.

2. A entidade poderá axustar este importe, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, se a súa actividade diminúise substancialmente con respecto ao exercicio anterior.

Igualmente, a entidade deberá axustar este importe se a súa actividade estivese aumentando substancialmente con respecto ao exercicio anterior; a nova base de cálculo comunicáraselle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, a cal, no prazo de tres meses, poderá modificar a mencionada base de cálculo se considera que esta non se axusta ao previsto nas normas de desenvolvemento desta circular. Transcorrido o prazo sinalado sen que recaese resolución expresa, a nova base entenderase aprobada.

3. Cando a entidade non completase un exercicio, tomaranse como base de cálculo os gastos de estrutura previstos no plan de negocios, salvo que a Comisión Nacional do Mercado de Valores exixa a modificación do dito plan.

4. Para estes efectos, entenderase que o nivel de actividade variou substancialmente cando os gastos de estrutura, tal e como se definen no número 1 anterior, se incrementasen ou diminúisen por encima do 25 por 100 respecto aos gastos totais do exercicio anterior, calculados estes últimos en proporción ao correspondente período de tempo transcorrido no exercicio corrente.

Artigo 10. *Adopción de medidas para retornar ao cumprimento.*

1. Cando unha empresa de servizos de investimento ou un grupo consolidable non alcancen os niveis mínimos de recursos propios establecidos neste capítulo, ou os adicionais que poidan ser exixidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de conformidade co artigo 87.bis.3.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberá informar diso con carácter inmediato a Comisión Nacional do Mercado de Valores e presentará un programa de acordo co establecido no artigo 113 do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios, en que se concreten os plans para retornar ao cumprimento das normas de solvencia. O programa deberá conter, polo menos, os aspectos referidos, na identificación das causas determinantes do incumprimento ou do exceso, ao plan para retornar ao cumprimento que poderá incluír a limitación ao desenvolvemento de actividades que supoñan riscos elevados, o desinvestimento en activos concretos, ou medidas para o aumento do nivel de recursos propios e os prazos previsibles para retornar ao cumprimento.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará este programa cando o considere adecuado e poderá fixar medidas adicionais ás propostas co fin de garantir o retorno aos niveis mínimos de recursos propios exixibles. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación á Comisión Nacional do Mercado de Valores non se producise resolución expresa.

3. Seguirase a mesma actuación cando se superen os límites establecidos no capítulo X en canto a límites de grandes riscos ou por redución sobrevida de recursos propios computables.

Artigo 11. *Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha empresa de servizos de investimento ou un grupo consolidable de empresas de servizos de investimento presente un déficit de recursos propios computables superior ao 20 por cento dos mínimos requiridos en virtude do disposto nesta circular, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo consolidable deberán destinar a reservas a totalidade dos beneficios ou excedentes netos.

2. Cando o déficit de recursos propios computables sexa igual ou inferior ao 20 por cento, a entidade individual ou todas e cada unha das entidades do grupo consolidable someterán a súa distribución de resultados á autorización previa da Comisión Nacional de Mercado de Valores, que establecerá a porcentaxe mínima que se destinará a reservas atendendo ao programa presentado para retornar ao cumprimento das normas de solvencia. Esa porcentaxe mínima non poderá ser inferior ao 50 por cento dos beneficios ou excedentes netos.

3. As limitacións á repartición de dividendos a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo non alcanzarán as filiais en que as entidades incluídas no grupo consolidable posúan polo menos o 90 por cento dos dereitos de voto e do capital, sempre que de forma individual satisfagan o nivel mínimo exigible de recursos propios.

4. O establecido neste artigo e no precedente aplicaráselles individualmente ás empresas de servizos de investimento que, incluídas nun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, incumplan de forma individual as normas de solvencia exigidas en virtude do disposto neste capítulo.

5. O disposto neste artigo e no precedente enténdese sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das sancións previstas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 12. *Entidade obrigada.*

1. Todo grupo consolidable de empresas de servizos de investimento disporá dunha entidade obrigada que asumirá os deberes que deriven das relacións coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, tales como solicitar, elaborar e remitir documentación relativa ao grupo, atender os requirimentos e facilitar as actuacións inspectoras da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e as que se prevexan nesta circular, sen prexuízo das obrigas das demais entidades integrantes do grupo, así como da capacidade da Comisión Nacional do Mercado de Valores para se dirixir directamente a calquera das entidades que o integren.

2. A entidade obrigada dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento (ou dun grupo mixto) será a empresa de servizos de investimento dominante. Cando non exista empresa de servizos de investimento dominante, o grupo propondrá á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha empresa de servizos de investimento que forme parte do grupo como entidade obrigada. Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se opón no prazo dun mes, esa entidade entenderase designada. Porén, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá designar outra cando a proposta non asegure o cumprimento das funcións propias da entidade obrigada, ou designar directamente a obrigada en ausencia de proposta.

CAPÍTULO II

Exixencias de recursos propios por riscos asociados á carteira de negociación

Artigo 13. *Definición de carteira de negociación.*

1. Para os efectos deste capítulo, a carteira de negociación constará de todas as posicións en instrumentos financeiros e materias primas que a entidade manteña coa «intención de negociación» ou para que sirvan de cobertura a outros elementos da carteira de negociación. Estas posicións deben estar libres de restricións á súa transmisibilidade ou seren aptas para servir de cobertura.

2. Entenderase que existe «intención de negociación» cando as posicións se manteñan coa finalidade de realizalas a curto prazo ou de beneficiarse das diferenzas reais ou esperadas a curto prazo entre o prezo de compra e o de venda, ou doutras variacións nos prezos ou os tipos de xuro. O termo «posicións» inclúe as posicións propias,

as procedentes da prestación de servizos a clientes e as das actividades relacionadas con operacións de creación de mercado.

A intención de negociación demostrárase polas estratexias, políticas e procedementos establecidos pola entidade para xestionar cada posición ou, de ser o caso, conxunto de posicións (carteira). Para estes efectos, as posicións ou carteiras que se manteñan con fins de negociación cumpriran os seguintes requisitos:

a) Deberá dispoñer dunha estratexia de negociación claramente documentada e aprobada pola alta dirección da entidade, para cada posición, instrumento ou, de ser o caso, conxunto de posicións ou carteiras, que incluíra o horizonte temporal de tenza previsto para estas posicións.

b) A entidade deberá dispoñer de políticas e procedementos claramente definidos para a xestión activa das súas posicións, que incluíran o seguinte:

i. As posicións contratadas pola mesa de negociación ou tesouraría (departamento de negociación);

ii. Fixaranse límites ás posicións e supervisaranse para comprobar o seu cumprimento;

iii. O persoal encargado da negociación contará con autonomía para contratar e xestionar as posicións dentro dos límites acordados e respectando a estratexia prevista e aprobada;

iv. Como parte integral do proceso de xestión de riscos da entidade informarase a alta dirección das posicións mantidas;

v. Levarase a cabo un seguimento activo das posicións, tendo en conta as fontes de información do mercado, unha avaliación realizada sobre a súa negociabilidade ou a capacidade de cobertura da posición ou dos seus compoñentes de risco, incluíndo unha avaliación da calidade e a dispoñibilidade dos inputs de mercado utilizados no proceso de valoración, e da profundidade e volume negociado destas posicións no mercado.

c) Deberá dispoñer de políticas e procedementos de control claramente definidos, para comprobar que a xestión das súas posicións se adecúa á estratexia de negociación prevista, e que incluíra o seguimento de ingresos e de posicións vencidas na carteira de negociación da entidade.

As políticas e procedementos estarán suxeitos a auditoría interna periódica e afectarán como mínimo:

i. As actividades que a entidade considere de negociación para efectos da cobertura de exixencias de recursos propios;

ii. A medida en que unha posición se poida valorar diariamente a prezos de mercado, con referencia a un mercado líquido tanto para a oferta como para a demanda;

iii. Respecto das posicións que se valoren mediante modelos, a medida en que a entidade poida:

- Identificar todos os riscos importantes da posición.
- Cubrir todos os riscos importantes da posición con instrumentos para os que exista un mercado líquido, tanto para de oferta como de demanda.
- Calcular estimacións fiables relativas ás hipóteses e aos parámetros clave utilizados nos modelos.

iv. A medida en que a entidade poida xerar valoracións do risco que se poidan validar externamente;

v. A medida en que limitacións legais ou outros requisitos operativos poidan reducir a capacidade da entidade para liquidar ou cubrir a posición a curto prazo;

vi. A medida en que a entidade poida, e estea obrigada, a xestionar activamente a posición dentro da súa actividade de negociación; e

vii. A medida en que a entidade pode transferir riscos ou posicións entre a carteira de negociación e fóra da carteira de negociación, así como os criterios para estas transferencias.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de solicitude da entidade, poderá permitir que as posicións mantidas en carteira de negociación, que se poidan computar como recursos propios doutras entidades financeiras, sexan consideradas como posicións en accións ou instrumentos de débeda se a entidade demostra que é un creador de mercado activo nestas posicións. Neste caso, a entidade contará con sistemas e controis adecuados sobre a negociación destes instrumentos.

Artigo 14. *Proceso de valoración.*

As entidades deberán establecer e manter sistemas e controis adecuados que garantan estimacións de valoración prudentes e fiables.

Os sistemas e controis incluirán, ao menos, os seguintes elementos:

a) Políticas e procedementos documentados para o proceso de valoración. Estas políticas e procedementos incluirán unha definición clara das responsabilidades das áreas que participan no proceso de valoración, as fontes de información de mercado utilizadas xunto cun exame da súa adecuación, a frecuencia con que se leva a cabo unha valoración independente, a secuencia temporal dos prezos de peche, os procedementos de axuste das valoracións, os procedementos de verificación a final do mes e outros procesos puntuais;

b) Canles inequívocas e independentes do departamento de negociación para a transmisión de información ao departamento responsable do proceso de valoración. A canle de información deberá chegar en última instancia até un membro executivo do consello de administración.

Todas as posicións da carteira de negociación estarán supeditadas aos criterios de valoración prudentes contidos neste artigo e acreditarase que o valor asignado a cada unha das posicións reflicte o valor actual de mercado. Este valor conterá un grao adecuado de certeza tendo en consideración a natureza dinámica destas posicións, as exixencias de solidez prudencial e a forma de operar e os obxectivos dos requirimentos de recursos propios.

As posicións valoraranse a prezos de mercado, polo menos, diariamente. Utilizaranse os prezos de peche do mercado que se obteñan de fontes independentes ou, de ser o caso, os prezos de pantalla ou as cotizacións de diversos intermediarios independentes acreditados.

Ao valorar a prezos de mercado utilizarase, se for o caso, o lado máis prudente do intervalo prezo de oferta ou demanda, a menos que a entidade sexa un importante creador de mercado nun determinado tipo de instrumento financeiro ou materia prima que lla permita liquidar a prezo medio de mercado.

Cando non sexa posible a valoración a prezos de mercado, as entidades poderán utilizar modelos de valoración baseados en referencias, extrapolacións ou outros cálculos a partir dos inputs de mercado. Neste caso, cumpriranse os seguintes requisitos:

a) A alta dirección deberá coñecer os elementos da carteira de negociación que son valorados segundo un modelo e entender a incerteza que incorpora na información sobre o risco e o rendemento do negocio;

b) Os inputs de mercado utilizados no modelo deberán proceder, na medida do posible, das mesmas fontes que os prezos de mercado. Revisaranse frecuentemente os parámetros do modelo e o seu grao de adecuación á posición particular que está a ser valorada;

c) Cando estean dispoñibles, utilizaranse metodoloxías de valoración que respondan a prácticas aceptadas xeralmente polo mercado para este tipo de instrumentos financeiros ou materias primas concretas;

d) Cando a entidade desenvolva o seu propio modelo, este deberá basearse en hipóteses adecuadas, que deberán ser valoradas e aprobadas por persoal cualificado da entidade alleo ao proceso de elaboración do modelo;

e) Deberanse implantar procedementos formais para o control de futuras modificacións do modelo e manter unha copia deste co obxecto de utilizala periodicamente para verificar as valoracións;

f) O departamento de xestión de riscos deberá ter constancia das deficiencias dos modelos utilizados e coñecer o mellor modo de reflectilas nos resultados da valoración;

g) O modelo deberase someter a exames periódicos co fin de determinar a fiabilidade dos seus resultados. Como exemplo de aspectos para avaliar en exames periódicos, avaliarase de forma continua a validez das hipóteses, analizando as perdas e ganancias fronte a factores de risco, comparando os valores de liquidación efectivos cos resultados obtidos do modelo;

h) Mantemento, á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, dos procedementos, parámetros e hipóteses utilizados polo modelo debidamente documentados.

Os modelos desenvolto polas entidades deberanse desenvolver ou aprobar independentemente do departamento de negociación. Para iso, deberanse validar as fórmulas matemáticas, as hipóteses empregadas e a aplicación dos programas informáticos.

Ademais da valoración diaria a prezos de mercado ou segundo modelo, realizarase unha verificación de prezos independente. Para iso, verificarase periodicamente a exactitude e independencia dos prezos de mercado e dos inputs utilizados no modelo. Mentres que a valoración diaria a prezos de mercado poderá realizala o persoal encargado da negociación, a verificación dos prezos de mercado e dos inputs do modelo deberá levala a cabo unha unidade independente do departamento de negociación e cunha periodicidade mínima mensual, ou de forma máis frecuente, en función da natureza do mercado e da actividade negociadora da entidade. Cando non se dispoña de fontes independentes de valoración ou as fontes de valoración sexan subxectivas, deberanse aplicar axustes de valoración.

As entidades deberán establecer e manter procedementos para analizar a necesidade de dotar reservas por valoración relativas a: diferenciais de calidade crediticia aínda non realizados, custos de liquidación, riscos operativos, rescisión anticipada, custos de investimento e de financiamento, custos administrativos futuros e, cando proceda, o risco asociado á utilización de modelos de valoración.

As entidades deberán ter en conta varios factores á hora de analizar a necesidade de dotar reservas de valoración para as partidas menos líquidas, xa sexa pola propia situación de liquidez do mercado ou como resultado de situacións relacionadas coa entidade. Estes factores deberán incluír o tempo que levaría cubrir a posición ou os seus riscos, a volatilidade e a media do intervalo entre o prezo de compra e o de venda, a dispoñibilidade de cotizacións de mercado, número e identidade dos creadores de mercado, e a volatilidade e a media dos volumes negociados, concentracións de mercado, a antigüidade das posicións, en que medida a valoración se efectúa segundo modelo, e o efecto doutros riscos de modelo.

Ao utilizar valoracións de terceiros ou ao valorar segundo modelo, as entidades analizarán a necesidade de realizar axustes de valoración. Igualmente, considerarán a necesidade de establecer reservas para as posicións menos líquidas e revisarán de forma continua a súa adecuación.

Artigo 15. *Coberturas internas.*

Unha cobertura interna é unha posición que compensa de forma significativa ou completamente o risco inherente a unha posición, ou un conxunto de posicións, non incluídas na carteira de negociación. As posicións resultantes de coberturas internas poden formar parte da carteira de negociación sempre que se manteñan con fins de negociación e cumpran os requisitos establecidos neste artigo e, en particular:

a) Non se realicen co propósito de reducir as exixencias de recursos propios.

b) Se documenten correctamente e estean suxeitas a procedementos internos de aprobación e auditoría especiais.

- c) A operación interna se negocie e valore en condicións de mercado.
- d) A maior parte do risco de mercado que se xere pola cobertura interna se xestione dinamicamente na carteira de negociación dentro dos límites autorizados.
- e) Se realice un estreito seguimento das operacións internas mediante procedementos adecuados.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, cando unha entidade cubra unha posición de fóra da carteira de negociación mediante un derivado de crédito que figure na súa carteira de negociación, cobertura interna, só se poderá recoñecer como cobertura cando a entidade adquira protección dun terceiro e o derivado cumpra os requisitos establecidos na letra C do capítulo V sobre redución do risco de crédito. Neste caso, ambas as posicións non estarán suxeitas aos requirimentos de recursos propios establecidos neste capítulo.

Artigo 16. *Requirimentos de recursos propios por riscos da carteira de negociación.*

Os requirimentos de recursos propios da carteira de negociación serán a suma de:

- a) Os necesarios para a cobertura do risco de posición da carteira de negociación polo mantemento de posicións en instrumentos de débeda, incluídos os instrumentos convertibles, de acordo co establecido no artigo 20 ou, cando proceda, no 21.
- b) Os necesarios para a cobertura do risco de posición da carteira de negociación polo mantemento de posicións en instrumentos de renda variable, de acordo co establecido no artigo 22 ou, cando proceda, no 28.
- c) Os necesarios para a cobertura do risco de posición da carteira de negociación polo mantemento de posicións en institucións de investimento colectivo, de acordo co establecido no artigo 23.
- d) Os necesarios, pola aplicación dos procedementos establecidos no artigo 25, para a cobertura dos riscos de crédito e contraparte ligados á carteira de negociación. Eses riscos serán:
 - i. Nas operacións de cesión temporal de activos e préstamo de valores ou de materias primas.
 - ii. Nas operacións de derivados non negociados en mercados organizados.
 - iii. Nas operacións de financiamento con marxe, é dicir, nas transaccións en que a entidade alonga o crédito en relación con operacións de compra, venda, transferencia ou transacción de valores.
 - iv. Nas operacións con liquidación a prazo «que non estean suxeitas a risco de liquidación e entrega». Entenderase por operacións con liquidación a prazo aquelas transaccións en que unha contraparte se compromete a entregar un valor, materia prima, divisa ou outros instrumentos financeiros nunha data de liquidación ou entrega especificada contractualmente que supere o prazo mínimo marcado polos estándares de mercado para esa transacción en particular e sexa posterior en máis de cinco días hábiles á data en que a entidade entra a participar na operación.
- e) Os necesarios para a cobertura do risco de liquidación e entrega, de acordo co previsto no artigo 24.
- f) Os necesarios para a cobertura do risco de posición da carteira de negociación polo mantemento de posicións en materias primas, xunto cos das clasificadas como de investimento, de acordo co previsto no capítulo VIII desta circular.
- g) Os necesarios para a cobertura do risco de cambio, ou de posicións en ouro, xunto cos das clasificadas como de investimento, calcularanse de acordo co previsto no capítulo VII desta circular.

Para efectos do establecido nas letras a), b) e c) do artigo 16 desta circular, o risco de posición descomporase no risco xeral, derivado dun cambio no prezo dos compoñentes da carteira de negociación debido a movementos xerais dos mercados, e o risco específico, derivado dun cambio nesos instrumentos debido a causas relativas ao emisor do valor, ou ao emisor do subxacente no caso de instrumentos derivados.

Artigo 17. *Excepcións aos requirimentos de recursos propios por riscos da carteira de negociación.*

Non será de aplicación o artigo precedente cando a carteira de negociación das entidades sexa inferior, de media, durante os seis meses inmediatamente anteriores, ao menor dos seguintes importes: o 5 por 100 da súa actividade total ou 15 millóns de euros, e non exceda en ningún momento do dito período o 6 por 100 da súa actividade total ou 20 millóns de euros.

Para o cálculo das porcentaxes sinaladas no parágrafo anterior, os elementos da carteira de negociación valoraranse a prezos de mercado, salvo os instrumentos derivados que se tomarán polo valor de mercado do instrumento subxacente ou os seus correspondentes entregables, sumándose en valor absoluto todos os elementos. Nos aseguramentos de emisións aplicaranse os factores de redución recollidos no artigo 19 deste capítulo.

Non obstante, cando as entidades non veñan aplicando as disposicións deste capítulo e superen os limiares do 5% da súa actividade total ou de 20 millóns de euros, antes citados, poderán solicitar da Comisión Nacional do Mercado de Valores continuar non aplicando estas, sempre que no período de observación de seis meses inmediatamente anterior á súa solicitude non superasen, durante o 75% dos días, os limiares do 5% da súa actividade total ou 15 millóns de euros.

Para os efectos do número 2 anterior entenderase por actividade total a suma dos activos e contas de orde de risco e compromiso da entidade ou grupo. Para estes mesmos efectos os instrumentos derivados valoraranse ao valor de mercado dos seus elementos subxacentes ou correspondentes entregables, sumándose en valor absoluto todos os elementos.

Artigo 18. *Normas xerais sobre o risco de posición e cálculo da posición neta nun instrumento financeiro.*

O importe polo que as posicións longas, ou curtas, dunha entidade superen ás posicións curtas, ou longas, nun mesmo tipo de valores de renda variable, instrumento de débeda e instrumento convertible, así como en idénticos contratos de futuros financeiros, opcións, certificados de opción de compra (*warrants*) e certificados de opción de compra cubertos (*covered warrants*), constituirá a posición neta da dita empresa en cada un dos distintos instrumentos.

Para os efectos deste capítulo, un instrumento é un activo financeiro, real ou nomenclal, cunhas características determinadas en canto a emisor, fluxo de pagamentos e divisa de denominación, considerándose instrumentos idénticos os que coincidan en todas as súas características. Se un instrumento tiver unha data de emisión futura considerárase emitido desde a data de cálculo, para efectos do prazo de vida residual.

Os diferentes instrumentos computaranse polo seu valor de mercado. Cando existan distintas posicións, longas ou curtas, nun mesmo instrumento, o seu cómputo será idéntico en todas elas. No caso das opcións e os certificados de opción de compra (*warrants*), o valor do instrumento subxacente así calculado multiplicárase polo factor que mide a variación no prezo da opción como consecuencia dun cambio no prezo do subxacente (*delta*), o que determinará o seu cómputo final.

Antes de ser agregadas, todas as posicións netas, independentemente do seu signo, deberanse converter diariamente a euros, ao tipo de cambio de contado vixente.

Cando a entidade teña en carteira os seus propios instrumentos de débeda, estes elementos non se terán en conta para o cálculo do risco específico.

Nos grupos consolidables, só será posible a compensación entre entidades de posicións netas longas e curtas nun mesmo instrumento cando estas se localicen en entidades consolidadas que satisfagan as condicións previstas no capítulo VII sobre risco de tipo de cambio; as posicións netas localizadas en entidades consolidadas que non satisfagan esas condicións, aínda que estean referidas ao mesmo instrumento financeiro, consideraranse posicións netas en distintos instrumentos financeiros, para efectos do cálculo das exixencias de recursos propios.

Artigo 19. *Normas xerais sobre instrumentos concretos.*

1. Contratos de futuros sobre tipos de xuro: os contratos de futuros sobre tipos de xuro, os contratos a prazo sobre tipos de xuro (FRA) e os compromisos de compra e venda a prazo de instrumentos de débeda consideraranse como combinacións de posicións nocionais, longas e curtas. As posicións nocionais terán ponderación nula para efectos do cálculo das exixencias de recursos propios por risco específico. Os instrumentos de ambas as posicións computaranse polo nominal que serve para o cálculo da liquidación de xuros.

Unha posición longa en futuros sobre tipos de xuro considerarase a combinación dun préstamo recibido con vencemento na data de entrega estipulada no contrato de futuros e unha tenza dun activo coa mesma data de vencemento que o instrumento ou posición nocional subxacente do contrato de futuros de que se trate.

2. Contratos a prazo sobre tipos de xuro (FRA): un contrato FRA vendido considerarase como posición longa cunha data de vencemento igual á data de liquidación estipulada e unha posición curta cun vencemento igual á data final do propio contrato.

Un contrato FRA comprado considerarase como posición curta con data de vencemento igual á do contrato e unha posición longa con data de vencemento igual á data de liquidación final estipulada no propio contrato.

3. Compromisos de compra e venda a prazo de instrumentos de débeda: o compromiso de compra a prazo dun instrumento de débeda considerarase como unha combinación de préstamo con vencemento na data de entrega, e como posición longa (ao contado) no propio instrumento de débeda. O préstamo terá ponderación nula para efectos do cálculo das exixencias de recursos propios por risco específico.

4. Operacións de permuta financeira (*swaps*): para efectos do cálculo do risco de tipo de xuro, as operacións de permuta financeira (*swaps*) terán a mesma consideración que os instrumentos que figuran no balance. Por conseguinte, unha permuta financeira de tipo de xuro en virtude da cal unha entidade recibe un tipo de xuro variable e paga un tipo de xuro fixo considerarase equivalente a: unha posición longa mantida nun instrumento de tipo de xuro variable, con prazo equivalente ao período que reste até o momento de fixar novamente o tipo de xuro, e unha posición curta nun instrumento a tipo de xuro fixo, cuxo prazo sexa o da propia permuta financeira. Nas operacións en que se pacte recibir un tipo de xuro fixo e pagar un tipo de xuro variable, reflectirase unha posición longa nun instrumento con data de vencemento igual á do propio contrato, e unha posición curta nun instrumento con data de vencemento igual á do momento en que se fixe novamente o tipo de xuro.

5. Opcións e certificados de opción de compra (*warrants*): as opcións sobre tipos de xuro, instrumentos de débeda, valores de renda variable, índices sobre valores de renda variable, futuros financeiros, permutas financeiras e divisas consideraranse posicións cun valor equivalente ao importe do activo subxacente a que a opción está vinculada multiplicadas polo seu delta. Poderanse compensar estas últimas posicións con calquera posición simétrica mantida nos activos subxacentes ou derivados idénticos. Deberase empregar o delta do mercado organizado de que se trate ou, se este non estiver dispoñible ou no caso de opcións non negociadas en mercados organizados, o delta calculado pola propia entidade. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir que as entidades calculen o seu delta consonte un método determinado.

Os certificados de opción de compra (*warrants*), sobre instrumentos de débeda ou de renda variable, terán a mesma consideración que as opcións.

Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades que valoren as súas posicións a prezos de mercado e xestionen o risco do tipo de xuro dos instrumentos mencionados neste artigo sobre unha base de fluxos de efectivo descontados, poderán utilizar modelos de sensibilidade para calcular o valor das súas posicións, debendo utilizalos para calquera tipo de instrumento de débeda que se amortice durante o seu período restante de vixencia, en lugar de se amortizar mediante un reembolso final do principal. Estes modelos deberán establecer posicións que teñan a mesma sensibilidade aos cambios dos tipos de xuro que os fluxos de efectivo dos subxacentes. Esta sensibilidade

establecerase con referencia a movementos independentes dunha mostra de tipos ao longo da curva de rendementos, con ao menos un punto de sensibilidade en cada unha das bandas de vencemento que se establecen no cadro de zonas para o cálculo de exixencias por risco xeral do artigo 27 sobre risco de posición en instrumentos de débeda. As posicións así calculadas incluíranse no cálculo das exixencias de recursos propios de conformidade co disposto no citado artigo para o risco xeral.

Para efectos do cálculo da posición neta nun instrumento, as entidades que non calculen os requirimentos de recursos propios consonte os seus modelos internos (artigo 28) poderán tratar como posicións plenamente compensadas todas as posicións en instrumentos derivados sobre tipos de xuro que cumpran, como mínimo, as condicións seguintes:

- a) Que as posicións sexan sobre o mesmo valor e estean denominadas na mesma divisa;
- b) Que o tipo de referencia, para as posicións a tipo variable, ou o cupón, para as posicións de tipo fixo, estean estreitamente correlacionados;
- c) Que a seguinte data de fixación do tipo de xuro ou, para as posicións a tipo fixo o vencemento residual, estean dentro dos seguintes límites:
 - i) A menos dun mes: o mesmo día.
 - ii) Entre un mes e un ano: nun prazo de sete días.
 - iii) Con máis dun ano: nun prazo de trinta días.

Os saldos pasivos por operacións de cesión temporal de valores de renda fixa reflectiranse como unha posición curta nomenclal, que computará polo mesmo importe que o valor cedido, con vencemento na data de recompra acordada.

Os préstamos de valores de renda fixa seguirán o seguinte procedemento:

- a) Os valores cedidos en préstamo consideraranse como posicións longas no propio valor.
- b) Os saldos pasivos por acredores de valores consideraranse como posicións curtas no propio valor mentres este forme parte da carteira de negociación. En caso contrario, consideraranse dúas posicións: unha posición curta no propio valor e unha posición longa nomenclal polo mesmo importe e vencemento igual á data de devolución estipulada.

Os compromisos de compra a prazo e as cesións en préstamo de accións e participacións son posicións longas nos ditos valores; os compromisos de venda a prazo e os saldos pasivos por toma de accións e participacións en préstamo son posicións curtas.

Os contratos sobre futuros, as opcións e as opcións sobre futuros baseados en índices bolsistas consideraranse como instrumentos en si mesmos. Non obstante, poderanse desagregar en posicións en cada unha das accións que os constitúen cando a evolución do prezo do índice non difira da evolución resultante do prezo dos seus compoñentes.

As operacións de aseguramento de emisións e ofertas públicas de venda de valores, non colocadas en firme nin reaseguradas por terceiros, incluíranse dentro da clase de valor e desde o momento da sinatura do compromiso, aplicando os seguintes factores de redución:

- Primeiro día hábil: 100 %.
- Segundo día hábil: 90 %.
- Terceiro día hábil: 75 %.
- Cuarto día hábil: 50 %.
- Quinto día hábil: 25 %.
- A partir do sexto día hábil: 0 %.

Para os efectos anteriores, denomínase primeiro día «hábil» aquel en que exista obriga formal e incondicional de adquirir unha cantidade determinada de valores a un prezo coñecido.

6. Derivados de crédito.

Ao calcular as exixencias de capital para o risco de mercado da parte que asume o risco de crédito, o «vendedor de protección», salvo outra disposición, as posicións valoraranse polo importe nocional do contrato de derivado do crédito e, con excepción das permutas financeiras de rendibilidade total, aplicarase o vencemento do contrato derivado do crédito en lugar do vencemento da obriga de referencia. As posicións en derivados de crédito en que a entidade vendeu protección determináanse do seguinte modo:

a) Unha permuta financeira de rendibilidade total (*total return swap*) descomporase nunha posición longa na obriga de referencia e unha posición curta nun valor de débeda pública cun vencemento equivalente ao período que reste até o momento de fixar novamente o tipo de xuro. A posición curta en débeda pública non se considerará para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco específico.

b) Unha permuta financeira de cobertura por incumprimento crediticio (*credit default swap*) non crea unha posición por risco xeral de mercado. Para efectos do risco específico, xerará unha posición longa sintética na obriga de referencia con vencemento o do contrato do derivado. Poderase optar por xerar unha posición longa no derivado cando este dispoña dunha cualificación crediticia externa segundo a cal os requirimentos de recursos propios por risco específico fosen inferiores ao 8 por 100 conforme o establecido no artigo 20 sobre requirimentos de recursos propios por posicións en renda fixa. As primas ou xuros xerados pendentes de liquidar deberanse representar como posicións nacionais en valores de débeda pública.

c) Unha obriga de pagamento de denominación única con vinculación crediticia (bonos */single name-credit link note*):

i) Para efectos do risco xeral xerará unha posición longa na propia obriga de pagamento.

ii) Para efectos do risco específico, descomporase nunha posición longa sintética na obriga de referencia e outra posición longa adicional no emisor da obriga de pagamento. As entidades poderán optar por xerar unha única posición longa no emisor da obriga de pagamento cando o derivado desfrute dunha cualificación externa segundo a cal os requirimentos de recursos propios por risco específico fosen inferiores ao 8 por 100 conforme o establecido no artigo 20 sobre requirimentos de recursos propios por posicións en renda fixa.

d) Unha obriga de pagamento de denominación múltiple con vinculación crediticia (bonos vinculados/*multiple name-credit link note*) xerará:

i) Para efectos do risco xeral unha posición longa na propia obriga de pagamento.

ii) Para efectos do risco específico, descomporase en posicións longas sintéticas en cada obriga de referencia e outra posición longa adicional no emisor da obriga de pagamento. O valor das posicións longas sintéticas corresponderase coa proporción do importe nocional total que cada unha representa. Cando se poida seleccionar máis dunha obriga dunha entidade de referencia, a obriga con maior risco determinará o risco específico. Cando a obriga de pagamento con vinculación crediticia teña unha cualificación externa conforme a cal recibiría unha ponderación inferior ao 8 por 100 segundo o artigo 27, sobre requirimentos de recursos propios por posicións en renda fixa, poderase rexistrar unha única posición longa no emisor da obriga de pagamento.

e) Os derivados de crédito que cubran varias obrigas de referencia e a cobertura xire sobre a obriga que incumpra no enésimo lugar, xerarán unha posición polo importe nocional en cada unha das obrigas de referencia, exceptuando as «n-1» obrigas de referencia que dispoñan da ponderación por risco específico máis baixa.

Os requirimentos de recursos propios destas posicións creadas non superarán o máximo importe do pagamento estipulado no contrato.

Para a parte que transfere o risco de crédito, o «comprador de protección», as posicións en derivados de crédito en que a entidade comprou protección determinarase como a imaxe reflectida do vendedor de protección, coa excepción da posición curta no emisor da

obriga de pagamentos con vinculación crediticia, que non comporta unha posición curta no emisor. Se o contrato de derivado contén unha opción de compra (*call option*) combinada cun ascenso (*step up*), o seu momento de execución determinará o vencemento da protección. No caso dos derivados de crédito que cubran varias obrigas subxacentes, as compensacións por risco específico realizaranse coas n-1 obrigas de referencia de mellor calidade crediticia.

Artigo 20. *Exixencias de recursos propios por risco de posición en valores de renda fixa.*

As exixencias de recursos propios para a cobertura dos riscos xeral e específico calcularanse sobre a posición neta, longa ou curta, tal e como se define no artigo 18.

As posicións netas clasificaranse segundo a divisa en que estean expresadas e o cálculo realizarase separadamente para cada divisa.

A) Risco específico.

O risco específico é o risco de que se produza unha variación do prezo dun instrumento, por causas relacionadas ben co seu emisor ou co emisor do seu instrumento subxacente, se se trata dun instrumento derivado.

A entidade consignará as súas posicións netas nas oportunas categorías que figuran no cadro 1 consonte o seu emisor/debedor, cualificación crediticia externa ou interna e vencemento residual, e a continuación multiplicarás polos coeficientes indicados. As exixencias de recursos propios por risco específico serán a suma das posicións ponderadas así obtidas, con independencia de que estas sexan longas ou curtas.

Cadro 1

Elementos	Exixencia por risco específico
Instrumentos que recibirían unha ponderación nula por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito.	0%
Instrumentos que dispoñan dunha cualificación crediticia outorgada por unha ECAI recoñecida polo menos a un nivel de calidade crediticia de 3 ou mellor e que recibirían unha ponderación inferior ou igual ao 50 por 100 por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito:	
i) Cun vencemento residual inferior a 6 meses:	0,25%
ii) Cun vencemento residual entre 6 e 24 meses:	1%
iii) Cun vencemento residual superior a 24 meses:	1,6%
Instrumentos que recibirían unha ponderación do 150 por 100 por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito.	12%
Instrumentos que recibirían unha ponderación do 350 por 100 por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito.	28%
Resto de instrumentos.	8%

As entidades que apliquen as normas de ponderación do risco de crédito establecidas nos métodos avanzados de medición do risco de crédito (IRB), tal como se establecen na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos, poderán clasificar as súas posicións conforme a cualificación crediticia externa sempre que a súa cualificación interna (PD) sexa polo menos equivalente.

As posicións de titulización que sexan obxecto de dedución directa dos recursos propios ou cuxa ponderación do risco se eleve ao 1.250 por 100 tal como se establece no capítulo VI, serán obxecto dunha exixencia de capital non inferior á establecida nese capítulo.

Instrumentos:

Posicións longas e curtas en instrumentos emitidos por «institucións», incluídos os bonos hipotecarios (bonos garantidos) para os cales non se dispón dunha cualificación crediticia emitida por parte dunha ECAI recoñecida e que cumpran as seguintes condicións:

- i) Son instrumentos suficientemente líquidos.
- ii) A súa calidade crediticia é polo menos equivalente á dos instrumentos mencionados na alínea precedente.
- iii) Cotizan polo menos nun mercado regulado dun Estado membro da Unión Europea ou nunha bolsa dun país terceiro sempre e cando tal bolsa sexa recoñecida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir que a entidade aplique un coeficiente superior ao indicado no cadro 1 aos instrumentos que presenten un risco especial debido á insuficiente solvencia do emisor do instrumento.

B) Risco xeral.

O risco xeral é o que deriva de toda modificación do prezo dun instrumento debido quer a unha variación do nivel de tipos de xuro, quer a un movemento xeral rexistrado no mercado de valores non imputable a determinadas características específicas dos emisores de que se trate.

B.1) Método en función do vencemento:

O cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco xeral efectuarase agrupando as posicións netas en instrumentos nominados nunha mesma divisa, e sumando, posteriormente, os requirimentos obtidos por risco xeral de todas as agrupacións efectuadas.

A cada unha das agrupacións sinaladas no parágrafo anterior aplicaráselle o seguinte procedemento para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco xeral:

- a) Clasifícaranse as posicións netas en cada instrumento, longas ou curtas, segundo o seu prazo residual de vencemento e o rendemento do instrumento. Por prazo residual de vencemento entenderase, para posicións con tipo de xuro fixo, o prazo que reste até o seu vencemento final e, para posicións con tipo de xuro variable, o período que reste até a seguinte data de fixación do tipo de xuro ou, tras a última revisión, até o seu vencemento final. Unha vez clasificadas así as posicións, aplicaráselles as ponderacións que figuran no cadro 2.

Cadro 2

Zona	Banda de vencemento		Ponderacións (%)
	Rendemento explícito igual ou superior ao 3%	Rendemento explícito inferior ao 3% ou implícito	
UN	Meses	Meses	
	0-1	0-1	0,00
	1-3	1-3	0,20
	3-6	3-6	0,40
DOUS	6-12	6-12	0,70
	Anos	Meses	
	1-2	12-23	1,25
	2-3	23-34	1,75
	3-4	34-43	2,25

Zona	Banda de vencemento		Ponderacións (%)
	Rendemento explícito igual ou superior ao 3%	Rendemento explícito inferior ao 3% ou implícito	
TRES	Anos	Meses	
	4-5	43-52	2,75
	5-7	52-68	3,25
	7-10	68-88	3,75
	10-15	88-112	4,50
	15-20	112-127	5,25
	>20	127-144	6,00
		Anos	
		12-20	8,00
		>20	12,50

b) Para cada banda de vencemento, calcularase a suma das posicións netas longas ponderadas e a suma das posicións netas curtas ponderadas. A posición ponderada compensada, en valor absoluto, da banda será a menor de ambas as sumas, mentres que a posición ponderada non compensada desta banda, longa ou curta, conservando o seu signo, será a diferenza entre a suma das posicións longas e a suma das posicións curtas de tal banda.

c) Para cada zona, partindo das posicións ponderadas non compensadas, longas ou curtas, das bandas desa zona, determinarase, do mesmo modo que na letra anterior para cada banda, a posición ponderada compensada, en valor absoluto, e a posición ponderada non compensada, longa ou curta, conservando o seu signo, desa zona.

d) Partindo das posicións ponderadas non compensadas, longas ou curtas, de cada zona:

i) A posición ponderada compensada entre as zonas un e dous calcularase como a menor das posicións ponderadas non compensadas das zonas un e dous, en valor absoluto, cando estas sexan de distinto signo. Obterase neste caso a posición ponderada non compensada entre ambas as zonas, conservando o seu signo, que pertencerá á zona un ou á dous, segundo corresponda.

ii) A posición ponderada compensada entre as zonas dous e tres calcularase como a menor da posición ponderada non compensada da zona dous, se existe tras a aplicación da alínea anterior, e a posición ponderada non compensada da zona tres cando sexan de distinto signo. Obterase neste caso a posición non compensada entre ambas as zonas, conservando o seu signo, que pertencerá á zona dous ou á tres, segundo corresponda.

iii) A posición ponderada compensada entre as zonas un e tres calcularase, cando existan tras a aplicación das dúas alíneas anteriores e sexan de signo contrario, como a menor das posicións ponderadas non compensadas das zonas un e tres.

iv) A posición ponderada non compensada residual será a diferenza entre a suma das posicións ponderadas non compensadas longas e a suma das posicións ponderadas non compensadas curtas das diferentes zonas antes de realizar as compensacións anteriores en valor absoluto.

e) Os recursos propios necesarios en función do risco xeral calcularanse sumando os seguintes importes:

- O 10 por 100 da suma das posicións ponderadas compensadas de cada unha das bandas de vencemento.
- O 40 por 100 da posición ponderada compensada da zona un.
- O 30 por 100 da posición ponderada compensada da zona dous.
- O 30 por 100 da posición ponderada compensada da zona tres.
- O 40 por 100 da posición ponderada compensada entre as zonas un e dous, e entre as zonas dous e tres.
- O 150 por 100 da posición ponderada compensada entre as zonas un e tres.

– O 100 por 100 das posicións ponderadas non compensadas residuais.

B.2) Método en función da duración:

Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades poderán utilizar un sistema de clasificación das súas posicións en instrumentos de débeda negociables en función da duración destas.

Tomarase o valor de mercado de cada instrumento de débeda con cupón fixo e calcularase o seu rendemento no momento do vencemento, que constitúe a súa taxa de desconto implícito. En caso de instrumentos a tipo variable, tomarase o valor de mercado de cada instrumento e calcularase o seu rendemento supoñendo que o principal se debe no momento en que se pode modificar o tipo de xuro.

A continuación, a entidade calculará a duración modificada de cada instrumento de débeda sobre a base da seguinte fórmula:

Duración modificada = ((duración (D))/(1 + r)) onde:

$$D = ((\sum_{t=1}^m((t C_t)/((1 + r)^t)))/(\sum_{t=1}^m((C_t)/((1 + r)^t))))$$

Onde:

R= rendemento ao vencemento.

C_t= pagamento en efectivo (cupón ou principal) nun momento t.

M= vencemento.

O vencemento en posicións en instrumentos de débeda con cupón fixo é o prazo que reste até o seu vencemento final, no caso de instrumentos con xuro variable é o período que reste até a seguinte data de fixación do tipo de xuro ou, tras a última revisión, até o seu vencemento final.

A entidade clasificará cada un deles na zona pertinente do cadro 3, procedendo sobre a base da duración modificada de cada instrumento.

A entidade clasificará cada un deles na zona pertinente do cadro 3, procedendo sobre a base da duración modificada de cada instrumento.

Cadro 3

Zona	Duración modificada en anos	Xuro estimado (variación en %)
Un	D ≤ 1,0	1.0
Dous	1,0 < D ≤ 3,6	0.85
Tres	D > 3,6	0.7

A continuación calculará a posición ponderada segundo a duración de cada instrumento, multiplicando o seu valor de mercado pola súa duración modificada e pola variación suposta do tipo de xuro cando se trate dun instrumento obxecto da dita duración modificada especial (véxase a columna 3 do cadro 3).

A entidade procederá a continuación a calcular as súas posicións longas e curtas ponderadas segundo a duración dentro de cada zona. O importe de tales posicións longas que estea compensado por posicións curtas dentro de cada zona constituirá a posición compensada ponderada segundo a duración modificada compensada desa zona.

A entidade calculará entón a posición non compensada ponderada segundo a duración de cada zona. Con respecto ás posicións ponderadas non compensadas aplicará a continuación o método exposto nos puntos anteriores.

A existencia de capital da entidade calcularase, finalmente, sumando:

a) O 2 por 100 da posición compensada ponderada segundo a duración de cada zona;

- b) O 40 por 100 das posicións compensadas ponderadas segundo a duración entre as zonas un e dous;
- c) O 40 por 100 das posicións compensadas ponderadas segundo a duración entre as zonas dous e tres;
- d) O 150 por 100 das posicións compensadas ponderadas segundo a duración entre as zonas un e tres;
- e) O 100 por 100 das posicións residuais non compensadas ponderadas segundo a duración.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir que as entidades non compensen posicións, para efectos do risco xeral, de instrumentos que presenten un risco especial debido á insuficiente solvencia do emisor do instrumento.

Artigo 21. *Exixencias de recursos propios por risco específico para posicións da carteira de negociación cubertas con derivados de crédito.*

1. Permítese a protección proporcionada polos derivados de crédito e, por tanto, a compensación sen restrición, cando o valor dos dous lados da operación vaia sempre en direccións opostas e, basicamente, na mesma contía. Será o caso en calquera das seguintes situacións:

- a) Os dous lados constan de instrumentos completamente idénticos.
- b) Unha posición longa en valores cóbrese mediante unha permuta financeira de taxa de rendibilidade total, ou viceversa, e coinciden exactamente a obriga de referencia e a posición subxacente, é dicir, a posición en depósitos de valores. O prazo de vencemento da propia permuta financeira poderá ser diferente do da posición subxacente.

Nestes casos, non se aplicará unha exixencia de capital por risco específico a ningún dos dous lados da posición.

2. Recoñecerase unha compensación do 80 por 100 da exixencia de recursos propios cando o valor dos dous lados da operación vaia sempre en direccións opostas e coincidan exactamente a obriga de referencia, o prazo de vencemento, tanto da obriga de referencia como do derivado de crédito, e a moeda en que se denomina a posición subxacente. Adicionalmente, as características básicas do contrato derivado de crédito non deberán facer que as variacións do prezo do derivado de crédito se desvíen significativamente das fluctuacións do prezo da posición de contado en valores. Na medida en que a operación transfira o risco, aplicarase a compensación citada do 80 por 100 da exixencia de recursos propios por risco específico do lado da operación que teña unhas exixencias de recursos propios máis elevadas, mentres que a exixencia por risco específico do outro lado será nula.

3. Poderase aplicar unha compensación parcial cando o valor dos dous lados vaia xeralmente en direccións opostas. Este será o caso nas situacións seguintes:

a) A posición está recollida na letra b do número 1 deste artigo, pero existe un desfase de activos entre a obriga de referencia e a posición subxacente. Porén, as posicións reúnen os seguintes requisitos:

- i) A obriga de referencia é de categoría similar ou inferior á da obriga subxacente; e
- ii) A obriga subxacente e a obriga de referencia están emitidas polo mesmo debedor e existen cláusulas de incumprimento cruzado ou cláusulas de aceleración cruzadas legalmente exixibles.

b) A posición está recollida na letra a do número 1 deste artigo ou no número 2, pero existe unha discordancia de divisas ou un desfase de prazos de vencemento entre a protección crediticia e o activo subxacente.

c) A posición está recollida no número 2 deste artigo, pero existe un desfase de activos entre a posición en valores e o derivado de crédito. Porén, o activo subxacente está incluído nas obrigas, de entrega, recollidas na documentación do derivado de crédito.

En cada un deses casos, os requirimentos de recursos propios por risco específico só se calcularán sobre o lado das posicións que teñan as exixencias de recursos propios máis elevadas.

En todos os restantes casos non se permitirá ningún tipo de compensación.

Artigo 22. Exixencias de recursos propios por risco de posición en renda variable.

A entidade sumará todas as súas posicións longas netas, segundo se define no artigo 18, e todas as súas posicións curtas netas. A suma de ambos os importes constituirá a súa posición global bruta, e a diferenza entre ambos será a posición global neta da entidade.

A exixencia de recursos propios para a cobertura dos riscos xeral e específico será a suma dos seguintes conceptos:

Risco xeral: o importe da posición global neta multiplicada polo 8 por 100.

Risco específico: o importe da posición global bruta multiplicada polo 4 por 100.

Os futuros sobre índices bolsistas, o equivalente ao delta ponderado nas opcións sobre futuros baseados en índices bolsistas e os índices bolsistas poderanse desagregar en posicións en cada unha das accións que os constitúen. Estas posicións poderanse considerar posicións subxacentes nas accións de que se trate, e poderanse compensar respecto das posicións opostas nas propias accións subxacentes. Se estes tipos de contratos non se desagregasen nos seus subxacentes serán considerados como valores individuais.

As posicións de contratos sobre futuros baseados en índices bolsistas, posicións baseadas en índices bolsistas e opcións sobre futuros baseados en índices bolsistas que, non tendo sido desagregados nos seus respectivos subxacentes tal e como se describe no parágrafo anterior, se negocien en mercados organizados e estean referidos a índices amplamente diversificados, non se considerarán para os efectos do cálculo de exixencias de recursos propios por risco específico. Non obstante, consideraranse dentro da posición global neta para efectos do cálculo de exixencias por risco xeral.

Artigo 23. Exixencias de recursos propios por risco de posición en institucións de investimento colectivo.

1. Os requirimentos de recursos propios por posicións en institucións de investimento colectivo (IIC) que cumpran as condicións para a súa consideración como pertencentes á carteira de negociación calcularanse de conformidade co establecido neste artigo.

Sen prexuízo doutras disposicións que figuran neste artigo, as posicións en IIC estarán suxeitas a requirimentos de recursos propios por risco de posición, específico e xeral, do 32 por 100.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, e sen prexuízo doutras disposicións relativas ao risco de tipo de cambio e, en particular, ao tratamento dese risco para as posicións en divisas compostas que se poidan desagregar conforme o previsto no capítulo VII, para as posicións das IIC, a exixencia de recursos propios conxunta por risco de posición, xeral, específico e de tipo de cambio, estará limitada a un coeficiente máximo conxunto do 40 por 100.

2. Poderanse calcular os requirimentos de recursos propios por posicións en IIC que cumpran os criterios establecidos no número 3, polos métodos establecidos na letra B) sobre métodos específicos deste artigo.

A menos que se indique o contrario, non se permite a compensación entre os investimentos subxacentes dun IIC e outras posicións mantidas pola entidade.

A) Criterios xerais.

3. Os criterios xerais de elixibilidade para utilizar os métodos que figuran na letra B) deste artigo sobre métodos específicos para as IIC orixinadas por entidades cuxa supervisión ou constitución se realizou na Unión Europea son os seguintes:

1. No folleto informativo ou documento equivalente da IIC figurarán:

i) As categorías de activos en que a IIC está autorizada a investir.

ii) Se se aplican límites de investimento, os límites relativos e as metodoloxías utilizadas para calculalos.

iii) Se se permite o apancamento, o nivel máximo deste.

iv) Se se permite o investimento en derivados financeiros non negociados en mercados regulados ou en operacións similares ás de tipo pacto de recompra, unha política para limitar o risco de contraparte inherente a estas transaccións.

2. A actividade da IIC será obxecto de informes semestrais e anuais, o que permitirá unha avaliación dos activos e pasivos, ingresos e operacións ao longo do período obxecto do informe.

3. As participacións ou accións da IIC son reembolsables en efectivo, con cargo aos activos da entidade, diariamente, se así o solicita o seu titular.

4. Os investimentos na IIC estarán separados dos activos do xestor da IIC.

5. A entidade investidora fará unha avaliación do risco adecuada da IIC.

4. As IIC orixinadas en países terceiros poderán ser elixibles se se cumpren os requisitos dos puntos 1. a 5. da alínea anterior, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

B) Métodos específicos.

5. Cando a entidade coñeza os investimentos subxacentes da IIC a diario poderá examinar eses investimentos subxacentes para calcular as exixencias de capital por risco de posición de conformidade cos métodos establecidos nas normas deste capítulo II sobre carteira de negociación e, se conta con autorización para iso, de conformidade cos artigos 26, 27 e 28 sobre modelos internos. Seguindo esta formulación, as posicións en IIC trataranse como posicións nos investimentos subxacentes da IIC. Permitirase a compensación entre posicións nos investimentos subxacentes da IIC e outras posicións mantidas pola entidade, sempre que esta conte cunha cantidade de participacións suficiente para permitir «o reembolso ou emisión» a cambio dos investimentos subxacentes.

O cálculo a que se refire o parágrafo anterior, é dicir, seguindo os procedementos descritos neste capítulo III sobre carteira de negociación e, se conta con autorización para iso, de conformidade cos artigos 33, 34 e 35 sobre modelos internos, realizarase asumindo que as posicións estimadas representan as posicións necesarias para reproducir a composición e o rendemento do índice xerado por un terceiro ou da cesta de accións ou valores de débeda pechadas que se menciona na letra a), conforme as seguintes condicións:

1. O obxectivo do mandato da IIC será o de reproducir a composición e o rendemento dun índice xerado por un terceiro ou dunha cesta de accións ou valores de débeda cerradas.

2. Poderase establecer claramente unha correlación mínima de 0,9 entre as variacións diarias de prezos da IIC e o índice ou a cesta de accións ou valores de débeda cerradas, durante un período mínimo de seis meses. Neste contexto entenderase por correlación o coeficiente de correlación entre os resultados diarios da IIC e o índice ou a cesta de accións ou valores de débeda.

6. Nos casos en que a entidade non coñeza os investimentos subxacentes da IIC a diario, aquela poderá calcular os requirimentos de recursos propios por risco de posición de conformidade cos métodos establecidos nos artigos deste capítulo sobre carteira de negociación, suxeita ás seguintes condicións:

1. Asumirase que a IIC inviste primeiro até o máximo permitido consonte o seu mandato nas clases de activos que requiren os maiores requirimentos por risco de posición, e despois continúa facendo investimentos en orde descendente até alcanzar o límite total máximo de investimento. A posición na IIC tratarase como unha participación directa na posición así estimada.

2. As entidades terán en conta o risco máximo indirecto a que poderían chegar ao adoptar posicións apancadas a través da IIC ao calcular as súas exixencias, aumentando

proporcionalmente a posición na IIC até o risco máximo dos elementos de investimento subxacente resultantes do mandato de investimento.

3. As exixencias de recursos propios por risco de posición, xeral e específico, non poderán superar as exixencias que se obterían da aplicación do número 1 deste artigo.

7. As entidades poderanse basear na información facilitada por un terceiro para calcular e comunicar as exixencias de recursos propios por risco de posición nas posicións en IIC que entren no ámbito do método específico detallado máis arriba a condición de que se garanta adecuadamente a corrección e declaración do cálculo.

Artigo 24. *Exixencias de recursos propios por risco de liquidación e entrega.*

A. Risco de liquidación.

As operacións con instrumentos de débeda, accións, divisas e materias primas, excluídos os pactos de recompra e os pactos de recompra inversa, así como o préstamo e a toma en préstamo de valores ou materias primas, que permanezan sen liquidar cinco ou máis días desde a data de liquidación acordada, estarán suxeitas ás exixencias de recursos propios que se establecen neste artigo.

A entidades deberán calcular a diferenza de prezos a que estean expostas entre o prezo de liquidación acordado para os instrumentos e o seu valor actual de mercado, naqueles casos en que esa diferenza poida entrañar perdas para a entidade.

A exixencia de recursos propios por este risco calcularase como o produto da diferenza, definida no parágrafo anterior, para todas as operacións que poidan entrañar perdas, polo factor correspondente que figura na columna da dereita do seguinte cadro:

Cadro 1

Días hábiles transcorridos tras a data de liquidación estipulada	Porcentaxe
Entre 5 e 15 días	8
Entre 16 e 30 días	50
Entre 31 e 45 días	75
46 ou máis días	100

B. Risco de entrega (operacións incompletas).

Estarán suxeitas ás exixencias de recursos propios que se establecen nesta epígrafe aquelas operacións cuxa liquidación se realice por un sistema distinto ao sistema de entrega contra pagamento:

1. Aquelas operacións en que se pagase por valores, divisas ou materias primas antes de recibilos ou se entregasen valores, divisas ou materias primas antes de recibir o pagamento.

2. No caso de operacións transfronteirizas, aquelas en que transcorrese máis dun día desde que se efectuou o pagamento ou a entrega.

O tratamento destas operacións, para efectos das exixencias de recursos propios, será o seguinte:

a) Até a data do primeiro pagamento ou entrega contractual non haberá exixencias de recursos propios por risco de entrega.

b) Desde esa data (do primeiro pagamento) até catro días hábiles despois da data do segundo pagamento ou entrega contractual, o risco tratarase como un préstamo.

c) Transcorridos cinco días hábiles desde a data do segundo pagamento ou entrega contractual até a extinción da transacción, o importe transferido máis o custo de reposición, se for positivo, deducirase de recursos propios básicos.

Para as operacións que, de conformidade coa alínea anterior, se deban tratar como préstamos, as entidades que utilicen o método IRB establecido na Circular 3/2008, do 22

de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos poderán:

a) Asignar unha PD (probabilidade de incumprimento) ás contrapartes coas cales a entidade non contraese outros riscos en operacións alleas á carteira de negociación, estimada sobre a base da cualificación externa da contraparte. As entidades que utilicen estimacións propias de LGD (perda dado un incumprimento) poderán aplicar unha LGD do 45 por 100, sempre que o apliquen a todas as operacións que non se rexan por un sistema de entrega contra pagamento.

b) Aplicar as ponderacións de risco establecidas no capítulo III (risco de crédito, método IRB) sempre que as apliquen a todas as operacións que non se rexan por un sistema de entrega contra pagamento.

c) Aplicar unha ponderación de risco do 100 por 100 a todas as operacións que non se rexan por un sistema de entrega contra pagamento cando o importe destas operacións non sexa material.

En caso de fallo de todo un sistema de liquidación ou compensación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispensar dos requirimentos de recursos propios establecidos nesta norma até que a situación se corrixa.

Artigo 25. *Exixencias de recursos propios por risco de contraparte.*

1. As entidades deberán manter recursos propios suficientes para cubrir o risco de contraparte inherente nas seguintes operacións:

a) Instrumentos derivados non negociados en mercados regulados (OTC) e derivados de crédito.

b) Pactos de recompra, pactos de recompra inversos, operacións de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores ou materias primas en préstamo baseadas en valores ou materias primas incluídas na carteira de negociación.

c) Transaccións de garantías ligadas ao préstamo de valores ou materias primas; e

d) Operacións con liquidación aprazada.

2. Os valores das posicións e as cantidades expostas ponderadas por risco mencionadas no número 1 anterior calcularanse da seguinte maneira:

a) O valor da posición dunha partida do activo será o seu valor de balance.

b) O valor da posición dunha partida fóra do balance será a porcentaxe do valor que se detalla a continuación:

i) Se é unha partida de alto risco o 100 por 100.

ii) Se é unha partida de risco medio o 50 por 100.

iii) Se é unha partida de risco medio/baixo o 20 por 100.

iv) Se é unha partida de risco baixo o 0 por 100.

Tal como se detallan no anexo I desta circular.

3. Nos derivados de crédito, as permutas financeiras de rendibilidade total (*total return swap*) e as permutas financeiras de cobertura por incumprimento crediticio (*credit default swap*), para obter a cifra de risco potencial futuro da posición, o importe nominal do instrumento multiplicarase polas seguintes porcentaxes:

Nos casos en que a obriga de referencia sexa tal que se dese lugar a unha posición directa da entidade, sería un elemento cualificado para efectos do risco de posición: 5 por 100.

Nos casos en que a obriga de referencia sexa tal que se dese lugar a un risco directo da entidade non sería un elemento cualificado para efectos do risco de posición: 10 por 100.

Non obstante, no caso dunha permuta financeira de cobertura por incumprimento crediticio (*credit default swap*), cando unha entidade cuxa posición inherente á permuta represente unha posición longa no subxacente, permitirase que utilice unha porcentaxe do 0 por 100 para o risco potencial futuro da posición, a menos que a permuta financeira de

cobertura por incumprimento crediticio sexa obxecto de liquidación por insolvencia da entidade cuxo risco inherente á permuta represente unha posición curta no subxacente, aínda que o valor subxacente non incumprise.

4. Nos casos en que o derivado de crédito proporcione protección en relación co enésimo lugar entre varias obrigas subxacentes, a porcentaxe que se debe aplicar, de entre os detallados no número 3 anterior, vén determinado pola obriga coa calidade crediticia máis baixa.

As porcentaxes detalladas anteriormente non as poderán utilizar aquelas entidades que calculen as reducións do risco de crédito, descritas no capítulo V, utilizando o método simple.

5. Para os efectos do número 2 anterior, no caso das operacións con compromiso de recompra e das operacións de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores ou materias primas en préstamo que figuren na carteira de negociación, todos os instrumentos financeiros e mercadorías que sexan elixibles para seren incluídos na carteira de negociación poderanse recoñecer como garantía real elixible.

Para os riscos correspondentes a instrumentos derivados non negociados en mercados regulados (OTC) que figuren na carteira de negociación, as materias primas que sexan elixibles para a súa inclusión na carteira de negociación tamén poderán figurar como garantía real elixible.

Para calcular os axustes de volatilidade cando se prestan, se venden ou se proporcionan estes instrumentos financeiros ou mercadorías que non son admisibles para efectos de redución do risco de crédito descritas no capítulo V ou cando se toman en préstamo, se compran ou se reciben por garantía real ou, doutro modo, conforme esa operación, e a entidade utiliza o método supervisor de axuste da volatilidade de conformidade coas técnicas de redución do risco de crédito descritas no capítulo V, estes instrumentos e materias trataranse da mesma maneira que os valores que non formen parte do principal índice do mercado regulado en que coticen.

Se a entidade utiliza o método de estimacións propias de axuste da volatilidade de conformidade coas técnicas de redución do risco de crédito descritas no capítulo V en relación cuns instrumentos financeiros ou materias primas que non son admisibles conforme as citadas técnicas de redución do risco de crédito, os axustes de volatilidade deberanse calcular para cada elemento específico. Se a entidade utiliza o método de modelos internos poderá aplicar ese método á carteira de negociación.

6. Para os efectos do número 2, en relación co recoñecemento de acordos marco de compensación que cubran operacións con compromiso de recompra, ou ben operacións de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores ou materias primas en préstamo, a compensación de posicións na carteira de negociación e fóra da carteira de negociación só se recoñecerá cando as operacións compensadas cumpran as seguintes condicións:

- a) Todas as operacións se valoran diariamente a prezos de mercado.
- b) Calquera elemento tomado en préstamo, comprado ou recibido nestas operacións poderase recoñecer como garantía financeira elixible consonte as técnicas de redución do risco de crédito descritas no capítulo V sen a aplicación do número 5 deste artigo.

7. Nos casos en que un derivado de crédito incluído na carteira de negociación forme parte dunha cobertura interna e a protección crediticia se recoñeza, considerarase que non existe risco de contraparte inherente á posición no derivado de crédito.

8. A exixencia de capital será o 8 por 100 do importe total das posicións ponderadas por risco.

Artigo 26. *Modelos internos.*

1. Sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no seguinte artigo, e logo de solicitude á Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades poderán utilizar os seus propios modelos á hora de calcular as súas exixencias de recursos propios fronte aos

riscos de posición, de tipo de cambio ou sobre materias primas, en lugar dos métodos descritos nos artigos precedentes deste capítulo, ou en combinación con estes.

O ámbito de aplicación do modelo deberá estar claramente definido e xustificado, tanto en relación cos riscos e categorías homoxéneas de instrumentos financeiros considerados como coas entidades do grupo consolidable que aplicarán tales modelos.

As exixencias de recursos propios derivadas de riscos, entidades ou instrumentos financeiros non cubertos polo modelo ou modelos deberanse calcular aplicando os métodos estandarizados descritos nos artigos precedentes deste capítulo.

2. A solicitude de autorización para a utilización de modelos internos presentárase ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, xunto cun informe en que se describa o modelo desenvolvido, o sistema de control de xestión de riscos establecido e no cal se acredite o cumprimento dos requisitos cuantitativos e cualitativos exixidos no seguinte artigo.

Calquera modificación tanto do ámbito de aplicación como dos parámetros esenciais do modelo e no sistema de xestión de riscos deberáselle comunicar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta poderá revogar a autorización concedida, logo de audiencia da entidade, se o modelo deixase de cumprir os requisitos cualitativos e cuantitativos exixidos.

Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non aprobase o programa que se menciona no artigo 28 ou, se tras a súa aplicación, continuasen producíndose excesos considerarase que o modelo non é suficientemente preciso, polo que a autorización outorgada inicialmente poderá ser revogada e a entidade non poderá seguir utilizándoo para o cálculo dos requirimentos de recursos propios.

3. Con carácter xeral, a autorización a que se refire o número anterior deberase outorgar de maneira expresa a cada entidade e só se se cumpren os requisitos previstos no artigo 27.

Artigo 27. *Requisitos exixibles aos modelos internos.*

1. As entidades deberán contar cun sistema de xestión de riscos adecuado para o volume e complexidade dos riscos asumidos, conceptualmente válido e representativo destes. En particular, deberán cumprir as condicións seguintes:

a) O modelo interno de cálculo de riscos debe formar parte do proceso diario de xestión de riscos da entidade e servir de base para a obtención dos informes sobre os riscos asumidos que se faciliten á alta dirección.

b) A entidade deberá contar cun departamento ou unidade de control de riscos independente das unidades operativas. Este departamento ou unidade deberalle render contas directamente á alta dirección e será responsable da definición e aplicación do sistema de xestión de riscos. Deberá elaborar e analizar informes diarios sobre os resultados do modelo de xestión de riscos, así como sobre as medidas que se deban adoptar no que respecta aos límites no volume de operacións realizadas e aos riscos asumidos. Este departamento efectuará tamén a validación inicial e continuada do modelo interno.

c) O consello de administración ou órgano equivalente e a alta dirección da entidade deberán participar activamente no proceso de control de riscos. En particular, determinarán a información e informes periódicos que deberán ser sometidos á súa consideración, as liñas básicas sobre as que se articulará o control interno do sistema de xestión de riscos e os límites diarios do valor en risco asumible pola entidade, así como os niveis de autorización necesarios para a asunción de distintos niveis de risco.

d) Así mesmo, os informes diarios presentados pola unidade de control de riscos deberán ser revisados por directivos con capacidade suficiente para impor unha redución tanto das posicións asumidas por operadores individuais como dos riscos globais asumidos pola entidade.

e) A entidade deberá contar con recursos humanos suficientes e que teñan un alto nivel de cualificación técnica para a utilización de modelos complexos nos ámbitos da negociación, o control de riscos, a auditoría e a administración.

f) A entidade deberá contar con procedementos para supervisar e garantir o cumprimento das normas e controis internos relativos ao funcionamento global do sistema de cálculo de riscos, debendo documentar todo iso por escrito.

g) A entidade deberá acreditar o grao de exactitude do modelo que utiliza á hora de calcular o valor en risco.

h) A entidade deberá ter establecido un estrito programa de simulacións de casos extremos (*stress testing*), que deberá realizar cunha periodicidade adecuada. Os resultados destas simulacións deberán ser revisados pola alta dirección e tomarse en consideración na fixación de políticas e límites. Este proceso deberá abordar a falta de liquidez en condicións de mercado extremas, o risco de concentración, o risco de evento e o risco de non-pagamento, a non linearidade dos produtos e, en xeral, outros riscos que o modelo interno pode non ter en conta adecuadamente. As simulacións deberán reflectir a composición da carteira e o tempo necesario para xestionar os riscos en condicións de mercado graves.

i) A entidade, dentro do seu procedemento periódico de auditoría interna, deberá levar a cabo unha revisión independente do sistema de cálculo de riscos. Esta revisión abranguerá tanto as actividades das unidades de negociación como as da unidade independente de control de riscos. Ao menos unha vez ao ano, a entidade efectuará unha revisión do seu proceso de xestión global de riscos. Nesa revisión deberase ter en conta o seguinte:

i. A adecuación dos procedementos escritos establecidos relativos ao sistema e ao proceso de xestión de riscos e a organización da unidade de control de riscos.

ii. A integración dos cálculos do risco de mercado na xestión cotiá de riscos e a exactitude do sistema de información á dirección.

iii. O procedemento empregado pola entidade para autorizar os modelos de valoración do risco e os sistemas de avaliación utilizados polos operadores e o persoal administrativo.

iv. O alcance dos riscos de mercado integrados no modelo de cálculo do risco e a validación de calquera cambio significativo no proceso de cálculo do risco.

v. A exactitude e o rigor dos datos sobre posicións, a exactitude e idoneidade das hipóteses de volatilidade e correlacións, e a exactitude da valoración e dos cálculos de sensibilidade ao risco.

vi. O proceso de verificación empregado pola entidade para avaliar a coherencia, oportunidade e fiabilidade das fontes de datos en que se baseen os modelos internos, así como a independencia de tales fontes.

vii. O procedemento de verificación empregado pola entidade para avaliar o control a posteriori efectuado para medir a exactitude do modelo, a que se refire o número seguinte.

2. A entidade deberá ter establecido un programa de control a posteriori (*back testing*) do seu modelo, debendo supervisar a súa exactitude e o seu funcionamento a diario.

Este control a posteriori aplicado aos cambios reais e teóricos do valor da carteira deberá ser realizado cada día hábil, comparando o cálculo de valor en risco dese día, xerado polo modelo, para as posicións da carteira no momento do peche e o cambio do valor da carteira ao termo do seguinte día hábil.

As entidades deberán efectuar probas de retrospección baseadas nunha carteira hipotética, utilizando cambios no valor da carteira que acontecerían se as posicións finais diarias se manteñen sen cambios e baseadas en transaccións reais, excluindo corretaxes, comisións e ingresos por xuros netos.

3. As entidades deberán establecer procedementos que aseguren que a validación interna do modelo a realizou persoal cualificado independente do proceso de desenvolvemento do modelo. Esta validación interna efectuarase tanto no desenvolvemento inicial do modelo como con posterioridade cunha periodicidade adecuada e, en todo caso, cando se realicen cambios significativos ou cambios estruturais no mercado, así como cambios na composición da carteira que poidan implicar que o modelo deixe de ser

adecuado. As entidades deberán realizar un seguimento da evolución das técnicas e boas prácticas, actualizando o seu modelo en consecuencia. Esta validación interna non se limitará ás probas de control a posteriori (*back testing*) establecidas no número anterior senón que, como mínimo, deberá incluír:

a) Probas para demostrar que as hipóteses en que se basea o modelo son correctas.

b) Probas de validación en función dos riscos e estrutura da carteira.

c) Probas sobre carteiras teóricas para asegurar que o modelo captura os posibles riscos que poidan xurdir, como por exemplo o risco de base ou o de concentración.

4. O cálculo do valor en risco estará suxeito ás seguintes regras mínimas:

a) Cálculo diario, como mínimo, do valor do risco.

b) Intervalo de confianza do 99 por 100 sobre unha soa cola de distribución.

c) Horizonte temporal de dez días.

d) Período previo de observación de polo menos un ano, salvo cando un importante aumento da inestabilidade dos prezos xustifique un período de observación máis breve.

e) Actualización trimestral de datos.

5. O modelo de cálculo de risco englobará un número suficiente de factores de risco, en función do volume de actividade da entidade nos distintos mercados. Como mínimo o modelo deberá ter en conta o seguinte:

a) Reflectir con exactitude a totalidade dos diferentes factores significativos de risco de prezo das opcións e das posicións asimiladas a opcións.

b) Con relación ao risco de tipo de xuro, o modelo interno incorporará un conxunto de factores de risco que corresponderán aos tipos de xuro de cada divisa en que teña posicións, en balance ou fóra de balance, expostas ao risco de tipo de xuro. A entidade modelará as curvas de rendementos consonte algún dos métodos xeralmente aceptados. No que respecta ás posicións importantes a suxeitas a riscos de tipos de xuro nas principais divisas e mercados, a curva de rendemento deberase dividir, como mínimo, en seis segmentos de vencemento para englobar as variacións da volatilidade dos tipos ao longo da curva de rendemento. O sistema de cálculo de riscos deberá reflectir tamén o risco de movementos imperfectamente correlacionados entre distintas curvas de rendemento.

c) No referente ao risco de tipo de cambio, o sistema de cálculo do risco incorporará factores de risco correspondentes ao ouro e ás distintas divisas estranxeiras en que se manteñan posicións.

Para as IIC teranse en conta as posicións reais en divisas da IIC. As entidades poderanse basear na información de terceiros da posición en divisas na IIC, cando a corrección dese informe estea adecuadamente garantida. Se unha entidade descoñece as posicións en divisas nun IIC, esa posición deberase tratar por separado conforme o previsto no artigo 23.

d) No que respecta ao risco sobre accións, o sistema de cálculo do risco utilizará, como mínimo, un factor de risco diferenciado para cada un dos mercados de accións en que se manteñan posicións importantes.

4. As entidades poderán fixar a ponderación de risco dunha IIC segundo o disposto nos números seguintes deste artigo, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) A IIC estará administrada por unha empresa suxeita a supervisión nun Estado membro ou, logo de aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

i) A IIC estará administrada por unha empresa suxeita a unha supervisión que se considere equivalente á prevista pola lexislación comunitaria.

ii) Existirá suficiente cooperación entre autoridades competentes.

b) O folleto ou outro documento equivalente da IIC deberá indicar:

i) As categorías de activos en que a IIC está autorizada a investir.

ii) En caso de limitacións ao investimento, os límites relativos e as metodoloxías utilizadas para calculalos.

c) As actividades da IIC sexan obxecto, como mínimo, dun informe anual de forma que se poidan avaliar o activo e o pasivo, así como os ingresos e operacións efectuadas durante o período de referencia.

5. Cando unha autoridade competente dun Estado membro considere admisible unha IIC dun país terceiro, de acordo co disposto na letra a do número 4 anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer seu ese recoñecemento sen realizar unha avaliación propia.

6. Cando a entidade coñeza as posicións subxacentes dunha IIC, poderá examinar esas posicións subxacentes co obxecto de calcular unha ponderación de risco media para a IIC conforme os métodos previstos neste capítulo.

Cando a entidade descoñeza os riscos subxacentes dunha IIC, poderá calcular unha ponderación de risco media para a IIC, consonte os métodos indicados neste capítulo, axustándose ás seguintes normas: presuporase que a IIC inviste en primeiro termo, e até onde llo permita o seu mandato, no tipo de posicións a que correspondan as maiores exixencias de capital, pasando logo a investir en orde descendente até alcanzar o límite total máximo de investimento.

Para os cálculos da ponderación de riscos dunha IIC previstos neste número, as entidades poderanllos encomendar a un terceiro sempre que a exactitude e a comunicación deste cálculo estean adecuadamente garantidas.

Artigo 50. Outras partidas.

1. Os activos materiais recibirán unha ponderación de risco do 100 por 100.

2. As contas de periodificación para as que unha entidade non poida determinar a contraparte recibirán unha ponderación de risco do 100 por 100.

3. Os activos líquidos pendentes de cobramento recibirán unha ponderación de risco do 20 por 100. O efectivo en caixa e os activos líquidos equivalentes recibirán unha ponderación de risco nula (do 0 por 100).

4. As posicións fronte a entidades especializadas en mercados interbancarios e de débeda pública establecidas no territorio nacional recibirán unha ponderación do 10 por 100, se eses activos están integramente garantidos por elementos cunha ponderación de risco do 0 ao 20 por 100.

5. As participacións en accións e outras formas de participación, excepto as deducidas dos recursos propios, recibirán unha ponderación de risco do 100 por 100.

6. O ouro en lingotes mantido en caixas fortes propias ou depositado en custodia, na medida en que estea apoiado por pasivos en forma de lingotes ouro, recibirá unha ponderación de risco do 0 por 100.

7. No que se refire á venda de activos e os acordos de venda con compromiso de recompra, así como aos compromisos de compra a prazo, as ponderacións de risco serán as correspondentes aos activos mesmos e non ás contrapartes das transaccións.

B) Recoñecemento de ECAI. Correspondencia coas cualificacións crediticias.

Artigo 51. *Metodoloxía. Criterios para o recoñecemento.*

1. Obxectividade.—A metodoloxía empregada para asignar cualificacións crediticias será rigorosa, sistemática, continua e estará suxeita a unha validación baseada na experiencia histórica.

2. Independencia.—A metodoloxía empregada estará libre de influencias ou condicionamentos políticos exteriores e de presións económicas que poidan influír nas avaliacións dos créditos.

A independencia das metodoloxías utilizadas polas ECAI avaliarase baseándose, entre outros, nos factores seguintes:

- a) Propiedade e estrutura organizativa da ECAI.
- b) Recursos financeiros da ECAI.
- c) Composición do persoal e experiencia da ECAI.
- d) Goberno corporativo da ECAI.

3. Revisión continua.—As cualificacións crediticias das ECAI estarán suxeitas a unha revisión continua e adaptaranse á evolución da conxuntura financeira. Esta revisión levarase a cabo sempre que se produza un acontecemento significativo e, como mínimo, unha vez ao ano.

A metodoloxía de avaliación de cada segmento do mercado establecerase de acordo con normas como as seguintes:

- a) Deberanse ter realizado comprobacións dos resultados obtidos durante polo menos un ano.
- b) A regularidade do proceso de revisión efectuado pola ECAI será supervisada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para aquelas ECAI recoñecidas por esta.
- c) A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información das ECAI sobre os seus contactos coa alta dirección das entidades que cualifique.

As ECAI informarán a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tan rapidamente como sexa posible, de calquera cambio substancial que estas introduzan na metodoloxía utilizada para a asignación de cualificacións crediticias.

4. Transparencia e información ao mercado.—Os principios da metodoloxía empregada polas ECAI para a formulación das súas cualificacións de créditos estarán á disposición do público, de forma que todos os usuarios potenciais poidan xulgar se se aplican de maneira razoable.

Artigo 52. *Cualificacións individuais.*

1. Credibilidade e aceptación no mercado.—As cualificacións de crédito individuais realizadas polas ECAI deberán gozar de recoñecemento no mercado e deberán ser cribles e fiables entre os seus usuarios.

Valorarase esa credibilidade baseándose, entre outros, nos factores seguintes:

- a) A cota de mercado da ECAI.
- b) Os ingresos xerados pola ECAI e, en xeral, os recursos financeiros da ECAI.
- c) A existencia dunha valoración baseada na cualificación.
- d) Que polo menos dúas entidades utilicen a avaliación crediticia individual de ECAI para a emisión de bonos ou a avaliación de riscos crediticios.

2. Transparencia e información ao mercado.—Todas as entidades con interese lexítimo nas cualificacións de crédito individuais terán acceso a elas en igualdade de condicións e deberán ser accesibles a terceiros estranxeiros en condicións equivalentes ás aplicadas ás entidades nacionais con interese lexítimo nelas.

Artigo 53. *Correspondencia (MAPPING).*

Co obxecto de establecer a correspondencia entre as cualificacións crediticias outorgadas polas ECAI e as ponderacións de risco establecidas nesta circular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores seguirá, entre outros, os seguintes criterios:

1. Co fin de diferenciar os graos relativos de risco reflectidos en cada cualificación, terá en conta unha serie de factores cuantitativos, como a taxa de non-pagamento a longo prazo asociada a todos os elementos a que se asigne a mesma cualificación crediticia. No caso das ECAI recentes e daquelas que soamente contén con datos de non-pagamento recompilados nun curto período, solicitarase das ECAI unha estimación da taxa de non-pagamento a longo prazo asociada a todos os elementos a que se asigne a mesma cualificación crediticia.

2. Co fin de diferenciar os graos relativos de risco reflectidos en cada cualificación, terá en conta unha serie de factores cualitativos, como o grupo de emisores cuberto por cada ECAI, a gama de cualificacións asignadas, o significado de cada cualificación, así como a definición do non-pagamento utilizada pola ECAI.

3. Contrastará as taxas de non pagamento rexistradas nas diferentes cualificacións de crédito dunha determinada ECAI cunha referencia que se determinará a teor das taxas rexistradas por outras ECAI cun grupo de emisores que, na súa opinión, presenten un mesmo nivel de risco crediticio.

4. Cando considere que as taxas de non-pagamento observadas nunha cualificación crediticia dunha determinada ECAI son substancial e sistematicamente superiores á taxa de referencia, asignará a esa cualificación un nivel máis alto no baremo de avaliación da calidade crediticia.

5. Cando aumentase a ponderación de risco asociada a unha cualificación crediticia dunha ECAI determinada, se esta demostra que as taxas de non-pagamento observadas para a súa cualificación crediticia deixaron de se situar de forma substancial e sistemática por encima da taxa de referencia, poderá restablecer o nivel de calidade crediticia orixinal correspondente á cualificación da ECAI no baremo de avaliación da calidade crediticia.

Artigo 54. *Tratamento.*

Cada entidade poderá designar unha ou máis ECAI elixibles para determinar as ponderacións de risco asignadas aos activos e partidas fóra de balance.

A entidade que decida utilizar as cualificacións de crédito efectuadas por unha ECAI elixible para unha determinada categoría de riscos deberá usar de maneira coherente esas avaliacións para todos os riscos pertencentes a esa categoría.

A entidade que decida utilizar as cualificacións de crédito efectuadas por unha ECAI elixible deberá usalas de maneira continuada e coherente no tempo.

As entidades só poderán utilizar as cualificacións crediticias das ECAI que teñan en conta todos os importes devengados, en concepto tanto de principal como de xuros.

Cando só exista unha cualificación de crédito dunha ECAI elixible para unha partida con cualificación, utilizarase esa cualificación para determinar a ponderación de risco desa partida.

Cando se dispoña de dúas cualificacións de crédito de ECAI elixibles que correspondan a dúas ponderacións diferentes para unha mesma partida con cualificación, aplicarase a ponderación de risco máis alta.

Cando existan máis de dúas cualificacións de crédito de ECAI elixibles para unha partida con cualificación, utilizaranse as dúas cualificacións que produzan as ponderacións de risco máis baixas. Se as dúas ponderacións de risco máis baixas non coinciden, asignarase a máis alta das dúas. Se as dúas ponderacións de risco máis baixas coinciden, asignarase esa ponderación.

Artigo 55. *Cualificación de crédito de emisores e emisións.*

Cando exista unha cualificación crediticia para un determinado programa de emisión ou posición a que pertenza o elemento constitutivo do risco, deberase utilizar esa cualificación de crédito para determinar a ponderación de risco asignada a ese elemento.

Cando non exista unha cualificación de crédito directamente aplicable para un risco concreto, pero si unha cualificación de crédito para un determinado programa de emisión ou posición a que non pertenza o elemento constitutivo do risco ou unha cualificación de crédito xeral do emisor, utilizarase esta sempre que produza unha ponderación de risco máis alta da que se obtería doutra forma. Se produce unha ponderación inferior poderase utilizar se o risco en cuestión se pode cualificar en todos os seus aspectos como similar ou preferente a ese programa de emisión ou posición ou aos riscos non garantidos prioritarios dese emisor.

As cualificacións de crédito correspondentes a emisores dun grupo empresarial determinado non se poderán utilizar para cualificar os créditos doutros emisores do mesmo grupo.

Artigo 56. *Cualificacións de posicións a curto e longo prazo.*

As cualificacións crediticias a curto prazo só se poderán utilizar para os activos a curto prazo e as partidas fóra de balance que representen posicións fronte a institucións e empresas.

As cualificacións crediticias a curto prazo aplicaráselle unicamente á partida a que se refira a cualificación de crédito a curto prazo e non se utilizarán para calcular ponderacións de risco doutras partidas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior:

Cando a unha posición a curto prazo con cualificación se lle asigne unha ponderación de risco do 150 por 100, todos os riscos non garantidos e sen cualificar con ese debedor, sexan a curto ou longo prazo, recibirán, así mesmo, unha ponderación de risco do 150 por 100.

Cando a unha posición a curto prazo con cualificación se lle asigne unha ponderación de risco do 50 por 100, ningún risco a curto prazo non cualificado poderá obter unha ponderación de risco inferior ao 100 por 100.

Artigo 57. *Partidas en moeda nacional e en divisas.*

Cando unha cualificación de crédito se refira a unha partida denominada na moeda nacional do debedor non se poderá utilizar para determinar a ponderación de risco doutra posición do mesmo debedor denominada en moeda estranxeira.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando unha posición teña a súa orixe na participación dunha entidade nun préstamo outorgado por un banco multilateral de desenvolvemento cuxa condición de acredor preferente sexa recoñecida no mercado, a cualificación crediticia dunha partida denominada na moeda nacional do debedor poderase utilizar para efectos de ponderación de risco.

CAPÍTULO IV

Exixencias de recursos propios por risco de crédito de contraparte en instrumentos derivados, operacións de recompra, préstamo ou toma en préstamo de valores ou materias primas e operacións de financiamento con marxeArtigo 58. *Definicións.*

1. Para os efectos deste capítulo, entenderase que o risco de crédito de contraparte é aquel que contrae unha entidade se a contraparte dunha operación incumpre as súas obrigas no momento da liquidación.

2. Igualmente, para os efectos deste capítulo, os valores e instrumentos financeiros suxeitos a exixencias de recursos propios por risco de crédito de contraparte serán os seguintes:

Operacións con pacto de recompra.

Operacións de préstamo, ou toma en préstamo, de valores ou materias primas.

Operacións de financiamento con reposición de marxe.

Operacións con pagamento aprazado.

Derivados dos seguintes tipos:

I. Sobre tipos de xuro:

i Permutas financeiras sobre tipos de xuro nunha soa divisa.

ii Permutas financeiras sobre tipos de xuro variable.

iii Acordos sobre tipos de xuro futuros.

iv Futuros sobre tipos de xuro.

v Opcións adquiridas sobre tipos de xuro.

vi Outros contratos de natureza análoga.

II. Sobre tipos de cambio e contratos sobre ouro:

i Permutas financeiras sobre tipos de xuro en diversas divisas.

ii Operacións a prazo sobre divisas.

iii Futuros sobre divisas.

iv Opcións adquiridas sobre divisas.

v Outros contratos de natureza análoga.

vi Contratos sobre ouro de natureza análoga aos enumerados nos números i a v.

III. Contratos de natureza análoga aos mencionados nos puntos i a v do número I e nos puntos i a iv do número II relativos a outros índices ou instrumentos de referencia.

3. Entenderase por posición actual ao valor máis alto entre cero ou o valor de mercado dunha operación ou dunha carteira de operacións, nun conxunto de operacións compensables cunha contraparte, que se podería perder se a contraparte non atendese as súas obrigas de pagamento, supoñendo que non se recupera nada do valor das operacións en caso de quebra. Posición máxima será un percentil elevado da distribución das posicións, en calquera data futura concreta antes do vencemento, da operación máis longa no conxunto de operacións compensables.

Por contraparte central entenderase aquelas entidades que actúen de intermediarias entre dúas contrapartes, na negociación de calquera valor ou instrumento financeiro, sendo comprador ante o vendedor e vendedor respecto a todo comprador.

4. Igualmente, denomínase acordo de reposición da marxe a un acordo contractual, ou as disposicións dun acordo, conforme o cal unha contraparte proporcionará garantía a unha segunda contraparte cando unha posición fronte a esa segunda contraparte con respecto á primeira supere un determinado nivel. O «período de risco de reposición da marxe» é o transcorrido desde o último intercambio de garantías que cubran un conxunto de operacións compensables cunha contraparte en mora até que esa contraparte liquide e o risco de mercado resultante se volva cubrir.

5. Operacións con liquidación diferida son transaccións en que unha contraparte se compromete a entregar un valor, unha materia prima ou unha cantidade de divisas a cambio de efectivo, outros instrumentos financeiros ou materias primas, nunha data de liquidación futura especificada contractualmente como a máis curta das habituais no mercado para esta transacción en particular e en máis de cinco días hábiles despois da data en que a entidade entre a participar na operación.

Artigo 59. Criterios xerais e elección do método de cálculo.

Para o non previsto neste capítulo, relativo ás exixencias de recursos propios por risco de crédito de contraparte, observarase o disposto na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

1. O valor de posición dos instrumentos que se relacionan no artigo anterior determinarase consonte un dos métodos que se detallan neste capítulo.

2. O método de risco orixinal non o poderán utilizar aquelas entidades que calculen as súas exixencias de recursos propios para a carteira de negociación consonte as normas previstas para o risco de crédito e dilución como consecuencia do tamaño da súa carteira. Igualmente, o método de risco orixinal non se poderá utilizar para a determinación do valor de posición dos instrumentos a que fai referencia o punto III do número 2 do artigo anterior.

3. Poderase utilizar de forma permanente a combinación de métodos establecidos nas seguintes seccións dentro dun grupo, pero non dentro dunha mesma persoa xurídica. Permitirase o uso combinado dos métodos establecidos nas seguintes seccións dentro dunha persoa xurídica cando, dentro do previsto no método estándar, as operacións presenten un perfil de risco non lineal e, como consecuencia disto, non se poida determinar o delta, ou non se poida determinar a duración modificada, no caso de operacións que teñan como base instrumentos de débeda.

4. Para todos os métodos establecidos neste capítulo, o valor de posición para unha contraparte dada será igual á suma dos valores de posición, calculados para cada conxunto de operacións compensables, con esa contraparte.

5. Cando unha entidade compre protección a través dun derivado de crédito para unha posición non incluída na carteira de negociación ou para unha posición suxeita ao risco de crédito de contraparte, poderá calcular as súas exixencias de recursos propios para o activo cuberto conforme o previsto no capítulo III, sobre risco de crédito, estando suxeita á aprobación das Comisión Nacional do Mercado de Valores cando así se estableza no citado capítulo. Neses casos, o valor de posición suxeito ao risco de crédito de contraparte para estes derivados de crédito establécese en cero.

6. O valor de posición ao risco de crédito de contraparte das permutas financeiras por non-pagamento crediticio vendidas, non incluídas na carteira de negociación, cando sexan tratadas como unha protección de crédito proporcionada pola entidade e suxeita a exixencias de recursos propios para o risco de crédito para toda a cantidade teórica, establécese en cero.

7. Cando as posicións suxeitas ao risco de crédito de contraparte dunha entidade de contraparte central con todos os participantes se cubran integramente e de maneira diaria, poderase atribuír un valor de posición cero ao risco de crédito de contraparte ás operacións que a entidade teña pendentes con esa contraparte central e non fosen rexeitadas por ela nos seguintes tipos de operacións:

- a) Os contratos de instrumentos derivados.
- b) As operacións con pacto de recompra.
- c) As operacións de préstamo de valores ou materias primas.
- d) A toma de valores ou de materias primas en préstamo.
- e) As operacións con pagamento aprazado.
- f) As operacións de financiamento con reposición da marxe.

8. As posicións resultantes de operacións con liquidación diferida poderanse determinar utilizando calquera método establecido neste capítulo, independentemente dos métodos elixidos para tratar os instrumentos derivados non negociados en mercados regulados e as operacións con pacto de recompra, as operacións de préstamo de valores ou materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo e as operacións de financiamento con reposición da marxe. Para calcular as exixencias de recursos propios para as operacións con pagamento aprazado, as entidades que utilicen o método baseado en cualificacións internas (IRB) poderán asignar as ponderacións de risco consonte o método estándar, ambos descritos no capítulo III sobre risco de crédito, de forma permanente e con independencia da importancia relativa de tales posicións.

9. O importe teórico que se deba considerar baixo os métodos de «valoración a prezos de mercado» e «de risco orixinal», ambos definidos neste capítulo, deberá constituír unha medida adecuada do risco inherente ao contrato. Desta forma cando, por exemplo, o contrato prevexa unha multiplicación dos fluxos de tesouraría, o importe teórico deberase axustar co fin de ter en conta os efectos da multiplicación sobre a estrutura de riscos do contrato.

10. Para os efectos deste capítulo entenderase por «conxunto de operacións compensables» un grupo de operacións cunha mesma contraparte que estean suxeitas a un acordo de compensación bilateral legalmente exixible e para o cal se recoñeza a compensación tal como se describe neste capítulo. Cada operación non suxeita a un acordo de compensación bilateral legalmente exixible, recoñecida como tal neste capítulo, deberase interpretar como un conxunto de compensación.

Considerarase como vencemento efectivo dun conxunto de operacións compensables cun vencemento superior a un ano o coeficiente entre:

A suma da posición esperada ao longo da vida das operacións que pertencen ao conxunto de operacións compensables, descontada á taxa de rendemento libre de risco, e a suma da posición esperada ao longo dun ano do conxunto de operacións compensables, descontada á taxa libre de risco.

Este vencemento efectivo poderase axustar para reflectir o risco de refinanciamento substituíndo a posición esperada coa posición esperada efectiva para os horizontes temporais previsibles inferiores a un ano.

Métodos

Artigo 60. *Método de valoración a prezos de mercado.*

1. O presente método aplicarase en tres fases. Na primeira atribuirase aos contratos un prezo de mercado (valoración a prezos de mercado) e obterase o custo de reposición de todos os contratos cun valor positivo.

2. Na segunda fase, co fin de obter o importe do risco de crédito potencial futuro, excepto no caso de permutas financeiras de tipos de xuro variable/variable nunha mesma divisa en que só se calculará o custo de reposición, multiplicarase o importe teórico do principal ou os valores subxacentes polas porcentaxes recollidas no seguinte cadro 1:

Cadro 1

Vencemento residual	Contratos sobre tipos de xuro	Contratos sobre tipos de cambio e ouro	Contratos sobre accións	Contratos sobre metais preciosos, excepto ouro	Contratos sobre outras materias primas
Un ano ou menos	0%	1%	6%	7%	10%
Máis dun ano pero menos de cinco	0,5%	5%	8%	7%	12%
Máis de cinco anos	1,5%	7,5%	10%	8%	15%

3. Os contratos non comprendidos en ningunha das categorías indicadas no cadro anterior deberanse tomar como contratos sobre materias primas, a excepción dos metais preciosos.

No caso de contratos con múltiples intercambios de principal, as porcentaxes deberanse multiplicar polo número de pagamentos pendentes de realizar conforme o previsto no propio contrato.

No caso de contratos estruturados para cubrir riscos futuros conforme unhas datas de pagamento especificadas, e cuxas condicións se volvan fixar en tales datas de forma tal que nesas datas o valor de mercado do contrato sexa nulo, o vencemento residual será igual ao prazo de tempo restante até a próxima data en que se revisen as condicións. No caso de contratos sobre tipos de xuro que satisfagan estas condicións e teñan un vencemento residual superior a un ano, a porcentaxe non será inferior ao 0,5 por 100.

4. Para efectos do cálculo do posible risco futuro conforme a segunda fase, as entidades poderán aplicar as porcentaxes detalladas no cadro 2 seguinte, en lugar das que figuran no cadro 1, sempre que a entidade faga uso do «sistema de escala de vencementos ampliado» descrito na letra C do artigo 122 do capítulo VIII sobre risco de posición en materias primas para os contratos relativos a outros produtos distintos do ouro no sentido do punto III do número 2 do artigo 58 deste capítulo.

Cadro 2

Vencemento residual	Metais preciosos (excepto o ouro)	Metais correntes	Produtos agrícolas (perecedoiros)	Outros, con inclusión de produtos enerxéticos
Un ano ou menos	2%	2,5%	3%	4%
Máis dun ano pero menos de cinco	5%	4%	5%	6%
Máis de cinco anos	7,5%	8%	9%	10%

5. Na terceira e última fase sumarase o custo de reposición e do importe do risco de crédito potencial futuro que corresponde ao valor de posición.

Artigo 61. Método de risco orixinal.

Os importes teóricos do principal de cada instrumento multiplicaranse polas porcentaxes que se expresan no cadro 3 en función do seu vencemento.

Para os contratos sobre tipos de xuro, as entidades poderán elixir entre o vencemento orixinal e o vencemento residual.

Cadro 3

Vencemento orixinal ou residual	Contratos sobre tipos de xuro	Contratos sobre tipos de cambio e ouro
Un ano ou menos	0,5%	2%
Máis dun ano pero non máis de dous	1%	5%
Incremento por cada ano subseguinte	1%	3%

Os importes así obtidos de riscos iniciais corresponden ao valor de posición.

Artigo 62. Método estándar (ME).

1. Método estándar só se poderá utilizar para instrumentos derivados non negociados en mercados regulados e en operacións con liquidación diferida. O valor da posición calcularase por separado para cada conxunto de operacións. As garantías reais determinarase da seguinte forma:

$$\text{Valor de posición} = \beta * \max \left(CMV - CMC; \sum_j \left| \sum_i RPT_{ij} - \sum_l RPC_{il} \right| * CCRM_j \right)$$

onde:

CMV = valor actual de mercado da carteira de operacións dentro do conxunto de operacións compensables coa contraparte, é dicir, onde

$$CMV = \sum_i CMV_i$$

onde:

CMV_i = valor actual de mercado da operación i;

CMC = valor actual de mercado das garantías reais asignadas ao conxunto de operacións. É dicir, onde:

$$CMC = \sum_l CMC_l$$

onde:

CMC_l = valor actual de mercado da garantía l

i = índice que designa a operación

l = índice que designa a garantía

j = índice que designa a categoría do conxunto de posicións compensables. Estes conxuntos de posicións compensables corresponden aos factores de risco para os cales se poden compensar as posicións de risco de signo oposto, co fin de obter unha posición de risco neta en que se basee a medición da posición.

RPT_{ij} = posición de risco da operación i con respecto ao conxunto de posicións compensables j;

RPC_{il} = posición de risco da garantía l con respecto ao conxunto de posicións compensables j;

CCRM_j = CCR multiplicador establecido no cadro 3 ao conxunto de posicións compensables j;

β = 1,4.

Para os efectos deste artigo, o valor actual de mercado (VAM) fai referencia ao valor neto de mercado da carteira de operacións, incluídas nun conxunto de operacións compensables cunha contraparte. Tanto os valores de mercado positivos como os negativos se utilizarán no cálculo do VAM.

Á garantía recibida dunha contraparte asignaráselle signo positivo, correspondendo signo negativo á garantía prestada.

As garantías recoñecibles baixo este método limitáanse ás elixibles detalladas no capítulo V sobre técnicas de redución do risco de crédito.

2. Nas operacións de instrumentos derivados non negociados en mercados regulados con perfil de risco lineal que prevexan o intercambio dun instrumento financeiro por un pagamento, a parte de pagamento será denominada como compoñente de pagamento (*payment leg*). As operacións que prevexan o intercambio de pagamento contra pagamento constarán de dous compoñentes de pagamento. Os compoñentes de pagamento serán os pagamentos brutos acordados contractualmente incluído, de ser o caso, o importe notional da operación. Para os fins dos cálculos seguintes as entidades poderán non ter en conta o risco de tipo de xuro correspondente a compoñentes de pagamento cuxo vencemento residual sexa inferior a un ano. As entidades poderán tratar as operacións que inclúan dous compoñentes de pagamento denominados na mesma moeda, como por exemplo as

permutas sobre de tipos xuro (SWAP), como unha operación agregada única. Á operación agregada aplicaráselle o mesmo tratamento que aos compoñentes de pagamento.

3. As operacións con perfil de risco lineal con accións, incluídos os índices sobre accións, o ouro, outros metais preciosos ou outros instrumentos financeiros con subxacentes de materias primas, asignaranse a unha posición de risco na acción respectiva, o índice sobre accións ou a materia prima, incluídos o ouro e os outros metais preciosos, e a unha posición de risco sobre tipo de xuro para o compoñente de pagamento. Se o compoñente de pagamento está denominado nunha moeda estranxeira, asignarase ademais a unha posición de risco na moeda correspondente.

4. As operacións cun perfil de risco lineal que teñan como instrumento subxacente un instrumento de débeda asignaranse a unha posición de risco sobre tipo de xuro para o instrumento de débeda e a outra posición de risco sobre tipo de xuro para o compoñente de pagamento. As operacións cun perfil de risco lineal que prevexan o intercambio de pagamento contra pagamento, incluídos os futuros sobre divisas, asignaranse a unha posición de risco sobre tipo de xuro para cada un dos compoñentes de pagamento. Se o instrumento de débeda subxacente está denominado nunha moeda estranxeira, o instrumento de débeda asignarase a unha posición de risco nesa moeda. Se un compoñente de pagamento está denominado nunha moeda estranxeira, o compoñente de pagamento asignarase novamente a unha posición de risco nesa moeda. O valor de posición asignado a unha operación de permuta financeira baseada en divisas será nulo.

5. O tamaño dunha posición de risco dunha operación cun perfil de risco lineal é o valor efectivo nocional (prezo de mercado multiplicado pola cantidade) do instrumento financeiro subxacente, incluídas as materias primas, convertido a euros, con excepción dos instrumentos de débeda. Para os instrumentos de débeda e para os compoñentes de pagamento, o tamaño da posición de risco será o valor efectivo nocional dos pagamentos brutos pendentes, incluído o importe nocional, convertidos a euros, multiplicada pola duración modificada do instrumento de débeda ou compoñente de pagamento, respectivamente.

6. O tamaño dunha posición de risco dunha permuta financeira (*swap*) de cobertura por incumprimento crediticio é o valor nocional do instrumento de débeda de referencia multiplicado polo vencemento residual da permuta financeira de cobertura por incumprimento crediticio.

7. O tamaño dunha posición de risco dun instrumento derivado non negociado en mercados regulados, cun perfil de risco non lineal, incluídas as opcións e as opcións sobre permutas financeiras, é igual ao delta equivalente do valor nocional efectivo do instrumento financeiro subxacente, excepto no caso dun instrumento subxacente de débeda. Para este último caso, instrumento de débeda subxacente ou compoñente de pagamento, o tamaño da posición será igual ao valor nocional efectivo equivalente ao delta do instrumento financeiro ou compoñente de pagamento multiplicado pola duración modificada do instrumento de débeda ou do compoñente de pagamento.

8. Para determinar as posicións de risco, as garantías recibidas dunha contraparte consideraranse como un crédito da contraparte do contrato derivado que se deba (posición longa), mentres que as garantías prestadas se deberán tratar como unha obriga fronte á contraparte á que se deba (posición curta).

9. As entidades poderán utilizar as seguintes fórmulas para determinar o tamaño e signo dunha posición de risco:

a) Para todos os instrumentos distintos da débeda:

$$V \text{ efectivo nocional, ou equivalente delta do valor nocional} = P_{\text{ref}} \frac{\partial V}{\partial p}$$

onde:

P_{ref} = prezo do instrumento subxacente, expresado na moeda de referencia.

V = valor do instrumento financeiro que, no caso dunha opción, será igual ao prezo da opción. No caso dunha operación cun perfil de risco lineal será igual ao valor do propio instrumento subxacente.

p = prezo do instrumento subxacente expresado na mesma moeda que V .

b) Para os instrumentos de débeda e os compoñentes de pagamento de todas as operacións:

valor efectivo nocial multiplicado pola duración modificada, ou equivalente delta en valor nocial multiplicado pola duración modificada

$$\frac{\partial V}{\partial r}$$

onde:

V = valor do instrumento financeiro que, no caso dunha opción, é igual ao prezo da opción. No caso dunha operación cun perfil de risco lineal será igual ao valor do propio instrumento subxacente ou do compoñente de pagamento, respectivamente.

r = tipo de xuro.

Se V se denomina nunha moeda distinta ao euro haberá que facer a conversión do derivado ao euro multiplicándoo polo tipo de cambio vixente.

10. As posicións de risco agruparanse en conxuntos de posicións compensables. Para cada cobertura establecida computarase a posición de risco neto, é dicir, a cantidade absoluta da suma das posicións de risco resultantes. A suma de posicións denominarase posición de risco neto, representada o número 1 deste artigo como:

$$\left| \sum_i RPT_{ij} - \sum_l RPC_{lj} \right|$$

11. Para as posicións con risco sobre tipos de xuro, como o efectivo recibido en garantía dunha contraparte, os compoñentes de pagamento e os instrumentos de débeda, aos cales resulten de aplicación unhas exixencias de recursos propios do 1,60 por 100 ou inferiores por risco específico en posicións de renda fixa conforme o previsto no artigo 20 do capítulo II sobre carteira de negociación, haberá seis conxuntos de posicións compensables para cada moeda. Os conxuntos de posicións compensables defínense por unha combinación de criterios de «vencemento» e «tipos de xuro referenciados», tal como se mostra no cadro 4 seguinte:

Cadro 4

	Tipos de xuro con referencia estatal	Tipos de xuro con referencia non estatal
Vencemento	menor de 1 ano	menor de 1 ano
Vencemento	1 a 5 anos	1 a 5 anos
Vencemento	maior de 5 anos	maior de 5 anos

12. Para as posicións con risco sobre tipos de xuro asociados a subxacentes de instrumentos de débeda ou compoñentes de pagamento para os cales o tipo de xuro está ligado a un tipo de xuro de referencia representativo do nivel xeral dos tipos xuro do mercado, o vencemento residual corresponderase co intervalo de tempo até o próximo reaxuste do tipo de xuro. En todos os demais casos, será o prazo residual do instrumento de débeda subxacente ou, no caso dun compoñente de pagamento, a vida residual da operación.

13. No caso de permutas financeiras de cobertura por incumprimento crediticio (*credit default swap*), establecerase un conxunto de posicións compensables para cada emisor das obrigas de referencia.

14. Para as posicións con risco sobre tipos de xuro de efectivo, depositado en garantía cunha contraparte, no caso de que esa contraparte non teña débeda de baixo risco específico, ou para aqueles instrumentos cuxo subxacente sexa débeda, aos cales

se lles aplique unha exixencia de recursos propios por risco específico superior ao 1,60 por 100 conforme o previsto no artigo 20 do capítulo II, sobre carteira de negociación, establécese un conxunto de posicións compensables para cada emisor. Cando un compoñente de pagamento replique a un instrumento de débeda deste tipo, tamén se establece un conxunto de posicións compensables para cada emisor do instrumento de débeda de referencia. As entidades poderán asignar posicións de risco que xurdan de instrumentos de débeda de determinado emisor ou de instrumentos de débeda de referencia do mesmo emisor que repliquen compoñentes de pagamento ou que constitúan a base dunha permuta financeira de cobertura por incumprimento crediticio, con respecto ao mesmo conxunto de posicións compensables.

15. Os instrumentos financeiros subxacentes distintos dos instrumentos de débeda asignaranse aos mesmos conxuntos de posicións compensables respectivos só se son instrumentos similares ou idénticos. En todos os demais casos asignaranse a conxuntos de posicións compensables independentes. A semellanza de instrumentos establécese do seguinte modo:

Para as accións, os instrumentos similares son aqueles do mesmo emisor. Un índice sobre accións tratarase como un emisor independente.

Para os metais preciosos, os instrumentos similares son os do mesmo metal. Un índice sobre metais preciosos tratarase como un metal precioso independente.

Para a enerxía eléctrica, os instrumentos similares son aqueles dereitos e obrigas de subministración relativos ao mesmo período de carga máxima ou mínima durante un intervalo de tempo de entrega de 24 horas.

Para as materias primas, os instrumentos similares son os da mesma materia prima. Un índice sobre materias primas tratarase como unha materia prima independente.

16. No cadro 5 seguinte establécese os multiplicadores do risco de crédito de contraparte (MRCC) para as diversas categorías dos conxuntos de posicións compensables:

Cadro 5

Categorías de conxuntos de posicións compensables	Multiplicador RCC (MRCC)
1 Tipos de xuro.	0,2 %
2 Tipos de xuro para posicións de risco dun instrumento de débeda de referencia que constituía a base de permutas financeiras por non-pagamento crediticio e ao que se lle aplique unha exixencia de recursos propios do 1,60%, ou inferior, conforme o artigo 20.	0,3 %
3 Tipos de xuro para posicións de risco dun instrumento de débeda ou dun instrumento de débeda de referencia e ao que se aplica unha exixencia de capital superior ao 1,60% conforme o artigo 20.	0,6 %
4 Tipos de cambio.	2,5 %
5 Enerxía eléctrica.	4,0 %
6 Ouro.	5,0 %
7 Accións.	7,0 %
8 Metais preciosos (excepto o ouro).	8,5 %
9 Outras materias primas (excluídos os metais preciosos).	10,0 %
10 Instrumentos subxacentes dos instrumentos derivados non negociados en mercados regulados que non figuren en ningunha das categorías anteriores.	10,0 %

Os instrumentos subxacentes dos instrumentos derivados non negociados en mercados regulados mencionados no número 10 do cadro 5 asignaranse a conxuntos de posicións compensables individuais independentes para cada categoría de instrumento financeiro subxacente.

17. Para as operacións cun perfil de risco non lineal en que a entidade non poida determinar o delta ou, no caso de ter como base instrumentos cuxo subxacente sexa débeda ou compoñentes de pagamento e a entidade non poida calcular a súa duración modificada, todos eles baixo un modelo previamente aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, será esta última quen determine o MRCC con criterios conservadores ou ben ao seu criterio, se procede aplicar o método de valoración a prezos de mercado descrito no artigo 60. Nestes casos non se recoñecerá a compensación, é dicir, o valor de posición determinarase como se existise un único conxunto de operacións que comprenda só á operación en cuestión.

18. As entidades deberán contar con procedementos internos para verificar que, antes de incluír unha operación nun conxunto de posicións compensables, a operación estea cuberta por un contrato de compensación legalmente exigible que cumpra os criterios establecidos no artigo 64 deste capítulo.

19. As entidades que fagan uso da garantía real para atenuar o seu risco de contraparte deberán contar con procedementos internos para verificar que, antes de recoñecer o efecto da garantía real nos seus cálculos, esta cumpra as oportunas normas de seguranza xurídica segundo o establecido no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito.

Artigo 63. *Método dos modelos internos.*

Cráterios xerais.

1. Suxeito á aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao cumprimento do que aquí se establece, as entidades poderán utilizar o método dos modelos internos (MMI) para calcular o valor de posición das operacións que se detallan no número 2 do artigo 58 deste capítulo. Sen prexuízo do previsto no número 1 do artigo 58, as entidades poderán non aplicar este método ás posicións que sexan inmateriais en tamaño e risco.

2. Coa aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a aplicación do MMI poderase levar a cabo secuencialmente ao longo de diversos tipos de operacións. Durante ese período a entidade poderá utilizar os métodos de valoración a prezos de mercado ou estándar descritos nos artigos 60 e 62 deste capítulo, respectivamente. Sen prexuízo das demais disposicións deste artigo, non se requirirá que as entidades utilicen un tipo específico de modelo. O uso dos métodos mencionados e descritos nos artigos 60 e 62, será obrigatorio para todas as operacións con instrumentos derivados non negociados en mercados regulados e para as operacións con liquidación diferida para as que a entidade non fose autorizada a utilizar o método dos modelos internos descrito neste artigo. O uso combinado destes dous métodos estará permitido de forma permanente dentro dun grupo. Só se permitirá o uso combinado destes dous métodos dentro dunha persoa xurídica cando se utilice un dos métodos para os casos establecidos no número 17 do artigo 62 sobre o método estándar.

3. As entidades que obtivesen autorización para utilizar o método dos modelos internos (MMI) non volverán utilizar os métodos de valoración a prezos de mercado ou estándar salvo por motivos xustificadas e coa aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Se unha entidade deixa de cumprir os requisitos establecidos neste artigo, presentará á Comisión Nacional do Mercado de Valores un plan para retornar ao seu cumprimento ou, de ser o caso, demostrará a esta última que os efectos do non cumprimento son irrelevantes.

Valor de posición.

4. O valor de posición medirase no ámbito de conxunto de operacións compensables. O modelo especificará a distribución previsible de cambios no valor de mercado do conxunto de operacións compensables atribuíble a cambios en variables do mercado, tales como tipos de xuro, tipos de cambio de divisas, etc. Neses casos o modelo calculará o valor de posición para o conxunto de operacións compensables para cada data futura

dados os cambios nas variables do mercado. Para as contrapartes que contén con garantías, o modelo tamén poderá reflectir futuros movementos das garantías.

5. As entidades poderán incluír garantías reais de natureza financeira admisibles, de acordo co previsto no capítulo III sobre risco de crédito, nas súas previsións de distribución para os cambios no valor de mercado do conxunto de operacións compensables, se se cumpren os requisitos cuantitativos, cualitativos e en materia de datos para as garantías reais de natureza financeira do método dos modelos internos (MMI).

6. O valor de posición calcularase como o produto de alfa veces a EPE efectiva:

$$\text{Valor de exposición} = \alpha \times \text{EPE efectiva}$$

onde:

alfa (α) será 1,4, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir unha α (alfa) máis elevada.

A EPE efectiva calcularase estimando a posición esperada (EEt) como a posición media nunha data futura t , onde a media se toma entre posibles valores futuros de factores de risco de mercado pertinentes.

O modelo interno estimará EE nunha serie de datas futuras $t_1, t_2, t_3 \dots$

Para os efectos deste capítulo entenderase por posición esperada (EE) a distribución media das posicións en calquera data futura concreta antes de que venza a operación co vencemento máis longo do conxunto de operacións compensables. A «posición positiva esperada» (EPE) é a media ponderada ao longo do tempo das posicións esperadas cando as ponderacións son a proporción que unha posición individual esperada representa en todo o intervalo de tempo. Ao calcular as exixencias mínimas de recursos propios, a media tómase ao longo do primeiro ano ou, se todos os contratos do conxunto de operacións vencen antes dun ano, ao longo do período de tempo do contrato con vencemento máis longo do conxunto de operacións compensables.

Igualmente, por posición positiva esperada efectiva (EPE efectiva) entenderase a media ponderada ao longo do tempo da posición esperada efectiva durante o primeiro ano ou, se todos os contratos do conxunto de operacións vencen antes dun ano, sobre o período do contrato con vencemento máis longo no conxunto de operacións compensables, cando as ponderacións representan a proporción que unha posición individual esperada representa sobre todo o intervalo de tempo.

7. A EE efectiva calcularase recorrentemente como:

$$EE_{tk} \text{ efectiva} = \max(EE_{tk-1} \text{ efectiva}; EE_{tk})$$

Onde a data actual se expresa por t_0 e EE_{t_0} efectiva é igual á posición actual.

Para os efectos deste capítulo entenderase por posición esperada efectiva (EE efectiva) unha data concreta á posición esperada máxima que se produce nesa data ou en calquera data anterior. De maneira alternativa, pódese definir para unha data concreta como a maior entre a posición esperada nesa data e a posición efectiva na data previa.

8. A este respecto, a EPE efectiva é a EE efectiva media ao longo do primeiro ano de posición futura. Se todos os contratos do conxunto de operacións compensables vencen antes dun ano, EPE é a media da EE até que vencen todos os contratos do conxunto de operacións compensables. A EPE efectiva calcúlase como media ponderada da EE efectiva.

$$\text{EffectiveEPE} = \sum_{k=1}^{\min(1 \text{ year}; \text{maturity})} \text{EffectiveEE}_{tk} * \Delta tk$$

onde:

as ponderacións $\Delta tk = tk - tk-1$ permiten o caso en que a posición futura se calcula para datas que non son equidistantes no tempo.

9. A medición da posición esperada ou máxima calcularase sobre a base dunha distribución de posicións que teña en conta a posible non normalidade da distribución das posicións.

10. As entidades poderán utilizar unha medida que sexa máis conservadora que α (alfa) veces a EPE efectiva calculada de acordo coa ecuación anterior para cada contraparte.

11. Non obstante o disposto no número 6, as entidades poderán utilizar as súas propias estimacións de α (alfa), suxeitas a un mínimo de 1,2, onde α (alfa) será igual ao coeficiente das exixencias de recursos propios que resultarían ao realizar unha simulación completa da exposición ao risco de contraparte (numerador) e as exixencias de recursos propios que resultarían de realizar unha simulación baseada en EPE (denominador). No denominador, utilizarase EPE como se fose unha cantidade fixa. As entidades demostrarán que as súas estimacións internas de α (alfa) reflicten no numerador fontes materiais de dependencia estocástica da distribución dos valores de mercado das operacións ou das carteiras de operacións entre contrapartes. As estimacións internas de α (alfa) terán en conta o grao de concentración das carteiras (granularidade).

12. As entidades aseguraranse de que tanto o numerador como o denominador de α (alfa) se calculan de forma coherente con respecto á metodoloxía do modelo, ás especificacións dos parámetros e á composición das carteiras. O método utilizado basearase no enfoque interno da entidade sobre exixencias recursos, estará ben documentado e estará suxeito a unha validación independente. Ademais, as entidades revisarán as súas estimacións ao menos de forma trimestral, e cunha frecuencia superior cando a composición da carteira varíe ao longo do tempo. As entidades tamén deberán avaliar os seus modelos de risco. De ser o caso, as volatilidades e as correlacións de factores de risco de mercado que se utilizan na simulación conxunta do risco de mercado e de crédito deberanse condicionar ao factor de risco de crédito para reflectir aumentos potenciais na volatilidade ou a correlación en caso de desaceleración económica.

13. Se o conxunto de operacións compensables está suxeito a un acordo de marxe, as entidades deberán utilizar unha das seguintes medidas de EPE:

- a) EPE efectiva sen ter en conta o acordo de marxe.
- b) O limiar, se é positivo, conforme o acordo de marxe máis a recarga que reflicte o aumento potencial na posición durante o período de marxe de risco. A recarga calcúlase como o aumento esperado na posición do conxunto de operacións compensables empezando por unha posición corrente de cero ao longo do período de risco de marxe. Imponse un mínimo de cinco días laborables sobre o período de risco de marxe utilizado con este fin para os conxuntos de operacións compensables que consistan soamente en operacións de tipo *repo* suxeitas á variación diaria de marxe e a valoración diaria a prezos de mercado, e de dez días laborables para os demais conxuntos de operacións compensables.
- c) Suxeito á aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, se o modelo interno reflicte os efectos da constitución de marxes ao estimar EE, a medida de EE do modelo poderase utilizar directamente na ecuación que figura no número 7.

Requisitos mínimos para os modelos de EPE

14. Os modelos de EPE que desenvolvan as entidades deberán cumprir todos os criterios operativos establecidos nos números restantes deste artigo.

Control do risco de crédito de contraparte

15. A entidade deberá ter unha unidade de control responsable do deseño e da aplicación do seu sistema de xestión risco de contraparte, incluída a validación inicial e en curso do modelo interno. Esta unidade controlará a integridade dos datos introducidos e elaborará e analizará informes sobre os resultados do modelo de medición de riscos da entidade, incluída unha avaliación da relación entre as medidas de posición ao risco e os límites de crédito e negociación. Esta unidade será independente das unidades encargadas de orixinar, renovar ou negociar as posicións e deberá estar libre de influencias indebidas.

Estará provista de suficiente persoal e informará directamente a alta dirección da entidade. O traballo desta unidade estará estreitamente integrado no proceso cotián de xestión do risco de crédito da entidade. Os resultados, en consecuencia, serán parte integrante do proceso de planificación, seguimento e control do perfil global de risco e crédito da entidade.

16. As entidades contarán con políticas, procesos e sistemas de xestión do risco de crédito de contraparte que sexan conceptualmente sólidos e se apliquen con integridade. Un marco de xestión do risco de contraparte sólido incluírá a identificación, medida, xestión, aprobación e información interna do risco de contraparte.

17. As políticas de xestión de riscos das entidades terán en conta o mercado, a liquidez e os riscos legais e operativos que se poden asociar co risco de contraparte. A entidade non emprenderá unha operación cunha contraparte sen avaliar a súa solvencia e terá en conta o risco de crédito de contraparte de liquidación e preliquidación. Estes riscos xestionaranse de maneira tan completa como sexa posible a nivel de cada contraparte (engadindo as posicións risco de contraparte a outras posicións de crédito) e a nivel de toda a entidade.

18. O consello de administración dunha entidade e a súa alta dirección participarán activamente no proceso de control de risco de contraparte e consideraranlo como aspecto esencial da actividade empresarial a que se deben dedicar importantes recursos. A alta dirección coñecerá as limitacións e hipóteses de que parte o modelo utilizado e do efecto que poderán ter na fiabilidade dos resultados. Igualmente, a alta dirección considerará as incertezas do contorno do mercado e asuntos operativos e saberá como se reflicten estes no modelo.

19. Os informes diarios elaborados sobre as posicións da entidade con respecto ao risco de contraparte serán revisados por un nivel da dirección suficientemente alto e con suficiente autoridade para facer cumprir tanto as reducións de posicións adoptadas por xestores ou operadores como as reducións na posición ao risco de contraparte global da entidade.

20. O sistema de xestión do risco de contraparte da entidade utilizarase en conxunción con límites internos de crédito e negociación. Os límites de crédito e negociación estarán relacionados co modelo de medición do risco da entidade dunha forma que sexa coherente no tempo e que sexa ben comprendida por xestores, operadores e a alta dirección.

21. A medición dunha entidade do risco de contraparte incluírá a medición diaria e intradía do uso de liñas de crédito. A entidade medirá a posición actual bruta e neta de garantías. A entidade calculará e supervisará a posición máxima ou a posición futura potencial (EFP) con intervalo de confianza elixido pola entidade a nivel de carteira e de contraparte. A entidade terá en conta as posicións grandes ou concentradas, por grupos de contrapartes relacionadas, por sectores, por mercados etc.

22. As entidades contarán cun programa rutineiro e rigoroso de probas de tensión como suplemento á análise do risco de contraparte baseado nos resultados diarios do modelo de medición de riscos da entidade. Os resultados destas probas de tensión serán revisados periodicamente pola alta dirección e reflectiranse nas políticas e límites relativos ao risco de contraparte establecidos pola dirección e o consello de administración. Nos casos en que as probas de tensión revelen unha vulnerabilidade especial a unha serie de circunstancias, adoptaranse rapidamente medidas para xestionar debidamente eses riscos.

23. As entidades contarán cunha rutina para garantir o cumprimento dunha serie documentada de políticas, controis e procedementos internos relacionados co funcionamento do sistema de xestión do risco de contraparte. O sistema de xestión do risco de contraparte da entidade estará ben documentado e ofrecerá unha explicación das técnicas empíricas utilizadas para medir o risco de contraparte.

24. As entidades realizarán un estudo independente do sistema de xestión do risco de contraparte de forma regular a través do seu propio proceso de auditoría interna. Este estudo incluírá tanto as actividades das unidades comerciais mencionadas no número 15 como as da unidade de control do risco de contraparte independente. Realizarase un

exame do proceso xeral de xestión do risco de contraparte a intervalos regulares que tratará especificamente, polo menos:

- a. A idoneidade da documentación do sistema e proceso de xestión do risco de contraparte.
- b. A organización da unidade de control do risco de contraparte.
- c. A integración da medición do risco de contraparte na xestión de riscos diaria.
- d. A aprobación dos modelos de medición de riscos e os sistemas de valoración utilizados polos operadores (*front-office*) e o persoal administrativo (*back-office*).
- e. A validación de calquera modificación significativa no proceso de medición do risco de contraparte.
- f. O alcance do risco de contraparte reflectido polo modelo de medición de riscos.
- g. A integridade do sistema de información de xestión.
- h. A exactitude e exhaustividade dos datos sobre o risco de contraparte.
- i. A comprobación da coherencia, oportunidade e fiabilidade das fontes de datos utilizadas no funcionamento dos modelos, así como a independencia de tales fontes.
- j. A exactitude e idoneidade das hipóteses de volatilidade e correlación.
- k. A exactitude da valoración e transformación de riscos.
- l. A verificación da exactitude do modelo mediante frecuentes controis a posteriori (*back-testing*).

Proba do uso

25. A distribución das posicións xeradas polo modelo interno utilizado para calcular EPE efectivas estará integrado no proceso cotián de xestión do risco de contraparte da entidade. En consecuencia, os resultados do modelo interno desempeñarán un papel esencial na aprobación dos créditos, a xestión do risco de contraparte, as asignacións de capital interno e o goberno corporativo da entidade.

26. As entidades manterán un historial do uso dos modelos que xeren unha distribución de posicións suxeitas ao risco de contraparte. A entidade deberá demostrar que o modelo que estivo utilizando para calcular as distribucións de posicións en que se basea o cálculo EPE cumpre en xeral os requisitos mínimos establecidos neste artigo, polo menos, durante un ano antes da aprobación por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

27. O modelo utilizado para xerar a distribución de posicións suxeitas a risco de contraparte formará parte do marco de xestión do risco de contraparte, que incluírá a identificación, medición, xestión, aprobación e información interna do risco de contraparte. Este marco incluírá a medición do uso de liñas de crédito, engadindo as posicións suxeitas ao risco de contraparte a outras posicións con risco de crédito, e asignando o capital interno adecuado. Ademais de EPE, as entidades medirán e xestionarán posicións correntes. Cando proceda, a entidade medirá a posición actual bruta e neta de garantías. Cumprirose coa proba do uso se a entidade utiliza outras medidas de risco de contraparte, tales como posición máxima ou posición potencial futura (EPF), baseándose na distribución de posicións xeradas polo mesmo modelo para calcular EPE.

28. As entidades deberán contar con capacidade suficiente nos seus sistemas para calcular, en caso necesario, diariamente EE, a menos que demostren á Comisión Nacional do Mercado de Valores que as súas posicións suxeitas ao risco de contraparte permiten facer o cálculo con menor frecuencia. As entidades calcularán EE con diferentes horizontes de tempo que reflectan adecuadamente a estrutura dos futuros fluxos de tesouraría e o vencemento dos contratos e de forma coherente coa materialidade e composición da posición.

29. A posición medirase, vixiarase e controlarase ao longo da vida de todos os contratos do conxunto de operacións compensables, non só cun horizonte temporal dun ano. A entidade deberá contar con procedementos internos para identificar e controlar os riscos das contrapartes cando a posición supera o horizonte temporal dun ano. O aumento previsible da posición deberá ser un dato para considerar polo modelo de capital económico interno da entidade.

Proba de tensión

30. As entidades deberán contar con sólidos procedementos para realizar as probas de tensión (*stress testing*) que se utilizarán ao avaliar a adecuación dos recursos propios fronte ao risco de contraparte. Estas medidas de tensión compararanse coas medidas de EPE e serán consideradas pola entidade como parte do seu proceso de avaliación dos seus recursos propios en todo momento fronte aos riscos asumidos. Ao realizar as probas de tensión identificaranse tamén posibles eventos ou futuros cambios nas condicións económicas que puidesen prexudicar as posicións crediticias da entidade e avaliarán a capacidade da entidade para afrontar tales cambios.

31. A entidade fará a proba de tensión das súas posicións suxeitas ao risco de contraparte, incluíndo conxuntamente factores de mercado e de risco de crédito. As probas da tensión do risco de contraparte considerarán o risco de concentración, con respecto a unha soa contraparte ou grupos de contrapartes, o risco de correlación entre risco de crédito e mercado, e o risco de que a liquidación das posicións coa contraparte poida producir alteracións ou movementos no mercado. Estas probas de tensión tamén considerarán o efecto nas propias posicións da entidade destas alteracións do mercado e integrarán ese efecto na súa avaliación do risco de contraparte.

Risco de correlación errónea (*wrong-way risk*)

32. A entidade considerará debidamente as posicións que dean lugar a un grao significativo de risco xeral de correlación errónea. Terán procedementos internos para identificar, supervisar e controlar casos de risco específico de correlación errónea, empezando no inicio dunha operación e continuando ao longo da súa vida.

33. Para os efectos deste artigo considerárase como risco xeral de correlación errónea cando a probabilidade de non-pagamento das contrapartes estea positivamente correlacionada cos factores xerais de risco de mercado. Considerárase que unha entidade está exposta ao risco específico de correlación errónea se se espera que a posición futura cunha contraparte específica sexa máis elevada cando a probabilidade de non-pagamento da contraparte sexa tamén máis elevada.

Integridade do proceso de modelización

34. O modelo reflectirá as condicións e especificacións das operacións de forma oportuna, completa e prudente. Estas condicións incluírán, como mínimo, os importes nomenclais contractuais, vencementos, activos de referencia, acordos de constitución de marxes e acordos de compensación. As condicións e especificacións conservaranse nunha base de datos suxeita a unha auditoría formal e periódica. O proceso de recoñecemento dos acordos de compensación exixirá o visto e prace do servizo xurídico para comprobar a aplicabilidade legal da compensación e será introducido na base de datos por unha unidade independente. A transmisión dos datos das condicións e especificacións das operacións ao modelo tamén será obxecto dunha auditoría interna e existirán procesos de reconciliación formal entre os sistemas de modelos e os datos fonte para verificar de forma continua que as condicións e especificacións das operacións se estean reflectindo en EPE correctamente ou, polo menos, de forma conservadora.

35. O modelo empregará datos de mercado actuais para calcular as posicións actuais. Ao utilizar datos históricos para calcular a volatilidade e as correlacións, utilizaranse polo menos tres anos de datos históricos e actualizaranse de forma trimestral ou con maior frecuencia se as condicións de mercado o permiten. Os datos abrangerán unha gama completa de condicións económicas, tales como un ciclo económico completo. Unha unidade independente da unidade de negocio validará o prezo proporcionado pola unidade de negocio. Os datos obteranse independentemente das liñas de negocio, introduciranse no modelo de forma oportuna e completa, e manteranse nunha base de datos suxeita a auditoría formal e periódica. As entidades contarán cun procedemento de integridade dos datos ben desenvolvido co fin de suprimir dos datos as observacións erróneas ou anómalas. Na medida en que o modelo se basee en indicadores de mercado aproximados, incluíndo novos produtos para os que se poida non dispoñer de tres anos de datos históricos, as políticas internas identificarán os indicadores adecuados e a entidade deberá demostrar empiricamente que os indicadores proporcionan unha representación prudente do risco

subxacente en condicións adversas de mercado. Se o modelo inclúe o efecto das garantías sobre os cambios no valor de mercado do conxunto de operacións compensables, a entidade deberá dispoñer de datos históricos adecuados para modelizar a volatilidade da garantía.

36. O modelo estará suxeito a un proceso de validación. O proceso estará claramente integrado nas políticas e procedementos das entidades. O proceso de validación especificará as clases de probas necesarias para garantir a integridade do modelo e identificará as condicións baixo as cales as hipóteses se violan e poden dar lugar a unha subestimación de EPE. O proceso de validación deberá incluír unha revisión da exhaustividade do modelo.

37. As entidades supervisarán os riscos pertinentes e contarán con procesos para axustar a súa valoración de EPE cando eses riscos cheguen a ser significativos. Isto inclúe o seguinte:

a. A entidade identificará e xestionará as súas posicións suxeitas ao risco específico de correlación errónea.

b. Para as posicións cun perfil de risco crecente tras un ano, a entidade comparará de forma regular a estimación de EPE ao longo dun ano con EPE ao longo da vida da posición.

c. Para as posicións cun vencemento residual inferior a un ano, a entidade comparará regularmente o custo de reposición (posición corrente) e o perfil de posición actual, ou almacenará datos que permitan este tipo de comparacións.

38. As entidades contarán con procedementos internos para verificar que, antes de incluír unha operación nun conxunto de operacións compensables, a operación estea cuberta por un contrato de compensación legalmente exigible que cumpra os criterios aplicables neste capítulo sobre compensación contractual.

39. As entidades que fagan uso das garantías para atenuar o seu risco de contraparte contarán con procedementos internos para verificar que, antes de recoñecer o efecto das garantías nos seus cálculos, estas cumpran as oportunas normas de seguranza xurídica segundo o establecido no capítulo VI sobre técnicas de redución do risco de crédito.

Exixencias de validación para os modelos de EPE

40. Os modelos de EPE deberán cumprir os seguintes criterios de validación:

a. Os criterios de validación cualitativa establecidos no capítulo II sobre carteira de negociación e, en particular, os previstos nos artigos 26 a 28.

b. Faranse previsións con amplos horizontes temporais sobre os tipos de xuro, os tipos de cambio, os prezos das accións, as materias primas e outros factores de risco de mercado para medir a posición suxeita ao risco de contraparte. O rendemento do modelo de previsión para os factores de risco de mercado medirase sobre un amplo horizonte temporal.

c. Os modelos de valoración utilizados co fin de calcular a posición ao risco de contraparte nunha situación futura determinada con perturbacións de mercado probaranse como parte do proceso de validación de modelos. Os modelos de valoración para as opcións terán en conta a ausencia de linearidade do valor das opcións con respecto a factores de risco de mercado.

d. O modelo de EPE reflectirá información específica sobre cada operación co fin de agregar posicións ao nivel do conxunto de operacións compensables. As entidades verificarán que as operacións se asignen ao conxunto de operacións compensables apropiado dentro do modelo.

e. O modelo de EPE incluírá información específica sobre cada operación para reflectir os efectos da constitución de marxes. Terá en conta tanto a cantidade de marxe actual como a marxe que se poida transmitir entre contrapartes no futuro. Este modelo terá en conta a natureza dos acordos de marxe, unilaterais ou bilaterais, a frecuencia das peticións de marxe adicional, o período de risco da marxe, o limiar mínimo de posición non suxeita marxe que a entidade está disposta a aceptar e a cantidade mínima de transferencia.

Este tipo de modelo servirá para valorar a prezos de mercado os cambios no valor das garantías prestadas, ou ben aplicará as normas establecidas no capítulo III.

f. As probas retrospectivas estáticas e históricas en carteiras de contrapartes representativas formarán parte do proceso de validación do modelo. As entidades deberán realizar a intervalos regulares estas probas retrospectivas cunha serie de carteiras de contrapartes representativas, reais ou hipotéticas. Estas carteiras representativas elixiranse baseándose na súa sensibilidade ás correlacións e factores de risco importantes a que está exposta a entidade.

Se a proba retrospectiva indica que o modelo non é o suficientemente exacto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores revogará a autorización para o uso do modelo ou imporá as medidas apropiadas para asegurar que se mellore, sen demora, o modelo. Adicionalmente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalle exixir á entidade que manteña fondos propios adicionais.

Compensación contractual.

Artigo 64. *Contratos de novación e outros acordos de compensación.*

1. Tipos de compensación validas:

Para efectos do disposto neste artigo, entenderase por «contraparte» calquera entidade, incluídas persoas físicas, facultada para celebrar un acordo de compensación contractual. «Acordo de compensación contractual entre produtos», será calquera acordo bilateral escrito celebrado entre unha entidade e unha contraparte, que cree unha obriga xurídica única que afecte a todos os acordos marco bilaterais e as transaccións relativas a diferentes categorías de produtos. Os acordos de compensación contractual entre produtos só afectarán as compensacións acordadas sobre unha base bilateral.

Para efectos da compensación entre produtos, consideraranse diferentes categorías de produtos os seguintes:

a. As operacións de recompra, as operacións de recompra inversa, as operacións de préstamo de valores ou materias primas e toma de valores ou materias primas en préstamo.

b. As operacións de financiamento de garantías.

c. Os contratos incluídos no número 2 do artigo 58 deste capítulo.

Entenderase por «operacións de financiamento das garantías» as transaccións en que unha entidade alongue o crédito en relación con operacións de compra, venda ou transferencia de valores. As operacións de financiamento das garantías non incluírán outros préstamos garantidos mediante outros activos.

Recoñeceranse como factores de redución do risco os seguintes tipos de compensación contractual:

a. Os contratos bilaterais de novación entre unha entidade e a súa contraparte, en virtude dos cales os dereitos e as obrigas recíprocas queden automaticamente compensados, de tal forma que a novación determine un importe único neto cada vez que se aplique a novación e se cree así un novo e único contrato xuridicamente vinculante que extinga os contratos anteriores.

b. Acordos bilaterais de compensación entre a entidade e a súa contraparte.

c. Os acordos contractuais de compensación entre produtos, concluídos por entidades autorizadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para utilizar o método dos modelos internos establecido no artigo 63, para operacións que entren no ámbito de aplicación dese método. As operacións de compensación entre membros dun grupo non están recoñecidas para efectos do cálculo das exixencias de recursos propios.

2. Condicións do recoñecemento.

Só se considerará que a compensación contractual constitúe un factor de redución do risco cando concorran as seguintes condicións:

a. Que a entidade celebre coa súa contraparte un acordo de compensación contractual polo cal se cree unha única obriga xurídica, que abrangue todas as transaccións incluídas, en virtude da cal, no caso de que unha das contrapartes incorra nunha situación de non-pagamento a causa de incumprimento, quebra ou liquidación ou outra circunstancia similar, a entidade teña o dereito a recibir ou a obriga de pagar unicamente a suma neta dos valores positivos e negativos valorados a prezos de mercado das distintas transaccións incluídas no acordo.

b. Que a entidade teña á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores ditames xurídicos fundamentados e por escrito que permitan concluír, en caso dunha disputa, que os tribunais e autoridades administrativas competentes consideren, nos supostos descritos na letra a anterior, que os dereitos e obrigas da entidade se limita á suma neta, tal como se describe na letra a, en virtude de:

A lexislación do territorio en que está constituída a contraparte e, se intervén unha sucursal estranxeira, tamén en virtude da lexislación do territorio en que está situada esa sucursal.

A lexislación aplicable ás distintas transaccións incluídas.

A lexislación aplicable a calquera contrato ou acordo, necesario para que produza efecto a compensación contractual.

c. Que a entidade dispoña de procedementos encamiñados a garantir que a validez xurídica da súa compensación contractual será revisada á luz de calquera posible modificación das normativas pertinentes.

d. Que a entidade manteña toda a documentación exixida nos seus arquivos.

e. Que os efectos da compensación se introduzan como factor por parte da entidade na medición da posición agregada suxeita ao risco de crédito de cada contraparte, e a entidade xestione o seu risco de contraparte sobre esta base.

f. Que o risco de crédito para cada contraparte se sume para chegar a unha soa posición legal de operacións. Esta suma deberase considerar como factor para determinar o límite crediticio e o capital interno.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores tras consultar, se procede, outras autoridades competentes, deberá quedar satisfeita de que a compensación contractual é xuridicamente válida en cada un dos territorios implicados. De unha desas autoridades competentes non quedar satisfeita a este respecto, o acordo de compensación contractual non poderá ser recoñecido como un factor de redución do risco por ningunha das contrapartes.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá aceptar ditames xurídicos motivados redactados para tipos concretos de compensación contractual.

Os contratos que conteñan algunha disposición que permita a unha contraparte non morosa realizar só pagamentos limitados, ou incluso ningún pagamento, á parte morosa, mesmo sendo o moroso acreedor neto (cláusula de walkaway) non poderán ser recoñecidos como factores de redución do risco.

Ademais do exposto, os acordos de compensación contractual entre produtos deberán respectar os seguintes criterios:

a. A suma neta mencionada na letra a do número 2 deste artigo será a suma neta dos valores de liquidación positivos e negativos de todo acordo marco bilateral individual incluído e dos valores positivos e negativos a prezos de mercado das operacións individuais («importe neto para todos os produtos»).

b. Os ditames xurídicos motivados e por escrito mencionados na letra b do número 2 deste artigo deberanse referir á validez e a executabilidade da totalidade do acordo de compensación contractual entre produtos, de acordo coas súas condicións e deberase referir ao impacto do acordo de compensación sobre calquera aspecto material incluído en todo o acordo marco bilateral.

c. A entidade instituirá procedementos en virtude da letra c do número 2 deste artigo para verificar que toda operación incluída no conxunto de operacións compensables está cuberta por un ditame xurídico.

d. A entidade, tendo en conta o acordo de compensación contractual entre produtos, continuará satisfacendo os requisitos previstos sobre o recoñecemento dos acordos de compensación bilaterais, previstos no capítulo V sobre técnicas de redución do risco de crédito, para cada acordo e operación marco bilateral incluído nos acordos de compensación.

3. Efectos do recoñecemento.

Para os efectos dos métodos estándar, definido no artigo 62, e dos modelos internos, definido no artigo 63, entenderase por posición neta a definición reflectida en ambos os artigos.

I. Contratos de novación.

En lugar de considerar os importes brutos para efectos de ponderación, poderanse ponderar os importes netos fixados polos contratos de novación. No método de valoración a prezos de mercado, descrito no artigo 60, nas fases primeira, custos de reposición, e segunda, importes teóricos do principal ou os valores subxacentes, poderanse obter tendo en conta o contrato de novación.

Ao aplicar o método de risco orixinal, descrito no artigo 61, o importe teórico do principal poderase calcular tendo en conta o contrato de novación e aplicaráselle as porcentaxes reflectidas no cadro 3.

II. Outros acordos de compensación.

O método de valoración a prezos de mercado, descrito no artigo 60, aplicarase cos seguintes criterios:

Na primeira fase, o custo actual de reposición dos contratos incluídos nun acordo de compensación poderase obter tendo en conta o hipotético custo neto de reposición que resulte do acordo. En caso de que a compensación dea lugar a unha obriga neta para a entidade que calcula o custo neto de reposición, ao custo actual de reposición atribuiráselle un valor cero.

Na segunda fase, para todos os demais contratos incluídos nun acordo de compensación bilateral, o risco potencial de crédito futuro poderase reducir mediante a ecuación seguinte:

$$PCE_{red} = 0,4 * PCE_{bruto} + 0,6 * NGR * PCE_{bruto}$$

PCE_{red} = risco potencial reducido de crédito futuro correspondente a todos os contratos cunha contraparte determinada incluídos nun acordo de compensación bilateral válido xuridicamente

PCE_{bruto} = suma dos riscos potenciais de crédito futuro correspondentes a todos os contratos cunha contraparte determinada incluídos nun acordo de compensación bilateral válido xuridicamente, calculados multiplicando os importes teóricos do principal polas porcentaxes que figuran no cadro 1

NGR = «coeficiente neto/bruto», as entidades poderán optar por un dos sistemas de cálculo descritos a continuación. A elección dun deles implicará a súa aplicación de forma coherente para todos os acordos marco:

a. Cálculo separado: cociente entre o custo neto de reposición de todos os contratos incluídos nun acordo de compensación bilateral válido xuridicamente cunha contraparte determinada (numerador) e o custo bruto de reposición dos contratos incluídos nun acordo de compensación bilateral válido xuridicamente con esa contraparte (denominador).

b. Cálculo agregado: cociente entre a suma dos custos netos de reposición calculados bilateralmente para todas as contrapartes tendo en conta os contratos incluídos en acordos de compensación válidos xuridicamente (numerador) e os custos brutos de reposición de todos os contratos incluídos en acordos de compensación válidos xuridicamente (denominador).

Para o cálculo do risco potencial de crédito futuro mediante a fórmula anterior, os contratos perfectamente casados incluídos no acordo de compensación pódense considerar un único contrato cun principal nocional equivalente aos ingresos netos. Os contratos perfectamente casados son contratos sobre tipos de cambio a prazo ou contratos similares en que o principal nocional é equivalente aos fluxos de caixa, sempre que estes fluxos sexan exibibles na mesma data valor e total ou parcialmente na mesma divisa.

Para aplicar o método do risco orixinal, descrito no artigo 61, os contratos perfectamente casados incluídos no acordo de compensación poderanse considerar como un único contrato cun principal nocional equivalente aos ingresos netos:

Os importes do principal nocional multiplicaranse polas porcentaxes que figuran no cadro 3, e

Para outros contratos incluídos nun acordo de compensación, as porcentaxes aplicables poderanse reducir de acordo coas porcentaxes fixadas no cadro 6:

Cadro 6

Vencemento orixinal (*)	Contratos sobre tipos de xuro	Contratos sobre tipos de cambio
Un ano ou menor	0.35%	1.50%
Maior dun ano pero non maior de dous	0.75%	3.75%
Incremento por cada ano subseguinte	0.75%	2.25%

No caso de contratos sobre tipos de xuro, as entidades poderán elixir entre o vencemento orixinal e o vencemento residual.

CAPÍTULO V

Técnicas de redución do risco de crédito

Artigo 65. Utilización das técnicas de redución do risco de crédito.

As entidades que utilicen o método estándar, definido no capítulo III para o cálculo das súas exixencias de recursos propios por risco de crédito, ou o método baseado en cualificacións internas (IRB) tal como se establece na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos, pero non utilicen as súas propias estimacións de perda dado un incumprimento (LGD) e os factores de conversión de acordo coa mencionada circular do Banco de España (IRB avanzado), poderán recoñecer a redución do risco de crédito de acordo con este capítulo no cálculo das posicións ponderadas por risco para os efectos das exixencias de recursos propios por este concepto ou como perdas esperadas pertinentes para os efectos do cálculo previsto no método IRB.

Igualmente, para o non previsto neste capítulo, relativo ás técnicas de redución do risco de crédito, observarase o disposto na circular do Banco de España mencionada no parágrafo anterior.

Artigo 66. Definicións.

Para os efectos deste capítulo entenderase por:

- Entidade acreedora: a entidade que ten a posición en cuestión, con independencia de que proceda ou non dun préstamo.
- Operación vinculada ao mercado de capitais: toda operación que dea lugar a unha posición garantida mediante garantías reais en que se inclúa algunha cláusula que confira á entidade o dereito a recibir marxes ou garantías con determinada frecuencia.

c. Operación de préstamo garantido: toda operación que dea lugar a unha posición garantida mediante garantías reais que non inclúa disposición tendente a conferir á entidade o dereito a recibir marxes ou garantías con frecuencia.

Artigo 67. *Consideracións xerais.*

1. A técnica empregada para proporcionar cobertura do risco de crédito, xunto coas medidas e disposicións adoptadas e os procedementos e políticas aplicados pola entidade acreedora serán tales que constitúan disposicións de cobertura do risco de crédito xuridicamente eficaces e executables en todas as xurisdicións relevantes.

2. A entidade acreedora adoptará todas as medidas adecuadas co fin de garantir a eficacia do sistema de cobertura do risco de crédito e atender os riscos asociados.

3. No caso de coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares, para seren admisibles ao recoñecemento, os activos empregados como base deberán ser suficientemente líquidos, e o seu valor ao longo do tempo suficientemente estable, para ofrecer un grao adecuado de certeza en canto á cobertura do risco de crédito obtida, tendo en conta o método utilizado para calcular as posicións ponderadas por risco e o grao de recoñecemento permitido. A elixibilidade limitarase aos activos recollidos neste capítulo.

4. No caso de coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares, a entidade acreedora terá dereito a liquidar ou reter oportunamente os activos en que se basee a protección en caso de non-pagamento, insolvencia ou quebra do debedor –así como outros eventos de crédito previstos na documentación da operación– así como, de ser o caso, os do depositario da garantía real. O grao de correlación entre o valor dos activos en que se basea a protección e a calidade crediticia do debedor debe ser correcto.

5. No caso das coberturas do risco de crédito con garantías persoais, para se poder recoñecer como admisible, a parte que ofrezca o compromiso deberá ser suficientemente solvente, e o acordo de protección, xuridicamente eficaz e executable nas xurisdicións pertinentes, para ofrecer un grao de certeza adecuado en canto á cobertura do risco de crédito obtida, tendo en conta o método utilizado para calcular as posicións ponderadas por risco e o grao de recoñecemento permitido. A elixibilidade limitarase aos provedores de cobertura e aos tipos de acordo de protección recollidos neste capítulo.

6. Ningunha posición respecto da cal se obteña unha redución do risco de crédito producirá unha posición ponderada por risco ou perdas esperadas maiores que unha posición idéntica respecto da cal non haxa ningunha redución do risco de crédito.

Nos casos en que a posición ponderada por risco xa tome en consideración a cobertura do risco de crédito, o cálculo da cobertura do risco de crédito non se recoñecerá consonte este capítulo.

A. Coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.

Artigo 68. *Compensación de operacións de balance.*

Poderase recoñecer como elixible a compensación de operacións de balance de créditos mutuos entre a entidade e a súa contraparte. A elixibilidade limitarase aos saldos recíprocos en efectivo entre a entidade e a contraparte. Unicamente os préstamos e os depósitos da entidade acreedora poderán estar suxeitos a unha modificación das posicións ponderadas por risco e, de ser o caso, das perdas esperadas de resultados dun acordo de compensación de operacións de balance.

Artigo 69. *Acordos marco de compensación de operacións.*

Para os acordos marco de compensación relativos a operacións con compromiso de recompra ou operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais, as entidades que adopten o método amplo para as garantías reais de natureza

financeira previsto neste capítulo poderán recoñecer os efectos dos contratos bilaterais de compensación relativos a operacións con compromiso de recompra, operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais. Para ser recoñecida, a garantía aceptada e os valores ou materias primas tomadas en préstamo consonte tales acordos deberán cumprir os requisitos de admisión de garantías previstos nos artigos 72 e 73.

Artigo 70. *Garantías reais.*

Cando a técnica de redución de risco de crédito utilizada se basee no dereito da entidade a liquidar ou reter activos, a elixibilidade dependerá de se as posicións ponderadas por risco e, de ser o caso, as perdas esperadas, se calculan ou non consonte o método estándar ou o método baseado en cualificacións internas (IRB). A elixibilidade dependerá, ademais, de que se empregue o método simple ou o método amplo para as garantías reais de natureza financeira previstos neste capítulo. En relación coas operacións con compromiso de recompra e coas operacións de préstamo de valores ou materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo, a elixibilidade dependerá, así mesmo, de se a operación se consigna ou non na carteira de negociación.

Artigo 71. *Outros bens e dereitos utilizados como garantía real.*

1. O efectivo depositado nunha entidade terceira ou os instrumentos asimilados ao efectivo mantidos por unha entidade terceira en custodia e peñorados a favor da entidade acreedora poderanse recoñecer como coberturas do risco de crédito elixible.
2. As pólizas de seguro de vida peñoradas a favor da entidade acreedora poderanse recoñecer como coberturas do risco de crédito elixible.
3. Os instrumentos emitidos por institucións terceiras que sexan recomprados polas ditas institucións por instancia destas poderanse recoñecer como coberturas do risco de crédito elixible.

Artigo 72. *Elixibilidade en todos os métodos.*

1. Os seguintes elementos financeiros poderanse recoñecer como garantía real admisible en calquera dos métodos:
 - a. Efectivo depositado na entidade acreedora ou instrumentos asimilados ao efectivo mantidos por esta.
 - b. Valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais cunha avaliación crediticia dunha ECAI ou axencia de crédito á exportación recoñecidas como elixibles para os efectos do método estándar que se deba asociar como mínimo ao grao 4 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a administracións centrais e bancos centrais conforme o método estándar.
 - c. Valores de débeda emitidos por institucións cunha avaliación crediticia dunha ECAI elixible que se deba asociar como mínimo ao grao 3 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a entidades de crédito conforme o método estándar.
 - d. Valores de débeda emitidos por outras entidades cunha avaliación crediticia por parte dunha ECAI elixible que se deba asociar como mínimo ao grao 3 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a empresas consonte o método estándar.
 - e. Valores de débeda emitidos cunha avaliación crediticia a curto prazo por parte dunha ECAI elixible que se deba asociar como mínimo ao grao 3 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións a curto prazo consonte o método estándar.
 - f. Accións ou débeda convertibles incluídas nun índice bolsista principal.
 - g. Ouro.
2. Para os efectos da letra b do número 1 anterior, considerarase que os valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais inclúen:

i Os valores de débeda emitidos por administracións rexionais ou autoridades locais, cando as posicións nelas se poidan tratar como posicións fronte á Administración central en cuxo territorio estean establecidas consonte o método estándar.

ii Os valores de débeda emitidos por entidades do sector público que se tratan como posicións fronte á Administración central consonte o número 3 do artigo 37.

iii Os valores de débeda emitidos por bancos multilaterais de desenvolvemento a que se asigne unha ponderación nula de risco (0 por 100) consonte o método estándar.

iv Os valores de débeda emitidos por organizacións internacionais a que se asigne unha ponderación nula de risco (0 por 100) conforme o método estándar.

3. Para os efectos da letra c do número 1 anterior, considerarase que os valores de débeda emitidos por institucións inclúen:

i Os valores de débeda emitidos por administracións rexionais ou autoridades locais, excepto cando as posicións nelas se poidan tratar como posicións fronte á Administración central en cuxo territorio estean establecidas consonte o método estándar.

ii Os valores de débeda emitidos por entidades do sector público, cando as posicións nelas se traten como posicións fronte a entidades de crédito consonte o método estándar.

iii Os valores de débeda emitidos por bancos multilaterais de desenvolvemento distintos daqueles a que se asigne unha ponderación nula de risco (0 por 100) consonte o método estándar.

4. Os valores de débeda emitidos por institucións sen avaliación crediticia dunha ECAI elixible poderanse recoñecer como garantía real admisible cando cumpran os seguintes criterios:

a) Coticen nun mercado de valores regulado.

b) Non estean cualificados como débeda subordinada.

c) Todas as demais emisións cualificadas da mesma entidade con igual prelación posúan unha avaliación crediticia efectuada por unha ECAI elixible que se deba asociar como mínimo ao grao 3 de calidade crediticia, conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a institucións ou a curto prazo consonte o método estándar.

d) A entidade acreedora non posúa información que indique que a emisión merece unha cualificación inferior á indicada na letra c.

e) A entidade poida demostrar á Comisión Nacional do Mercado de Valores que a liquidez de mercado do instrumento é suficiente para estes fins.

5. As participacións en institucións de investimento colectivo poderanse recoñecer como garantías reais admisibles cando se cumpran as condicións seguintes:

a) Posúan unha cotización pública diaria.

b) A institución de investimento colectivo se limite a investir en instrumentos admisibles a recoñecemento consonte os números 1, 2, 3 e 4 anteriores.

O posible emprego de instrumentos derivados por unha institución de investimento colectivo, co fin de cubrir investimentos permitidos, non impedirá que as participacións na dita institución sexan elixibles.

6. En relación coas letras b a e do número 1 anterior, cando un valor posúa dúas avaliacións crediticias efectuadas por ECAI elixibles, considerarase aplicable a avaliación menos favorable. Nos casos en que un valor posúa máis de dúas avaliacións crediticias efectuadas por ECAI elixibles, considerarase aplicables as dúas avaliacións máis favorables. Cando as dúas avaliacións crediticias máis favorables sexan diferentes, considerarase aplicable a menos favorable das dúas.

Artigo 73. Elixibilidade adicional consonte o método amplo para as garantías reais de natureza financeira.

Ademais das garantías previstas no artigo 72 anterior, cando unha entidade utilice o método amplo para as garantías reais de natureza financeira, os seguintes elementos financeiros poderanse recoñecer como garantías reais admisibles:

a) Accións ou bonos convertibles que non estean incluídos nun índice bolsista principal pero que coticen nunha bolsa de valores recoñecida.

b) Participacións en organismos de investimento colectivo, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- i Posúan unha cotización pública diaria.
- ii A institución de investimento colectivo se limite a investir en instrumentos admisibles a recoñecemento conforme o artigo 72 anterior e nos elementos previstos na letra a anterior deste artigo.

O posible emprego por unha institución de investimento colectivo de instrumentos derivados co fin de cubrir investimentos permitidos non impedirá que as participacións na dita institución sexan admisibles.

Artigo 74. *Elixibilidade adicional consonte o método baseado en cualificacións internas (IRB).*

As entidades que calculen as súas exixencias de recursos propios por risco de crédito de acordo cos métodos baseados en cualificacións internas (IRB) e que, por tanto, apliquen as disposicións previstas na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos, tal e como se especifica no capítulo III desta circular, poderán utilizar para efectos do cálculo da redución do risco de crédito os elementos adicionais que se detallan na referida circular do Banco de España, debendo cumprir todos os requisitos, incluídos os de elixibilidade, establecidos na citada circular.

B. Coberturas do risco de crédito mediante garantías persoais.

Artigo 75. *Elixibilidade dos provedores de cobertura en todos os métodos.*

As seguintes contrapartes poderanse recoñecer como garantes admisibles para coberturas do risco de crédito con garantías persoais:

1. Administracións centrais e bancos centrais.
2. Administracións rexionais ou autoridades locais.
3. Bancos multilaterais de desenvolvemento.
4. Organizacións internacionais, cando as súas posicións reciban unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) conforme o capítulo III0 sobre risco de crédito.
5. Entidades do sector público.
6. Institucións.
7. Outras entidades empresariais, incluídas entidades empresariais matrices, filiais e pertencentes ao mesmo grupo da entidade de crédito que:

a) Posúan unha avaliación crediticia dunha ECAI recoñecida que se deba asociar, como mínimo, ao grao 2 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións en empresas consonte o método estándar.

b) No caso das entidades que calculen as posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas conforme os métodos baseados en cualificacións internas (IRB), que non dispoñan de avaliación crediticia dunha ECAI recoñecida e que, segundo unha cualificación interna, posúan unha probabilidade de non-pagamento equivalente á asociada ás avaliacións crediticias efectuadas por ECAI que se deban asociar, como mínimo, ao grao 2 de calidade crediticia conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a empresas consonte o método estándar.

Artigo 76. *Derivados de crédito.*

1. Os seguintes tipos de derivados de crédito, así como os instrumentos que poidan estar compostos polos ditos derivados de crédito ou ser similares na práctica desde o punto de vista económico, poderanse recoñecer como admisibles:

- a) Permutas financeiras por non-pagamento crediticio (CDS).

- b) Permutas financeiras de taxa de rendemento total (TRS).
- c) Bonos con vinculación crediticia na medida do seu financiamento en efectivo (CLN).

2. Cando unha entidade compre cobertura do risco de crédito a través dunha permuta financeira de taxa de rendemento total e contabilice como renda neta os pagamentos netos recibidos en concepto da operación de permuta financeira, pero non contabilice unha deterioración compensatoria para o valor do activo que queda protexido, xa sexa mediante reducións do valor razoable ou aumento das reservas ou provisións, non se recoñecerá a cobertura do risco de crédito.

3. Cando unha entidade leve a cabo unha cobertura interna mediante a utilización dun derivado de crédito, é dicir, cando cubra o risco de crédito dunha posición non incluída na carteira de negociación mediante un derivado de crédito contabilizado na carteira de negociación, para que a cobertura se poida recoñecer para os efectos do capítulo, o risco de crédito transferido á carteira de negociación deberase ter transferido a un terceiro ou terceiros. En tales circunstancias, e sempre que a dita transferencia cumpra os requisitos para o recoñecemento da redución do risco de crédito previstos neste capítulo, aplicaranse as normas para o cálculo das posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas previstas no punto sobre o cálculo dos efectos da redución do risco de crédito nas letras D a G deste capítulo.

C. Requisitos mínimos.

Artigo 77. *Consideracións xerais.*

A entidade deberá garantir á Comisión Nacional do Mercado de Valores que dispón de procedementos adecuados de xestión do risco, co fin de controlar aqueles riscos aos cales se poida encontrar exposta debido á aplicación de técnicas de redución do risco de crédito.

A toma en consideración de calquera redución do risco de crédito, para os efectos do cálculo das posicións ponderadas por riscos e, de ser o caso, as perdas esperadas, non eximirá as entidades de seguir levando a cabo unha avaliación exhaustiva do risco de crédito da posición subxacente e estarán en condicións de demostrar o cumprimento deste requisito á Comisión Nacional do Mercado de Valores. No caso dos operacións con compromiso de recompra e as operacións de préstamo de valores ou materias primas ou de toma de valores ou materias primas en préstamo, considerarase, unicamente para os efectos deste artigo, que a posición subxacente constitúe o importe neto da posición.

Artigo 78. *Cobertura do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.*

1. Para o recoñecemento do efecto da redución do risco de crédito dos acordos de compensación no balance, distintos dos acordos marco de compensación relativos a operacións con compromiso de recompra, operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deben ser xuridicamente efectivos e vinculantes en todas as xurisdicións pertinentes incluso en caso de insolvencia ou quebra da contraparte.
- b) A entidade deberá ser capaz de determinar en todo momento aqueles activos e pasivos que están suxeitos ao acordo de compensación.
- c) A entidade deberá supervisar e controlar os riscos asociados á cancelación da cobertura do risco de crédito.
- d) A entidade deberá supervisar e controlar as súas principais posicións en termos netos.

2. Para o recoñecemento do efecto da redución do risco de crédito dos acordos marco de compensación relativos a operacións con compromiso de recompra, operacións

de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Serán xuridicamente efectivos e vinculantes en todas as xurisdicións pertinentes incluso en caso de insolvencia ou quebra da contraparte.
- b) Ofrecerán á parte que non incorra en non-pagamento o dereito a cancelar e liquidar oportunamente calquera operación recollida no acordo en caso de non-pagamento, incluso en caso de quebra ou insolvencia ou da contraparte.
- c) Permitirán a compensación das perdas e ganancias resultantes das operacións liquidadas en cumprimento dun acordo marco, de modo que unha parte lle deba á outra unha única cantidade neta.

Artigo 79. *Requisitos mínimos para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira en todos os métodos.*

Para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira e do ouro deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) **Baixa correlación:** non deberá existir unha correlación positiva substancial entre a calidade crediticia do debedor e o valor da garantía real. Non serán admisibles os valores emitidos polo debedor ou por calquera entidade afín do grupo. Non obstante, os valores de débeda garantidos do debedor que se axusten aos termos previstos no artigo 46 poderanse recoñecer como admisibles cando se constituísen como garantía de operacións con compromiso de recompra e sempre que se cumpra o disposto no primeiro parágrafo desta letra.

b) **Seguranza xurídica:** as entidades cumprarán todos os requisitos contractuais e normativos relativos á aplicabilidade dos acordos sobre garantía real conforme a lexislación aplicable á súa participación na garantía real e tomarán todas as medidas necesarias para garantir a dita aplicabilidade.

As entidades terán elaborado un estudo xurídico fundamentado que confirme a aplicabilidade dos acordos sobre garantía real en todas as xurisdicións relevantes. Igualmente, levarán a cabo o dito estudo de novo cando sexa necesario co fin de garantir a súa continua aplicabilidade.

c) **Requisitos operativos:** os acordos sobre garantías reais documentaranse adecuadamente, cun procedemento claro e sólido que permita a rápida liquidación da garantía real. As entidades empregarán procedementos e procesos adecuados para o control dos riscos derivados do uso de garantías reais, incluídos os derivados da ausencia ou diminución da cobertura do risco de crédito, os riscos de valoración, os riscos asociados á extinción da cobertura do risco de crédito e os riscos de concentración derivados do uso de garantías reais e a interacción co perfil xeral de risco da entidade de crédito.

A entidade dispoñerá de políticas e prácticas documentadas en relación cos tipos e importes de garantía real aceptados.

As entidades calcularán o valor de mercado da garantía real e reavaliaran en consecuencia cunha frecuencia mínima semestral, así como sempre que a entidade teña motivos para considerar que se produciu unha diminución considerable do seu valor de mercado.

Cando a garantía real sexa mantida por un terceiro, as entidades deberán adoptar as medidas oportunas para asegurar que este segregue a garantía real dos seus propios activos.

Artigo 80. *Requisitos adicionais para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira no método simple.*

Ademais dos requisitos previstos no artigo 78 anterior, para o recoñecemento das garantías reais de natureza financeira de acordo co método simple para as garantías reais

de natureza financeira, o vencemento residual da protección deberá ser, polo menos, equivalente ao vencemento residual da posición.

Artigo 81. Requisitos mínimos para o recoñecemento das garantías reais de bens raíces.

Para o recoñecemento das garantías reais de bens raíces deberánse cumprir as seguintes condicións:

a) Seguranza xurídica: a hipoteca ou dereito serán xuridicamente válidos e eficaces en todas as xurisdicións relevantes no momento da conclusión do convenio de crédito e deberánse documentar no seu correspondente tempo e forma. Os acordos reflectirán gravames perfectos, é dicir, estarían cumpridos todos os requisitos legais para o establecemento da garantía. O acordo de protección e o procedemento xurídico en que se sustenta permitirán á entidade liquidar o valor da protección nun prazo razoable.

b) Supervisión dos valores dos bens raíces: o valor do ben será supervisado con frecuencia e, como mínimo, unha vez ao ano, cando se trate de bens raíces comerciais, e unha vez cada tres anos no caso de bens raíces residenciais. Efectuarase unha supervisión máis frecuente cando as condicións do mercado poidan experimentar variacións considerables. Poderanse utilizar métodos estatísticos co fin de supervisar o valor do ben e determinar os bens que precisen unha nova valoración. A valoración do ben será revisada por un taxador independente cando a información dispoñible indique que o seu valor pode ter diminuído de forma significativa con respecto aos prezos xerais do mercado. Para os préstamos que superen 3.000.000 de euros ou o 5 por 100 dos recursos propios da entidade, a valoración do ben será revisada por un taxador independente polo menos unha vez cada tres anos.

Por «taxador independente» enténdese unha persoa que posúa as cualificacións, capacidades e experiencia necesarias para efectuar unha taxación e que sexa independente do procedemento de decisión crediticia, sempre de acordo cos requisitos establecidos na Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras. No caso dos inmobles radicados noutros países, a valoración corresponderá ás entidades ou persoas recoñecidas nos respectivos países para levar a cabo as ditas valoracións.

c) Documentación: os tipos de bens raíces residenciais e comerciais aceptados pola entidade e as súas políticas de préstamo ao respecto documentaranse con claridade.

d) Seguro: a entidade disporá de procedementos co fin de verificar que o ben raíz tomado como protección estea asegurado adecuadamente contra posibles danos.

Artigo 82. Requisitos mínimos para o recoñecemento dos dereitos de cobramento como garantías reais.

Para o recoñecemento do uso de dereitos de cobramento como garantía real deberánse cumprir as seguintes condicións:

a) Seguranza xurídica:

i) O mecanismo xurídico polo que se subministra a garantía real deberá ser seguro e eficaz, así como garantir que o prestamista posúa dereitos incuestionables sobre os rendementos.

ii) As entidades deberán adoptar todas as medidas necesarias para cumprir os requisitos locais exixibles para a realización da garantía. Haberá un marco que permita a un prestamista potencial obter un gravame preferente perfecto sobre a garantía real que supedite este tipo de dereitos aos dereitos dos acredores que teñan a condición de privilexiados en virtude de disposicións legislativas ou regulamentarias.

iii) As entidades deberán ter elaborado un estudo xurídico suficiente que confirme a aplicabilidade dos acordos sobre garantías reais en todas as xurisdicións correspondentes.

iv) Os acordos sobre garantías reais deberanse documentar en forma debida, cun procedemento claro e sólido para a rápida recadación das garantías. Os procedementos das entidades garantirán a observancia de todas as condicións pertinentes no ámbito xurídico para a declaración de non-pagamento do prestameiro e a rápida recadación da garantía real. En caso de dificultades financeiras ou non-pagamento do prestameiro, a entidade deberá posuír a prerrogativa legal de vender ou ceder os dereitos de cobramento a terceiros sen o consentimento dos debedores dos ditos dereitos.

b) Xestión de riscos:

i) A entidade deberá contar cun procedemento sólido para determinar o risco de crédito asociado aos dereitos de cobramento. O dito procedemento incluírá, entre outros aspectos, a análise do negocio do prestameiro e do sector económico en que opera, así como o tipo de clientes con que negocia. Cando a entidade utilice información facilitada polo prestameiro para avaliar o risco de crédito dos seus clientes, deberá examinar as prácticas crediticias do prestameiro co fin de contrastar a súa solidez e credibilidade.

ii) A marxe entre a contía da posición e o valor dos dereitos de cobramento deberá reflectir todos os factores oportunos, incluídos o custo de recadación, o grao de concentración dos dereitos de cobramento procedentes dun único prestameiro no conxunto de posicións de dereitos de cobramento e o risco de concentración con respecto ao total das posicións da entidade que supere as controladas mediante a metodoloxía xeral da entidade. A entidade deberá manter un proceso de seguimento continuo adecuado para os dereitos de cobramento. Ademais, deberá examinar periodicamente a observancia dos pactos incluídos no préstamo, as limitacións ambientais e outros requisitos legais.

iii) Os dereitos de cobramento peñorados por un prestameiro estarán diversificados e non presentarán unha correlación indebida co prestameiro. En caso dunha correlación positiva substancial, os riscos concomitantes teranse en conta ao establecer marxes para o conxunto de posicións de garantías reais.

iv) Os dereitos de cobramento procedentes de persoas vinculadas ao prestameiro, incluídas empresas filiais e empregados, non se recoñecerán como reducións do risco de crédito.

v) A entidade deberá contar cun procedemento documentado de recadación de dereitos de cobramento en situacións de dificultade. Existirán os servizos necesarios para levalo a cabo, mesmo cando o labor de recadación adoite corresponder ao prestameiro.

Artigo 83. *Requisitos mínimos para o recoñecemento doutras garantías reais físicas.*

Para o recoñecemento doutras garantías reais físicas cumpriranse as seguintes condicións:

a) O acordo sobre garantía real será xuridicamente efectivo e vinculante en todas as xurisdicións relevantes e permitirá que a entidade liquide o valor do ben raíz nun prazo razoable.

b) Coa única excepción das gravames preferentes admisibles, previstos no inciso ii) da letra a do artigo 82 anterior, só serán admisibles os primeiros gravames sobre a garantía real. Neste sentido, a entidade terá prioridade sobre o resto de prestamistas en canto aos ingresos obtidos da realización da garantía real.

c) O valor do ben será supervisado con frecuencia e, como mínimo, unha vez ao ano. Exixirase unha supervisión máis frecuente cando as condicións do mercado poidan experimentar variacións considerables.

d) O acordo de préstamo incluírá unha descrición detallada da garantía real, ademais de minuciosas especificacións da forma e frecuencia das súas valoracións.

e) Os tipos de garantía real física aceptados pola entidade, así como as políticas e prácticas relativas ao importe de cada tipo de garantía real que resulte adecuado a teor do importe da posición, documentaranse con claridade nas políticas e procedementos crediticios internos, os cales estarán dispoñibles para o seu exame.

f) As políticas crediticias da entidade en relación coa estrutura da operación incluírán os requisitos que debe cumprir a garantía real dado o importe da posición, a capacidade

para liquidar facilmente a garantía real, a capacidade de establecer un prezo ou valor de mercado obxectivos, a frecuencia con que o dito valor se poida obter con facilidade, incluída unha taxación ou valoración profesional, e a volatilidade ou un equivalente da volatilidade do valor da garantía real.

g) Tanto a avaliación inicial como a reavaliación tomarán plenamente en consideración calquera obsolescencia ou deterioración da garantía real. Na avaliación e reavaliación deberase prestar particular atención aos efectos do paso do tempo nas garantías reais sensibles ás modas ou ás datas.

h) A entidade deberá ter dereito a examinar fisicamente o ben. Disporá de políticas e procedementos que prevexan o seu exercicio do dereito á dita inspección física.

i) A entidade deberá dispoñer de procedementos que permitan verificar que o ben tomado como protección estea asegurado adecuadamente contra posibles danos.

Artigo 84. *Requisitos mínimos para o recoñecemento doutros bens e dereitos utilizados como garantía real.*

1. Para poder optar ao tratamento previsto no número 1 do artigo 71 sobre o efectivo depositado nunha entidade terceira ou instrumentos asimilados ao efectivo mantidos por esta, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) O crédito do prestameiro fronte á entidade terceira será publicamente peñorado ou cedido á entidade acreedora e o dito peñoramento ou cesión será xuridicamente efectivo e vinculante en todas as xurisdicións relevantes.

b) Notificaráselle á entidade terceira o peñoramento ou cesión.

c) En virtude da notificación, a entidade terceira unicamente poderá efectuar pagamentos á entidade acreedora ou, co consentimento desta, a outras partes.

d) O peñoramento ou cesión será incondicional e irrevogable.

2. Para o recoñecemento das pólizas de seguro de vida peñoradas a favor da entidade acreedora, cumpríranse os seguintes requisitos:

a) A empresa provedora do seguro de vida poderá ser recoñecida como provedor admisible de coberturas do risco de crédito con garantías persoais consonte o artigo 75.

b) A póliza de seguro de vida será publicamente peñorada ou cedida á entidade acreedora.

c) Notificaráselle á empresa provedora do seguro de vida o peñoramento ou cesión e, en consecuencia, a empresa provedora non poderá pagar os importes debidos referidos a el sen o consentimento da entidade acreedora.

d) O valor declarado de rescate da póliza será un importe non reducible.

e) A entidade acreedora deberá ter dereito a cancelar a póliza e recibir o valor de rescate de maneira oportuna en caso de non-pagamento do prestameiro.

f) A entidade prestamista será informada de calquera non-pagamento da póliza en que incorra o seu titular.

g) A cobertura do risco de crédito estenderase até o vencemento do préstamo. De iso non resultar posible dado que a cobertura da póliza conclúe antes do vencemento do préstamo, a entidade deberá garantir que os fluxos de efectivo derivados da póliza de seguro sirvan á entidade de aval até o vencemento do acordo de seguro.

h) O peñoramento ou cesión deberá ser xuridicamente efectivo e vinculante en todas as xurisdicións pertinentes no momento da conclusión do convenio de crédito.

Artigo 85. *Coberturas do risco de crédito con garantías persoais e valores de débeda con vinculación crediticia.*

1. Requisitos comúns ás garantías de sinatura (persoais) e aos derivados de crédito.

Para o recoñecemento da cobertura do risco de crédito procedente dunha garantía persoal ou derivado de crédito cumpríranse os seguintes requisitos:

a) A cobertura do risco de crédito será directa.

b) O alcance da cobertura do risco de crédito estará definido con claridade e será inquestionable.

c) A cobertura do risco de crédito non conterà cláusula ningunha cuxo cumprimento escape ao control directo do acreedor e que:

- i) Permita ao provedor de protección cancelar unilateralmente a protección.
- ii) Incremente o custo efectivo da protección como resultado da deterioración da calidade crediticia da posición protexida.
- iii) Poida impedir que o provedor de protección estea obrigado a pagar puntualmente en caso de que o debedor orixinal non aboe calquera pagamento debido.
- iv) Poida permitir que o provedor de cobertura reduza o vencemento da cobertura do risco de crédito.

d) Deberá ser xuridicamente efectiva e vinculante en todas as xurisdicións pertinentes no momento da conclusión do convenio de crédito.

2. Requisitos operativos.—A entidade garantirá á Comisión Nacional do Mercado de Valores que posúe sistemas para xestionar posibles concentracións de riscos debidas ao uso pola entidade de garantías de sinatura ou derivados de crédito. A entidade deberá poder demostrar que a súa estratexia en materia de emprego de derivados de crédito e garantías de sinatura resulta acorde coa xestión do seu perfil xeral de risco.

3. Contra garantías de soberanos e doutras entidades do sector público.—Cando unha posición estea protexida por unha garantía persoal que, pola súa vez, estea contra garantida por unha administración central ou un banco central, unha administración rexional ou unha autoridade local ou unha entidade do sector público cuxos créditos se consideren créditos fronte á administración central en cuxo territorio se encontren establecidos conforme método estándar, un banco multilateral de desenvolvemento ao cal se lle aplique unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) conforme tamén o método estándar ou unha entidade do sector público cuxos créditos se consideren créditos fronte a entidades de crédito conforme o método estándar, a posición poderase considerar protexida por unha garantía proporcionada pola entidade en cuestión sempre e cando se cumplan os seguintes requisitos:

a) A contra garantía cubrirá todos os elementos de risco de crédito para o dito crédito.

b) Tanto a garantía orixinal como a contra garantía cumprirán todos os requisitos aplicables ás garantías de sinatura que se prevén nos números anteriores deste artigo, salvo a obriga de que a contra garantía sexa directa.

c) A Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará que a cobertura sexa sólida e que non existan probas históricas que indiquen que a cobertura da contra garantía sexa menos eficaz que unha garantía persoal directa da entidade en cuestión.

O tratamento previsto neste número aplicarase tamén a un risco contra garantido por entidades distintas das enumeradas, se a contra garantía do risco está, pola súa vez, garantida por unha das entidades enumeradas e se cumpren as condicións previstas neste número.

4. Requisitos adicionais aplicables ás garantías de sinatura (persoais).—Para o recoñecemento dunha garantía persoal cumpriranse, así mesmo, as seguintes condicións:

a) En caso de incumprimento ou non-pagamento da contraparte, a entidade acreedora terá dereito a emprender oportunamente accións contra o garante con respecto a pagamentos pendentes relativos ao crédito respecto do cal se proporciona a protección. O pagamento polo garante non estará supeditado a que a entidade emprenda previamente accións legais contra o debedor.

b) A garantía será unha obriga explicitamente documentada que asume o garante.

c) Cando determinados tipos de pagamentos estean excluídos da garantía, o valor recoñecido da garantía axustarase co fin de reflectir a cobertura limitada. No resto de

casos a garantía cubrirá todos os tipos de pagamentos que o debedor estea obrigado a efectuar en relación co crédito.

Artigo 86. *Garantías recíprocas.*

No caso das garantías proporcionadas no contexto de sistemas de garantía recíproca ou proporcionadas ou contra garantidas polas entidades previstas no número 3 do artigo 85 anterior, considerarase que se cumpren os requisitos da letra a do número 4 do artigo 85 anterior cando se cumpra calquera das condicións seguintes:

a) A entidade acreedora ten dereito a obter oportunamente un pagamento provisional do garante, calculado de modo que represente unha estimación sólida do importe da perda económica, incluídas as perdas resultantes do non-pagamento de xuros e outros tipos de pagamentos que o prestameiro estea obrigado a efectuar e que é probable que incorra a entidade acreedora en proporción á cobertura da garantía.

b) A entidade acreedora poderá demostrar que os efectos de protección da garantía fronte ás perdas, incluso ás resultantes do non-pagamento de xuros e outros tipos de pagamentos que o prestameiro estea obrigado a efectuar, xustifican o procedemento.

Artigo 87. *Requisitos específicos para os derivados de crédito.*

1. Para o recoñecemento dun derivado de crédito cumpriranse as seguintes condicións:

a) Sen prexuízo do disposto na letra b, os eventos de crédito especificados no derivado de crédito incluírán, como mínimo:

i. O non-pagamento dos importes vencidos en virtude da obriga subxacente que se encontren en vigor no momento do dito non-pagamento, cun período de graza en estreita consonancia co período de graza da obriga subxacente ou inferior a este.

ii. A quebra, insolvencia ou incapacidade do debedor de facer fronte ás súas débedas, ou o seu non-pagamento ou a aceptación por escrito da súa incapacidade xeneralizada para satisfacelas no momento do seu vencemento, así como eventos similares.

iii. A reestruturación da obriga subxacente que implique a condonación ou o aprazamento do pagamento do principal, os xuros ou as cotas e que dea lugar a unha perda por non-pagamento, é dicir, o axuste de valor ou outro débito similar na conta de perdas e ganancias.

b) Cando os eventos de crédito especificados no derivado de crédito non inclúan a reestruturación da obriga subxacente descrita no inciso iii) da letra a, a cobertura do risco de crédito poderase recoñecer sempre e cando se efectúe unha redución do valor recoñecido.

c) No caso dos derivados de crédito que permitan a liquidación en efectivo, existirá un sólido procedemento de valoración que permita calcular a perda de maneira que faga fe. Establecerase con exactitude o período durante o cal se poderán obter valoracións da obriga subxacente despois do evento de crédito.

d) Se o dereito e a capacidade do comprador de protección de transferir a obriga subxacente ao provedor de protección fosen necesarios para proceder á liquidación, as condicións da obriga subxacente preverán que calquera consentimento necesario para que se leve a efecto a dita transferencia non poida ser refusedo sen motivo.

e) A identidade das partes responsables de determinar se ocorreu ou non un evento de crédito quedará claramente establecida. Esta responsabilidade non recaerá só no provedor de protección. O comprador da protección terá o dereito e a capacidade de informar o provedor de protección sobre a aparición dun evento de crédito.

2. Unicamente se permitirán os desfases entre a obriga subxacente e a obriga de referencia consonte o derivado de crédito, é dicir, a obriga utilizada para determinar o valor do efectivo a liquidar ou o activo que se debe entregar, ou entre a obriga subxacente e a

obriga utilizada para os efectos de determinar se ocorreu un evento de crédito, cando se cumpran as condicións seguintes:

a) A obriga de referencia ou a obriga utilizada para os efectos de determinar se ocorreu un evento de crédito, segundo o caso, será de categoría similar ou inferior á da obriga subxacente.

b) A obriga subxacente e a obriga de referencia ou a obriga utilizada para os efectos de determinar se ocorreu un evento de crédito, segundo o caso, serán emitidas polo mesmo debedor, é dicir, pola mesma persoa xurídica, e existirán cláusulas de non-pagamento cruzado ou cláusulas de aceleración cruzada xuridicamente vinculantes.

D. Cálculo dos efectos da redución do risco de crédito.

Artigo 88. *Consideracións xerais.*

1. Cando se cumpra o disposto nas seccións anteriores deste capítulo, o cálculo das posicións ponderadas por risco consonte o método estándar e o cálculo das posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas consonte os métodos baseados en cualificacións internas poderanse modificar de conformidade co disposto neste punto.

2. O efectivo, os valores ou as materias primas comprados, recibidos ou prestados nunha operación con compromiso de recompra ou nunha operación de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores ou materias primas en préstamo consideraranse garantías reais.

Coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.

Artigo 89. *Bonos con vinculación crediticia e compensacións en balance.*

1. Investimentos en bonos con vinculación crediticia: os emitidos pola propia entidade acreedora poderanse considerar garantías reais en efectivo.

2. Compensacións en balance: os préstamos e depósitos na entidade acreedora suxeitos a un acordo de compensación de operacións de balance consideraranse garantías reais en efectivo.

Artigo 90. *Acordos marco de compensación relativos a operacións con compromiso de recompra, operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais.*

1. Cálculo do valor de posición plenamente axustado:

a) Emprego dos métodos de «supervisión» ou de «estimacións propias» para o axuste de volatilidade

1) No «valor de posición plenamente axustado» (E*) correspondente ás posicións suxeitas a un acordo marco de compensación admisible relativo a operacións con compromiso de recompra, operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais, os axustes de volatilidade que se deben aplicar calcularanse xa sexa empregando o método supervisor de axustes de volatilidade ou o método de estimacións propias de axuste de volatilidade descrito máis adiante en relación co método amplo para as garantías reais de natureza financeira. Para o emprego do método de estimacións propias aplicaranse as mesmas condicións e requisitos aplicables ao método amplo para as garantías reais de natureza financeira.

2) A posición neta en cada tipo de valor ou materia prima calcularase restando do valor total dos valores ou materias primas dese tipo prestados, vendidos ou recibidos conforme o acordo marco de compensación, o valor total de valores ou materias primas dese tipo prestados, comprados ou recibidos conforme o acordo.

Por tipo de valores entenderanse os valores emitidos pola mesma entidade, coa mesma data de emisión, o mesmo vencemento e suxeitos ás mesmas condicións e aos mesmos períodos de liquidación.

3) A posición neta en cada divisa diferente da divisa de liquidación do acordo marco de compensación calcularase restando do valor total dos valores denominados nesa divisa prestados, vendidos ou recibidos conforme o acordo marco de compensación, máis o importe en efectivo desa divisa prestado, comprado ou recibido conforme o acordo, o valor total dos valores denominados nesa divisa prestados, vendidos ou recibidos conforme o acordo máis o importe efectivo desa divisa prestado ou recibido conforme o acordo.

4) O axuste de volatilidade adecuado para un determinado tipo de posición de valor ou de efectivo aplicarase ao valor absoluto da posición neta, positiva ou negativa, nos valores dese tipo.

5) O axuste de volatilidade do risco de tipo de cambio (H_{fx}) aplicarase ao valor absoluto da posición positiva ou negativa neta en cada divisa con excepción da divisa de liquidación do acordo marco de compensación.

6) E^* calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$E^* = \max \{0, [(\sum(E) - \sum(C)) + \sum(|\text{posición neta en cada valor}| \times H_{sec}) + (\sum|E_{fx}| \times H_{fx})]\}$$

Cando as posicións ponderadas por risco se calculen consonte o método estándar, E será o valor de posición para cada posición por separado conforme o acordo que se aplicaríase en ausencia da cobertura do risco de crédito.

Cando as posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas se calculen consonte os métodos baseados en cualificacións internas (IRB), E será o valor de posición para cada posición por separado conforme o acordo que se aplicaríase en ausencia da cobertura do risco de crédito.

C será o valor dos valores ou materias primas prestadas, compradas ou recibidas ou o efectivo prestado ou recibido con respecto a cada unha das ditas posicións.

$\sum(E)$ será a suma de todos os E s conforme o acordo.

$\sum(C)$ será a suma de todos os C s conforme o acordo.

E_{fx} será a posición neta, positiva ou negativa, nunha determinada divisa, con excepción da divisa de liquidación do acordo calculada conforme o número 3.3. deste artigo.

H_{sec} será o axuste de volatilidade adecuado para un determinado tipo de valor.

H_{fx} será o axuste de volatilidade dos tipos de cambio.

E^* será o valor de exposición plenamente axustado.

b) Emprego do método de modelos internos

7) Como alternativa ao emprego do método supervisor de axuste da volatilidade ou do método de estimacións propias de axuste da volatilidade, á hora de calcular o valor de posición plenamente axustado (E^*), resultado da aplicación dun acordo marco de compensación admisible que recolla as operacións con compromiso de recompra, as operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo ou outras operacións vinculadas ao mercado de capitais, permitiráselles ás entidades utilizar un método de modelos internos que tome en consideración os efectos de correlación entre posicións de valores suxeitas ao acordo marco de compensación, así como á liquidez dos instrumentos de que se trata. Os modelos internos empregados neste método proporcionarán estimacións da variación potencial da posición non garantida ($\sum E - \sum C$). Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades poderán utilizar os seus modelos internos para as operacións de financiamento con reposición de marxe cando estas se encontren cubertas por un acordo marco de compensación bilateral que cumpra as condicións previstas nos puntos relativos ao risco de crédito e contraparte dos instrumentos derivados e operacións a prazo, tal como se establece no capítulo IV sobre o risco de crédito de contraparte.

8) Unha entidade poderá optar por empregar un método de modelos internos con independencia da elección que efectuase entre o método estándar ou os métodos baseados en cualificacións internas (IRB) para o cálculo das posicións ponderadas por risco. Non obstante, se unha entidade desexa empregar un método de modelos internos, deberao aplicar a todas as contrapartes e valores con excepción das carteiras de activos pouco

significativos, nas cales poderá utilizar o método supervisor de axuste da volatilidade ou o método de estimacións propias de axuste da volatilidade previsto nos números anteriores deste artigo.

9) Poderán empregar o método de modelos internos as entidades que obtivesen recoñecemento dun modelo interno de xestión do risco consonte o capítulo II sobre carteira de negociación.

10) A Comisión Nacional do Mercado de Valores só dará o seu recoñecemento se está convencida de que o sistema de xestión de riscos da entidade para a xestión de riscos derivados das operacións previstas no acordo marco de compensación é conceptualmente sólido e se aplica con rigor e, en particular, se cumpre as condicións cualitativas seguintes:

i. O modelo interno de cálculo de riscos empregado para o cálculo da volatilidade potencial de prezos para efectos das operacións estará solidamente integrado no proceso cotián de xestión de riscos da entidade e servirá de base para a notificación das posicións asumidas aos altos directivos da entidade.

ii. A entidade posuirá unha unidade de control de riscos que será independente das unidades de negociación e dependerá directamente da dirección. A unidade deberá ser responsable da concepción e aplicación do sistema de xestión do risco da entidade. Elaborará e analizará informes diarios sobre os resultados do modelo de medición de riscos, así como sobre as medidas apropiadas que se deban adoptar no que respecta aos límites ás posicións.

iii. Os informes diarios presentados pola unidade de control de riscos serán revisados por directivos con autoridade suficiente para impoñer unha redución das posicións asumidas e dos riscos globais.

iv. A entidade contará con suficiente persoal preparado para utilizar modelos complexos na unidade de control de riscos.

v. A entidade terá establecidos procedementos documentados, co fin de supervisar e garantir o cumprimento do conxunto de posicións, de políticas e controis internos relativos ao funcionamento global do sistema de medición do risco.

vi. Os modelos da entidade contarán cun historial demostrado de exactitude razoable na medición de riscos, comprobado mediante a validación dos seus resultados utilizando unha mostra de datos dun ano de duración.

vii. A entidade levará a cabo con frecuencia un rigoroso programa de simulacións de casos extremos e os resultados destas probas serán revisados pola alta dirección e quedarán reflectidos nas políticas que se establezan e nos límites que se fixen.

viii. A entidade deberá levar a cabo, no marco do seu procedemento periódico de auditoría interna, un exame independente do sistema de medición de riscos. Este exame deberá incluír tanto as actividades das unidades de negociación como as actividades da unidade independente de control do risco.

ix. Con periodicidade polo menos anual, a entidade deberá efectuar un exame do seu sistema de xestión do risco.

x. Os modelos internos axustaranse aos requisitos establecidos nos puntos relativos ao risco de crédito e contraparte dos instrumentos derivados e operacións a prazo, tal como se establece no capítulo V sobre risco de crédito de contraparte.

11) O cálculo da variación potencial do valor someterase aos seguintes criterios mínimos:

i. Cálculo, como mínimo, diario da variación potencial do valor.

ii. Intervalo de confianza asimétrico do 99 por 100.

iii. Un período de liquidación equivalente a 5 días, excepto no caso das operacións distintas das operacións con compromiso de recompra de valores ou as operacións de préstamo de valores ou de toma de valores en préstamo, para as cales se utilizará un período de liquidación equivalente a 10 días.

iv. Un período de observacións históricas de, polo menos, un ano, salvo en caso de que se xustifique un período de observacións máis curto debido a un aumento significativo da volatilidade dos prezos.

v. Actualización trimestral de datos.

12) O modelo interno de medición do risco englobará un número de factores de risco suficiente para prever todo risco significativo de prezos.

Permitirase ás entidades o uso de correlacións empíricas dentro das categorías de riscos e entre elas mesmas, sempre e cando obteñan garantías de que os sistemas da entidade para a medición das correlacións son adecuados e se aplican na súa totalidade.

13) O valor de posición plenamente axustado (E^*) para as entidades que utilicen o método de modelos internos calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$E^* = \max \{0, [(\sum E - \sum C) + (\text{VaR resultado dos modelos internos})]\}$$

Cando as posicións ponderadas por risco se calculen consonte o método estándar, E será o valor de posición para cada posición por separado conforme o acordo que se aplicaría en ausencia da cobertura do risco de crédito.

Cando as exposicións ponderadas por risco e as perdas esperadas se calculen de acordo con métodos baseados en cualificacións internas (IRB), E será o valor de posición para cada posición por separado conforme o acordo que se aplicaría en ausencia da cobertura do risco de crédito.

C será o valor dos valores ou materias primas prestadas, compradas ou recibidas ou o efectivo prestado ou recibido con respecto a cada unha das ditas posicións.

$\sum(E)$ será a suma de todos os E s conforme o acordo.

$\sum(C)$ será a suma de todos os C s conforme o acordo.

14) Ao calcular os importes das posicións ponderadas por risco empregando modelos internos, as entidades utilizarán os resultados do modelo correspondentes ao día hábil anterior.

2. Cálculo das posicións ponderadas por risco e perdas esperadas:

a) Método estándar.

O E^* , calculado consonte os números anteriores desta letra D, considerarase o valor de posición fronte á contraparte derivada das operacións suxeitas ao acordo marco de compensación para os efectos do establecemento de ponderacións.

b) Método IRB.

O E^* , calculado consonte os números anteriores desta letra D, considerarase o valor de posición fronte á contraparte derivada das operacións suxeitas ao acordo marco de compensación para efectos do establecemento de ponderacións no método IRB, regulado na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

Artigo 91. *Garantías reais de natureza financeira.*

A. Método simple para as garantías reais de natureza financeira

1. O método simple para as garantías reais de natureza financeira unicamente se poderá utilizar cando as posicións ponderadas por risco se calculen consonte o método estándar. As entidades non empregarán á vez o método simple e o método amplo para as garantías reais de natureza financeira.

Valoración.

2. Mediante este método asígnase ás garantías reais de natureza financeira recoñecidas un valor igual ao seu valor de mercado determinado consonte o artigo 79 deste capítulo.

Cálculo das posicións ponderadas por risco.

3. A ponderación de risco que se asignaría consonte o método estándar se o acreedor tivese unha posición directa no instrumento de garantía real aplicarase a aquelas partes

dos créditos que se encontren sustentadas polo valor de mercado dunha garantía real recoñecida. A ponderación de risco da parte garantida será dun mínimo do 20 por 100, excepto nas condicións recollidas nos números 4 a 6 seguintes. Atribuirase ao resto da posición a ponderación de risco que se asignaría a unha posición non garantida fronte á contraparte consonte o método estándar.

Operacións con compromiso de recompra e operacións de préstamo de valores ou de materias primas ou de toma de valores ou de materias primas en préstamo

4. Asignarase unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) á parte garantida da posición derivada de operacións que cumpran os criterios enumerados na letra b do artigo 94. Se a contraparte da operación non é un participante esencial no mercado, asignarase unha ponderación de risco do 10 por 100.

Operacións con instrumentos derivados non negociados en mercados regulados suxeitos a valoración diaria a prezos de mercado.

5. Asignarase unha valoración por risco nula (do 0 por 100), até o límite cuberto pola garantía, aos valores de posición determinados consonte o previsto no capítulo IV sobre risco de crédito de contraparte correspondentes aos instrumentos derivados enumerados na parte B do anexo I e suxeitos a valoración diaria a prezos de mercado que se garantan mediante efectivo ou instrumentos asimilados ao efectivo en que non existan desfases de divisas. Asignarase unha valoración por risco nula (do 0 por 100), até o límite cuberto pola garantía, aos valores de posición daquelas operacións que se garantan mediante valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais aos cales se asigne unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) consonte o método estándar.

Para efectos deste número considerarase que os valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais incluírán:

a) Os valores de débeda emitidos por administracións rexionais e autoridades locais, cando as posicións neles se poidan tratar como posicións fronte á administración central en cuxo territorio estean establecidos consonte o método estándar.

b) Os valores de débeda emitidos por bancos multilaterais de desenvolvemento aos que se asigne unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) consonte o método estándar ou en virtude deste.

c) Os valores de débeda emitidos por organizacións internacionais a que se asigne unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) consonte o método estándar.

Outras operacións

6. Poderase asignar unha ponderación nula (do 0 por 100) cando a posición e a garantía real estean denominados na mesma divisa e conorra algunha das dúas circunstancias seguintes:

a) A garantía é efectivo en depósito ou un instrumento asimilado ao efectivo.

b) A garantía consiste en valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais que poidan optar a unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) consonte o método estándar e cuxo valor de mercado fose descontado nun 20 por 100.

Para os efectos deste número considerarase que os valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais inclúen os indicados no número 5 anterior.

B. Método amplo para as garantías reais de natureza financeira.

7. Á hora de valorar as garantías reais de natureza financeira para os efectos do método amplo para as garantías reais de natureza financeira, aplicaranse «axustes de volatilidade» ao valor de mercado da garantía real, consonte os artigos 93 e 94 seguintes, co fin de atender á volatilidade de prezos.

8. Sen prexuízo do tratamento dos desfases de divisas, no caso das operacións con derivados non negociados en mercados regulados recollidas no número 9 seguinte, cando a garantía real estea denominada nunha divisa diferente daquela en que estea denominada a posición subxacente, engadirase ao axuste de volatilidade un axuste que reflecta a

volatilidade da divisa en consonancia coa garantía real conforme o disposto nos artigos 93 e 94 seguintes.

9. No caso das operacións con derivados non negociados en mercados regulados previstas en acordos de compensación, aplicarase un axuste de volatilidade que reflecta a volatilidade da divisa cando existan desfases entre a divisa da garantía real e a divisa de liquidación. Incluso en caso de que interveñan divisas múltiples nas operacións previstas no acordo de compensación, aplicarase un único axuste de volatilidade.

Artigo 92. *Cálculo dos valores axustados das garantías reais de natureza financeira.*

Con excepción das operacións suxeitas a acordos marcos de compensación ás cales sexa aplicable o disposto no artigo 91 anterior, o valor axustado á volatilidade da garantía real que se deberá tomar en consideración, para todas as operacións, calcularase do modo seguinte:

$$CVA = C \times (1 - HC - HFX)$$

O valor axustado á volatilidade da posición que se deberá tomar en consideración calcularase do modo seguinte:

$EVA = E \times (1 + HE)$, e, en caso de operacións con derivados non negociados en mercados regulados $EVA = E$.

O valor plenamente axustado da posición, tomando en consideración tanto a volatilidade como os efectos de redución do risco da garantía real, calcularase do modo seguinte:

$$E^* = \max \{0, [EVA - CVAM]\}$$

Sendo:

E: valor de posición tal e como se determinaríase conforme o método estándar ou os métodos baseados en cualificacións internas (IRB), segundo proceda, se a posición non estivese garantida. Para estes efectos, para as entidades que calculen a posición de risco conforme o método estándar, o valor de posición das partidas fóra do balance enumeradas na parte A do anexo I será do 100 por 100 do seu valor, en lugar das porcentaxes sinaladas no artigo 30 do capítulo III sobre risco de crédito e, para as entidades que calculen os importes das posicións ponderadas por risco conforme os métodos baseados en cualificacións internas, o valor de posición establecido na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

EVA: exposición axustada á volatilidade.

CVA: valor axustado á volatilidade da garantía real.

CVAM: CVA sometido a un novo axuste para calquera desfase de vencemento conforme o disposto na letra E.–deste capítulo.

HE: axuste de volatilidade adecuado para a posición (E) e calculado conforme os artigos 93 e 94 seguintes.

HC: axuste de volatilidade adecuado para a garantía real e calculado conforme os artigos 93 e 94 seguintes.

HFX: axuste de volatilidade adecuado para os desfases de divisas e calculado conforme os artigos 93 e 94 seguintes.

E*: valor plenamente axustado da posición, tomando en consideración a volatilidade e os efectos de redución do risco da garantía real.

Artigo 93. *Cálculo dos axustes de volatilidade que se deberán aplicar aos valores axustados das garantías reais.*

1. Os axustes de volatilidade poderanse calcular de dúas maneiras: segundo o método supervisor de axuste da volatilidade ou segundo o método de estimacións propias de axuste da volatilidade («Método de estimacións propias»).

2. As entidades poderán elixir o método supervisor de axuste da volatilidade ou o método de estimacións propias de axuste da volatilidade con independencia da elección que efectuasen entre os métodos estándar ou os baseados en cualificacións internas (IRB) para o cálculo das posicións ponderadas por risco. Non obstante, cando as entidades desexen empregar o método de estimacións propias, deberano aplicar a toda a gama de tipos de instrumentos, con excepción das carteiras de activos pouco significativos, nas cales poderán utilizar o método supervisor.

3. Cando a garantía real consista nunha serie de elementos recoñecidos, o axuste de volatilidade será:

$$H = \sum_i a_i H_i$$

Sendo a_i proporción dun elemento á garantía real no seu conxunto de exposicións e H_i o axuste de volatilidade aplicable ao dito elemento.

a) Axustes de volatilidade segundo o método supervisor

4. Baixo este método os axustes de volatilidade que se aplicarán, presupoñendo a valoración diaria, serán os recollidos nos cadros 1 a 4 seguintes:

Cadro 1

Grao de calidade crediticia ao cal se asocia a avaliación crediticia do valor de débeda	Vencemento residual	Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas na letra b do número 1 do artigo 72			Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas nas letras c e d do número 1 do artigo 72		
		Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días c(%)	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)
1	≤ 1 ano	0,707	0,5	0,354	1,414	1	0,707
	>1 ≤ 5 anos	2,828	2	1,414	5,657	4	2,828
	> 5 anos	5,657	4	2,828	11,314	8	5,657
2-3	≤ 1 ano	1,414	1	0,707	2,828	2	1,414
	>1 ≤ 5 anos	4,243	3	2,121	8,485	6	4,243
	> 5 anos	8,485	6	4,243	16,971	12	8,485
4	≤ 1 ano	21,213	15	10,607	N/D	N/D	N/D
	>1 ≤ 5 anos	21,213	15	10,607	N/D	N/D	N/D
	> 5 anos	21,213	15	10,607	N/D	N/D	N/D

Cadro 2

Grao de calidade crediticia ao cal se asocia a avaliación crediticia dun valor de débeda a curto prazo	Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas na letra b do número 1 do artigo 72 con avaliacións crediticias a curto prazo			Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas nas letras c e d do número 1 do artigo 72 con avaliacións crediticias a curto prazo		
	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)
1	0,707	0,5	0,354	1,414	1	0,707

Grao de calidade crediticia ao cal se asocia a avaliación crediticia dun valor de débeda a curto prazo	Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas na letra b do número 1 do artigo 72 con avaliacións crediticias a curto prazo			Axustes de volatilidade para os valores de débeda emitidos por entidades previstas nas letras c e d do número 1 do artigo 72 con avaliacións crediticias a curto prazo		
	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)
2-3	1,414	1	0,707	2,828	2	1,414

Cadro 3

Outros tipos de garantía real ou de posición

	Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)
Accións en índices bolsistas principais, bonos convertibles en índices bolsistas principais.	21,213	15	10,607
Outras accións ou bonos convertibles cotizados en mercados regulados.	35,355	25	17,678
Efectivo.	0	0	0
Ouro.	21,213	15	10,607

Cadro 4

Axuste de volatilidade para os desfases de divisas

Período de liquidación de 20 días (%)	Período de liquidación de 10 días (%)	Período de liquidación de 5 días (%)
11,314	8	5,657

5. No caso das operacións de préstamo garantido, o período de liquidación será de 20 días hábiles. No caso das operacións con compromiso de recompra, salvo na medida en que inclúan a transferencia de materias primas ou dereitos garantidos relativos á titularidade das materias primas, e das operacións de préstamo de valores ou toma de valores en préstamo, o período de liquidación será de 5 días hábiles. No caso das demais operacións impulsadas polo mercado, o período de liquidación será de 10 días hábiles.

6. Nos cadros 1 a 4 e nos números 7 a 9 deste artigo, a calidade crediticia a que se asociará a avaliación crediticia do valor de débeda será o grao de calidade crediticia previsto consonte o método estándar. Para efectos deste número, será así mesmo aplicable o disposto no número 6 do artigo 72.

7. No caso dos valores ou materias primas non admisibles, prestados ou vendidos con base en operacións con compromiso de recompra ou operacións de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores ou materias primas en préstamo, o axuste de volatilidade será igual ao correspondente ás accións non incluídas nun índice bolsista principal pero negociadas en mercados regulados.

8. No caso das accións ou participacións admisibles en institucións de investimento colectivo, o axuste de volatilidade será a media ponderada de axustes de volatilidade aplicable, tendo en conta o período de liquidación da operación especificado no número 5 anterior, aos activos en que investiu o fondo. Se a entidade non coñece os activos nos que investiu o fondo, o axuste de volatilidade será o axuste máis alto aplicable a calquera dos activos nos cales o fondo poida investir.

9. No caso de valores de débeda sen cualificación emitidos por institucións e que cumpran os criterios de admisión recollidos no número 4 do artigo 72, os axustes de volatilidade serán iguais aos correspondentes aos valores emitidos por institucións ou empresas cunha cualificación externa de crédito asociada aos graos de calidade crediticia 2 ou 3.

b. Axustes de volatilidade segundo o método de estimacións propias

10. As entidades que cumpran os requisitos previstos nos números 15 a 24 deste artigo poderán utilizar as súas estimacións propias da volatilidade á hora de calcular os axustes de volatilidade que se aplicarán á garantía real e as posicións.

11. Cando os valores de débeda teñan unha cualificación crediticia dunha ECAI recoñecida equivalente ao grao de investimento ou mellor, as entidades poderán calcular unha estimación de volatilidade para cada categoría de valor.

12. Á hora de determinar as categorías, as entidades tomarán en consideración o tipo de emisor do valor, a cualificación externa de crédito dos valores, o seu vencemento residual e a súa duración modificada. As estimacións da volatilidade deberán ser representativas dos valores incluídos pola entidade na categoría.

13. No caso de valores de débeda que teñan unha avaliación crediticia dunha ECAI recoñecida equivalente a un grao inferior ao de investimento e no doutras garantías reais admisibles, os axustes de volatilidade deberanse calcular para cada elemento.

14. As entidades que empreguen o método de estimacións propias deberán estimar a volatilidade da garantía real ou os desfases de divisas sen ter en conta calquera correlación entre a posición non garantida, a garantía real ou os tipos de cambio.

Criterios cuantitativos:

15. Ao calcular os axustes de volatilidade empregárase un intervalo de confianza asimétrico do 99 por 100.

16. O período de liquidación será de 20 días hábiles no caso das operacións de préstamo garantido, 5 días hábiles no caso das operacións con compromiso de recompra, salvo na medida en que as ditas operacións inclúan a transferencia de materias primas ou dereitos garantidos relativos á titularidade das materias primas, e 10 días hábiles no caso doutras operacións vinculadas ao mercado de capitais.

17. As entidades poderán utilizar cifras de axuste de volatilidade calculadas en función de períodos de liquidación máis ou menos curtos, incrementados ou reducidos até o período de liquidación previsto no número 16 anterior para o tipo de operación en cuestión, utilizando para iso a seguinte fórmula da raíz cadrada do tempo:

$$H_M = H_N \sqrt{T_M / T_N}$$

Sendo T_M o período de liquidación correspondente.

H_M o axuste de volatilidade dentro do período de liquidación correspondente.

H_N o axuste de volatilidade baseado no período de liquidación T_N .

18. As entidades terán en conta a ilíquidez dos activos de menor calidade. O período de liquidación axustárase á alza nos casos en que existan dúbidas sobre a liquidez da garantía real. Tamén detectarán se os datos históricos poderían infravalorar a volatilidade potencial, por exemplo cando se trate dunha moeda con tipo de cambio fixo. Este tipo de casos someteranse a «probas de tensión».

19. O período histórico de observación (período de mostra) utilizado no cálculo dos axustes de volatilidade deberá ser, como mínimo, dun ano. No caso das entidades que utilicen un sistema de ponderacións ou outros métodos para definir o período histórico de observación, o período «efectivo» será como mínimo dun ano, é dicir, a media ponderada dos desfases temporais entre as observacións individuais non será inferior a 6 meses. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir que a entidade calcule

os seus axustes de volatilidade utilizando un período de observación máis curto, cando estime que se xustifica debido a un aumento significativo da volatilidade dos prezos.

20. As entidades actualizarán as súas mostras de datos cunha frecuencia non inferior a tres meses e someteranas a un exercicio de reavaliación cando os prezos de mercado experimenten cambios significativos. Isto implica que os axustes de volatilidade se calcularán, polo menos, cada tres meses.

Criterios cualitativos:

21. As estimacións de volatilidade empregaranse no proceso de xestión cotiá de riscos da entidade, inclusive en relación cos seus límites internos de risco.

22. Cando o período de liquidación empregado pola entidade no seu proceso cotián de xestión do risco sexa superior ao previsto neste artigo para o tipo de operación de que se trata, os axustes de volatilidade da entidade incrementaranse consonte a fórmula da raíz cadrada do tempo prevista no número 17 deste artigo.

23. A entidade terá establecidos procedementos documentados, co fin de supervisar e garantir o cumprimento do conxunto de posicións, de políticas e controis relativos ao funcionamento do seu sistema de estimación dos axustes de volatilidade e integración das ditas estimacións no seu procedemento de xestión do risco.

24. De forma periódica realizarase un exame independente do sistema da entidade para a estimación dos axustes de volatilidade dentro do procedemento de auditoría interna da entidade. Polo menos unha vez ao ano efectuarase un exame do sistema global de estimación dos axustes de volatilidade e integración dos ditos axustes no procedemento de xestión do risco da entidade, exame que abordará, como mínimo:

- a A integración dos axustes de volatilidade estimados na xestión cotiá de riscos.
- b A validación de calquera modificación significativa no procedemento de estimación dos axustes de volatilidade.
- c A comprobación da consistencia, puntualidade e fiabilidade das fontes de datos utilizadas no funcionamento do sistema de estimación de axustes de volatilidade, así como a súa independencia.
- d A exactitude e idoneidade dos supostos de volatilidade.

Artigo 94. *Variacións nos axustes de volatilidade que se deberán aplicar aos valores axustados das garantías reais.*

a. Incremento dos axustes de volatilidade:

Os axustes de volatilidade previstos no método supervisor, números 4 a 9 do artigo 93 anterior, serán os axustes de volatilidade que se aplicarán en caso de valoración diaria. Do mesmo modo, cando unha entidade empregue as súas estimacións propias dos axustes de volatilidade de conformidade cos números 10 a 24 do artigo 93 anterior, estes deberanse calcular, en principio, a partir da valoración diaria. En caso de que a frecuencia de valoración sexa inferior á diaria, aplicaranse axustes de volatilidade superiores. Estes axustes calcularanse incrementando os axustes de volatilidade da valoración diaria mediante a seguinte fórmula da «raíz cadrada do tempo»:

$$H = H_M \sqrt{\frac{N_R + (T_M - 1)}{T_M}}$$

Sendo:

H: o axuste de volatilidade que se debe aplicar.

HM: o axuste de volatilidade en caso de reavaliación diaria.

NR: o número real de días hábiles entre as reavaliacións.

TM: o período de liquidación para o tipo de operación de que se trata.

b. Condicións para a aplicación dun axuste de volatilidade do 0 por 100:

En relación coas operacións con compromiso de recompra e as operacións de préstamo de valores ou toma de valores en préstamo, cando unha entidade empregue o método supervisor ou o método de estimacións propias para os axustes de volatilidade, e sempre e cando se cumpran os requisitos indicados nas letras a á h seguintes, en lugar de aplicar os axustes de volatilidade calculados consonte o artigo 93 anterior ou a letra a deste artigo, poderán aplicar un axuste de volatilidade do 0 por 100. Esta opción non se poderá elixir no caso das entidades que empreguen o método de modelos internos considerado nos números 7 a 14 do artigo 89:

a) Tanto a posición como a garantía real serán efectivo ou valores de débeda emitidos por administracións centrais ou bancos centrais consonte a letra b do número 1 do artigo 72 que poidan optar a unha ponderación de risco nula (do 0 por 100) consonte o método estándar.

b) A posición e a garantía real estarán denominados na mesma moeda.

c) O vencemento da operación non será superior a un día, ou ben a exposición e a garantía real estarán suxeitos a unha valoración diaria a prezos de mercado ou a reposición diaria de marxes.

d) Considérase que o prazo entre a última valoración a prezo de mercado previa ao incumprimento da reposición de marxes e a liquidación da garantía real non será superior a catro días hábiles.

e) A operación liquídase a través dun sistema de liquidación previamente comprobado para este tipo de operacións.

f) A documentación do acordo é a que se acostuma utilizar nas operacións con compromiso de recompra ou préstamo de valores ou toma de valores en préstamo para os valores en cuestión.

g) A documentación que rexe a operación dispón que, se unha das partes incumpre a obriga de entregar efectivo ou valores, repoñer a marxe ou calquera outra obriga, a operación poderase anular inmediatamente.

h) A contraparte é un «participante esencial do mercado». Consideraranse participantes esenciais do mercado as seguintes entidades:

As entidades previstas na letra b do número 1 do artigo 72 sobre as cales as posicións reciban unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) conforme o método estándar.

As institucións.

Outras entidades financeiras, incluídas as empresas de seguros, cuxas posicións reciban unha ponderación de risco do 20 por 100 conforme o método estándar ou que, no caso das entidades que calculen as posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas conforme os métodos baseados en cualificacións internas (IRB), non dispoñan de avaliación crediticia emitida por unha ECAI recoñecida e que, segundo unha cualificación interna, posúan unha probabilidade de non-pagamento equivalente á asociada ás avaliacións crediticias efectuadas por ECAI que se deban asociar como mínimo ao grao 2 de calidade crediticia, conforme as normas para a ponderación de risco das posicións fronte a empresas consonte o método estándar.

Institucións de investimento colectivo reguladas e suxeitas a exixencias de recursos propios ou de aparcamento.

Fondos de pensións regulados.

Organismos de compensación recoñecidos.

Artigo 95. Cálculo das posicións ponderadas por risco e as perdas esperadas que se deberán aplicar ás garantías reais.

Método estándar.

E*, calculado conforme o artigo 92 anterior, considerarase o valor de posición para os efectos do cálculo das posicións ponderadas por risco. No caso das partidas fóra de balance enumeradas na parte A do anexo I, E* considerarase o valor a que se aplicarán as porcentaxes indicadas no artigo 30 para chegar ao valor de posición.

Método IRB.

Aplicaranse as normas e criterios establecidos na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

Coberturas do risco de crédito mediante garantías persoais.

Artigo 96. *Valoración.*

1. O valor das coberturas do risco de crédito con garantías persoais (G) será o importe que o provedor da cobertura se compromete a aboar en caso de non-pagamento do prestameiro ou en caso de se produciren outros eventos especificados. No caso dos derivados de crédito que non inclúan como evento de crédito unha reestruturación da obriga que implique a condonación ou o aprazamento do principal, os xuros ou as cotas e que dea lugar a unha perda por non-pagamento:

a. Cando o importe que o provedor da cobertura se compromete a pagar non sexa superior ao valor de posición, o valor da cobertura do risco de crédito calculada consonte a primeira frase deste número 1 reducirase nun 40 por 100.

b. Cando o importe que o provedor da cobertura se compromete a pagar sexa superior ao valor de posición, o valor da cobertura do risco de crédito non será superior ao 60 por 100 do valor de posición.

2. Cando as coberturas do risco de crédito con garantías persoais estean denominadas nunha divisa diferente daquela en que estea denominada a posición, desfase de divisas, o valor da cobertura do risco de crédito reducirase mediante a aplicación dun axuste de volatilidade HFX do seguinte modo:

$$G^* = G \times (1 - HFX)$$

Sendo:

G: importe nominal da cobertura do risco de crédito.

G*: G axustado para calquera risco de tipos de cambio.

Hfx: axuste de volatilidade para calquera desfase de divisas entre a obriga subxacente e a cobertura do risco de crédito.

Cando non exista desfases de divisas:

$$G^* = G$$

3. Os axustes de volatilidade que se deberán aplicar a calquera desfase de divisas poderanse calcular consonte o método supervisor de axustes de volatilidade ou o método de estimacións propias recollidos no artigo 93 anterior.

Artigo 97. *Cálculo das posicións ponderadas por risco e das perdas esperadas.*

1. Protección parcial-tramos.

Cando a entidade transfira parte do risco dun préstamo nun ou máis tramos, aplicaranse as normas previstas no capítulo VI sobre titulización. Os limiares de importancia relativos aos pagamentos por debaixo dos cales non se efectuarán pagamentos en caso de perda consideraranse equivalentes ás posicións conservadas de primeira perda e darán lugar á transferencia do risco por tramos.

2. B. Método estándar.

a. Protección plena.

Para os actos da asignación de ponderacións prevista no número 1 do artigo 32, «g» será a ponderación de risco con garantías persoais que se asignará a unha posición

plenamente protexida mediante coberturas do risco de crédito con garantías persoais (GA), sendo:

g: a ponderación de risco das posicións fronte ao provedor de cobertura especificado no método estándar.

GA: o valor de G^* calculado conforme o número 2 do artigo 96 e posteriormente axustado para calquera desfase de vencemento conforme a letra E deste capítulo.

b. Protección parcial-igual preferencia.

Cando o importe protexido sexa inferior ao valor de posición e tanto a parte protexida como a non protexida sexan de igual preferencia –isto é, cando a entidade e o provedor de protección compartan as perdas a pro rata–, concederanse reducións de exixencias de recursos propios de maneira proporcional. Para os efectos do artigo 32, as posicións ponderadas por risco calcularanse conforme a seguinte fórmula:

$$(E-GA) \times r + GA \times g$$

Sendo:

E: valor de posición.

GA: o valor de G^* calculado conforme o número 2 do artigo 96 e posteriormente axustado para calquera desfase de vencemento conforme a letra E.–deste capítulo.

r: a ponderación de risco das posicións fronte ao debedor conforme o especificado no método estándar.

g: a ponderación de risco das posicións fronte ao provedor de cobertura especificado no método estándar.

c. Garantías soberanas

Poderase utilizar o tratamento previsto nos números 4 e 5 do artigo 35 ás posicións ou partes de posicións garantidas pola Administración central ou o banco central cando a garantía se denomine na divisa do prestameiro e a exposición estea financiada nesa mesma divisa.

3. Método IRB.

As entidades que utilicen os métodos baseados en cualificacións internas (IRB) aplicarán as normas previstas na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

E. Desfases de vencementos.

Artigo 98. *Consideracións xerais.*

Para os efectos do cálculo das posicións ponderadas por risco, considerarase que se produce un desfase de vencemento cando o vencemento residual da cobertura do risco de crédito é inferior ao da posición protexida. As proteccións cun vencemento residual inferior a tres meses e cuxo vencemento sexa inferior ao vencemento da posición subxacente non serán recoñecidas.

Existindo desfase de vencementos, a cobertura do risco de crédito non se recoñecerá cando o vencemento orixinal sexa inferior a un ano.

Para os efectos dos desfases de vencemento, as entidades que utilicen os métodos baseados en cualificacións internas (IRB) axustaranse ao disposto na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

Artigo 99. *Determinación do vencemento.*

Cun máximo de 5 anos, o vencemento efectivo da posición subxacente será o maior prazo restante posible antes de que o debedor deba cumprir a súa obriga. Sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte, o vencemento da cobertura do risco de crédito será o

prazo restante até a primeira data posible na cal poida finalizar o período de vixencia da protección ou darse fin a esta.

Cando exista a opción de dar fin á protección suxeita a discreción do seu vendedor, considerarase que o vencemento é o prazo restante até a primeira data posible na cal se poida exercer a dita opción. Cando exista a opción de dar fin á protección suxeita á discreción do seu comprador e as condicións do acordo de creación da protección conteñan un incentivo positivo para que a entidade exixa a realización da operación antes do vencemento recollido no contrato, considerarase que o vencemento efectivo é o prazo restante até a primeira data posible en que se poida exercer a dita opción. En caso contrario, considerarase que a opción non afecta o vencemento da protección.

Cando non se poida evitar que o período de vixencia do derivado de crédito finalice antes de que expirase calquera período de graza necesario para poder determinar que efectivamente se produciu o non-pagamento da obriga subxacente, restarase do vencemento da protección o período de graza.

Artigo 100. *Valoración da cobertura.*

1. Método simple para as garantías reais de natureza financeira - Operacións suxeitas a coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.

Non se recoñecerá a garantía real cando exista un desfase entre o vencemento da posición e o vencemento da cobertura.

2. Método amplo para as garantías reais de natureza financeira - Operacións suxeitas a coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.

O vencemento da cobertura do risco de crédito e da posición deberán quedar reflectidos no valor axustado da garantía real de acordo coa seguinte fórmula:

$$CVAM = CVA \times (t-t^*) / (T-t^*)$$

Sendo:

CVA: valor inferior entre o valor axustado á volatilidade da garantía real especificado no artigo 92 e o valor da posición.

t: valor inferior entre o número de anos restante até o vencemento da cobertura do risco de crédito calculado consonte o artigo 99 e o valor de T.

T: valor inferior entre o número de anos restante até o vencemento da posición calculado consonte o artigo 99 ou 5 anos.

t*: 0,25.

O valor CVAM considerarase igual ao valor CVA, posteriormente axustado ao desfase de vencementos, que se inclúe na fórmula para o cálculo do valor plenamente axustado da exposición (E*) prevista no artigo 93.

3. Operacións suxeitas a dereitos de xiro.

O vencemento da cobertura do risco de crédito e da posición deben quedar reflectidos no valor axustado da cobertura do risco de crédito de acordo coa seguinte fórmula:

$$GA = G^* \times (t-t^*) / (T-t^*)$$

Sendo:

G*: importe da protección axustado a calquera desfase de divisas.

GA: G* axustado a calquera desfase de vencementos.

t: valor inferior entre o número de anos restante até o vencemento da cobertura do risco de crédito calculado consonte o artigo 99 e o valor de T.

T: valor inferior entre o número de anos restante até o vencemento da exposición calculado consonte o artigo 99 ou 5 anos.

t*: 0,25.

Considerarase GA igual ao valor da protección para os efectos do artigo 96.

F. Combinacións de reducións do risco de crédito no método estándar.

Artigo 101. *Criterios xerais.*

En caso de que unha entidade, que calcule as posicións ponderadas por risco consonte o método estándar, dispoña de máis dunha forma de redución do risco de crédito para cubrir unha única posición, por exemplo, cando unha entidade posúa á vez garantías reais e unha garantía que cubra parcialmente a mesma posición, exixiráselle á entidade que subdivida a posición en partes cubertas por cada tipo de instrumento de redución do risco de crédito, por exemplo, unha parte cuberta por garantías reais e outra mediante unha garantía, e a posición ponderada por risco correspondente a cada parte deberase calcular por separado de conformidade co disposto no método estándar e neste capítulo sobre técnicas de redución do risco de crédito.

Cando a cobertura do risco de crédito proporcionada por un único provedor teña prazos de vencemento distintos, aplicarase un método similar ao descrito no parágrafo precedente.

G. Técnicas de redución do risco de crédito en cestas.

Artigo 102. *Criterios xerais.*

1. Derivados de crédito de primeiro non-pagamento (first-to-default).

Cando unha entidade obteña cobertura do risco de crédito para unha serie de posicións coa condición de que o primeiro non-pagamento de entre estas dará lugar ao pagamento e de que este evento de crédito extinguirá o contrato, a entidade poderá modificar o cálculo da posición ponderada por risco e, de ser o caso, da perda esperada da posición que, en ausencia da cobertura do risco de crédito, produza a menor posición ponderada por risco conforme o método estándar ou os métodos baseados en cualificacións internas (IRB), segundo proceda, de conformidade con este capítulo, pero unicamente se o valor da posición é inferior ou igual ao valor da cobertura do risco de crédito.

2. Derivados de crédito de enésimo non-pagamento (nth-to-default)

En caso de que o enésimo non-pagamento de entre as posicións dea lugar ao pagamento conforme a cobertura do risco de crédito, a entidade que adquira a cobertura unicamente a poderá recoñecer para o cálculo das posicións ponderadas por risco e, de ser o caso, as perdas esperadas se tamén se obtivo cobertura para os non-pagamentos 1 ao n-1 ou cando xa se producisen n-1 non-pagamentos. En tales casos, a metodoloxía basearase na exposta no parágrafo anterior para os derivados de crédito do primeiro non pagamento, convenientemente modificada para os produtos do enésimo non-pagamento.

CAPÍTULO VI

Exixencias de recursos propios por risco de crédito de titulización

A.–Consideracións xerais.

Artigo 103. *Ámbito de aplicación.*

1. Nos casos de titulización, o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito realizarase de acordo co disposto neste capítulo.

En concreto, as disposicións previstas neste capítulo serán de aplicación ás seguintes posicións:

a) Posicións mantidas como orixinador en titulizacións de posicións que non pertencen á carteira de negociación no momento da titulización, sempre que se producise unha transferencia efectiva e significativa do risco nos termos previstos nos artigos 104 e 105.

b) Posicións mantidas por entidades non orixinadoras en titulizacións que non formen parte da carteira de negociación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, considerarase que os provedores de coberturas do risco de crédito respecto de posicións dunha titulización concreta manteñen posicións nesa titulización. Así mesmo, entenderanse incluídas nas posicións de titulización as posicións fronte a titulización resultantes de contratos de derivados sobre tipos de xuro ou divisas celebrados co vehículo de finalidade especial de titulización.

3. Para os efectos da titulización regulada neste capítulo entenderase por:

– Titulización: operación ou mecanismo financeiro en virtude dos cales o risco de crédito asociado a unha posición ou conxunto de posicións se divide en tramos e presenta as seguintes características:

a) Os pagamentos da operación ou do mecanismo dependen do rendemento da posición ou conxunto de posicións titulizadas.

b) A subordinación dos tramos determina a distribución das perdas durante o período de validez da operación ou do mecanismo.

A avaliación destas características para os efectos de determinar a existencia ou non dunha operación de titulización e, en consecuencia, da aplicación ou non das normas establecidas neste capítulo, realizarase atendendo tanto á forma legal como ao fondo económico da operación.

Nos casos en que unha determinada posición poida ser cualificada indistintamente ben como unha posición de titulización, ben como unha posición de financiamento especializado ou como calquera outra categoría de posición das previstas no capítulo IV sobre risco de crédito, a entidade comunicará e xustificará ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores a decisión adoptada respecto do tratamento que se aplicará á dita posición.

– Entidade orixinadora, aquela entidade que:

a) Por si mesma ou a través de entidades controladas por ela ou que actúan en concerto con ela, participou directa ou indirectamente no acordo inicial de creación das obrigas ou obrigas potenciais do acreedor ou acreedor potencial e que deu lugar á titulización da posición.

b) Adquire as posicións dun terceiro, as inclúe no seu balance e, a continuación, as tituliza.

4. Para o non previsto neste capítulo, relativo ao tratamento do risco de crédito en titulizacións, observarase o disposto na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

Artigo 104. *Transferencia significativa do risco.*

1. Presumirase que unha parte significativa do risco de crédito foi transferida a terceiros se se cumpre calquera das condicións a ou b seguintes e non se prestou apoio implícito á titulización, entendido o dito apoio implícito nos termos previstos no artigo 107 (apoi implícito):

a) Que a parte transferida pola entidade orixinadora en todas e cada unha das posicións dos tramos de primeiras perdas, así como para o conxunto delas, ou para as que se obtivese protección admisible de acordo co capítulo V sobre técnicas de redución do risco de crédito, sexa superior ao 20 por 100, entendendo como posicións en tramos de primeiras perdas aquelas posicións de titulización que, de acordo co disposto nos artigos 109 e 110 (métodos estándar e IRB) reciben unha ponderación de risco do 1.250 por 100.

Para os efectos do cumprimento da porcentaxe global, tamén se entenderán incluídos nas primeiras perdas retidas pola entidade orixinadora os seguintes elementos:

(i) Custos reais actualizados de xestión dos activos titulizados asumidos pola entidade que, de ser o caso, tivesen que ser cubertos con recursos propios ou deducidos destes.

(ii) Custos non recoñecidos aínda nos resultados da entidade derivados da compra de protección crediticia que, de ser o caso, tivesen que ser cubertos con recursos propios ou deducidos destes, ou ben que provocasen un desfase de vencementos entre os activos cubertos e a cobertura do risco de crédito en titulizacións sintéticas.

(iii) Calquera outro apoio explícito que, de ser o caso, tivese que ser cuberto con recursos propios ou deducido destes.

b) Que a participación da entidade orixinadora no conxunto dos tramos intermedios, comprendidos entre o primeiro tramo con ponderación distinta do 1.250 por 100 e os tramos cualificados con «A», ambos inclusive, sexa inferior ou igual ao 50 por 100. Todo iso en termos de requirimentos de recursos propios. Tamén se entenderá cumprido este requisito cando se obtivese protección equivalente á mencionada para os tramos intermedios mediante algunha das técnicas de redución do risco de crédito previstas no capítulo V.

As condicións recollidas nas letras a e b anteriores deberán ser contrastadas pola entidade para xustificar a efectividade da transmisión e os seus resultados deberán manterse á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa comprobación cando esta o considere.

2. Nos casos en que, malia non se cumprir ningunha das condicións previstas no punto anterior, a entidade considere que a transferencia do risco é significativa, deberá comunicar e xustificar a dita circunstancia ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores con carácter previo á aplicación das normas contidas neste capítulo.

3. Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, entenderase que a transferencia do risco non é significativa cando nunha titulización sintética exista unha opción de extinción que non cumpra as condicións establecidas na letra f) do número 1 do artigo 105 sobre transferencia efectiva.

4. Para os efectos da titulización regulada neste capítulo entenderase por:

– Apoio implícito á titulización: calquera apoio que a entidade orixinadora ou patrocinadora dunha titulización preste á marxe das súas obrigas contractuais co fin de reducir as perdas potenciais ou reais dos investidores, véxase artigo 107.

– Titulización sintética: titulización en que a división do risco de crédito en tramos se leva a cabo mediante derivados de crédito ou garantías e en que o conxunto de posicións non se elimina do balance da entidade orixinadora.

– Opción de extinción: opción contractual en virtude da cal se faculta a entidade orixinadora para recomprar ou extinguir as posicións de titulización antes de que se reembolsasen todas as posicións subxacentes, cando o importe vivo das posicións titulizadas se sitúen por debaixo dun nivel determinado.

Artigo 105. *Transferencia efectiva do risco.*

1. Para os efectos do disposto na letra a do número 1 do artigo 104, entenderase que a transferencia do risco nunha titulización tradicional é efectiva se se cumpren as seguintes condicións:

a) Que a documentación da titulización reflecta a esencia económica da transacción.

b) Que as posicións titulizadas queden fóra do alcance da entidade orixinadora e dos seus acredores, incluso nos casos de concurso ou intervención xudicial. As entidades deberán dispoñer, para estes efectos, de polo menos un ditame xurídico, debidamente fundamentado e emitido por un asesor xurídico cualificado, que así o confirme. O ditame xurídico non será preceptivo para as posicións incluídas en fondos constituídos de acordo coa lexislación española de fondos de titulización hipotecaria ou fondos de titulización de activos.

c) Que os valores emitidos polo vehículo de finalidade especial de titulización non representen obrigas de pagamento da entidade orixinadora.

d) Que o cesionario sexa un vehículo de finalidade especial de titulización.

e) Que a entidade orixinadora non manteña un control efectivo ou indirecto sobre as posicións transferidas. Entenderase, para estes efectos, que a entidade orixinadora mantén o control efectivo das posicións transferidas se ten dereito a recomprar do cesionario as ditas posicións co fin de obter os seus beneficios ou se está obrigado a asumir de novo o risco transferido. O mantemento dos dereitos ou obrigas de administración das posicións titulizadas por parte da entidade orixinadora non constituirá por si mesmo un suposto de control indirecto das posicións.

f) Que, nos casos en que exista unha opción de extinción, se cumpran as seguintes condicións:

i) Que a opción de extinción poida ser exercida discrecionalmente pola entidade orixinadora ou, de ser o caso, pola sociedade xestora, en nome e por conta do fondo, como opción de venda a favor da entidade orixinadora.

ii) Que a opción de extinción só poida ser exercida cando quede por amortizar o 10 por 100 ou menos do valor orixinal das posicións titulizadas.

iii) Que a opción de extinción non se encontre estruturada de forma que evite a asignación de perdas a melloras crediticias ou outras posicións que teñan os investidores, ou de calquera outra forma que mellore a calidade crediticia da estrutura.

g) Que a documentación da titulización non conteña ningunha das cláusulas seguintes:

i) Cláusulas que, como resposta a unha deterioración da calidade crediticia das posicións titulizadas, exixan que as posicións na titulización sexan melloradas pola entidade orixinadora, incluída, a título de exemplo, a alteración dos riscos de crédito subxacentes ou o aumento do rendemento pagadoiro aos investidores. Exceptúanse desta previsión as cláusulas de amortización anticipada, que si serán admisibles nos termos previstos neste capítulo.

ii) Cláusulas que aumenten o rendemento pagadoiro aos tedores de posicións na titulización en resposta a unha deterioración da calidade crediticia do conxunto das posicións subxacentes.

2. No caso das titulizacións sintéticas, entenderase que a transferencia do risco é efectiva para os efectos do disposto na letra a do número 1 do artigo 104, se se cumpren as seguintes condicións:

a) Que a documentación da titulización reflicta a esencia económica da transacción.

b) Que a protección crediticia pola que se transfira o risco de crédito cumpra os requisitos previstos no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, para a súa admisibilidade. Os vehículos de finalidade especial de titulización non terán, para estes efectos, a consideración de provedores de garantía admisibles.

c) Que os instrumentos utilizados para transferir o risco de crédito non conteñan ningunha das condicións seguintes:

i) Condicións que impoñan limiares de materialidade relativamente alta por debaixo dos cales se prevega a falta de cobertura da protección crediticia se se produce un evento de crédito.

ii) Condicións que permitan a extinción da protección debido á deterioración da calidade crediticia das posicións subxacentes.

iii) Condicións que exixan a mellora das posicións na titulización pola entidade orixinadora. Exceptúanse desta previsión as cláusulas de amortización anticipada, que si serán admisibles nos termos previstos neste capítulo.

iv) Condicións que, como resposta a unha deterioración na calidade crediticia do conxunto de posicións subxacentes, aumenten o custo da protección crediticia para as entidades ou o rendemento pagadoiro aos tedores de posicións na titulización.

d) Que o ditame dun asesor xurídico cualificado confirme a validez e eficacia da protección crediticia en todas as xurisdicións pertinentes.

3. Para os efectos da titulización regulada neste capítulo entenderase por:

– Mellora crediticia: acordo contractual en virtude do cal a calidade crediticia dunha posición de titulización aumenta con respecto á que existiría en caso de non se efectuar a mellora, incluídas aquelas melloras efectuadas mediante tramos de titulización subordinados ou outros tipos de protección crediticia.

– Vehículo de finalidade especial de titulización (SSPE): entidade con ou sen personalidade xurídica distinta da empresa de servizos de investimento, constituída co obxecto exclusivo de realizar unha ou varias titulizacións, cuxas obrigas se encontran separadas das obrigas da empresa de servizos de investimento orixinadora ou patrocinadora e cuxos titulares de participacións se encontran facultados para peñorar ou intercambiar as súas participacións sen restrición ningunha. En España, este vehículo adoptará a forma legal de Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de titulización de activos, tal e como se establece na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime das sociedades e fondos de investimento inmobiliario e regulación dos fondos de titulización hipotecaria e no Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización.

– Cláusula de amortización anticipada: cláusula contractual en virtude da cal se permite que, en caso de se produciren determinados acontecementos, as posicións dos investidores nunha titulización sexan reembolsadas antes do vencemento inicialmente fixado para os valores emitidos.

Artigo 106. *Efectos da aplicación das normas de titulización.*

1. As entidades patrocinadoras e investidoras (non orixinadoras) deberán calcular as súas posicións ponderadas por risco de crédito respecto das posicións que manteñan na titulización. Este cálculo efectuarase consonte o disposto nos artigos 108 e 109.

2. Nos casos en que a entidade teña a condición de orixinadora da titulización e se producise unha transferencia efectiva e significativa do risco nos termos previstos nos artigos 104 e 105, aplicaranse as seguintes regras:

a) Se se trata dunha titulización tradicional, a entidade orixinadora poderá excluír as posicións que titulizase do cálculo das posicións ponderadas por risco e, de ser o caso, das perdas esperadas, segundo os métodos estándar e IRB establecidos no capítulo III, sobre risco de crédito, debendo, nese caso, proceder ao cálculo das posicións ponderadas por risco respecto das posicións que manteña na titulización, nos termos previstos nos artigos 109, 110 e seguintes deste capítulo.

b) Se se trata dunha titulización sintética, a entidade orixinadora poderá excluír as posicións que titulizase do cálculo das posicións ponderadas por risco e, de ser o caso, das perdas esperadas, segundo os métodos estándar e IRB establecidos no capítulo III, sobre risco de crédito, debendo, nese caso, proceder ao cálculo das posicións ponderadas por risco das ditas posicións titulizadas de acordo coa estrutura de tramos que conforman as posicións de titulización e nos termos previstos no marco de titulización, sen prexuízo do disposto no artigo 111 sobre o tratamento dos desfases de vencemento.

As disposicións contidas nos artigos 109, 110 e seguintes deste capítulo, incluídas as relativas á aplicación de técnicas de redución do risco de crédito, serán, por tanto, de aplicación a todos os tramos resultantes da titulización. Desa maneira, cando se transfira un tramo mediante garantías persoais a un terceiro, a ponderación de risco dese terceiro aplicarase ao tramo correspondente no cálculo das posicións ponderadas por risco da entidade orixinadora.

Para as entidades que apliquen o método IRB regulado no artigo 110 deste capítulo, o importe das perdas esperadas das posicións titulizadas será igual a cero.

3. Nos casos en que non exista unha transferencia efectiva e significativa do risco nos termos previstos nos artigos 104 e 105, a entidade orixinadora non estará obrigada a calcular as posicións ponderadas por risco respecto de ningunha das posicións que puidese manter na titulización. Non obstante, deberá proceder ao dito cálculo, así como, de ser o caso, ao das perdas esperadas, respecto das posicións titulizadas. Este cálculo deberase realizar consonte o disposto neste capítulo.

4. Para os efectos da titulización regulada neste capítulo entenderase por:
- Entidade patrocinadora: entidade diferente da entidade orixinadora que establece e xestiona un programa de obrigas de pagamento de titulización ou outro sistema de titulización mediante o cal se adquiren posicións a entidades terceiras.
 - Tramo: segmento do risco de crédito, establecido contractualmente, asociado a unha posición ou conxunto de posicións de maneira que cada posición no segmento implique un risco de perda de crédito maior ou menor que unha posición do mesmo importe en cada un dos demais segmentos, sen tomar en consideración a cobertura do risco de crédito ofrecida por terceiros directamente aos titulares das posicións no segmento en cuestión ou nos demais segmentos.
 - Titulización tradicional: titulización que implica a transferencia económica das posicións titulizadas a un «vehículo de finalidade especial de titulización» que emite valores. A operación pódese realizar mediante a venda da propiedade das posicións titulizadas pola entidade orixinadora ou mediante subparticipación. Os valores emitidos polo citado vehículo non representan obrigas de pagamento da entidade orixinadora.

Artigo 107. *Apoio implícito.*

1. As entidades orixinadoras que aplicasen o disposto no número 2 do artigo 106 anterior, así como as entidades patrocinadoras, non poderán prestar ningunha clase de apoio implícito á titulización.

2. Co fin de evitar o apoio implícito, a documentación relativa á titulización deberá reflectir claramente que calquera compra de activos titulizados ou de posicións en titulizacións propias por parte da entidade orixinadora ou da patrocinadora terá carácter voluntario e só se poderá realizar, en caso de que se leve a efecto, por un valor de mercado razoable. A documentación deberá, así mesmo, exixir que a transacción se someta, en todo caso, ao proceso habitual de revisión e aprobación de crédito da entidade, no que se deberá indicar expresamente que a referida compra non está deseñada para proporcionar apoio implícito á titulización.

3. O apoio que a entidade orixinadora ou a entidade patrocinadora poidan prestar á titulización con base nunha cláusula contractualmente establecida terá a consideración de apoio contractual explícito. Este apoio estará permitido para os efectos do disposto neste capítulo se se cumpren as seguintes condicións:

- a) Que a natureza do referido apoio se describa de forma precisa na documentación da titulización.
- b) Que o grao máximo de apoio susceptible de ser prestado se poida estimar no momento inicial da titulización usando só a mencionada documentación.
- c) Que, tanto a valoración sobre a existencia dunha transferencia significativa de risco consonte o disposto no artigo 104, como o cálculo dos requirimentos de recursos propios, se realicen asumindo que a entidade orixinadora vai proporcionar o máximo apoio que contractualmente lle estea permitido.

4. Cando unha entidade orixinadora ou patrocinadora preste apoio implícito a unha titulización considerárase que se incumpriu a transferencia significativa do risco na dita operación e adoptaranse as seguintes medidas:

- a) A entidade deberá, como mínimo, manter recursos propios fronte a todas as posicións titulizadas como se estas non fosen obxecto de titulización. A entidade deberá, así mesmo, facer público que prestou apoio non contractual, así como as consecuencias deste apoio en termos de recursos propios regulatorios.
- b) Se a entidade prestou apoio implícito en máis dunha ocasión no período de dous anos, deberá facer público este apoio e non poderá aplicar as disposicións contidas neste capítulo até transcorridos dous anos desde a última vez en que prestase o referido apoio. Durante ese prazo, deberá manter recursos propios para todas as posicións titulizadas, en calquera titulización, como se estas non fosen obxecto de titulización.

5. Para efectos do disposto neste capítulo, só serán admisibles as opcións de extinción dos fondos de titulización previstas na letra f do número 1 do artigo 105, así como as opcións de extinción de carácter legal, incluídas as que consideran o impacto sobre a titulización dos cambios na regulación vixente.

As entidades deberán comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo dun mes desde o seu exercicio, as opcións de extinción previstas na letra f do número 1 do artigo 105 que exercesen.

No caso das opcións de extinción de carácter legal, a dita comunicación deberá efectuarse con, polo menos, un mes de antelación á data prevista para o seu exercicio, e conter a seguinte información:

- a) O motivo polo cal se pretende exercer a opción de extinción.
- b) O impacto que o exercicio da opción terá para a solvencia da entidade.

Se unha entidade orixinadora exercese unha opción de extinción das previstas neste número sen a preceptiva comunicación, considerarase que a dita entidade prestou apoio implícito á titulización e seralle de aplicación o disposto no punto anterior deste artigo.

B. Cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito

Artigo 108. *Criterios xerais.*

1. O cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións mantidas en titulizacións realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Posición ponderada por risco} = \text{ponderación de risco} \times \text{valor da posición}$$

Sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes deste artigo, a ponderación de risco e o valor de posición de cada unha das posicións mantidas na titulización determinarase conforme as disposicións do método estándar de titulización contidas no artigo 109 seguinte, cando a entidade utilice o método estándar previsto no capítulo III sobre o risco de crédito para o cálculo das posicións ponderadas por risco das posicións titulizadas. No resto dos casos, serán de aplicación as disposicións do método IRB de titulización previsto no artigo 110.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, as empresas de servizos de investimento aplicarán as ponderacións de risco previstas neste punto en función da calidade crediticia de cada unha das posicións mantidas en titulización. Esta calidade crediticia poderase determinar usando como referencia as cualificacións crediticias efectuadas por unha ECAI elixible ou os mecanismos previstos nos artigos 109 e 110 seguintes.

3. Non obstante o disposto no número anterior, cando unha posición de titulización conte cunha cobertura do risco de crédito baseada nalgunha das garantías reais ou instrumentos similares previstos no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, ou nalgunha das garantías persoais ou derivados de crédito a que se refiren os artigos do citado capítulo, a ponderación de risco aplicable á dita posición poderase modificar, nos termos previstos nos artigos 109 e 110, de conformidade co disposto no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito.

4. Para os efectos do disposto no número 1 deste artigo, o valor de posición das posicións de titulización virá determinado polos seguintes valores:

- a) Valor polo que está contabilizada a posición, neto de axustes de valoración, cando se trate dunha partida que non sexa de contas de orde e a entidade calcule as súas posicións ponderadas por risco consonte o método estándar de titulización previsto no artigo 109 seguinte.
- b) Valor polo que está contabilizada a posición, bruto de axustes de valoración, cando se trate dunha partida que non sexa de contas de orde e a entidade calcule as súas

posicións ponderadas por risco consonte o método IRB de titulización previsto no artigo 110 seguinte.

c) Valor nominal da posición multiplicado por un factor de conversión, cando se trate de partidas incluídas en contas de orde, segundo se define no artigo 30 do capítulo III, sobre risco de crédito. O factor de conversión será do 100 por 100, salvo nos supostos previstos nas normas 109 e 110 e letra C.–nos cales se estableza outro factor de conversión distinto.

5. Non obstante o disposto no número anterior, o valor de posición dunha titulación resultante dalgún dos instrumentos derivados previstos no capítulo V determinarase de conformidade co disposto nas normas do dito capítulo sobre tratamento do risco de contraparte de instrumentos derivados.

6. Non obstante o disposto no número 4 deste artigo, cando unha posición de titulización conte cunha cobertura do risco de crédito baseada nalgunha das garantías reais ou instrumentos similares previstos no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, o valor da dita posición poderase modificar, nos termos previstos nos artigos 109 e 110, de conformidade co disposto no citado capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito.

7. Cando se asuma unha posición en diferentes tramos dunha mesma titulización, a posición en cada tramo considerarase unha posición de titulización independente.

8. Nos casos en que unha entidade conte con dúas ou máis posicións solapadas nunha titulización, exixirase, na medida en que se solapen, que a entidade inclúa no seu cálculo das posicións ponderadas por risco soamente a posición ou porcentaxe de posición que produza as posicións ponderadas por risco máis elevadas. Para tal efecto, entenderase por «solapamento» o feito de que as posicións representen, total ou parcialmente, unha posición no mesmo risco de maneira que, na medida en que se solapen, constitúan unha soa posición.

9. As posicións ponderadas por risco de crédito calculadas conforme o disposto neste punto sobre titulización, incluíranse no total das posicións ponderadas por risco da entidade, para os efectos de determinar os requirimentos mínimos de recursos propios. Está inclusión entenderase, en todo caso, sen prexuízo das partidas que de acordo con esta circular se deduzan dos recursos propios, por recibir unha ponderación do 1.250 por 100.

Artigo 109. *Método estándar de titulización.*

1. Criterio xeral.

Baixo o método estándar de titulización, as posicións de titulización das cales se dispoña dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible, recibirán a ponderación de risco que corresponda de acordo cos cadros 1 e 2 seguintes, en función do nivel de calidade crediticia que, de conformidade co disposto no artigo 115, asigne a Comisión Nacional do Mercado de Valores ás cualificacións crediticias das ECAI.

Cadro 1

Posicións distintas das que teñen cualificacións de crédito a curto prazo

Nivel de calidade crediticia	1	2	3	4	5 e inferior
Ponderación do risco	20%	50%	100%	350%	1250%

Cadro 2

Posicións con cualificacións de crédito a curto prazo

Nivel de calidade crediticia	1	2	3	Outras cualificacións de crédito
Ponderación do risco	20%	50%	100%	1250%

Nos casos en que non se dispoña da cualificación crediticia externa a que se refiren os parágrafos anteriores, as posicións de titulización recibirán, con carácter xeral e sen prexuízo do disposto nos números 4 a 7 deste artigo, unha ponderación de risco do 1.250 por 100.

Non obstante o disposto nos puntos anteriores, as entidades orixinadoras e as patrocinadoras poderán substituír o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das súas posicións de titulización polo cálculo que correspondería respecto das posicións titulizadas se estas non fosen obxecto de titulización, sempre que apliquen unha ponderación de risco do 150 por 100 a todas as posicións titulizadas que pertencen á categoría de «posicións en situación de mora» ou á categoría regulatoria de «alto risco».

2. Tratamento das posicións sen cualificación en posicións titulizadas coñecidas.

Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, as entidades que coñezan en todo momento a composición das súas posicións titulizadas, poderán aplicar ás súas posicións de titulización respecto das que non dispoñan dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible, a ponderación de risco media ponderada que se aplicaría ás posicións titulizadas de conformidade co disposto no capítulo III sobre risco de crédito, multiplicada por un coeficiente de concentración.

O coeficiente de concentración será igual á suma do importe nominal de todos os tramos dividido pola suma dos importes nominais dos tramos subordinados ou de igual prelación nos pagamentos ao tramo en que se mantén a posición, incluído este último tramo.

A ponderación de risco resultante non poderá ser superior ao 1.250 por 100 nin inferior a calquera ponderación de risco aplicable a un tramo con cualificación crediticia externa, que non estea subordinado nin sexa de igual prelación nos pagamentos ao tramo en que se mantén a posición.

Nos casos en que a entidade non poida determinar as ponderacións de risco que se aplicarían ás posicións titulizadas de conformidade co disposto no capítulo III sobre risco de crédito, aplicará ás posicións de titulización unha ponderación de risco do 1.250 por 100.

3. Tratamento excepcional para as entidades non orixinadoras que manteñan posicións non subordinadas en titulizacións de bonos garantidos

As entidades non orixinadoras que manteñan posicións non subordinadas en titulizacións de bonos garantidos, como é o caso das cédulas hipotecarias, poderán aplicar ás referidas posicións o tratamento previsto no método estándar do capítulo III, sobre risco de crédito, ás posicións directas en bonos garantidos.

4. Tratamento das posicións de titulización en tramos de segunda perda ou mellor incluídos nun programa de obrigas de pagamento de titulización (ABCP)

As entidades poderán aplicar ás posicións de titulización que manteñan en tramos de segunda perda ou mellores incluídos nun programa de obrigas de pagamento de titulización (ABCP) a maior das seguintes ponderacións de risco:

- i) Ponderación de risco do 100 por 100.
- ii) Ponderación de risco máis elevada que, de conformidade co disposto no capítulo III sobre risco de crédito, sería de aplicación ás posicións titulizadas.

O disposto no parágrafo anterior só será de aplicación cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a posición de titulización se manteña nun tramo de segunda perda ou mellor, desde un punto de vista económico, e o tramo de primeira perda proporcione a ese tramo unha mellora crediticia significativa.
- b) Que a calidade crediticia da posición sexa igual ou superior aos niveis de calidade crediticia 3 do cadro 1 ou do cadro 2.
- c) Que a entidade non manteña ao mesmo tempo unha posición no tramo de primeira perda da mesma titulización.

5. Redución do risco de crédito en posicións de titulización.

O cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización respecto das que se dispoña dalgunha ou dalgunhas das coberturas do risco previstas no capítulo V sobre redución do risco de crédito, poderase modificar nos termos establecidos nese capítulo.

6. Redución das posicións ponderadas por risco.

De conformidade co disposto no artigo 4, as entidades poden decidir deducir dos seus recursos propios o valor das posicións de titulización a que, consonte este capítulo, corresponda unha ponderación de risco do 1.250 por 100. En tal caso, o referido valor de posición poderá reflectir, de maneira coherente co disposto no punto anterior deste artigo, as coberturas do risco de crédito baseadas en calquera das garantías reais ou instrumentos similares previstos no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito.

Para os efectos do disposto no último parágrafo do número 1 deste artigo, as entidades orixinadoras ou patrocinadoras que adopten a decisión prevista no parágrafo anterior deberán restar do importe máximo da posición ponderada por risco, previsto no citado parágrafo, 12,5 veces (doce coma cinco veces) o importe deducido de conformidade co disposto no parágrafo anterior deste artigo.

Artigo 110. *Método IRB de titulización.*

Métodos aplicables: utilización e orde de preferencia.

Nos casos en que, de conformidade co disposto no artigo 108, resulte de aplicación o método IRB de titulización, o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización realizarase por algún dos seguintes métodos:

- a) Método baseado en cualificacións externas.
- b) Método baseado na fórmula supervisora.
- c) Método de avaliación interna.

2. O método baseado en cualificacións externas utilizarase, nos termos establecidos nos números 9 a 13 seguintes, para o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización respecto das cales se dispoña dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible ou dunha cualificación inferida consonte o disposto nos números 6 e 7 deste artigo.

3. O cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización respecto das cales non se dispoña de ningunha das cualificacións crediticias a que se refire o número anterior realizarase aplicando o método baseado na fórmula supervisora previsto nos números 16 a 18 seguintes.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os supostos en que, de conformidade co previsto no número 14, resulte de aplicación o método de avaliación interna, caso en que as entidades poderán optar por calquera dos dous métodos, ben que deberán manter a elección ao longo do tempo e para todas as titulizacións do mesmo tipo.

A utilización do método de avaliación interna requirirá, en todo caso, autorización administrativa previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta autorización será tamén necesaria para a utilización do método baseado na fórmula supervisora por entidades que non sexan orixinadoras nin patrocinadoras.

4. Non obstante o disposto no número anterior, as posicións de titulización respecto das cales non se dispoña dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible nin dunha cualificación inferida, recibirán unha ponderación de risco do 1.250 por 100 nos seguintes casos:

- a) Cando, tratándose de posicións de titulización incluídas nun programa ABCP, se cumpran as seguintes condicións:
 - i) Que a entidade teña a condición de orixinadora ou patrocinadora da titulización.
 - ii) Que a entidade non poida calcular o «Kirb» necesario para a utilización do método baseado na fórmula supervisora. Entenderase como «Kirb» o 8 por 100 da posición

ponderada por risco de crédito calculada conforme o método IRB capítulo III, sobre risco de crédito, respecto das posicións titulizadas en caso de que non fosen obxecto de titulización, máis o importe das perdas esperadas asociadas a esas posicións, calculadas de conformidade co disposto no referido capítulo.

iii) Que a entidade non obtivese a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a utilización do método de avaliación interna ou que, obtendo esa autorización, a cualificación «derivada» a que se refire o número 15 deste artigo se corresponda cun nivel de calidade crediticia inferior ou igual ao nivel 9 do cadro 3 ou inferior ao nivel 3 do cadro 4 do número 9.

b) Cando se trate de entidades distintas da orixinadora e da patrocinadora da titulización que non obtivesen a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a utilización do método baseado na fórmula supervisora ou, de ser o caso, do método de avaliación interna.

5. As entidades non orixinadoras que manteñan posicións non subordinadas en titulizacións de bonos garantidos, como é o caso das cédulas hipotecarias, poderán aplicar ás referidas posicións o tratamento previsto na letra B.—deste capítulo para as posicións directas en bonos garantidos.

Utilización de cualificacións crediticias inferidas.

6. Para os efectos do disposto no número 2 deste artigo, as entidades poderán atribuír ás posicións de titulización sen cualificación crediticia externa unha cualificación crediticia inferida equivalente á cualificación das posicións de titulización que, estando subordinadas en todos os aspectos á posición non cualificada, teñan a maior prioridade na orde de prelación de pagamentos e fosen cualificadas por unha ECAI elixible (as «posicións de referencia»).

7. O disposto no número 6 anterior só será de aplicación cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as posicións de referencia se encontren subordinadas en todos os aspectos ao tramo de titulización que carece de cualificación crediticia externa.
- b) Que o vencemento das posicións de referencia sexa igual ou superior ao da posición non cualificada.
- c) Que a cualificación inferida se actualice de forma continuada co fin de recoller calquera cambio na cualificación crediticia das posicións de referencia.

Importes máximos das posicións ponderadas por risco.

8. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, as entidades orixinadoras, as patrocinadoras, e aquelas outras que poidan calcular o Kirb, poderán limitar o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das súas posicións de titulización a aquelas posicións que dean como resultado uns requirimentos de recursos propios mínimos iguais á suma dos seguintes importes:

- a) O 8 por 100 das posicións ponderadas por risco que se producirían se as posicións titulizadas non fosen obxecto de titulización e estivesen no balance da entidade.
- b) Os importes das perdas esperadas desas posicións.

Posicións con cualificación: método baseado en cualificacións externas (RBA).

9. No método baseado en cualificacións externas, as posicións de titulización con cualificación recibirán a ponderación de risco que corresponda de acordo cos cadros 3 e 4, en función do nivel de calidade crediticia que, de conformidade co disposto no artigo 115 sobre asignación do nivel de calidade crediticia, asigne a Comisión Nacional do Mercado de Valores ás cualificacións crediticias da ECAI elixible que cualifícase as referidas posicións de titulización. Esa ponderación multiplicarase por 1,06 para os efectos do

cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito consonte o disposto no número 1 do artigo 108.

Cadro 3

Posicións distintas das que teñen cualificacións de crédito a curto prazo

Nivel de calidade crediticia (NCC)	Ponderación de risco		
	A	B	C
NCC 1	7%	12%	20%
NCC 2	8%	15%	25%
NCC 3	10%	18%	35%3
NCC 4	12%	20%	35%
NCC 5	20%	35%	35%
NCC 6	35%	50%	50%
NCC 7	60%	75%	75%
NCC 8	100%	100%	100%
NCC 9	250%	250%	250%
NCC 10	425%	425%	425%
NCC 11	650%	650%	650%
NCC inferior a 11	1250%	1250%	1250%

Cadro 4

Posicións con cualificacións de crédito a curto prazo

Nivel de calidade crediticia (NCC)	Ponderación de risco		
	A	B	C
NCC 1	7%	12%	20%
NCC 2	12%	20%	35%
NCC 3	60%	75%	75%
Outras cualificacións de crédito	1250%	1250%	1250%

10. Sen prexuízo do disposto nos números 11 e 12 seguintes, as ponderacións de risco que figuran na columna A dos cadros 3 e 4 aplicaranse cando a posición se sitúe no tramo de maior prioridade na orde de prelación de pagamentos da titulización.

Para os efectos de determinar cal é o tramo de maior prioridade na referida orde de prelación, non será necesario ter en conta as cantidades debidas consonte contratos de derivados sobre tipos de xuro ou divisas, corretaxes ou outros pagamentos similares.

Non obstante, no caso de que haxa máis dunha posición que teña un nivel de calidade crediticia máximo (NCC=1), a posición de máxima preferencia recibirá unha ponderación de risco do 6 por 100 en lugar do 7 por 100, aplicándose ás restantes posicións co máximo nivel de calidade crediticia as ponderacións da columna B dos cadros 3 e 4 anteriores.

11. As ponderacións de risco da columna C de cada cadro aplicaranse cando a posición se manteña nunha titulización en que o número efectivo de posicións titulizadas sexa inferior a seis.

Para os efectos do cálculo do número efectivo de posicións titulizadas, as posicións múltiples dun debedor trataranse como unha única posición.

O número efectivo de exposicións calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$N = \frac{(\sum_i EAD_i)^2}{\sum_i EAD_i^2}$$

Sendo:

EAD_i a suma dos valores de posición de todos os riscos mantidos fronte ao debedor *i*.

No caso dunha retitulización (titulización de posicións en titulización), a entidade deberá considerar o número de posicións de titulización que están sendo titulizadas e non o número de posicións subxacentes incluídas nos conxuntos de posicións orixinais dos que proceden as posicións en titulización.

Se se coñece a proporción da carteira asociada á posición máis cuantiosa, C_□, a entidade poderá computar N como 1/C_□.

12. As ponderacións de risco que figuran na columna B aplicaranse ao resto das posicións de titulización non incluídas nos dous puntos anteriores.

13. A aplicación de técnicas de redución do risco de crédito en posicións de titulización axustarase ao disposto nos números 19 a 26 deste artigo.

Posicións sen cualificación - Método de avaliación interna (IAA).

14. O método de avaliación interna poderase aplicar, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización incluídas en programas ABCP, respecto das que non se dispoña dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) As posicións nas obrigas de pagamento de titulización emitidas polo programa sexan posicións con cualificación.

b) A entidade acredite ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores que a súa valoración interna da calidade crediticia da posición se axusta á metodoloxía de cualificación publicamente dispoñible dunha ou máis ECAI elixibles, para a cualificación de valores sustentados por posicións do mesmo tipo que as titulizadas.

c) Entre as ECAI a que se refire a letra b anterior se inclúan as que proporcionasen unha cualificación crediticia externa para os obrigas de pagamento de titulización emitidas polo programa.

Os elementos cuantitativos, tales como factores de tensión («stress factors»), utilizados para a valoración interna da calidade crediticia da posición deberán ser polo menos tan conservadores como os utilizados na metodoloxía de avaliación da ECAI en cuestión.

d) No desenvolvemento da súa metodoloxía de avaliación interna, a entidade tome en consideración as metodoloxías de cualificación máis relevantes publicadas por aquelas ECAI elixibles que cualifiquen as obrigas de pagamento de titulización do programa ABCP. Esta toma en consideración deberá ser documentada pola entidade e posta ao día periodicamente.

e) A metodoloxía de avaliación interna da entidade inclúa distintos graos de cualificación crediticia. Deberá existir unha correspondencia entre estes graos de cualificación e as cualificacións crediticias das ECAI elixibles. Esta correspondencia deberá estar explicitamente documentada.

f) A metodoloxía de avaliación interna se utilice nos procesos internos de xestión de riscos da entidade, incluídos os seus procesos de toma de decisións, información de xestión e asignación de capitais.

g) Tanto o proceso de avaliación interna como a calidade das avaliacións internas da calidade crediticia das posicións mantidas pola entidade nun programa ABCP, sexan obxecto de análise periódica por parte de auditores internos ou externos, dunha ECAI, ou dos servizos internos de estudo ou de xestión de riscos da entidade. Esa análise só poderá ser realizada polos servizos internos de auditoría, de estudo ou de xestión de riscos da entidade, se os referidos servizos son independentes da liña de negocio do programa ABCP e das persoas encargadas da relación co cliente.

h) A entidade realice un seguimento das súas cualificacións internas ao longo do tempo co fin de avaliar a eficacia da súa metodoloxía de avaliación interna, efectuando os axustes necesarios na dita metodoloxía cando o comportamento dos riscos se afaste repetidamente do indicado polas cualificacións internas.

i) O programa ABCP incorpore criterios de subscrición en forma de directrices de crédito e investimento. Para estes efectos, para decidir sobre a compra dun activo determinado, o administrador do programa deberá considerar o tipo de activo comprado, o tipo e o valor monetario dos riscos orixinados mediante a provisión de liñas de liquidez e melloras crediticias, a distribución de perdas e o illamento xurídico e económico dos activos transferidos da entidade que vende estes activos.

Deberase realizar, así mesmo, unha análise crediticia do perfil de risco do vendedor do activo. Esta análise incluírá un estudo sobre a súa rendibilidade financeira pasada e futura esperada, a posición do mercado nese momento, a competitividade futura esperada, o apancamento, a tesouraría, a cobertura de xuros e a cualificación da débeda. Tamén se deberán analizar os criterios de subscrición do vendedor, a capacidade de entrega e os seus procesos de recadación.

j) Os criterios de subscrición do programa ABCP establezan os criterios mínimos para a elixibilidade de activos que, en especial,

i) Exclúen a compra de activos en situación de mora considerable ou de non-pagamento.

ii) Limiten a concentración excesiva nun mesmo debedor ou nunha mesma zona xeográfica, e

iii) Limiten o prazo dos activos que se poden adquirir.

k) O programa ABCP dispoña de políticas recatorias e procesos que teñan en conta a capacidade operativa e a calidade crediticia do axente de pagamento. O programa atenuará o risco do vendedor/axente de pagamento a través de diversos métodos, tales como desencadeantes baseados na calidade crediticia do momento que impidan a mestura de fondos.

l) Ao estimar a perda agregada dun conxunto de posicións de activos cuxa compra estea considerando o programa ABCP, se teñan en conta todas as fontes de risco, como os riscos de crédito e de dilución. Se a magnitude da mellora do crédito proporcionada polo vendedor se basea unicamente nas perdas relacionadas co risco de crédito, deberase constituír unha reserva á parte para o risco de dilución, sempre que este sexa relevante para o correspondente conxunto de posicións. Así mesmo, ao determinar o nivel de mellora crediticia que resulta necesario, o programa deberá analizar información histórica de varios anos que inclúa perdas, morosidade, dilucións e o índice de rotación dos activos.

m) O programa ABCP incorpore características estruturais na compra de riscos, como por exemplo activadores de redución paulatina, co fin de atenuar a deterioración potencial do crédito da carteira subxacente.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximir da necesidade de que a metodoloxía de avaliación da ECAI estea publicamente dispoñible cando considere que debido ás características específicas da titulización, como por exemplo a súa estrutura única, non exista nese momento ningunha metodoloxía de avaliación da ECAI publicamente dispoñible.

15. No método de avaliación interna, as entidades asignarán a cada posición de titulización sen cualificación un dos graos internos de cualificación crediticia descritos na letra e do número 14 anterior.

Asignado o grao interno de cualificación crediticia, atribuirase a cada posición unha cualificación «derivada» equivalente á cualificación crediticia externa que, de conformidade co disposto na letra e do número 14 anterior, corresponda ao referido nivel interno de cualificación.

Nos supostos en que, no momento en que se orixine a titulización, a cualificación «derivada» se corresponda cun nivel de calidade crediticia igual ou superior ao nivel NCC8 do cadro 3, ou igual ou superior ao NCC3 do cadro 4 do número 9, a dita cualificación

«derivada» considerárase equivalente á cualificación crediticia externa efectuada pola ECAI elixible e aplicarase a ponderación de risco que corresponda a esta última cualificación conforme o método baseado en cualificacións externas (RBA).

Posicións sen cualificación. Método baseado na fórmula supervisora (SF)

16. No método baseado na fórmula supervisora, as posicións de titulización recibirán a ponderación de risco máis alta entre o 7 por 100 e a ponderación que corresponda consonte o previsto no número seguinte deste artigo.

17. Para os efectos do disposto no número anterior, a ponderación de risco aplicable obterase aplicando a seguinte fórmula:

$$12,5 \times (S[L+T] - S[L])/T$$

$$S[x] = \left\{ \begin{array}{l} x \quad \text{cando } x \leq Kirbr \\ Kirbr + K[x] - K[Kirbr] + (d \cdot Kirbr / \omega) (1 - e^{-\omega(Kirbr - x)/Kirbr}) \quad \text{cando } Kirbr < x \end{array} \right\}$$

$$\text{On: } h = (1 - Kirbr / ELGD)^N$$

$$c = Kirbr / (1 - h)$$

$$v = \frac{(ELGD - Kirbr) Kirbr + 0.25(1 - ELGD) Kirbr}{N}$$

$$f = \left(\frac{v + Kirbr^2}{1 - h} - c^2 \right) + \frac{(1 - Kirbr) Kirbr - v}{(1 - h)\tau}$$

$$g = \frac{(1 - c)c}{f} - 1$$

$$a = g \cdot c$$

$$b = g \cdot (1 - c)$$

$$d = 1 - (1 - h) \cdot (1 - \text{Beta}[Kirbr; a, b])$$

$$K[x] = (1 - h) \cdot \left((1 - \text{Beta}[x; a, b])x + \text{Beta}[x; a + 1, b]c \right)$$

$$\tau = 1000,$$

e

$$\omega = 20.$$

Nestas expresións, «Beta [x; a, b]» é a función de distribución acumulada beta cos parámetros a e b avaliados en x.

«T» é o grosor do tramo en que se mantén a posición, o cal virá determinado polo cociente entre as seguintes magnitudes:

- Importe nominal do dito tramo.
- Suma dos valores de posición das posicións titulizadas.

Para estes efectos, o valor de posición dos instrumentos derivados previstos no capítulo IV desta circular sobre risco de crédito de contraparte, cando o custo de reposición

actual non sexa un valor positivo, virá determinado pola posición crediticia futura potencial calculada consonte o disposto no mencionado capítulo V sobre o tratamento do risco de contraparte de instrumentos derivados.

«Kirbr» é o cociente entre as dúas magnitudes seguintes:

- a) Kirb.
- b) Suma dos valores de exposición das exposicións titulizadas.

Kirb deberase expresar en forma decimal. Así, un Kirb igual ao 15% do grupo expresarase como un Kirb de 0,15.

«L» é o nivel de mellora crediticia, o cal virá determinado polo cociente entre as seguintes magnitudes:

- a) Importe nominal de todos os tramos subordinados con respecto ao tramo en que se mantén a posición.
- b) Suma dos valores de posición das posicións titulizadas.
- c) A renda futura capitalizada non se incluírá no cálculo de L.

Para os efectos do cálculo do nivel de mellora crediticia, os importes debidos por contrapartes nos instrumentos derivados enumerados no capítulo V desta circular, que representen tramos subordinados ao tramo en que se manteña a posición poderanse valorar polo seu custo de reposición corrente, isto é, sen as potenciais posicións crediticias futuras.

«N» é o número efectivo de exposicións calculadas consonte o disposto no número 11 desta norma.

«ELGD» é a severidade media ponderada pola exposición en caso de non-pagamento, a cal se calculará aplicando a seguinte fórmula:

$$ELGD = \frac{\sum_i LGD_i \cdot EAD_i}{\sum_i EAD_i}$$

Sendo:

LGD_i a LGD media asociada con todas as posicións ao debedor i^o .

Para estes efectos, LGD determinarase consonte o disposto na letra B.–deste capítulo sobre o método IRB.

No caso de retitulización, aplicarase unha LGD do 100 por 100 ás posicións de titulización que foron titulizadas. Cando o risco de non-pagamento e de dilución para dereitos de cobramento adquiridos se computen de maneira agregada nunha titulización, como por exemplo cando se proporciona un único fondo de reserva ou existe un exceso de cobertura de garantía real para as perdas derivadas de calquera destas fontes, o valor da LGD calcularase como media ponderada da LGD para o risco de crédito e o 75 por 100 da LGD para o risco de dilución. As ponderacións serán os requirimentos de recursos propios explícitos para o risco de crédito e de dilución, respectivamente.

Variables simplificadas.

Se o valor de posición da maior posición titulizada (C_{\square}) non é superior ao 3 por 100 da suma dos valores de posición de todas as posicións titulizadas a entidade poderá aplicar, para os efectos do método baseado na fórmula supervisora, os seguintes parámetros de LGD e N:

LGD = 50 por 100.

$$N = \left(C_1 C_m + \left(\frac{C_m - C_1}{m - 1} \right) \max\{1 - m C_1, 0\} \right)^{-1}$$

Ou ben:

$$N = 1 / C_{\square}$$

Onde:

C_m é o cociente entre as seguintes magnitudes:

- a) Suma dos 'm' maiores valores de posición.
- b) Suma de todos os valores de posición das posicións titulizadas.

O nivel de «m» poderao establecer a entidade.

No caso de titulizacións de riscos retallistas, permítase a utilización do método baseado na fórmula supervisora utilizando as simplificacións:

$$h = 0 \text{ e } v = 0.$$

18. A aplicación de técnicas de redución do risco de crédito en posicións de titulización axustarase ao disposto nos números 19 a 26 deste artigo.

Protección con cobertura do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares.

19. A cobertura do risco de crédito mediante garantías reais ou instrumentos similares elixibles limítase á recoñecida como elixible para o cálculo das posicións ponderadas por risco consonte o método estándar, regulado no capítulo IV sobre risco de crédito, e como se establece nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V. O seu recoñecemento estará supeditado ao cumprimento dos requisitos mínimos pertinentes segundo o previsto neses capítulos.

Protección con cobertura do risco de crédito mediante garantías persoais.

20. As garantías de sinatura (persoais) e os derivados de crédito elixibles, así como os seus provedores, limítanse aos que son admisibles consonte o establecido nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V e o recoñecemento estará supeditado ao cumprimento dos requisitos mínimos pertinentes establecidos de conformidade con ese capítulo.

Modificación das posicións ponderadas por risco.

A) Método baseado en cualificacións externas.

21. Nos casos en que sexa de aplicación do método baseado en cualificacións externas, o valor de posición e as posicións ponderadas por risco das posicións de titulización para as que se obtivese protección crediticia poderanse modificar nos termos previstos nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V, na medida que se aplican ao cálculo de posicións ponderadas por risco de conformidade coas disposicións do método estándar contidas no capítulo III.

B) Método baseado na fórmula supervisora – protección total

22. Nos casos en que sexa de aplicación do método baseado na fórmula supervisora, as posicións ponderadas por risco das posicións de titulización para as que se obtivese unha cobertura total do risco de crédito, poderanse modificar nos termos previstos nos números 23 e 24 deste artigo en función do tipo de cobertura obtida e da «ponderación de risco efectiva» da posición.

Para estes efectos, a «ponderación de risco efectiva» virá determinada polo cociente entre a posición ponderada por risco da posición mantida na titulización e o valor da dita posición, multiplicando o resultado por 100.

23. Cando a cobertura do risco de crédito se basee nalgunha das garantías reais ou instrumentos similares previstos na letra A.–do capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, a posición ponderada por risco das posicións de titulización virá determinada polo produto dos seguintes factores:

- a) Ponderación de risco efectiva.
- b) Valor de posición axustado (E^*), calculado consonte o disposto nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V para o cálculo de posicións ponderadas por risco de conformidade co método estándar regulado no capítulo III.

Para os efectos do cálculo do valor de exposición axustado (E^*), E virá determinado polo valor de posición da posición mantida na titulización.

24. Cando a cobertura do risco de crédito se basee nalguna das garantías persoais ou derivados de crédito previstos na letra B.–do capítulo V sobre técnicas de redución do risco de crédito, a posición ponderada por risco das posicións de titulización virá determinada pola suma entre o produto dos factores a e b e o produto dos factores c e d seguintes:

- a) Ponderación de risco do provedor de cobertura.
x
 - b) Valor da cobertura axustado para ter en conta o risco de tipo de cambio e os desfases de vencemento (GA), calculado consonte o disposto nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V.
+
 - c) Ponderación de risco efectiva da posición de titulización.
x
 - d) Valor de posición da posición de titulización menos GA.
- C) Método baseado na fórmula supervisora - protección parcial

25. O disposto nos números 22 a 24 anteriores será igualmente de aplicación nos supostos en que a cobertura obtida cubra a «primeira perda» ou responda das perdas sobre unha base proporcional con respecto á posición mantida na titulización.

26. Nos casos en que, sendo de aplicación o método baseado na fórmula supervisora, se obtivese unha cobertura parcial do risco de crédito distinta da prevista no punto anterior, a entidade tratará a posición mantida na titulización como dúas ou máis posicións distintas, considerando como posición non cuberta a posición que teña a calidade crediticia máis baixa.

Nestes casos, o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito das posicións de titulización realizarase aplicando as disposicións contidas nos números 16 a 18 deste artigo, coas seguintes particularidades:

- a) O valor de «T» axustarase aos seguintes valores:
 - i) e^* , se a cobertura do risco de crédito se basea en garantías reais ou instrumentos similares.
 - ii) $T-g$, se a cobertura do risco de crédito se basea en garantías persoais.

Sendo:

e^* : o coeficiente de E^* con respecto ao importe nocional total da carteira de posicións titulizadas.

E^* : o valor de posición axustado da posición de titulización, calculado consonte o disposto nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V, segundo se aplican ao cálculo de posicións ponderadas por risco de conformidade co método estándar previsto no capítulo III. Para estes efectos, E virá determinado polo valor da posición mantida na titulización.

g : o coeficiente entre o valor nominal da cobertura do risco de crédito axustada para ter en conta o risco de tipo de cambio e os desfases de vencemento (GA), calculado conforme o disposto nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V, con respecto á suma do valor das posicións titulizadas.

b) No caso das coberturas do risco de crédito baseadas en garantías persoais e derivados de crédito, a ponderación de risco do provedor de cobertura aplicarase á parte da posición que non entre no valor axustado de «T».

Redución das posicións ponderadas por risco.

27. A posición ponderada por risco de crédito das posicións de titulización ás que, consonte este capítulo, corresponda unha ponderación de risco do 1.250 por 100, poderase reducir nunha cantidade igual a 12,5 veces o importe de calquera axuste de valor ou provisión realizado pola entidade nas posicións titulizadas. Os axustes de valor e as provisións relativas a tales posicións titulizadas que puidesen exceder as posicións ponderadas ao 1.250 por 100 e que, por tanto, quedasen sen aplicación, poderanse incluír entre os recursos propios de acordo co establecido no artigo 3.

28. A posición ponderada por risco de crédito dunha posición de titulización poderase reducir nunha cantidade igual a 12,5 veces o importe de calquera axuste de valoración realizado pola entidade na dita posición de titulización.

29. Nos casos en que, de conformidade co disposto no artigo 4, as entidades decidan deducir dos seus recursos propios o valor de posición das posicións de titulización ás que, consonte este capítulo, corresponda unha ponderación de risco do 1.250 por 100, serán de aplicación as seguintes regras:

a) O valor de posición das posicións de titulización poderá derivar das posicións ponderadas por risco, tendo en conta calquera redución realizada de conformidade co disposto nos números 27 e 28 deste artigo.

b) O valor de posición poderá reflectir, de maneira coherente co disposto nos números 19 a 26, as coberturas do risco de crédito baseadas en calquera das garantías reais ou instrumentos similares previstos no capítulo V.

c) Nos casos en que se utilice o método baseado na fórmula supervisora para calcular as posicións ponderadas por risco e $L < Kirbr$ e $[L+T] > Kirbr$, a posición de titulización poderase tratar como dúas posicións diferentes, sendo L igual a Kirbr para a maior desas posicións.

30. Para os efectos do disposto no número 8 deste artigo, as entidades orixinadoras, as patrocinadoras e as que poidan calcular o Kirb, que adopten a decisión prevista no primeiro parágrafo do dito número 8, deberán restar do importe máximo da posición ponderada por risco previsto no citado número 8, unha cantidade igual a 12,5 veces o importe deducido de conformidade co disposto no número anterior deste artigo.

Artigo 111. *Tratamento dos desfases de vencemento nas titulizacións sintéticas.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores deste punto, as entidades orixinadoras de titulizacións sintéticas deberán ter en conta, para o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito consonte a letra b do número 2 do artigo 106, os desfases existentes entre o vencemento da cobertura crediticia que determina a división en tramos do risco de crédito e o vencemento das posicións titulizadas. O tratamento deses desfases realizarase nos termos previstos nos puntos seguintes deste artigo.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, considerarase que o vencemento das posicións titulizadas é o correspondente á posición titulizada que teña o vencemento máis longo, cun límite máximo de cinco anos. O vencemento da cobertura do risco de crédito determinarase consonte o disposto nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V.

3. Os desfases de vencemento a que se refire este artigo non se terán en conta no cálculo das posicións ponderadas por risco das posicións de titulización a que, consonte o disposto nos artigos 109 e 110, corresponda unha ponderación de risco do 1.250 por 100. Para o resto das posicións de titulización, o tratamento dos desfases de vencemento establecido nas normas sobre redución do risco de crédito contidas no capítulo V aplicarase consonte a seguinte fórmula:

$$RWA^* = [RWA(SP) \times (t-t^*)/(T-t^*)] + [RWA(Ass) \times (T-t)/(T-t^*)]$$

Sendo:

RWA*: as posicións ponderadas por risco para os efectos dos requirimentos de recursos propios mínimos.

RWA(Ass): as posicións ponderadas por risco das posicións titulizadas se estas non fosen obxecto de titulización, facendo os cálculos a pro rata.

RWA(SP): as posicións ponderadas por risco calculadas conforme o disposto na letra b) do número 2 do artigo 106, se non existisen desfases de vencemento.

T: o vencemento das posicións titulizadas expresado en anos.

t: o vencemento da cobertura do risco de crédito expresado en anos.

t*: 0,25.

C. Requiritos adicionais de recursos propios para as titulizacións de posicións renovables con cláusulas de amortización anticipada.

Artigo 112. *Disposicións xerais.*

1. Sen prexuízo do disposto na letra B.–anterior, as entidades orixinadoras de posicións renovables suxeitas a unha cláusula de amortización anticipada deberán dispoñer de recursos propios adicionais suficientes para cubrir o incremento do risco de crédito derivado da posible activación da cláusula de amortización anticipada. O importe deses requirimentos adicionais virá determinado pola suma da posición ponderada por risco da «posición mantida pola orixinadora» e da posición ponderada por risco da «posición mantida polo investidor», tal e como estas posicións se definen nos artigos 113 e 114. O cálculo das referidas posicións ponderadas por risco realizarase consonte o disposto nos citados artigos, en función do método de titulización aplicable.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior os seguintes tipos de titulización:

a) Titulizacións de posicións renovables en que os investidores asuman completamente o risco derivado de todas as disposicións que os prestameiros poidan realizar no futuro, quedando a entidade orixinadora exenta de todo risco que puiden derivar da activación da cláusula de amortización anticipada.

b) Titulizacións en que a cláusula de amortización anticipada só se poida activar como consecuencia de eventos non relacionados coa evolución dos activos titulizados ou da entidade orixinadora, tales como cambios importantes na lexislación ou normativa fiscal.

3. No caso de titulizacións en que as posicións titulizadas inclúan posicións renovables e non renovables, as entidades orixinadoras aplicarán o tratamento previsto nos artigos 113 e 114 só ao conxunto de posicións titulizadas que teñan carácter renovable.

4. Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, o importe total da suma da posición ponderada por risco de crédito da «posición mantida polo investidor» e das posicións ponderadas por risco das posicións de titulización, calculadas consonte a letra B.–, non poderá ser superior ao maior dos seguintes importes:

a) Importe das posicións ponderadas por risco calculadas para as súas posicións na «posición mantida polo investidor».

b) Importe das posicións ponderadas por risco que correspondería ás posicións titulizadas en contía equivalente á «posición mantida polo investidor», se as ditas posicións non fosen obxecto de titulización.

5. A dedución dos recursos propios, de conformidade co disposto no artigo 4, das ganancias netas, de existiren, procedentes da capitalización das rendas futuras exixidas, recibirá un tratamento independente do importe máximo establecido no número anterior deste artigo.

Artigo 113. *Requirimentos adicionais conforme o método estándar de titulización.*

Definicións.

1. Para os efectos do disposto neste artigo e no anterior, no método estándar de titulización entenderase por:

a) «posición mantida pola orixinadora» o valor da posición daquela parte nocial dun grupo de importes dispostos vendida nunha titulización, cuxa proporción en relación co importe total dos riscos vendidos na estrutura determina a proporción dos fluxos de efectivo xerados polas recadacións do principal e dos xuros e outros importes asociados que non estean destinados a realizar pagamentos a quen manteña posicións na titulización. Para recibir esta denominación «a posición mantida pola orixinadora» non poderá estar subordinada á «posición mantida polo investidor».

b) «posición mantida polo investidor» o valor da posición da parte nocial restante do grupo de importes dispostos.

c) Exceso de marxe: recadación bruta por ingresos financeiros e doutra índole percibida con respecto ás posicións titulizadas neta de custos e gastos.

Cálculo das posicións ponderadas por risco.

«Posición mantida pola orixinadora».

2. A posición da entidade orixinadora asociada cos dereitos con respecto á súa «posición mantida pola orixinadora» non se considerará unha posición de titulización, senón unha posición proporcional nas posicións titulizadas como se estas non fosen obxecto de titulización. En consecuencia, o cálculo da súa posición ponderada por risco para os efectos do disposto no número 1 do artigo 112 realizarase consonte as normas do método estándar contidas no capítulo III sobre risco de crédito.

«Posición mantida polo investidor».

A) Fórmula aplicable.

3. Efectos do disposto no número 1 do artigo 112 anterior, a posición ponderada por risco da «posición mantida polo investidor», virá determinada polo produto dos factores a, b e c seguintes:

a) Importe da «posición mantida polo investidor».

b) Factor de conversión que corresponda consonte o disposto nos números 5 e 9, en función do tipo de posicións titulizadas -posicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente ou outras-, da cláusula de amortización de que se trate, controlada ou non controlada, e do nivel en que se encontre o indicador cuantitativo do que dependa a activación da dita cláusula.

c) Media ponderada das ponderacións de risco que se aplicarían ás posicións titulizadas se estas non fosen obxecto de titulización.

4. Para os efectos do disposto no punto anterior, considerarase que unha cláusula de amortización anticipada é «controlada» se se cumpren as seguintes condicións:

a) Que a entidade orixinadora dispoña dun plan adecuado que garanta a dispoñibilidade de recursos propios e liquidez suficientes para facer fronte a unha amortización anticipada.

b) Que, mentres dure a operación, exista unha distribución proporcional entre a «posición mantida pola orixinadora» e a «posición mantida polo investidor» en canto aos pagamentos de xuros e principal, gastos, perdas e recuperacións baseada no importe dos dereitos de cobramento pendentes nun ou varios momentos de referencia durante cada mes.

c) Que o período de amortización se considere suficiente para reembolsar ou recoñecer como non pagada o 90 por 100 da débeda total -«posición mantida pola orixinadora» e «posición mantida polo investidor»- pendente ao inicio do período de amortización anticipada.

d) Que a velocidade de reembolso non sexa superior á que se lograría cunha amortización lineal durante o período establecido na letra c) anterior.

B) Titulizacións de exposicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente.

5. As entidades orixinadoras de titulizacións de posicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente sen aviso previo que se encontren suxeitas a unha cláusula de

amortización anticipada, aplicarán o factor de conversión que corresponda de acordo co cadro 5 seguinte, cando o indicador cuantitativo de que dependa a activación da referida cláusula de amortización sexa a media a tres meses do exceso de marxe definida:

Cadro 5

Titulizacións suxeitas a unha cláusula de amortización anticipada controlada		Titulizacións suxeitas a unha cláusula de amortización anticipada non controlada
Media de tres meses do exceso de marxe	Factor de conversión	Factor de conversión
Por encima do nivel A	0%	0%
Nivel A	1%	5%
Nivel B	2%	15%
Nivel C	10%	50%
Nivel D	20%	100%
Nivel E	40%	100%

onde:

Nivel A: equivale a valores de exceso de marxe inferiores ao 133,33% do nivel de captura do exceso de marxe, pero superiores ou iguais ao 100% dese nivel de captura.

Nivel B equivale a valores de exceso de marxe inferiores ao 100% do nivel de captura do exceso de marxe pero superiores ou iguais ao 75% dese nivel de captura.

Nivel C equivale a valores de exceso de marxe inferiores ao 75% do nivel de captura do exceso de marxe pero superiores ou iguais ao 50% dese nivel de captura.

Nivel D equivale a valores de exceso de marxe inferiores ao 50% do nivel de captura do exceso de marxe pero superiores ou iguais ao 25% dese nivel de captura.

Nivel E equivale a valores de exceso de marxe inferiores ao 25% do nivel de captura do exceso de marxe. Para estes efectos, entenderase por nivel de captura o nivel a partir do cal a entidade orixinadora se compromete a acumular o exceso de marxe.

6. Nos casos en que a titulización non exixa a acumulación do exceso de marxe, considerarase que o nivel de captura é 4,5 puntos porcentuais superior ao nivel do exceso de marxe a partir do cal se produza a activación da cláusula de amortización anticipada.

7. Cando o indicador cuantitativo de que dependa a activación da cláusula de amortización anticipada sexa unha variable distinta da media a tres meses do exceso de marxe, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá permitir un tratamento que se aproxime moito ao prescrito nos números 5 e 6 anteriores, para determinar o factor de conversión aplicable. Para estes efectos, a entidade deberá comunicar o indicador cuantitativo elixido, xustificando a súa capacidade para proporcionar un nivel de captura equivalente ao establecido nos números 5 e 6 anteriores, así como as razóns polas que considera que este tratamento reflicte de forma prudente os riscos que se asumen.

8. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores autorice a aplicación a unha determinada titulización do tratamento previsto no número 7 informará as autoridades competentes dos demais Estados membros. Antes de que a aplicación do dito tratamento pase a formar parte da política xeral da Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación coas titulizacións de posicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente sen aviso previo que se encontren suxeitas a cláusulas de amortización anticipada, a Comisión Nacional do Mercado de Valores consultará as autoridades competentes dos demais Estados membros e tomará en consideración as opinións que as ditas autoridades expresen. A Comisión Nacional do Mercado de Valores fará públicas as opinións expresadas con ocasión da dita consulta e o tratamento adoptado.

C) Titulizacións distintas das titulizacións de posicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente.

9. Cando as titulizacións o sexan de posicións distintas das posicións retallistas cancelables libre e incondicionalmente sen aviso previo, a entidade orixinadora aplicará os seguintes factores de conversión:

- a) 90 por 100, se se trata de titulizacións de posicións renovables suxeitas a cláusulas de amortización anticipada controladas.
- b) 100 por 100, se se trata de titulizacións de posicións renovables suxeitas a cláusulas de amortización anticipada non controladas.

D. Requisitos, asignación do nivel de calidade crediticia e uso das cualificacións crediticias externas no ámbito da titulización.

Artigo 114. *Requisitos das cualificacións crediticias externas.*

1. As cualificacións crediticias efectuadas polas axencias de cualificación externa (ECAI) só poderán ser utilizadas para a determinación da ponderación de risco aplicable ás posicións de titulización de conformidade co disposto no número 2 do artigo 108 cando a ECAI que as efectuase fose recoñecida previamente como elixible para eses fins pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, denominándose no sucesivo «ECAI elixible», e as referidas cualificacións cumpran os seguintes requisitos de credibilidade e transparencia:

- a) Non exista discordancia entre os tipos de pagamentos reflectidos na cualificación crediticia externa e os tipos de pagamentos a que ten dereito a entidade consonte o contrato que dá lugar ás posicións de titulización.
- b) As cualificacións crediticias externas estean publicamente dispoñibles para o mercado. Entenderase, para estes efectos, que as cualificacións de crédito están publicamente dispoñibles, se están publicadas nun foro accesible ao público en xeral e incluídas na matriz de transición da ECAI. As cualificacións de crédito que se poñan á disposición dun número limitado de entidades non se considerarán publicamente dispoñibles.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores só poderá recoñecer unha ECAI como elixible, para efectos do disposto no punto anterior, se considera que cumpre os requisitos exixidos no capítulo III, sobre risco de crédito, e que posúe unha capacidade demostrada no campo da titulización, o que se poderá pór de manifesto pola súa ampla aceptación no mercado.

3. Cando unha ECAI fose recoñecida como elixible polas autoridades competentes dun Estado membro da Unión Europea para os efectos do disposto no número 1 deste artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá recoñecer esa ECAI como elixible sen levar a cabo o seu propio proceso de recoñecemento.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores fará pública na súa páxina web unha explicación do proceso de recoñecemento das ECAI, así como unha lista das que sexan elixibles.

Artigo 115. *Proceso de asignación do nivel de calidade crediticia.*

Disposicións xerais.

1. Para os efectos do disposto nos artigos 109 e 110 respecto da ponderación de risco aplicable ás posicións de titulización, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o nivel de calidade crediticia, de entre os previstos nos cadros 1 a 4 contidos nos citados artigos, que se deberá asignar a cada unha das cualificacións crediticias efectuadas por cada unha das ECAI elixibles. Para iso, terá en conta os criterios técnicos establecidos nos números 3 a 6 deste artigo, así como o desenvolvemento que deses factores se realice, de ser o caso, nas guías que sobre o recoñecemento das axencias de cualificación externa publique o Comité Europeo de Supervisores Bancarios (CEBS). As referidas asignacións deberán ser obxectivas e consistentes.

2. No caso de que as autoridades competentes dun estado membro da Unión Europea realizasen o proceso de asignación do nivel de calidade crediticia dunha ECAI consonte o disposto no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá aceptar, mediante decisión individual adoptada caso a caso, a asignación resultante dese proceso sen levar a cabo o seu propio proceso de asignación do nivel de calidade crediticia.

Metodoloxía para o proceso de asignación do nivel de calidade crediticia.

3. A asignación dos niveis de calidade crediticia a que se refire o número 1 deste artigo basearase en factores tanto cuantitativos como cualitativos que permitan reflectir os niveis relativos de risco correspondentes a cada unha das cualificacións crediticias de cada ECAI elixible.

4. Entre os factores cuantitativos a que se refire o número anterior, deberase ter en conta, entre outros, a taxa de non-pagamento e/ou de perdas asociada a todas as posicións de titulización ás que se asigne a mesma cualificación crediticia.

5. Entre os factores cualitativos a que se refire o número 3, deberanse ter en conta, entre outros, a gama de transaccións avaliadas pola ECAI e o significado de cada cualificación crediticia.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores asegurarse de que as posicións de titulización a que, de acordo coas cualificacións crediticias externas das ECAI elixibles, resulte de aplicación a mesma ponderación de risco, estean suxeitas a niveis equivalentes de risco de crédito. Para estes efectos, realizará as modificacións que resulten oportunas nos niveis de calidade asignados ás referidas cualificacións crediticias.

Artigo 116. *Uso das cualificacións crediticias externas.*

1. O uso de cualificacións crediticias efectuadas por unha ECAI elixible para o cálculo das posicións ponderadas por risco de crédito consonte o disposto neste punto deberá ser coherente e acorde co previsto nos números 2 a 6 deste artigo. As cualificacións de crédito non se poderán, en ningún caso, utilizar de maneira selectiva.

2. Cada entidade poderá designar unha ou varias das ECAI elixibles para determinar as ponderacións de risco aplicables ás súas posicións de titulización, que se denominarán no sucesivo «ECAI elixible».

3. Sen prexuízo do disposto nos números 4 e 5 seguintes, a entidade que decida utilizar as cualificacións crediticias efectuadas por unha ECAI elixible para as posicións incluídas nun determinado tramo dunha titulización deberá usar consistentemente as ditas cualificacións para todos os tramos pertencentes a esa mesma titulización, con independencia de que estes últimos se encontren ou non cualificados pola referida ECAI.

4. Cando, para unha posición cualificada, estean dispoñibles dúas cualificacións crediticias realizadas por ECAI elixibles e as ditas cualificacións correspondan a dúas ponderacións de risco diferentes, utilizarase a cualificación crediticia menos favorable.

5. Nos casos en que, para unha posición cualificada, se dispoña de máis de dúas cualificacións crediticias realizadas por ECAI elixibles, utilizaranse as dúas cualificacións crediticias máis favorables. Se as dúas cualificacións máis favorables coinciden, aplicarase a ponderación de risco correspondente a esas cualificacións. Se non coinciden, utilizarase a cualificación crediticia menos favorable das dúas.

6. Nos casos en que se proporcione directamente a un «vehículo de finalidade especial de titulización» unha cobertura do risco de crédito e esa cobertura se reflecta na cualificación crediticia dunha determinada posición realizada por unha ECAI elixible, aplicaranse as seguintes regras:

a) Se a cobertura do risco de crédito é admisible de conformidade co disposto no capítulo V, sobre técnicas de redución do risco de crédito, poderase utilizar a ponderación de risco asociada á referida cualificación crediticia.

b) Se a cobertura non é admisible consonte o disposto no capítulo V, non se poderá recoñecer a cualificación crediticia.

Nos casos en que a cobertura do risco de crédito se proporcione directamente a unha determinada posición de titulización, non se recoñecerá a cualificación crediticia.

CAPÍTULO VII

Exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio

Artigo 117. *Criterios xerais.*

1. As entidades calcularán as súas exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio mediante o método descrito neste capítulo. Non obstante, poderán substituír o mencionado método por modelos internos para a totalidade ou para un conxunto de posicións en divisas.

2. As entidades que operen en divisas ou en ouro deberán dispoñer de políticas e procedementos adecuados, establecendo os órganos de administración límites claramente definidos aos riscos asumidos por tipo de cambio. En particular, deberán contar con sistemas de medición e información, apropiados ao seu nivel de actividade, para a xestión, control e seguimento destes.

Artigo 118. *Cálculo da posición en divisas e ouro.*

1. A posición neta nunha divisa ou en ouro determinarase, cando as posicións sexan compensables tal como se establece no artigo seguinte, pola agregación en cada divisa, tendo en conta o seu signo positivo se se trata de activos ou contas a cobrar ou negativo, se se trata de pasivos ou contas a pagar, dos seguintes conceptos:

a) Posición neta de contado. Resultado da suma de todos os importes do activo menos todos os do pasivo, incluídos os procedentes da valoración de derivados e os xuros devengados non vencidos. Se se trata de ouro, a posición neta de contado en ouro.

b) Posición neta a prazo. Resultado da suma de todos os importes pendentes de cobramento menos todos os importes que se deban pagar, derivados de operacións a prazo sobre divisas e ouro, incluídos os futuros sobre divisas e ouro e o principal das permutas financeiras sobre divisas que non formen parte da posición de contado.

c) As garantías irrevogables outorgadas e instrumentos similares incluíranse cando se considere moi probable a súa execución e sexa pouco probable a súa recuperación.

d) Os gastos futuros e ingresos netos non devengados non asentados contablemente incluíranse, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, se o seu risco de tipo de cambio está plenamente cuberto mediante operacións claramente identificadas e a súa inclusión se realiza conforme a procedemento previamente establecido.

e) Equivalente do delta neto, ou baseado no delta, do total da carteira de opcións sobre divisas e ouro. O equivalente do delta para unha opción será o resultado de multiplicar o importe do subxacente da opción polo factor que mide a variación no seu prezo como consecuencia dun cambio no prezo do subxacente (delta).

2. Denominarase posición neta longa nunha divisa ou ouro aquela en que o resultado da agregación dos conceptos recollidos no número 1 anterior sexa positiva, e posición neta curta aquela en que a agregación sexa negativa.

3. Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, todas as posicións que unha entidade adoptase deliberadamente co fin de se protexer contra os efectos adversos do tipo de cambio sobre os seus recursos propios poderanse excluír do cálculo das posicións abertas netas en divisas, sempre que as ditas posicións teñan carácter estrutural e non sexan de negociación. Sempre que se cumpran as condicións indicadas máis arriba, poderase aplicar o mesmo tratamento ás posicións que manteña unha entidade en relación con partidas deducidas dos seus recursos propios.

4. Para os efectos do cálculo da posición en divisas ou ouro das participacións en institucións de investimento colectivo consideraranse as seguintes normas:

a) Cando sexan coñecidas as posicións reais en divisas ou ouro das IIC, ben directamente ou ben a través de terceiros contrastados, utilizaranse as ditas posicións.

b) Se unha entidade descoñece as posicións en divisas nunha IIC, asumírase que a IIC inviste até o nivel de investimento máximo permitido consonte os seus estatutos, considerando para as posicións mantidas na carteira de negociación o risco indirecto máximo que poderían alcanzar ao tomar posicións apañadas, mediante o incremento proporcional da posición neta en divisas até a posición máxima que poderían alcanzar os elementos de investimento subxacentes resultantes dos seus estatutos.

c) A posición en divisas estimada da IIC tratarase como divisa independente (divisa instrumental) consonte o tratamento dos investimentos en ouro.

5. Para o cálculo das posicións netas en cada divisa e ouro as entidades poderán agregar os conceptos relacionados no número 1 deste artigo descontados aos tipos de xuro aplicables a cada divisa e prazo. Para poder utilizar os valores actuais mencionados neste número as entidades deberán contar coa capacidade técnica e os procedementos adecuados, que deberán ser consistentes no tempo.

6. As posicións netas mantidas nunha divisa composta poderanse desagregar, proporcionalmente á súa composición, entre as distintas divisas que a compoñan.

7. As posicións netas en cada divisa, distinta do euro, e o ouro converteranse a euros utilizando o tipo de cambio de contado.

Artigo 119. *Normas de compensación.*

1. Terán a consideración de posicións compensables entre si, nunha divisa, as posicións rexistradas nunha mesma entidade consolidada, así como as rexistradas noutras entidades consolidadas que se encontren libres de restricións legais, estatutarias ou doutro tipo que impidan o outorgamento de apoios crediticios ou garantías persoais, sempre que cumpran as seguintes condicións:

a) Que sexan empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito rexistradas na Unión Europea que cumpran a nivel individual as exixencias de recursos propios a que estean suxeitas.

b) Que sexan empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito rexistradas en países terceiros suxeitas a exixencias de recursos propios equivalentes e cumpran con estas exixencias. Neste caso, será imprescindible a ausencia de restricións nacionais á transferencia de fondos ao exterior.

2. En caso de posicións en divisas ou ouro que non sexan compensables, segundo o previsto no número 1 anterior, a posición neta nunha divisa calcularase da seguinte forma:

a) Agregaranse as posicións da entidade, descritas no número 1 do artigo 118, que sexan compensables entre si.

b) Obterase a posición neta de cada conxunto de posicións, longa ou curta.

c) Agregaranse, por un lado, as posicións netas longas e, por outro lado, as posicións netas curtas. A posición neta nunha divisa ou ouro poderá ter, nestes casos, simultaneamente ambas as posicións, longa e curta.

Artigo 120. *Cálculo das exixencias de recursos propios.*

As exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio serán do 8 por 100 da suma, sen considerar o seu signo positivo ou negativo, das seguintes posicións:

a) Posición global neta en divisas. A posición global neta será a maior dos seguintes conceptos: a suma de posicións netas longas ou a suma de posicións netas curtas en todas e cada unha das divisas, incluídas as divisas instrumentais.

b) Posición global neta en ouro. Igualmente, só se considerará a maior das posicións netas longas ou curtas.

c) Posicións globais netas en cada unha das divisas instrumentais. Para cada divisa instrumental asociada a participacións en IIC, cuxo tratamento se equipare ao do ouro, a posición global neta na respectiva divisa instrumental será a maior das posicións netas longas ou curtas en cada divisa instrumental.

CAPÍTULO VIII

Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas

Artigo 121. *Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas. Cálculo das exixencias de recursos propios.*

1. A posición nunha materia prima incluírá a tenza desta e os derivados que a teñan como subxacente, como os contratos de futuros financeiros, as opcións, certificados de opción de compra etc.

Para o cálculo da posición nunha materia prima teranse en conta tanto as posicións clasificadas de carteira de negociación como as alleas a ela.

2. Toda posición en materias primas ou derivados sobre materias primas, incluídos os metais preciosos, pero excluído o ouro, se expresará consonte a unidade de medida estándar (quilos, barrís etc). O prezo de contado de cada unha das materias primas expresarase na moeda de referencia, converténdose, de ser o caso, á moeda funcional e posteriormente a euros de acordo coas normas contables establecidas na Circular 7/2008, da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As posicións en ouro ou en derivados sobre ouro consideraranse suxeitas a risco de tipo de cambio e trataranse consonte o previsto no capítulo VII sobre risco de tipo de cambio ou nos artigos 26, 27 e 28 sobre modelos internos, segundo os casos, para os efectos do cálculo do risco de mercado.

4. Para efectos deste artigo, as posicións que sexan meramente de financiamento de existencias poderanse excluír do cálculo do risco sobre materias primas. Enténdese por financiamento de existencias as posicións resultantes da venda a prazo de materias primas e do bloqueo do custo de financiamento até a data da súa venda a prazo.

5. Os riscos de tipo de xuro e de cambio non previstos noutras disposicións deste artigo incluíranse no cálculo do risco xeral dos instrumentos de débeda negociables e no do risco de tipo cambio.

6. Cando a posición curta nunha materia prima venza antes que a posición longa sobre a ela, as entidades deberanse cubrir contra o risco de illiquidez, que se pode presentar nalgúns mercados.

7. O importe polo que as posicións longas, ou curtas, dunha entidade superen as posicións curtas, ou longas, nunha mesma materia prima ou en idénticos contratos de derivados sobre ela constituirá a posición neta longa, ou curta, da entidade en cada unha das materias primas.

8. Poderanse considerar como posicións na mesma materia prima as seguintes posicións:

a) Posicións en distintas subcategorías de materias primas cando se poidan entregar unhas por outras.

b) Posicións en materias primas análogas se constitúen substitutos próximos e se se pode establecer con claridade unha correlación mínima de 0,9 entre movementos de prezos durante un período mínimo dun ano.

Artigo 122. *Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas. Instrumentos concretos.*

1. Os contratos de futuro sobre materias primas e os compromisos de compra e venda de materias primas individuais a prazo incorporaranse ao sistema de cálculo como

importes nocionais expresados na unidade de medida estándar e asignaráselles un vencemento con referencia á súa data de expiración.

2. As permutas financeiras de materias primas, en que unha parte da transacción sexa un prezo fixo e a outra o prezo actual de mercado, serán posicións longas se a entidade paga un prezo fixo e recibe un prezo variable, ou posicións curtas se a entidade recibe un prezo fixo e paga un prezo variable.

Estas permutas incorporaranse ao sistema de escalas de vencementos, que se define máis adiante, como unha serie de posicións igual ao importe nocional do contrato, de maneira que cada posición corresponda a un pagamento da dita permuta e se consigne no seu correspondente lugar na escala de vencementos que figura no cadro 1. Para efectos do sistema de escalas de vencementos, as permutas financeiras en que se intercambian materias primas diferentes deberanse consignar, para cada materia prima, na banda correspondente.

3. As opcións sobre materias primas e os certificados de opción de compra (warrants) sobre elas consideraranse posicións cun valor equivalente ao importe da materia prima subxacente a que a opción está vinculada, multiplicadas polo seu delta (factor que mide a variación do prezo da opción como consecuencia dun cambio no prezo do subxacente). Poderanse compensar estas últimas posicións con calquera posición simétrica mantida nas materias primas subxacentes ou derivados sobre materias primas idénticos. Deberase empregar o delta do mercado organizado de que se trate ou o delta calculado pola propia entidade.

As entidades deberanse cubrir fronte aos demais riscos, á parte do risco de delta, inherentes ás opcións sobre materias primas.

4. A entidade que ceda as materias primas ou os dereitos garantidos relativos á titularidade das materias primas, nun pacto de recompra, e a entidade que preste as materias primas, nun pacto de préstamo de materias primas, incluírán as ditas materias primas no cálculo das súas exixencias de recursos propios consonte este artigo.

A. Sistema de vencementos.

5. A entidade utilizará para cada materia prima unha escala de vencementos independente, seguindo o cadro 1. Todas as posicións na dita materia prima e todas as posicións consideradas posicións na mesma materia prima, conforme o número 8 do artigo 121, serán consignadas nas bandas de vencementos correspondentes. As existencias materiais consignaranse na primeira banda de vencementos.

Cadro 1

Banda de vencementos	% Taxa diferencial
0 ≤ 1 mes	1,50
>1 ≤ 3 meses	1,50
>3 ≤ 6 meses	1,50
>6 ≤ 12 meses	1,50
>1 ≤ 2 anos	1,50
>2 ≤ 3 anos	1,50
máis de 3 anos	1,50

As posicións que sexan ou se consideren, como posicións na mesma materia prima, poderanse compensar e consignar na banda de vencementos correspondente con valor neto, nos seguintes casos:

- As posicións en contratos que venzan na mesma data, e
- As posicións en contratos cuxos vencementos disten menos de dez días entre si, no caso de que os contratos se negocien en mercados que teñan datas de entrega diarias.

6. A continuación, a entidade efectuará, para cada banda de vencementos, a suma das posicións longas e a das posicións curtas. A posición compensada, en valor absoluto, da banda será a menor de ambas, mentres que a posición non compensada da dita banda, longa ou curta conservando o seu signo, será a diferenza entre a suma das posicións longas e a suma das posicións curtas da dita banda.

7. Posteriormente, tratarase de compensar as posicións non compensadas, longas ou curtas, dunha banda de vencementos coas doutra máis distante para calcular a posición compensada entre dúas bandas de vencementos, en valor absoluto. A parte da posición non compensada dunha banda que non teña contrapartida noutra constituirá a posición residual non compensada entre bandas, en valor absoluto.

8. As exixencias de recursos propios calcularanse sumando:

a) O total das posicións compensadas de cada banda de vencementos, multiplicado pola taxa diferencial correspondente, segundo figura no cadro 1 do número 5, para cada banda de vencementos, e polo prezo de contado da materia prima de que se trate.

b) A posición compensada entre dúas bandas de vencementos, por cada banda de vencementos a que se traspase unha posición non compensada, multiplicada por 0,6 % (taxa de mantemento) e polo prezo de contado da materia prima.

c) As posicións residuais non compensadas, multiplicadas por 15% (taxa íntegra) e polo prezo de contado da materia prima.

9. As exixencias xerais para a cobertura do risco sobre materias primas calcularanse sumando as exixencias de recursos propios calculadas para cada materia prima consonte o disposto no número 8 anterior.

B. Método simplificado.

As exixencias de recursos propios calcularanse sumando:

a) O 15 por 100 da posición neta, longa ou curta, en cada materia prima, multiplicado polo prezo de contado desta.

b) O 3 por 100 da posición bruta, longa máis curta, en cada materia prima, multiplicado polo prezo de contado desta.

As exixencias xerais para a cobertura do risco sobre materias primas calcularanse sumando as exixencias de recursos propios calculadas para cada materia prima consonte o disposto no parágrafo anterior.

C. Sistema de escala de vencementos ampliado.

Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades poderán utilizar as taxas mínimas diferenciais, de mantemento e íntegras que se indican no cadro 2 seguinte, en lugar das mencionadas nos puntos anteriores deste artigo, sempre que as entidades:

a) Negocien un volume significativo de materias primas.

b) Conten cunha carteira de materias primas diversificada.

c) Non se encontren aínda en situación de utilizar modelos internos para os efectos do cálculo das exixencias de recursos propios respecto do risco de materias primas, consonte os artigos 26,27 e 28 do capítulo II sobre modelos internos.

Cadro 2

%	Metais preciosos, excepto o ouro	Metais básicos	Produtos agrícolas (brandos)	Outros, incluídos os produtos enerxéticos
Taxa diferencial.	1,0	1,2	1,5	1,5
Taxa de transferencia.	0,3	0,5	0,6	0,6

%	Metais preciosos, excepto o ouro	Metais básicos	Produtos agrícolas (brandos)	Outros, incluídos os produtos enerxéticos
Taxa íntegra	8	10	12	15

CAPÍTULO IX

Exixencias de recursos propios por risco operacional**Artigo 123. Consideracións.**

As empresas de servizos de investimento ou, de ser o caso, os grupos consolidables a que sexa aplicable a exixencia recursos propios por risco operacional deberán manter un volume suficiente de recursos propios computables para cubrir o seu risco operacional consonte os métodos definidos neste capítulo. A exixencia de recursos propios a que se refire este artigo calcularase sobre a base da súa posición financeira individual ou consolidada respectivamente.

MÉTODO DO INDICADOR BÁSICO**Artigo 124. Requirimentos de recursos propios.**

Os requirimentos de recursos propios calculados segundo o método do indicador básico serán do 15 por 100 do indicador, calculado como media anual ao longo de tres exercicios, da suma dos ingresos netos por xuros e os ingresos netos non correspondentes a xuros, tal como figuran no artigo 125 seguinte.

A media de tres exercicios calcularase sobre a base das contas de resultados, individuais da entidade ou consolidados do grupo, dos tres últimos exercicios financeiros completos na data de referencia da declaración. Cando a entidade ou grupo non completase un exercicio tomaranse como base de cálculo as cifras previstas no seu plan de negocios e, cando non se dispoña de cifras auditadas, poderanse utilizar estimacións razoables convenientemente xustificadas e documentadas.

Se, para algunha observación concreta, a suma dos ingresos netos por xuros e os ingresos netos non correspondentes a xuros é negativa ou igual a cero, esta cifra non se terá en conta no cálculo da media de tres anos. O indicador básico calcularase como a suma de importes positivos dividido polo número de cifras positivas.

As entidades ou grupos que apliquen o método do indicador básico deberán rexistrar e comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as perdas brutas por risco operacional que superen o limiar que, de ser o caso, se establecese internamente e, en todo caso, as que superen o 1 por 100 dos seus recursos propios, identificando, entre outras características, o tipo de evento de perda por risco operacional, de acordo co artigo 138.

Artigo 125. Compoñentes do indicador de risco operacional

Tomando como base nas categorías contables da conta de perdas e ganancias, individual, de conformidade coa Circular 7/2008, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, os compoñentes do indicador básico que se agregarán, co seu signo positivo ou negativo, son:

Cadro 1

+1	Haber. Xuros, dividendos e rendementos asimilados de activos financeiros
-1	Debe. Xuros e cargas asimiladas dos pasivos financeiros
+2	Haber. Comisións percibidas
-2	Debe. Comisións e corretaxes satisfeitas
+3	Haber. Ganancias en investimentos financeiros
-3	Debe. Perdas en investimentos financeiros
+5	Haber. Ganancias por diferenzas de cambio
-5	Debe. Perdas por diferenzas de cambio
+9	Haber. Outras ganancias

A suma dos conceptos detallados no cadro 1 anterior incluírase no estado RP41, aplicándolle o coeficiente do 15 por 100, mencionado no artigo 124, para obter así a existencia de recursos propios por risco operacional a nivel individual.

Para os efectos desta existencia por risco operacional en base consolidada consideraranse os mesmos conceptos, detallados no cadro 1 anterior, que se deduzan da súa conta de resultados consolidada.

Artigo 126. Excepcións no cálculo de existencias de recursos propios.

Os compoñentes do indicador básico descritos no artigo anterior son brutos e, polo tanto, non incorporan deducións por provisións e gastos de explotación, incluíndo entre estes últimos os honorarios aboados por servizos externos prestados por terceiros. Non obstante, no caso das declaracións individuais de entidades españolas incluídas nun grupo, poderanse deducir eses honorarios pagados a entidades que estean consolidadas globalmente no grupo, reducindo proporcionalmente a dita dedución se a integración for proporcional. Tamén se poderán deducir os gastos ocasionados pola externalización de servizos prestados por terceiros sometidos a requirimentos de solvencia equivalentes.

Os seguintes elementos non se incluírán entre os compoñentes do indicador básico por risco operacional:

- a) Beneficios ou perdas realizados da venda de elementos non incluídos na carteira de negociación.
- b) Ingresos procedentes de partidas extraordinarias ou excepcionais.
- c) Ingresos derivados da cobertura do risco operacional por seguros e outros mecanismos de transferencia de risco operacional.

MÉTODO ESTÁNDAR

Artigo 127. Requirimentos de recursos propios.

As empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables poderán aplicar, logo de solicitude á Comisión Nacional do Mercado de Valores, o método estándar baseado en liñas de negocio. Na solicitude detallarase, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 128, 129 e 130 deste capítulo, a segmentación de actividades e os compoñentes dos ingresos relevantes para cada liña de negocio.

Para poder aplicar o método estándar, as empresas de servizos de investimento ou os seus grupos consolidables, a que sexa aplicable a existencia recursos propios por risco operacional deberán cumprir os criterios establecidos neste artigo e seguintes. Para iso, dividirán as súas actividades en liñas de negocio e aplicarán os coeficientes que se detallan no artigo 128.

Os requirimentos de recursos propios segundo o método estándar calcularanse como a media simple, ao longo dos tres últimos exercicios, da agregación dos requirimentos teóricos de capital de cada liña de negocio en cada ano. Un requirimento teórico de

recursos propios negativo nunha liña de negocio, resultante dun indicador de risco operacional negativo nesa liña de negocio, poderase compensar por enteiro anualmente cos requirimentos teóricos das restantes liñas de negocio. Porén, se a agregación dos requirimentos teóricos de recursos propios de todas as liñas de negocio nun determinado ano resulta negativa, a dita agregación tomará o valor cero para o dito ano.

A expresión matemática destes requirimentos de recursos propios é:

$$\{\sum \text{anos } 1-3 \max[\sum(GI1-6 \times \beta 1-6), 0]\} / 3$$

Onde:

GI1-6 = indicadores de risco operacional de cada liña de negocio cos seus correspondentes signos (+/-). Suma dos ingresos netos por xuros e os ingresos netos non correspondentes a xuros para cada liña de negocio.

$\beta 1-6$ = porcentaxes sinaladas para cada liña de negocio no artigo seguinte.

Os indicadores de risco operacional de cada liña de negocio en cada ano determinarase sobre a base das respectivas contas de resultados, da empresa de servizos de investimento ou grupo, nos tres últimos exercicios financeiros completos na data de referencia da declaración. Cando non se completase un exercicio completo, servirán de base de cálculo os datos incluídos no seu plan de negocio e, cando non se dispoña de cifras auditadas, poderanse utilizar estimacións razoables convenientemente xustificadas e documentadas.

Artigo 128. *Liñas de negocio, porcentaxes de requirimentos de capital e listas de actividades.*

As actividades e os seus correspondentes saldos e resultados asignaranse ás seguintes liñas de negocio, para as que se indica a porcentaxe de requirimentos de capital aplicable ao indicador de risco operacional, así como as actividades que normalmente integran cada liña de negocio:

Liña de negocio	Lista de actividades	Porcentaxe
Financiamento empresarial.	Subscrición de instrumentos financeiros ou colocación de instrumentos financeiros, asegurándoas. Servizos relacionados coas operacións de subscrición. Asesoramento en materia de investimento. Asesoramento a empresas en materia de estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, e asesoramento e servizos relacionados coas fusións e a adquisición de empresas. Estudos de investimentos e análise financeira e outras formas de recomendación xeral relacionadas coas operacións en instrumentos financeiros.	18%
Negociación e vendas.	Negociación por conta propia. Intermediación no mercado de diñeiro. Recepción e transmisión de ordes de clientes en relación cun ou máis instrumentos financeiros. Execución de ordes en nome de clientes. Colocación de instrumentos financeiros sen unha base firme de compromiso. Xestión de sistemas de negociación multilateral.	18%
Intermediación retalista.	Recepción e transmisión de ordes de clientes en relación cun ou máis instrumentos financeiros. Execución de ordes en nome de clientes. Colocación de instrumentos financeiros, sen asegurala.	12%
Banca comercial.	Aceptación de depósitos e outros fondos reembolsables do público. Préstamos. Arrendamento financeiro. Garantías persoais e compromisos.	15%
Banca retalista.	Aceptación de depósitos e outros fondos reembolsables do público. Préstamos. Arrendamento financeiro. Garantías persoais e compromisos.	12%
Pagamento e liquidación.	Operacións de pagamento. Emisión e administración de medios de pagamento.	18%

Liña de negocio	Lista de actividades	Porcentaxe
Servizos de axencia.	Custodia e administración de instrumentos financeiros por conta de clientes, incluídos o depósito e servizos conexas como a xestión de efectivo e de garantías reais.	15%
Xestión de activos.	Xestión de carteiras. Xestión de OICVM. Outras formas de xestión de activos.	12%

Artigo 129. *Procedementos para o emprego do método estándar.*

As empresas de servizos de investimento e os grupos consolidables destas, a que sexan de aplicación as exixencias de recursos propios por risco operacional, deberán desenvolver e documentar políticas e criterios específicos para a asignación das súas actividades e os compoñentes dos indicadores de risco operacional ás respectivas liñas de negocio.

Os criterios deberanse revisar e axustar, segundo o caso, para actividades económicas e riscos novos ou para os cambios resultantes da súa evolución. Os principios para a dita asignación son:

a) Todas as actividades se deberán asignar ás liñas de negocio de maneira que a cada unha das actividades lle corresponda unha soa liña de negocio e non permaneza ningunha actividade sen asignar.

b) Calquera actividade que non se poida asignar con facilidade ao marco das liñas de negocio, pero que represente unha función auxiliar a unha actividade incluída no dito marco, deberá ser asignada á liña de negocio a que preste apoio. Se a actividade auxiliar presta apoio a máis dunha liña de negocio, deberase utilizar un criterio de asignación obxectivo.

c) Se unha actividade non pode ser asignada a unha determinada liña de negocio, deberase utilizar a liña de negocio que xere a porcentaxe máis elevada. Calquera actividade auxiliar asociada tamén se deberá asignar a esa liña de negocio.

d) As entidades poderán utilizar métodos internos de avaliación para determinar o indicador de risco operacional en cada liña de negocio. Os ingresos ou custos xerados nunha liña de negocio que sexan imputables a unha liña de negocio distinta deberanse reasignar á liña de negocio a que pertencen.

e) Os procedementos para levar a cabo a dita imputación deberán estar convenientemente aprobados, documentados, actualizados e integrados nos sistemas de xestión interna da entidade ou grupo.

f) Os parámetros financeiros que se utilizarán serán razoables e non afastados das condicións de mercado. Os procedementos aplicaranse consistentemente en cada momento e ao longo do tempo.

g) A asignación de actividades en liñas de negocio, para os efectos das exixencias de recursos por risco operacional, deberá ser coherente coas categorías utilizadas para os riscos de crédito e de mercado.

h) A alta dirección será responsable da política de asignación baixo o control dos órganos directivos da entidade ou do grupo.

i) O proceso de asignación a liñas de negocio deberase someter a exame independente.

As entidades ou grupos que apliquen o método estándar non volverán aplicar o método do indicador básico, salvo por motivos xustificadas e logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 130. *Requisitos para a utilización do método estándar.*

A entidade ou grupo consolidable deberá cumprir, ademais das normas xerais de xestión de riscos e de goberno corporativo adecuadas, os requisitos enumerados a seguir. O cumprimento daquelas normas xerais e destes requisitos determinarase en función do tamaño e a escala das actividades da entidade ou grupo e do principio de proporcionalidade.

Requisitos:

a) Contarán cun sistema de avaliación e xestión ben documentado para o risco operacional, con responsabilidades claras asignadas para este sistema. O sistema identificará as posicións suxeitas a risco operacional e rexistrará os datos sobre o risco operacional pertinentes, incluídos os datos das perdas importantes e, en todo caso, os daquelas que superen un millón de euros ou o 1 por 100 dos recursos propios da entidade ou grupo, identificando, ademais, o tipo de evento de risco operacional. Este sistema será obxecto dun estudo independente de forma regular.

b) O sistema de avaliación do risco operacional deberá estar perfectamente integrado nos procesos de xestión de riscos. Os resultados que proporcione o dito sistema deberanse utilizar activamente no proceso de seguimento e control do perfil de risco operacional.

c) Contarán cun sistema de elaboración de informes de xestión que facilite informes sobre o risco operacional a funcións pertinentes dentro da entidade ou grupo e con procedementos que permitan adoptar as accións necesarias a teor da información contida nestes informes de xestión.

MÉTODOS AVANZADOS

Artigo 131. *Requisitos para a utilización de métodos avanzados.*

As empresas de servizos de investimento ou os seus grupos poderán empregar métodos avanzados de medición baseados nos seus propios sistemas de medición do risco operacional, sempre e cando o soliciten e a Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobe o uso dos correspondentes modelos co fin de calcular os requirimentos de recursos propios. Para iso, deberán demostrar que cumpren os requisitos recollidos neste capítulo, así como os xerais de xestión de riscos que figuran no capítulo II sobre modelos internos. A solicitude de utilización de métodos avanzados de medición incluírá, cando sexa de aplicación, unha descrición da metodoloxía utilizada para asignar os requirimentos de recursos propios por risco operacional entre as diversas entidades do grupo e, de ser o caso, unha descrición de como se incorporan os efectos da diversificación.

Cando un método avanzado de medición vaia ser aplicado por unha empresa de servizos de investimento e as súas filiais a nivel consolidado e individual, ou por unha empresa de servizos de investimento e a súa matriz na Unión Europea ou outras filiais desa matriz, a Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará, de ser o caso, coas outras autoridades competentes nacionais ou da Unión Europea afectadas. A dita cooperación, no relativo aos aspectos recollidos neste punto, rexerá polo sinalado no capítulo III.

Cando un método avanzado de medición vaia ser aplicado de maneira unificada con aplicación de procedementos de asignación por unha empresa de servizos de investimento e as súas filiais a nivel consolidado e individual, ou por unha empresa de servizos de investimento e a súa matriz na Unión Europea ou outras filiais desa matriz, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá avaliar conxuntamente o cumprimento dos requisitos establecidos neste capítulo por parte da entidade matriz e as súas filiais.

Artigo 132. *Requisitos cualitativos para a aplicación de métodos avanzados.*

1. O sistema interno de cálculo do risco operacional estará perfectamente integrado nos procesos habituais de xestión de riscos.

2. Deberá contar cunha función de xestión de riscos independente para o risco operacional.

3. O sistema de xestión do risco operacional deberá:

a) Estar adecuadamente documentado.

b) Incorporar os mecanismos de divulgación periódica de información sobre a exposición ao risco operacional e do historial de perdas.

c) Establecer os procedementos para adoptar as medidas correctivas apropiadas.

d) Contar con rutinas para garantir o seu oportuno cumprimento, así como das políticas para o tratamento dos incumprimentos.

e) Ser avaliado regularmente, tanto os seus procesos como os seus sistemas de cálculo, por auditores internos, externos ou ambos.

4. A validación do sistema de cálculo do risco operacional por parte das autoridades competentes incluírá a comprobación dos seguintes elementos:

a) O bo funcionamento dos procesos de validación interna.

b) A transparencia e accesibilidade do fluxo de datos asociados ao sistema de cálculo do risco e do seu procesamento.

Artigo 133. *Requisitos cuantitativos para a aplicación de métodos avanzados.*

Calcularanse os requirimentos de recursos propios incluíndo tanto a perda esperada como a perda non esperada, a menos que se poida demostrar que a perda esperada está adecuadamente cuberta nas súas prácticas empresariais internas. O cálculo do risco operacional deberá recoller acontecementos potencialmente graves que afecten as colas da distribución de probabilidade, alcanzando un grao de verosimilitude comparable a un intervalo de confianza do 99,9 por 100 no horizonte dun ano.

O sistema de cálculo do risco operacional deberá ter certos elementos clave para cumprir co grao de verosimilitude mencionado. Estes elementos deberán incluír a utilización de datos internos, datos externos, análises de escenarios hipotéticos e factores que reflectan o contorno do negocio e os sistemas de control interno segundo o establecido neste capítulo. Deberá ter unha proposta ben documentada para ponderar o uso destes catro elementos no seu sistema global de cálculo do risco operacional.

O sistema de cálculo do risco recollerá os principais condicionantes do risco que inflúan na forma das colas da distribución das estimacións de perda.

As correlacións entre perdas por risco operacional só se poden recoñecer se a empresa de servizos de investimento ou grupo pode demostrar que os seus sistemas para medir as ditas correlacións son adecuados, se aplican con integridade e teñen en conta a incerteza que rodea estas estimacións de correlación, particularmente en períodos de tensión. Periodicamente, a empresa de servizos de investimento ou grupo deberá validar os supostos de correlación aplicados utilizando técnicas cuantitativas e cualitativas apropiadas.

O sistema de cálculo do risco terá coherencia interna e evitará a consideración de aspectos cualitativos ou de técnicas de atenuación do risco que fosen tidos en conta no cálculo dos requirimentos de recursos propios segundo o establecido noutros capítulos desta circular.

Artigo 134. *Datos internos de perdas por risco operacional.*

As estimacións do risco operacional xeradas internamente basearase nun período histórico mínimo de observación de cinco anos, que se poderá reducir a tres anos cando se comece a utilizar un método avanzado de medición.

Deberá poder asignar o seu historial de datos internos de perdas ás liñas de negocio definidas no artigo 128 e aos tipos de eventos definidos no artigo 138, e estar en condicións de facilitar estes datos á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando esta llo requira. Deberá contar con criterios obxectivos e documentados para a asignación das perdas ás liñas de negocio e aos tipos de eventos especificados. As perdas por risco operacional que estean relacionadas co risco de crédito e historicamente se inclúsen nas bases de datos internas de risco de crédito deberanse rexistrar nas bases de datos de risco operacional e identificarse por separado. Estas perdas non estarán suxeitas aos requirimentos de recursos propios por risco operacional, sempre que sigan tratándose como risco de crédito para calcular os requirimentos de recursos propios mínimos. Polo contrario, si estarán suxeitas aos ditos requirimentos as perdas por risco operacional que estean relacionadas con riscos de mercado.

Os datos internos de perdas da empresa de servizos de investimento ou grupo deberán ser completos e incluír a totalidade das actividades e posicións importantes de todos os subsistemas e localizacións xeográficas pertinentes. Só se poderán excluír as actividades ou posicións que, tanto de forma individual como conxunta, non terían un efecto importante sobre as estimacións xerais de risco operacional. Para iso, deberanse definir límites de perdas mínimos apropiados para a recompilación de datos internos de perdas por risco operacional.

Á parte da información sobre perdas brutas, deberase recompilar información sobre a data do evento, calquera recuperación con respecto aos importes brutos das perdas, así como información de carácter descritivo sobre os factores desencadeantes ou as causas do evento que dá lugar á perda.

Haberá criterios específicos para a asignación de datos de perdas procedentes de eventos sucedidos nunha unidade centralizada ou nunha actividade que inclúa máis dunha liña de negocio, así como os procedentes de eventos relacionados ao longo do tempo.

Deberán contar con procedementos documentados para avaliar en todo momento a relevancia dos datos históricos de perdas, considerando situacións en que se utilicen excepcións discrecionais, axustes de proporcionalidade ou outro tipo de axustes, así como o grao en que se poidan utilizar e o persoal autorizado para tomar esas decisións.

Artigo 135. Datos externos de perdas por risco operacional.

O sistema para a estimación do risco operacional utilizará datos externos pertinentes, especialmente cando existan razóns para crer que poidan supoñer perdas potencialmente importantes, aínda que infrecuentes. Por iso, deberase contar cun proceso sistemático para determinar as situacións para as cales se deben utilizar datos externos e as metodoloxías utilizadas para incorporalos no sistema de cálculo. As condicións e prácticas para utilizar os datos externos deberán ser regularmente revisadas, documentadas e sometidas a revisión independente.

Deberanse utilizar análises de escenarios baseadas en ditames de expertos xunto con datos externos, co obxecto de avaliar a súa exposición a eventos xeradores de perdas moi graves. Co obxecto de garantir o seu carácter razoable, estes resultados teranse que validar e reavaliar ao longo do tempo mediante a súa comparación co historial de perdas efectivas.

Artigo 136. Factores relacionados co contorno de negocio e co control interno.

A metodoloxía de avaliación do risco aplicada ao conxunto de posicións da empresa de servizos de investimento ou grupo deberá identificar os factores básicos do seu contorno de negocio e do seu control interno que poidan modificar o seu perfil de risco operacional.

A elección de cada factor deberase xustificar polo seu papel de xerador significativo de risco, a partir da experiencia e da opinión experta do persoal das áreas de negocio afectadas.

Deberase razoar adecuadamente a sensibilidade das estimacións de risco ante variacións dos factores e a ponderación relativa dos diversos factores. Ademais de identificar as variacións do risco debidas a melloras dos controis de riscos, a metodoloxía tamén deberá sinalar incrementos potenciais do risco atribuíbles a unha maior complexidade das actividades ou a un volume de negocios máis elevado.

Esta metodoloxía deberá estar documentada e supeditada a unha revisión independente por parte da empresa de servizos de investimento ou grupo e da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Ao longo do tempo, o proceso e os resultados obtidos deberanse validar e volverse avaliar, comparándoos co historial interno de perdas efectivas e cos datos externos pertinentes.

Artigo 137. Efecto dos seguros e doutros mecanismos de transferencia do risco.

A empresa de servizos de investimento ou grupo poderá ter en conta os seguros que cubran eventos de risco operacional, axustándose ás condicións establecidas neste artigo,

así como outros mecanismos de transferencia de risco operacional se pode demostrar á Comisión Nacional do Mercado de Valores que se logra reducir as repercusións dos ditos riscos de forma evidente.

O prestador da cobertura do risco operacional debe estar autorizado a prestar o servizo de seguro ou reaseguro e ten que contar cunha cualificación de capacidade de pagamento de sinistros outorgada por unha ECAI elixible pola Comisión Nacional do Mercado de Valores equivalente ou superior á representada polo nivel 3 de calidade crediticia de acordo co establecido no capítulo IV para a ponderación das posicións por risco de crédito.

Para a toma en consideración do seguro como mecanismo de transferencia do risco operacional deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) A póliza de seguro deberá ter unha duración inicial non inferior a un ano. Para pólizas cun prazo residual inferior a un ano, deberanse aplicar os descontos necesarios para reflectir o prazo residual decrecente da póliza, até un desconto completo do 100 por 100 no caso de pólizas cun prazo residual de 90 días ou inferior.

b) A póliza de seguro contará cun período mínimo de aviso previo para a súa cancelación de 90 días.

c) A póliza de seguro non conterá exclusións nin limitacións que condicionen os seus efectos a medidas de supervisión ou que, no caso de quebra, impidan á empresa de servizos de investimento, ao grupo, ao administrador ou ao liquidador recuperar danos e perdas sufridos ou gastos incorridos por estes, excepto no caso de eventos que ocorran unha vez iniciada a recuperación concursal ou a liquidación da entidade tomadora do seguro, sempre que a póliza de seguro poida excluír calquera multa, sanción ou danos punitivos derivados da acción das autoridades competentes.

d) O cálculo da redución do risco deberá reflectir a cobertura mediante seguros dunha maneira que resulte transparente con respecto á probabilidade real e ao efecto da perda que utiliza para determinar en liñas xerais o capital en concepto de risco operacional, e que sexa coherente ao respecto.

e) O prestador de seguro será un terceiro. No caso de seguros contratados mediante sociedades adscritas ou afiliadas á empresa de servizos de investimento ou grupo, a exposición terá que ser cuberta por un terceiro independente, por exemplo unha reaseguradora, que cumpra os criterios do parágrafo segundo deste artigo.

f) A metodoloxía para o recoñecemento dos efectos do seguro estará debidamente razoada e documentada e terá en conta os efectos negativos dos vencementos residuais e prazos de cancelación inferiores a un ano, os desfases existentes e a incerteza do pagamento das pólizas de seguro.

A redución dos requirimentos de recursos propios por risco operacional como consecuencia do recoñecemento dos efectos do seguro e outros mecanismos de transferencia do risco non superará o 20 por 100 daqueles antes do recoñecemento.

Artigo 138. - *Clasificación dos tipos de eventos de perdas por risco operacional.*

Os eventos de perdas por risco operacional clasificaranse de acordo coas seguintes definicións:

a) Fraude interna: perdas derivadas dalgún tipo de actuación encamiñada a cometer fraude, apropiarse de bens indebidamente ou evitar regulacións, leis ou políticas empresariais, excluídos os eventos de diversidade/discriminación, en que se encontra implicada, polo menos, unha parte interna da empresa.

b) Fraude externa: perdas derivadas dalgún tipo de actuación encamiñada a cometer fraude, apropiarse de bens indebidamente ou evitar a lexislación, por parte dun terceiro.

c) Relacións laborais e seguranza no posto de traballo: perdas derivadas de actuacións incompatibles coa lexislación ou acordos laborais sobre hixiene ou seguranza no traballo, do pagamento de reclamacións por danos persoais, ou de casos relacionados coa diversidade/discriminación.

d) Clientes, produtos e prácticas empresariais: perdas derivadas do incumprimento involuntario ou negligente dunha obriga profesional fronte a clientes concretos (incluídos requisitos fiduciarios e de adecuación), ou da natureza ou deseño dun produto.

e) Danos a activos materiais: perdas derivadas de danos ou perdas a activos materiais como consecuencia de desastres naturais ou outros eventos.

f) Incidencias no negocio e fallos nos sistemas: perdas derivadas de incidencias no negocio e de fallos nos sistemas.

g) Execución, entrega e xestión de procesos: perdas derivadas de erros no procesamento de operacións ou na xestión de procesos, así como de relacións con contrapartes comerciais e provedores.

Artigo 139. *Solicitud de utilización dun método avanzado para todo o grupo.*

Cando se pretenda utilizar un método de medición avanzada para o cálculo de exixencias de recursos propios por risco operacional a todo un grupo, deberase obter previamente a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Na referida solicitude de autorización deberase realizar unha descrición detallada da metodoloxía utilizada para asignar os recursos propios ao risco operacional entre as diversas entidades do grupo e, en particular, se existe diversificación de negocios se os sistemas de cálculo de riscos se deberían dividir.

Artigo 140. *Utilización de métodos de forma combinada.*

1. Uso combinado do método do indicador básico e do método estándar.

Unha entidade só poderá utilizar unha combinación do método do indicador básico e do método estándar en circunstancias excepcionais, como a adquisición recente dun novo negocio que pode requirir un período de transición para a extensión do método estándar.

O uso combinado do método do indicador básico e do método estándar estará condicionado a un compromiso por parte da entidade a estender o método estándar dentro dun calendario acordado coa Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Uso dun método de medición avanzada en combinación con outros métodos.

Unha entidade poderá utilizar un método de medición avanzada en combinación co método do indicador básico ou o método estándar, nas seguintes condicións:

a) Que se inclúan todos os riscos operacionais da entidade. A Comisión Nacional do Mercado de Valores non manifesta oposición á metodoloxía utilizada para cubrir diversas actividades, situacións xeográficas, estruturas legais ou outras divisións pertinentes determinadas sobre unha base interna, e

b) Que os criterios de aceptación establecidos nos artigos 131 a 139 se cumpren para a parte de actividades cubertas polo método estándar e os métodos de medición avanzada respectivamente.

c) Que na data de solicitude de utilización de combinada, unha parte significativa dos riscos operacionais se recollen xa mediante métodos de medición avanzada.

d) Que o uso combinado do método estándar e do método de medición avanzada estará condicionado a un compromiso, por parte da entidade, a estender o método de medición avanzada a unha parte importante das súas operacións dentro dun calendario acordado coa Comisión Nacional do Mercado de Valores.

CAPÍTULO X

Supervisión e control de grandes riscos

Artigo 141. *Definición de grandes riscos.*

1. Para os efectos deste capítulo considerarase gran risco o contraído fronte a unha mesma persoa, física ou xurídica, ou grupo, incluso o propio na parte non consolidable, cando o seu valor sexa superior ao 10 por 100 dos seus fondos propios, calculados estes de acordo coa súa definición xeral.

2. As entidades agregarán todos os riscos mencionados no artigo 142 seguinte que se manteñan fronte a:

- a) Unha mesma persoa, física ou xurídica.
- b) Un grupo económico, tal como se define no artigo 42 do Código de comercio. Non obstante, non se considerará grupo económico as empresas controladas pola Administración central ou os seus organismos dependentes.
- c) Empresas non consolidadas do propio grupo económico.

3. Os riscos contraídos fronte a unha persoa física, ou grupo de persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto, que controle unha empresa ou grupo, integraranse cos desa empresa ou grupo.

4. As referencias a persoas realizadas en diante neste capítulo entenderanse feitas tanto a persoas físicas como xurídicas.

5. As entidades controlarán e supervisarán os seus grandes riscos de acordo co previsto neste capítulo.

Artigo 142. *Cálculo das posicións para os efectos de grandes riscos.*

Por posicións, para os efectos deste capítulo, entenderase calquera activo ou partida fóra de balance, sen aplicación de ponderacións de risco nin graos de risco previstos nas disposicións doutros capítulos.

Poderanse excluír desta definición todos os elementos deducidos nun 100 por 100 dos recursos propios.

A posición global fronte a persoas ou grupos relacionados entre si calcularase sumando as posicións que resulten da carteira de negociación e as posicións alleas á dita carteira.

As posicións fronte a persoas ou grupos da carteira de negociación calcularanse sumando os elementos que figuran a continuación:

a) O exceso, se é positivo, das posicións longas da entidade sobre as súas posicións curtas en todos os instrumentos financeiros emitidos polas persoas ou grupos de que se trate, coa posición neta de cada un dos instrumentos calculada de acordo cos métodos definidos no capítulo III sobre carteira de negociación.

b) A posición neta, en caso de aseguramento de instrumentos de débeda ou instrumentos de renda variable, calcularase deducindo aquelas posicións de aseguramento que fosen subscritas ou subgarantidas por terceiros mediante un acordo formal, deducindo os factores establecidos no artigo 19.

c) As posicións derivadas das transaccións, acordos e contratos derivadas dos riscos de contraparte e liquidación, concluídos coas persoas ou grupos de que se trate; estes riscos calcularanse do modo definido no capítulo de carteira de negociación para o cálculo dos valores do risco.

Calcularanse as posicións derivadas das persoas ou grupos relacionados entre si na carteira de negociación, sumando as posicións de cada unha das persoas ou grupo, consonte a forma de cálculo definida nos parágrafos precedentes deste artigo.

As posicións non incluírán:

a) No caso das operacións sobre divisas, as posicións contraídas no curso normal da liquidación durante as 48 horas seguintes á realización do pagamento; ou

b) No caso das operacións de compra ou de venda de valores, as posicións contraídas no curso normal da liquidación durante os cinco días laborables posteriores á data do pagamento, ou á entrega dos valores, se esta fose anterior.

Artigo 143. *Comunicación das posicións de grandes riscos.*

As entidades deberán dispoñer de procedementos administrativos e contables seguros, de mecanismos internos de control adecuados que permitan identificar e rexistrar todas as operacións de gran risco e as modificacións que se produzan nestas.

A totalidade das posicións dunha entidade fronte a persoas ou grupos relacionados entre si, calculados consonte o artigo 142, comunicaranse á Comisión Nacional do Mercado

de Valores trimestralmente, xunto cos estados de solvencia, utilizando para iso os modelos establecidos para o efecto.

Ademais das operacións con compromiso de recompra, operacións de préstamo de valores ou materias primas ou toma de valores e materias primas en préstamo, o cálculo de grandes posicións fronte a persoas ou grupos relacionados entre si, para efectos de información, non incluíra o recoñecemento das técnicas de redución do risco de crédito.

Artigo 144. *Límites aos grandes riscos.*

A suma das posicións respecto a persoas ou grupos relacionados entre si estará suxeita aos seguintes límites:

- a) Unha entidade non poderá incurrir en posicións cuxo valor total supere o 25 por 100 dos seus fondos propios, respecto dunha mesma persoa ou grupo.
- b) Cando a persoa ou grupo sexa a empresa matriz ou a empresa filial da entidade ou unha ou máis filiais da dita empresa matriz, a porcentaxe establecida na letra a deberase reducir ao 20 por 100.
- c) As entidades non poderán incurrir en grandes posicións cuxo valor acumulado supere o 800 por 100 dos fondos propios.

As entidades deberán respectar os límites fixados nas letras a, b e c anteriores en todo momento respecto ás posicións que incorran. Non obstante, se nalgún caso excepcional as posicións superasen os ditos límites, a entidade deberá informar diso inmediatamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores, e adoptará as medidas establecidas no artigo 10 desta circular.

Artigo 145. *Excepcións aos límites.*

1. Os límites establecidos no artigo 144 anterior non serán de aplicación aos seguintes conceptos:

- a) Os activos que constitúan créditos sobre administracións centrais ou bancos centrais que, sen garantía, recibirían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) consonte o capítulo III sobre risco de crédito.
- b) Os activos que constitúan créditos sobre organizacións internacionais ou bancos multilaterais de desenvolvemento que, sen garantía, recibirían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) consonte o capítulo III sobre risco de crédito.
- c) Os activos que constitúan créditos expresamente garantidos por administracións centrais, bancos centrais, organizacións internacionais, bancos multilaterais de desenvolvemento ou entidades do sector público, cando os créditos sen garantía sobre a entidade que proporciona a garantía obterían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) consonte o capítulo III sobre risco de crédito.
- d) Outras posicións contraídas sobre, ou garantidas por administracións centrais, bancos centrais, organizacións internacionais, bancos multilaterais de desenvolvemento ou entidades do sector público, cando os créditos sen garantía sobre a entidade que proporciona a garantía obterían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) consonte o capítulo III sobre risco de crédito.
- e) Os activos que constitúan créditos e outras posicións sobre as administracións centrais ou os bancos centrais non recollidos na letra a, denominados e, de ser o caso, financiados na moeda nacional do prestameiro.
- f) Os activos e outras posicións garantidos mediante unha garantía real consistente en valores de renda fixa emitidos polas administracións centrais ou os bancos centrais, por organizacións internacionais, bancos multinacionais de desenvolvemento, polas administracións rexionais ou locais ou por entidades do sector público dos Estados membros da Unión Europea e que constitúan créditos sobre o seu emisor que recibirían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) consonte o capítulo III sobre risco de crédito.
- g) Os activos e outras posicións garantidos mediante unha garantía real consistente nun depósito en efectivo constituído na entidade acreedora ou nunha entidade que sexa a empresa matriz ou unha filial da entidade acreedora.

h) Os activos e outras posicións garantidos mediante unha garantía real consistente en valores representativos de depósitos emitidos por unha entidade de crédito que sexa empresa matriz ou filial da entidade acreedora e depositada en calquera delas.

i) Os activos que constitúan créditos e outras posicións, con vencemento igual ou inferior a un ano, sobre entidades especializadas en mercados interbancarios e de débeda pública españolas se os ditos activos están integramente garantidos por garantías reais que recibirían unha ponderación entre o 0 e o 20 por 100 consonte o capítulo III sobre risco de crédito.

j) Os efectos de comercio e outros efectos análogos, con vencemento igual ou inferior a un ano, que leven a sinatura dunha entidade de crédito.

k) Os bonos garantidos definidos no capítulo III sobre risco de crédito.

l) Os activos que constitúan créditos sobre entidades de crédito rexionais ou centrais a que, en virtude de disposicións legais ou estatutarias, a entidade de crédito acreedora estea asociada dentro dunha rede, e ás cales, en aplicación das ditas disposicións, corresponda efectuar a compensación dos activos líquidos dentro da dita rede.

m) As posicións garantidas mediante unha garantía real consistente en valores distintos dos recollidos na letra f.

n) O 50 por 100 das contas de orde de risco medio/baixo mencionadas no anexo I desta circular.

o) As contas de orde con risco baixo mencionadas no anexo I desta circular, sempre que se subscribise coa persoa ou grupo de persoas vinculados entre si un acordo en virtude do cal só se poida contraer o risco unha vez que se comprobase que iso non conducirá a que se superen os límites aplicables consonte o artigo 144 anterior.

p) Os saldos dispoñibles que poida cancelar libre e unilateralmente a entidade.

q) O 50 por cento dos activos con vencemento igual ou inferior a un ano que, non sendo fondos propios, constitúan créditos ou outros riscos dos tipos de entidades que se detallan a continuación, cuxos gobernos e administracións centrais reciban unha ponderación nula de acordo co capítulo III sobre risco de crédito:

- i. Entidades de crédito.
- ii. Empresas de servizos de investimento.
- iii. Os fondos mantidos nos sistemas de compensación e liquidación de valores ou cámaras de contrapartida central, ou calquera outro mecanismo equivalente, así como nos organismos reitores de mercados.

- iv. A mesma ponderación do 50 por 100 aplicarase aos bancos multilaterais que non reciban ponderación nula.

r) Os riscos das entidades contraídos fronte á matriz ou outras entidades estranxeiras do grupo da matriz, sempre que a entidade ou grupo consolidable español quede suxeita á supervisión consolidada do grupo estranxeiro e a entidade dominante estea autorizada nun país da Unión Europea ou doutros países cuxa regulación en materia de grandes riscos fose considerada como equivalente pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. A consideración de equivalencia realizarase logo de solicitude motivada pola entidade dominante do grupo estranxeiro a que pertenza.

s) As participacións en entidades aseguradoras até un máximo do 40 por 100 dos recursos propios.

Os importes recibidos a través dun bono con vinculación crediticia emitido pola entidade, así como os préstamos e depósitos dunha contraparte á entidade suxeitos a un acordo de compensación de operacións de balance consideraranse recollidos na letra g.

Para os efectos da letra m, os valores entregados como garantía real deberán ser valorados a prezo de mercado, ter un valor superior ao das posicións garantidas e negociarse nun mercado regulado, ou ben ser efectivamente negociables e cotizarse de forma regular nun mercado que funcione por mediación de operadores profesionais recoñecidos e que garanta a posibilidade de determinar un prezo obxectivo que permita verificar en todo momento o seu exceso de valor. O exceso de valor exixido será do 100 por 100; porén, deberá ser do 150 por 100 no caso das accións e do 50 por 100 no caso

de obrigas emitidas por entidades, ou por administracións rexionais ou locais da Unión Europea que non sexan das recollidas na letra f e polos bancos multilaterais de desenvolvemento, con excepción dos que reciban unha ponderación nula de risco (do 0 por 100). Nos casos en que exista desfase entre o vencemento da posición e o vencemento da cobertura do risco de crédito, non se recoñecerá a garantía real. Os valores achegados como garantía real non poderán constituír fondos propios das entidades.

Cando un terceiro garanta unha posición respecto dunha persoa ou grupo, ou a dita posición estea garantida por unha garantía real en valores emitidos por un terceiro nas condicións definidas na letra m, poderán considerar que a dita posición se asume sobre o terceiro e non sobre o cliente, se a posición conta cunha garantía real.

Cando unha entidade estea eximida, de maneira individual ou consolidada, do cumprimento das obrigas impostas neste capítulo, deberanse tomar as medidas oportunas que garantan unha distribución de riscos apropiada dentro do grupo.

2. Poderanse excluír da definición de grandes riscos, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, os elementos que se deduzan dos recursos propios computables con carácter previo ao cálculo das súas exixencias.

CAPÍTULO XI

Goberno interno das entidades e autoavaliación de capital

Artigo 146. *Requisitos de organización interna.*

1. As empresas de servizos de investimento e as restantes entidades que, de conformidade co disposto nesta circular, presten servizos de investimento disporán de sólidos procedementos de goberno interno, adecuados e proporcionais conforme o carácter, a escala e a complexidade dos servizos de investimento que presten.

Para tal efecto, as entidades deberán contar con:

a) Unha estrutura organizativa clara, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes.

A distribución de funcións dentro da organización, así como os criterios para a prevención de conflitos de intereses, deberán ser establecidos polo Consello de Administración ou órgano equivalente.

b) Un órgano ou departamento que garanta o desenvolvemento da función de cumprimento normativo, baixo o principio de independencia con respecto a aquelas áreas ou unidades que desenvolvan as actividades de prestación de servizos de investimento sobre as que xire o exercicio daquela función. Para tal fin, deberán establecer por escrito e aplicar procedementos adecuados para desenvolver esta función, que deberá ter carácter integral comprendendo todas aquelas obrigas pertinentes á dita función. En particular, deberase asegurar a existencia de procedementos e controis para garantir que o persoal cumpre as decisións adoptadas e as funcións encomendadas. Así mesmo, deberá controlar e avaliar regularmente a adecuación e eficacia dos procedementos establecidos para a detección de riscos, e as medidas adoptadas para facer fronte a posibles deficiencias así como asistir e asesorar as persoas competentes responsables da realización dos servizos de investimento para o cumprimento das funcións.

c) Sistemas de información que aseguren que o persoal coñece as obrigas, riscos e responsabilidades derivadas da súa actuación e a normativa aplicable aos servizos de investimento que presten.

d) Medidas administrativas e de organización adecuadas para evitar que os posibles conflitos de interese regulados no artigo 70 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, prexudiquen os seus clientes.

e) Medidas de control das operacións que realicen, con carácter persoal, os membros dos seus órganos de administración, empregados, axentes e demais persoas vinculadas

á entidade, cando tales operacións poidan entrañar conflitos de interese ou vulnerar, en xeral, o establecido na mencionada lei.

f) Rexistros de todas as operacións sobre valores e instrumentos financeiros e servizos de investimento que presten de forma que se poida comprobar que cumpriron todas as obrigas en relación cos seus clientes.

g) Medidas adecuadas para protexer os instrumentos financeiros que lles confían os seus clientes e evitar a súa utilización indebida. En particular, non poderán utilizar por conta propia os instrumentos financeiros dos clientes, salvo cando estes manifesten o seu consentimento expreso. Así mesmo, deberán manter unha separación efectiva entre os valores e instrumentos financeiros da empresa e os de cada cliente. Os rexistros internos da entidade deberán permitir coñecer, en todo momento e sen demora, e especialmente en caso de insolvencia da empresa, a posición de valores, de ser o caso, efectivo e operacións en curso de cada cliente.

Artigo 147. *Control interno. Procedementos e medidas.*

1. As entidades deberán contar con procedementos eficaces e proporcionais para a identificación, control, xestión e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar sometidas, incluíndo mecanismos adecuados para manter un ambiente de control interno aceptable.

2. O Consello de Administración ou órgano equivalente aprobará as estratexias e procedementos xerais de control interno, de cuxa situación será informado periodicamente.

3. En particular, as entidades deberán:

a) Dispoñer de procedementos administrativos e contables adecuados, de mecanismos de control interno e de técnicas eficaces de valoración dos riscos para a entidade.

b) Documentar adecuadamente todos os sistemas de control interno establecidos.

c) Definir a función de auditoría interna que deberá elaborar e manter un plan de auditoría dirixido a examinar e avaliar a adecuación e eficacia dos sistemas, mecanismos de control interno e disposicións da empresa de servizos de investimento, formular recomendacións a partir dos traballos realizados en execución do plan e verificar o seu cumprimento.

d) Adoptar medidas adecuadas para garantir, en caso de incidencias, a continuidade e regularidade na prestación dos seus servizos. Deberán contar, especialmente, con mecanismos de control e salvagarda dos seus sistemas informáticos e con plans de continxencia ante danos ou catástrofes.

e) Adoptar as medidas necesarias para que o risco operacional non aumente de forma indebida cando confíen a un terceiro a realización de servizos de investimento ou o exercicio de funcións esenciais para a prestación dos servizos de investimento. Cando se deleguen en terceiros funcións de control interno, as entidades procurarán que iso non diminúa a súa capacidade de control interno e garantirán o necesario acceso do supervisor competente á información. En ningún caso poderán delegar funcións en terceiros cando iso diminúa a capacidade de control interno ou a de supervisión do órgano supervisor competente. Corresponderá á entidade comprobar a idoneidade e capacidade da persoa ou entidade en que pretenda delegar funcións, así como que cumpre os requisitos establecidos nas normas do mercado de valores en xeral e en particular desta circular.

Artigo 148. *Política de xestión de riscos.*

1. O Consello de Administración das empresas de servizos de investimento aprobará e revisará periodicamente as estratexias e políticas de asunción, xestión, supervisión e redución dos riscos a que a empresa de servizos de investimento estea ou poida estar exposta, incluídos os que presente a conxuntura macroeconómica en que opera. As ditas estratexias e políticas axustaranse aos diferentes tipos de risco a que, de ser o caso, se enfrente a entidade.

2. O Consello de Administración e a alta dirección das entidades ten que ter a honorabilidade, experiencia e responsabilidade suficientes para comprender a natureza e o nivel de riscos asumidos, así como a relación entre os recursos propios e o capital interno asignado ás diversas actividades con base nos niveis de risco asumidos en cada área de actividade. Para iso deberán contar, como elemento esencial dos seus obxectivos estratéxicos, cunha planificación adecuada das súas necesidades presentes e futuras de recursos propios e capital interno adecuados.

3. As entidades deberán manter en todo momento á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores a documentación relativa aos sistemas de control interno establecidos con relación aos riscos asumidos, ao seu cumprimento e funcionamento, aos límites internos existentes e, de ser o caso, á utilización de modelos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por tales riscos, os seus parámetros cuantitativos e as avaliacións efectuadas sobre o seu grao de certeza.

4. Os procedementos de control interno e de xestión de riscos das entidades deberán observar, de acordo coa complexidade dos seus negocios e riscos asumidos, os seguintes requisitos:

a) Contar con sistemas adecuados de control interno en todas as súas áreas de actividade, establecendo as unidades específicas apropiadas de control de riscos, cumprimento normativo e auditoría interna.

b) Dispoñer dos procedementos adecuados para solicitar datos e información que deberá subministrar á Comisión Nacional do Mercado de Valores para realizar os labores de supervisión que lle están encomendadas tanto a nivel individual como consolidada.

c) O Consello de Administración ou, de ser o caso, o órgano equivalente das entidades revisará e aprobará periodicamente as políticas de asunción, control e xestión de riscos a que poida estar exposta a entidade.

d) As entidades integradas nun grupo consolidable disporán de sistemas e procedementos que permitan coñecer e xestionar en todo momento as operacións mantidas co resto de sociedades do grupo.

5. As entidades deberán valorar e controlar todos os riscos que sexan relevantes, axustándose aos seguintes criterios mínimos:

a) Risco de mercado: aplicarán políticas e procedementos para a medición e control das posibles causas ou efectos que poidan afectala significativamente, realizando, cando sexa apropiado, probas de tensión encamiñadas a determinar a suficiencia de recursos para sustentar as súas actividades de negociación. Estableceranse sistemas de vixilancia dos seus riscos de aseguramento durante o período comprendido entre o compromiso inicial e o primeiro día hábil, en función da natureza das exposicións.

b) Risco operacional: deberán desenvolver políticas e procedementos para identificar, avaliar, seguir e controlar o risco operacional, incluíndo posibles eventos pouco frecuentes pero de potencial impacto, así como o grao de transferencia do risco operacional a outras entidades. As entidades concretarán as fontes e os factores que xeran risco operacional para efectos das ditas políticas e procedementos. As entidades deberán dispoñer por escrito de plans de emerxencia e de continuidade que lles permitan limitar as perdas en caso de incidencias graves de negocio.

c) Risco de liquidez: deberán contar con políticas e procedementos para medir, controlar e xestionar a súa posición no momento actual e futuro. Deberanse analizar posibles escenarios de tensión e revisarse periodicamente, dispoñendo de procedementos de emerxencia para afrontar posibles crises de liquidez. En particular, as entidades cumprirán cos requirimentos de liquidez previstos na Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.

d) Risco de concentración: deberán aplicar políticas e procedementos adecuados para coñecer, medir e xestionar as posicións cunha mesma contraparte ou grupo de contrapartes vinculadas e contrapartes do mesmo sector económico, rexión xeográfica ou

da mesma actividade ou dependente da mesma materia prima. As entidades procurarán unha adecuada diversificación do risco e vixiarán as súas concentracións de risco adoptando, de ser o caso, as medidas oportunas para corrixir aquelas situacións que comporten a asunción dun excesivo nivel de risco.

e) Risco de tipo de xuro en posicións fóra da carteira de negociación: deberán dispoñer de políticas e procedementos para coñecer, xestionar e controlar o risco derivado de posibles variacións nos tipos de xuro noutras actividades distintas da negociación.

f) Risco de crédito, contraparte, residual e de titulización: as entidades deberán contar con políticas e procedementos sólidos e ben definidos para aprobar, modificar ou renovar a posible concesión de financiamento, así como para controlar, valorar e xestionar o financiamento previamente concedido. No caso de ser patrocinadora ou orixinadora de titulizacións, deberá poder determinar o grao de transferencia do risco de crédito. Cando as entidades fixesen uso de técnicas para reducir ou mitigar o risco de crédito, deberán avaliar a posibilidade de que estas sexan menos efectivas do esperado.

g) Risco de tipo de cambio: deberán dispoñer de políticas de asunción de riscos de tipo de cambio claramente establecidas e aprobadas polos órganos de administración, que incluírán procedementos de medición interna, límites operativos, frecuencia de revisión, órgano ou persoa responsable e demais aspectos relevantes. En particular, deberán contar, de acordo co seu nivel de actividade, con sistemas de medición e información de riscos adecuados para a súa xestión, seguimento e control.

h) Outros riscos: as entidades deberán considerar calquera outro risco, tales como o de reputación, de estratexia ou calquera outro, que poidan ser relevantes para elas.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá modular as exigencias mencionadas neste artigo en función da natureza, escala e complexidade da actividade empresarial e da natureza e gama de servizos de investimento que estean autorizadas a prestar as empresas de servizos de investimento.

Artigo 149. *Risco de tipo de xuro fóra da carteira de negociación.*

1. Para todas aquelas partidas do activo, pasivo ou fóra de balance que non formen parte da carteira de negociación e que estean ou poidan estar suxeitas a risco por variación nos tipos de xuro, as entidades deberán dispoñer de políticas e procedementos para coñecer, avaliar, xestionar e informar sobre o mencionado risco. Para iso deberán contar con información detallada sobre todas as posicións, vencementos, condicións contractuais, prazos, xuros, índices de referencia, límites máximos ou mínimos etc.

2. Os sistemas internos para medir o risco de variacións nos tipos de xuro deberán proporcionar resultados expresados en termos de valor económico, relacionados cos recursos propios, distinguindo o risco por cada divisa en que se manteñan posicións significativas e realizando, cando sexa oportuno, probas de tensión con distintas hipóteses de variación xeral dos tipos de xuro.

3. Poderase empregar calquera das metodoloxías xeralmente aceptadas para a medición e agregación do risco de tipo de xuro, en función da complexidade da actividade da entidade.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha vez analizados os procedementos e as políticas para controlar e xestionar o risco de tipo xuro e, de ser o caso, das probas de tensión realizadas pola entidade, poderá requirir a entidade para que reduza o seu risco, aumente os recursos propios ou unha combinación de ambas as dúas. E, en todo caso, requirirá as ditas medidas cando o valor económico das entidades diminúa máis do 20 por cento dos seus fondos propios a consecuencia dunha variación súbita e inesperada dos tipos de xuro.

Artigo 150. *Proceso de autoavaliación do capital.*

1. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos consolidables, deberán levar a cabo un proceso de autoavaliación do seu capital. Este proceso deberá

estar integrado por un conxunto de estratexias e procedementos sólidos e exhaustivos que permitan avaliar e manter de forma permanente os importes, os tipos e a distribución tanto do seu capital interno como dos seus recursos propios, que consideren que están ben fundamentados e son adecuados para o seu perfil de risco e contorno operativo. O Consello de Administración e a Alta Dirección serán os responsables de asegurar que a entidade posúe recursos suficientes para cubrir os riscos que asuma.

2. Este proceso de autoavaliación de capital deberá concluír co establecemento dun obxectivo e estratexia de recursos propios adecuado aos riscos, e para iso, ademais de avaliar os seus riscos presentes, as entidades deberán realizar un exame periódico da suficiencia de recursos, considerando as posibles etapas do ciclo económico e os resultados de probas de tensión ou prospectivas que se realicen ao respecto co obxecto de identificar posibles cambios que poidan afectar negativamente a solvencia da entidade, todos eles proporcionados ao carácter e complexidade dos negocios desenvolvidos.

3. Os principais aspectos que se considerarán nos exames que se realicen para a análise da suficiencia de recursos propios e do capital interno serán:

a) As avaliacións de suficiencia de recursos basearanse en procedementos sólidos de xestión de riscos. O Consello de Administración e a Alta Dirección das entidades deben ter a honorabilidade, experiencia e responsabilidade para coñecer e comprender a natureza e o nivel de risco asumido, garantindo que os procedementos de xestión de riscos son os adecuados para o perfil de risco da entidade así como que os niveis de recursos son suficientes.

b) Os procedementos deseñados deberán estar adecuadamente documentados e deberán identificar, cuantificar e informar de todos os riscos significativos asumidos. Os procedementos deberán contar con controis, exames e auditorías adecuados para garantir a súa exhaustividade.

c) As entidades deberán dispoñer dun sistema adecuado para o seguimento e a información das posicións de risco, de forma que permita avaliar os posibles efectos ou cambios no perfil de risco de cara ao mantemento de recursos propios adecuados. O Consello de Administración e Alta Dirección das entidades deberá recibir periodicamente os informes que se emitan sobre o perfil de risco ou das necesidades de recursos, de forma tal que lles permita:

– Avaliar o nivel e a tendencia dos riscos significativos que poidan afectar os recursos propios.

– Avaliar a sensibilidade e racionalidade dos supostos básicos utilizados nos procedementos de avaliación dos recursos propios.

– Determinar se a entidade posúe os recursos propios suficientes para cubrir os riscos asumidos.

– Considerar futuros requirimentos de recursos propios en función do perfil de risco e do seu plan estratéxico.

4. O procedemento de avaliación dos recursos, ao igual que os procedementos de xestión de riscos, deberá estar suxeito a revisións independentes e, cando proceda, a exame por auditores internos ou externos.

5. A avaliación da suficiencia de recursos deberá incluír unha avaliación integral dos riscos significativos a que está exposta a entidade, tal como se detalla nos artigos 148 e 149.

CAPÍTULO XII

Obrigas de información

Artigo 151. *Informe anual de autoavaliación de capital.*

1. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos consolidables,

deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores un «Informe anual de autoavaliación do capital», que debe ser aprobado polo Consello de Administración ou órgano equivalente, con periodicidade anual, facéndoo coincidir coa remisión dos estados de solvencia correspondentes ao peche do exercicio. O dito informe constará dun só documento que incluírá un resumo da información relativa a estratexias e procedementos a que se refire o artigo 150 de autoavaliación de capital interno, xunto coas políticas e procedementos previstos no capítulo XI, nos seus artigos 146 a 149.

2. Para a elaboración deste informe, as entidades deberán ter en conta os criterios que para estes efectos poida proporcionar a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Para eses mesmos efectos, os grupos e entidades adoptarán unha política formal para o cumprimento dos ditos requisitos de información e para a verificación da suficiencia e exactitude dos datos subministrados, e disporán de procedementos que lles permitan avaliar a adecuación da dita política.

3. As obrigas de información recollidas no número 1 anterior serán exixibles, de forma individual, ás empresas de servizos de investimento, españolas ou constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, que sexan filiais de empresas de servizos de investimento españolas. No caso de que a filial estea constituída noutro Estado membro da Unión Europea, a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá a correspondente resolución á entidade española dominante, que estará obrigada a adoptar as medidas necesarias para lle dar cumprimento efectivo.

4. Exceptúanse da obriga prevista nos números 1 e 2 precedentes os grupos ou empresas de servizos de investimento individuais controlados por outras empresas de servizos de investimento ou sociedades financeiras de carteira autorizadas ou constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, salvo cando entre elas se encontre unha empresa de servizos de investimento importante, sexa de acordo co criterio que a autoridade responsable de supervisión consolidada do grupo comunicase á Comisión Nacional do Mercado de Valores, sexa en criterio desta última en atención á súa actividade en España ou á súa importancia relativa dentro do grupo.

5. O establecido neste artigo non será de aplicación ás empresas de servizos de investimento que unicamente estean autorizadas a recibir e transmitir ordes de investidores sen manter fondos ou valores mobiliarios que pertencen a clientes, e que por esta razón nunca poidan estar en situación debedora respecto dos ditos clientes.

Artigo 152. *Revisión e avaliación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. Cando da revisión e avaliación que realice a Comisión Nacional do Mercado de Valores resulte que unha empresa de servizos de investimento ou o seu grupo consolidable non dispoña de procedementos adecuados de goberno corporativo interno ou resulte inadecuado o seu proceso de autoavaliación do capital, a referida entidade ou grupo deberán emendar as deficiencias advertidas e cumprir coas medidas que, de ser o caso, adopte a Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude do establecido no artigo 87 bis da Lei 24/1988, do mercado de valores. Para tal efecto, a entidade obrigada elaborará un programa de cumprimento e adecuación do capital que presentará para a súa aprobación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos casos e termos previstos no artigo 113 do Real decreto 216/2008.

2. A revisión e avaliación a que se refire o parágrafo anterior incluírá, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A exposición aos riscos de crédito, de mercado e operacional, e a súa xestión.
- b) A exposición ao risco de concentración, e a súa xestión, incluído o cumprimento das normas relativas aos grandes riscos.
- c) A exposición ao risco de tipo de xuro do balance, e a súa xestión.
- d) A exposición ao risco de tipo de cambio estrutural, e a súa xestión.
- e) A exposición ao risco de liquidez, e a súa xestión.
- f) O modo en que se considera a diversificación para a avaliación global dos riscos.
- g) Se as correccións de valor por deterioración e provisións dotadas para posicións ou carteiras específicas dentro da carteira de negociación son suficientes e permiten á

entidade vender ou cubrir as súas posicións nun curto período de tempo sen incorrer en perdas importantes en condicións de mercado normais.

- h) A exposición aos riscos de negocio e de reputación, e a súa xestión.
- i) A exposición aos riscos derivados das operacións intra-grupo, e a súa xestión.
- j) Outros, que permitan coñecer en que medida os recursos propios mantidos e a solidez, adecuación e forma de aplicación das políticas e dos procedementos de xestión do risco residual (técnicas de redución do risco de crédito, activos titulizados, probas de tensión etc.) son adecuados.

Artigo 153. *Información ao mercado. Informe sobre solvencia.*

A. Consideracións xerais.

1. Con independencia doutros requisitos de información legais establecidos, as entidades deberán facer público nun só documento, denominado «Informe sobre solvencia», a información que se establece neste artigo de forma anual e tan axiña como sexa posible. Para iso deberán adoptar unha política formal que permita avaliar a adecuación da súa divulgación de datos, incluídas a súa verificación e frecuencia.

2. Non obstante o disposto no número 1 anterior, as entidades poderán omitir unha ou varias das divulgacións que se establecen neste artigo se:

- A información facilitada por medio das ditas divulgacións non se considera de importancia material.
- A información se debe considerar como reservada ou confidencial.

Para estes efectos a publicación de informacións considerarase material cando a súa omisión ou presentación errónea puidesen modificar ou influír na avaliación ou decisión dun usuario que dependa da dita información para tomar as súas decisións económicas.

Igualmente, considerarase a información como reservada se o feito de compartir esa información co público socavaría a súa competitividade. Esta información pode abarcar a información sobre os produtos ou sistemas que, de ser compartida con competidores, farían que os investimentos dunha entidade fosen menos valiosos.

Por último, a información considerarase confidencial se existen obrigas con respecto aos adquirentes ou outras relacións de contrapartes que obriguen unha entidade á confidencialidade.

3. Nos casos excepcionais en que a información sexa considerada como reservada ou confidencial, a entidade fará constar nas súas divulgacións que determinados datos non se divulgan, así como os motivos de tal proceder, e publicará información máis xeral sobre o aspecto a que se refira o requisito de divulgación en canto esta non fose clasificada como reservada ou confidencial.

4. Salvo autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a divulgación, en cumprimento dos requirimentos mercantís ou do mercado de valores, dos datos a que se refire o número 1 deste artigo, non eximirá da súa inclusión no documento «Informe sobre solvencia» na forma prevista polo dito punto.

5. A información a que se refire este artigo que non se encontre cuberta pola auditoría de contas anuais deberá ser verificada, con carácter previo á súa publicación, polo menos polo Comité de Auditoría ou órgano equivalente da entidade.

6. Ás entidades obrigadas a divulgar a información a que se refire o número 1, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalles exixir:

- a) A verificación por auditores ou expertos independentes, ou por outros medios satisfactorios ao seu xuízo, das informacións que non estean cubertas pola auditoría de contas;
- b) que divulguen unha ou varias das ditas informacións, ben de maneira independente en calquera momento, ben con frecuencia superior á anual, e que establezan prazos máximos para a divulgación;
- c) que empreguen para a divulgación medios e lugares distintos dos estados financeiros.

7. As entidades poderán determinar o medio, lugar e modo de verificación máis adecuados co fin de cumprir efectivamente os requisitos de divulgación establecidos no presente capítulo. Na medida do posible, todas as divulgacións se efectuarán nun único medio ou lugar.

8. As divulgacións equivalentes efectuadas polas entidades para efectos de cumprimento de requisitos de contabilidade, cotización pública ou outros poderanse considerar efectuadas en cumprimento deste capítulo. Cando as divulgacións non se inclúan nos estados financeiros, as entidades indicarán con precisión onde se poden encontrar.

9. As entidades determinarán a necesidade de publicar, algunha ou todas as informacións que se establecen neste capítulo, cunha frecuencia superior ao ano tendo en conta as características da súa actividade empresarial tales como amplitude de operacións, tipo de actividades, presenza en diferentes países, implicación en diversos sectores financeiros e participación en mercados financeiros e sistemas de pagamento, liquidación e compensación internacionais. Deberase realizar unha avaliación que preste atención particular á posible necesidade de publicar con maior frecuencia as informacións mencionadas neste artigo, na letra B seguinte, nas letras f (ii), f(v), g (ii) e i, e a información sobre a exposición ao risco e sobre outros asuntos que poidan ser propensos a sufrir rápidas modificacións.

10. As entidades matrices da Unión Europea e aquelas controladas por unha sociedade financeira de carteira publicarán a información a que se refire este capítulo de forma consolidada.

11. As filiais relevantes das entidades matrices da Unión Europea ou de sociedades financeiras de carteira publicarán a mencionada información en base individual ou consolidada.

B) Información mínima que se deberá divulgar.

12. As entidades deberán facer pública, cos requisitos previstos nos artigos anteriores deste capítulo, a seguinte información:

a) Política de xestión de riscos: para cada categoría de risco por separado publicaranse os obxectivos e as políticas de xestión do risco da entidade. Estas informacións incluírán:

- i. As estratexias e os procesos para xestionar estes riscos.
- ii. A estrutura e organización da función de xestión do risco ou outros mecanismos oportunos.
- iii. O alcance e a natureza dos sistemas de transferencia de información e cálculo do risco.
- iv. As políticas de cobertura e atenuación do risco e as estratexias e procesos para supervisar a eficacia continua das ditas coberturas e atenuantes.

b) Ámbito de aplicación: divulgarase a seguinte información sobre o ámbito de aplicación:

- i. O nome da entidade a que se aplica o exixido nesta circular.
- ii. Un resumo das diferenzas na base de consolidación para efectos contables e prudenciais, cunha breve descrición das entidades que están:

- integradas globalmente
- integradas proporcionalmente
- deducidas dos recursos propios
- nin consolidadas nin deducidas

c) Transferencia de recursos propios: calquera impedimento material, práctico ou xurídico, actual ou previsto, para a transferencia rápida de recursos propios ou o reembolso de pasivo entre a empresa matriz e as súas filiais.

d) Déficit de recursos propios: o importe total polo que os recursos propios reais son inferiores ao mínimo exixido en todas as filiais non incluídas na consolidación, e o nome ou os nomes destas filiais.

e) Excepcións: se procede, a non-exixencia de cumprimento a nivel individual das disposicións previstas nesta circular.

f) Recursos propios: as entidades divulgarán a seguinte información relativa aos seus recursos propios:

i. Información sumaria sobre as principais características de todos os elementos dos recursos propios e os seus compoñentes.

ii. O importe dos recursos propios básicos, indicando de forma independente todos os elementos e deducións.

iii. A cantidade total de recursos propios complementarios, e de recursos propios segundo a definición alternativa destes.

iv. Deducións dos recursos propios básicos e complementarios, con indicación independente das perdas esperadas deducidas das provisións e axustes de valor practicados.

v. Recursos propios admisibles totais, netos de deducións e suxeitos aos límites de cómputo sobre os recursos propios básicos, de segunda e terceira categoría.

g) Recursos propios exixibles: sobre o cumprimento pola entidade das exixencias mínimas de recursos propios e dos procedementos e estratexias para manter os ditos niveis presentarase a seguinte información:

i. Un resumo do método que utiliza a entidade para avaliar se o seu capital interno resulta suficiente para cubrir as súas operacións presentes e futuras.

ii. Para as entidades que calculen as posicións ponderadas por risco de conformidade co método estándar, o 8 por 100 das posicións ponderadas por risco para cada un dos tipos de posición especificados no capítulo III sobre risco de crédito.

iii. Para as entidades que calculen as posicións ponderadas por risco de conformidade co método baseado en cualificacións internas, o 8 por 100 das posicións ponderadas por risco para cada un dos tipos de posición especificados no capítulo III sobre risco de crédito. Para as posicións no sector retailista, este requisito aplícase a cada unha das categorías de posicións a que corresponden as diversas correlacións. Para o tipo de risco de renda variable, esta exixencia aplicarase a:

– Cada un dos métodos sobre medición do risco de crédito mediante o método baseado en cualificacións internas recollido na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

– Posicións negociadas en mercados organizados, posicións en instrumentos de renda variable non negociados en mercados organizados incluídos en carteiras suficientemente diversificadas, e outras posicións.

– Posicións suxeitas a un período de transición supervisora relativa ás exixencias de recursos propios.

– Posicións suxeitas a disposicións de trato máis favorable en relación coas exixencias de recursos propios.

h) Recursos propios exixibles por risco de mercado: requisitos mínimos de recursos propios calculados para as posicións de carteira de negociación, risco de liquidación e de contraparte e con respecto a todas as súas actividades risco de tipo de cambio así como sobre materias primas.

i) Recursos propios exixibles por risco operacional: requisitos mínimos de recursos propios calculados para a cobertura do risco operacional, e divulgadas por separado.

j) Recursos propios exixibles por risco de contraparte: divulgarase a seguinte información relativa á posición da entidade ao risco de crédito de contraparte:

i. Descrición da metodoloxía utilizada para asignar límites de crédito e capital económico para as posicións de crédito de contraparte.

ii. Descrición de políticas para outorgar garantías reais e establecer provisións.

iii. Descrición de políticas con respecto ás posicións suxeitas a risco de correlación errónea.

iv. Descrición do efecto da cantidade de garantía real que a entidade debería ter que proporcionar se se producise unha degradación da cualificación crediticia.

v. Valor razoable positivo bruto dos contratos, efectos positivos como consecuencia de acordos de compensación, exposición crediticia actual despois da compensación, garantías reais e exposición crediticia dos derivados despois da compensación. A exposición neta ao crédito é a exposición ao crédito en operacións de derivados despois de considerar tanto os beneficios de acordos de compensación xuridicamente exixibles como de acordos de garantías reais.

vi. Medidas de valoración para as posicións consonte os métodos empregados no capítulo III sobre risco de crédito.

vii. O valor nocional das coberturas de derivados de crédito e a posición corrente desagregada por tipos de posicións suxeitas a risco de crédito.

viii. Operacións de derivados de crédito (nacionais), desagregadas por actividades.

ix. O cálculo de α se a entidade recibiu a autorización para calcular α .

k) Recursos propios exixibles por risco de crédito: divulgarase a seguinte información sobre a posición da entidade suxeita a risco de crédito e a risco de dilución:

i. As definicións para efectos contables de posicións en mora e deterioradas.

ii. Unha descrición das propostas e métodos adoptados para determinar axustes de valor e provisións.

iii. O valor total das posicións tras as compensacións contables, e sen ter en conta os efectos da redución do risco de crédito, e o valor medio das posicións ao longo do período desagregado polos diversos tipos de posicións.

iv. A distribución xeográfica das posicións, desagregada en áreas significativas por tipos de posicións importantes e máis detallada cando proceda.

v. A distribución dos riscos por sector ou tipo de contraparte, desagregada por tipos de posicións, e máis detallada cando proceda.

vi. A desagregación por vencemento residual de todas as posicións, por tipos de posicións e máis detallado cando proceda.

vii. Por tipo significativo de sector ou contraparte, o valor de:

– As posicións deterioradas e as posicións en mora, por separado.

– Axustes de valor e provisións.

– Exixencias de axustes de valor e provisións durante o período.

l) Deterioración: o valor das posicións deterioradas e das posicións en mora, por separado, desagregadas polas áreas xeográficas significativas incluíndo, cando se estime necesario, o importe dos axustes de valor e das provisións relacionadas con cada área xeográfica.

A conciliación de modificacións nos axustes de valor e provisións para posicións deterioradas, por separado. A información comprenderá:

i. Unha descrición do tipo de axustes de valor e provisións.

ii. Os balances de apertura.

iii. Os importes tomados con cargo ás provisións durante o período.

iv. Os importes dotados ou desdotados para perdas probables estimadas en posicións durante o período, outros axustes incluídos os determinados polas diferenzas de tipo de cambio, combinacións de negocios, compras e vendas de filiais, e transferencias entre provisións.

v. Os balances de peche.

Os axustes de valor e as recuperacións rexistrados directamente no estado de perdas e ganancias indícanse por separado.

m) Risco de crédito. Método estándar. Para as entidades que calculen as posicións ponderadas por risco de conformidade co método estándar, divulgarase a seguinte información para cada un dos tipos de posicións:

i. Os nomes das ECAI e ECA elixibles e as razóns de calquera cambio.

- ii. Os tipos de posicións para as que se utiliza cada ECAI ou ECA.
- iii. Unha descrición do proceso utilizado para transferir as emisións e as cualificacións de crédito das emisións a elementos que non figuren na carteira de negociación.
- iv. A asociación da cualificación crediticia externa de cada ECAI ou ECA elixible cos graos de calidade crediticia prescritos no capítulo III sobre risco de crédito, tendo en conta que esta información non terá que se divulgar se a entidade cumpre coa asociación estándar incluída nesta circular.
- v. Os valores das posicións e os valores das posicións tras a redución do risco de crédito asociados con cada grao de calidade crediticia prescritos no capítulo III sobre risco de crédito, así como os deducidos dos recursos propios.
 - n) Risco de crédito. Método IRB: as entidades que calculen as posicións ponderadas por risco de conformidade co método baseado en cualificacións internas (IRB), divulgarán as posicións asignadas a cada categoría das previstas en Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.
 - o) Risco de carteira de negociación, tipo de cambio e materias primas: as entidades que calculen as súas exixencias de recursos propios por risco de posición, liquidación e risco de contraparte na carteira de negociación, así como por risco de tipo de cambio e sobre materias primas, divulgarán por separado estas exixencias para cada risco mencionado.
 - p) Risco de carteira negociación: modelos internos: cada entidade divulgará a seguinte información para o cálculo das súas exixencias de recursos propios, de conformidade cos modelos internos previstos nos artigos 26 a 28:
 - i. Para cada subcarteira cuberta:
 - As características dos modelos utilizados.
 - Unha descrición das probas de tensión aplicadas á subcarteira.
 - Unha descrición dos métodos utilizados para contrastar e validar a fiabilidade e coherencia dos modelos internos e dos procesos de modelización.
 - ii. O alcance da aceptación por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
 - iii. Descrición dos niveis e as metodoloxías de cumprimento dos criterios establecidos no artigo 27 desta circular.
 - q) Risco operacional: as entidades divulgarán a seguinte información sobre o risco operacional:
 - i. Os métodos para avaliar as exixencias de recursos propios correspondentes ao risco operacional para as que a entidade está autorizada.
 - ii. Unha descrición da metodoloxía establecida para o uso de métodos de medición avanzada baseados nos seus propios sistemas de medición do risco operacional, se é utilizada pola entidade, incluída unha discusión de factores internos e externos pertinentes considerados na metodoloxía de cálculo da entidade. No caso de utilización parcial, o alcance e a cobertura dos distintos métodos utilizados.
 - r) Risco de renda variable fóra da carteira de negociación: divulgarase a seguinte información sobre os riscos en valores de renda variable que non figuren na carteira de negociación:
 - i. A diferenciación entre riscos baseados nos seus obxectivos, incluíndo as ganancias de capital e razóns estratéxicas, e unha descrición das técnicas contables e das metodoloxías de valoración utilizadas, incluídos prácticas e supostos básicos que afecten a valoración e a calquera cambio significativo nas ditas prácticas.
 - ii. O valor en balance, o valor razoable e, para os negociados en mercados organizados, unha comparación co prezo de mercado cando exista unha diferenza importante con respecto ao valor razoable.
 - iii. Os tipos, a natureza e os importes das posicións negociadas en mercados organizados, posicións en instrumentos de renda variable non negociados en mercados organizados incluídos en carteiras suficientemente diversificadas, e outras posicións.

iv. As plusvalías ou minusvalías realizadas acumuladas, procedentes das vendas e liquidacións durante o período.

v. As plusvalías ou minusvalías non realizadas totais, as plusvalías ou minusvalías por revalorización latentes, e calquera dos importes incluídos nos recursos propios básicos ou complementarios.

s) Risco de tipo de xuro fóra da carteira de negociación: as entidades divulgarán a seguinte información sobre a súa exposición ao risco de tipo de xuro sobre as posicións non incluídas na carteira de negociación:

i. A natureza do risco de tipo de xuro e os supostos básicos (incluídos os supostos relativos a amortizacións anticipadas de préstamos e á evolución dos depósitos sen vencemento), e a frecuencia do cálculo do risco de tipo de xuro.

ii. A variación dos ingresos, o valor económico ou outra medida relevante utilizados pola dirección para as perturbacións á alza e á baixa dos tipos de xuro segundo o método de xestión para calcular o risco de tipo de xuro, desagregado por divisa.

t) Titulización: as entidades que calculen as posicións ponderadas por risco de conformidade co previsto no capítulo VI sobre titulización divulgarán a seguinte información:

i. Unha descrición dos obxectivos da entidade en relación coa actividade de titulización.

ii. As funcións desempeñadas pola entidade no proceso de titulización.

iii. Unha indicación do grao de implicación da entidade en cada unha delas.

iv. Os métodos para o cálculo das posicións ponderadas por risco que siga a entidade para as súas actividades de titulización.

v. Un resumo das políticas contables da entidade para as actividades de titulización, que inclúa:

– Se as operacións se consideran como vendas ou como financiamentos.

– O recoñecemento dos beneficios por vendas.

– Os supostos básicos de valoración das posicións mantidas.

– O tratamento das titulizacións sintéticas se non queda recollido noutras políticas contables.

vi. Os nomes das ECAI empregadas nas titulizacións e os tipos de posicións para os que se emprega cada axencia.

vii. O importe total pendente das posicións titulizadas pola entidade e sometidas ao marco de titulización (desagregado en tradicionais e sintéticas), por tipos de posición.

viii. Para as posicións titulizadas pola entidade e sometidas ao marco de titulización, unha desagregación por tipos de posición do importe das posicións deterioradas e en mora, e as perdas recoñecidas pola entidade durante o período.

ix. O importe agregado das posicións en titulizacións mantidas ou adquiridas, desagregado por tipos de posición.

x. O importe agregado das posicións en titulizacións mantidas ou adquiridas, desagregado nun número significativo de graos de ponderación de risco. Divulgaranse por separado as posicións que fosen ponderadas ao 1.250 por 100 ou deducidas dos recursos propios.

xi. O importe pendente agregado das posicións autorrenovables titulizadas desagregado pola posición do orixinador e a posición dos investidores.

xii. Un resumo da actividade de titulización do período, en que figure o importe das posicións titulizadas (por tipos de posición) e as ganancias ou perdas recoñecidas procedentes das vendas, cunha desagregación por tipos de posición.

Artigo 154. Autorización de modelos internos e regras xerais sobre autorizacións e presentación de solicitudes.

1. Cando unha empresa de investimento matriz da Unión Europea ou unha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea (tal e como se definen no artigo 1 do Real

decreto 216/2008) e as súas empresas de investimento filiais desexen utilizar de maneira unificada ben o método IRB baseado en cualificacións internas, ben o método de modelos internos a que se refire o artigo 63 desta circular, ou ben os métodos avanzados para a determinación dos recursos por risco operacional, e a supervisión do grupo con base consolidada corresponda á Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta poderá permitir, por solicitude da matriz, que os requisitos mínimos establecidos en cada caso por esta circular sexan cumpridos pola entidade matriz e as súas filiais consideradas como grupo consolidable.

2. As solicitudes a que se refire o número 1 anterior deberanas presentar as entidades ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que deberá notificar a súa resolución no prazo de seis meses.

3. As solicitudes de autorización presentadas consonte o previsto nesta circular, e as demais que corresponda resolver á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co establecido na Lei 24/1988 e o Real decreto 216/2008, entenderanse estimadas transcorridos dous meses desde a súa presentación completa sen que se notificase a oportuna resolución, salvo que se indique outra cosa nas normas citadas, e iso sen prexuízo da obriga da Comisión Nacional do Mercado de Valores de ditar resolución expresa.

Artigo 155. Información periódica que se deberá remitir sobre exixencias de recursos propios.

1. As entidades e os seus grupos consolidables suxeitas ás exixencias de recursos propios previstos nesta circular estarán obrigadas a remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores os estados recollidos no cadro seguinte, que sexan de aplicación, coa periodicidade prevista no citado cadro.

Estado	Denominación	Periodicidade	
		Individual	Consolidado
RP 10	Recursos propios computables.	Mensual.	Semestral.
RP 11	Detalle de solvencia.	n/a.	Semestral.
RP 21	Exixencias de recursos propios por risco de crédito, contraparte e entrega. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 22	Exixencias de recursos propios por risco de crédito, contraparte e entrega. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.
RP 23	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para posicións de renda variable. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.
RP 24	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para titulizacións. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 25	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para titulizacións. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.
RP 26	Información sobre titulizacións orixinadas.	Anual.	Anual.
RP 27	Exixencias de recursos propios por risco de liquidación e entrega.	Trimestral.	Semestral.
RP 31	Exixencias de recursos propios por risco de posición en renda fixa. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 32	Exixencias de recursos propios por risco de posición en renda variable. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 33	Exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 34	Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 35	Exixencias de recursos propios mediante modelos internos.	Trimestral.	Semestral.
RP 41	Exixencias de recursos propios por risco operacional.	Trimestral.	Semestral.
RP 42	Información de perdas operativas por liñas de negocio e tipos de evento.	Trimestral.	Semestral.
RP 43	Información de perdas operativas significativas.	Trimestral.	Semestral.
RP 51	Información sobre risco de tipo de xuro en posicións alleas á carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 52	Información sobre posicións sensibles aos tipos de xuro en actividades que non sexan da carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 53	Información sobre opcións de tipo de xuro ou de cancelación en actividades que non sexan da carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 60	Límites aos grandes riscos.	Trimestral.	Semestral.

Estado	Denominación	Periodicidade	
		Individual	Consolidado
RP 61	Composición dos grandes riscos suxeitos a límite global.	Trimestral.	Semestral.
RP 90	Información sobre grupos mixtos.	n/a.	Semestral.

2. A obriga de información e periodicidade establecida no número 1 anterior serao con independencia da potestade da Comisión Nacional do Mercado de Valores para requirir, con carácter xeral ou particular, para incrementar a periodicidade ou solicitar canta información precise como aclaración ou detalle da información recollida nos estados previstos no número anterior.

3. Non se remitirán aqueles estados que carezan de contido nin se cubrirán os conceptos dos estados que non sexan de aplicación á entidade ou grupo.

4. Os estados individuais contidos nesta circular deberanse remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores o día 20 do mes seguinte á data a que están referidos ou, se este día for inhábil, o inmediato posterior, utilizando os medios de transmisión telemática e normas técnicas que para o efecto se comuniquen e facéndoos coincidir coa remisión dos estados contables. Os estados consolidados deberanse remitir o día 30 do mes seguinte á data a que están referidos.

5. A non-remisión de estados con periodicidade superior á do estado RP 10 non exime da actualización da información declarada nese estado.

6. O estado RP 11 conterá información individualizada de todas as entidades financeiras que formen parte do grupo consolidable e estean suxeitas a exixencias de recursos propios.

No caso de entidades que formen parte do grupo consolidable e que se integren neste mediante o método de integración proporcional, a información que se deberá reflectir no estado RP 11 será a correspondente á proporción que represente a participación do grupo na entidade, excluídas as participacións propias.

7. O estado RP 42 non será obrigatorio para as entidades que utilicen o método do indicador básico. O estado RP 43 recollerá información individual de perdas brutas por risco operacional superiores ao 1 por 100 dos recursos propios da entidade.

8. Os conglomerados financeiros definidos na Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, deberán remitir a información contida no estado RP 90 con periodicidade semestral, remitindo copia do citado estado ás restantes autoridades españolas responsables da supervisión de calquera tipo de entidade incluída no grupo.

9. O estado RP 90 só se completará e remitirá á Comisión Nacional do Mercado de Valores no caso de que esta exerza as funcións de coordinadora do conglomerado ou sexa a responsable da supervisión do grupo mixto.

10. A presentación á Comisión Nacional do Mercado de Valores dos estados recollidos no número 1 deste artigo deberá facerse por vía telemática mediante o servizo CIFRADOC/CNMV, aprobado por Acordo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores do 15 de setembro de 2006 ou outro similar, de acordo cos requirimentos técnicos establecidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en cada momento. A información deberase presentar subscrita por persoa que posúa facultades para iso da empresa de servizos de investimento ou grupo.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Disposición transitoria primeira.

A entidade obrigada dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, do tipo previsto na letra c do número 2 do artigo 1, que no momento da entrada en vigor desta circular teñan xa designada unha entidade obrigada, seguirá considerando a citada entidade como tal para os efectos desta circular.

Disposición transitoria segunda.

Os financiamentos subordinados e de accións preferentes que fosen cualificados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores como recursos propios computables antes da entrada en vigor desta circular seguirán sendo computables até o seu vencemento ou amortización sen necesidade de modificar ou adaptar as súas características.

Disposición transitoria terceira.

O límite do 20 por 100 relativo ás participacións privilexiadas emitidas por entidades de titulización, como se especifica nas letras d e e do artigo 46, non se aplicará até o 31 de decembro de 2010, sempre que tales participacións privilexiadas teñan unha avaliación crediticia asignada por unha ECAI recoñecida que se corresponda coa categoría de avaliación crediticia máis favorable das que asigne a dita ECAI con respecto a valores de débeda garantidos.

Disposición transitoria cuarta.

1. Os estados de solvencia correspondentes ao mes de decembro de 2008 e aos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2009 remitiranse á Comisión Nacional do Mercado de Valores cos formatos, criterios de elaboración e prazos de presentación establecidos na Circular 6/1992, do 30 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co número 2 seguinte, e coas especificidades técnicas que, para tal efecto, estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores e respectando, en todo caso, o principio de neutralidade coas normas de contabilidade establecidas na Circular 5/1990, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, modelos reservados e públicos dos estados financeiros e contas anuais de carácter público das sociedades e axencias de valores.

2. As entidades remitirán á CNMV os estados de solvencia individuais e consolidados a que se refire o número 1 anterior, considerando individualmente as partidas que requiran de axustes para manter o carácter neutro a que se fai referencia no punto anterior e, en todo caso, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Non se considerarán no cómputo dos recursos propios as reservas xurdidas como consecuencia da primeira aplicación da Circular 7/2008, da CNMV, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, excepto as que supoñan unha diminución de reservas por axustes en activos inmateriais que non poden ser activados conforme o establecido na dita circular.

b) Tampouco se considerarán no cómputo dos recursos propios computables os axustes de valoración. En particular, as porcentaxes que se indican na letra i do artigo 3 desta circular, correspondentes aos importes brutos das plusvalías que se contabilicen como axustes por valoración de activos financeiros dispoñibles para a venda dentro do patrimonio neto.

c) Cando se trate de axustes por valoración que mostren un saldo debedor tal e como se refire na letra b do artigo 4 desta circular, soamente se deducirán dos recursos propios computables, no suposto de que a conta de perdas e ganancias da entidade tras a aplicación do ditos axustes resultar negativa.

Disposición derogatoria.

Esta circular derroga a Circular 6/1992, do 30 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre exixencias de recursos propios de sociedades e axencias de valores e os seus grupos consolidables.

Disposición derradeira primeira.

No non previsto nesta circular aplicarase supletoriamente o disposto na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

Disposición derradeira segunda.

1. Esta circular entrará en vigor o 30 de xuño de 2009.
2. Non obstante o disposto na disposición transitoria cuarta, a primeira remisión completa dos estados de solvencia de acordo cos criterios desta circular e incluídos como anexos a esta circular deberase referir aos estados correspondentes ao 30 de xuño de 2009.

Madrid, 30 de decembro de 2008.–O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Julio Segura Sánchez.

ANEXO I

A. Clasificación das contas de orde, risco e compromiso.

Risco alto:

a) Contas de risco e compromiso:

- Avais e garantías concedidas.
- Outros pasivos contingentes.
- Valores propios cedidos en préstamo.
- Compromisos de compras de valores a prazo.
- Compromisos de vendas de valores a prazo.
- Desembolsos comprometidos por aseguramento de emisións.
- Derivados financeiros.

b) Contas de orde:

- Préstamo de valores recibidos.
- Valores vendidos.
- Valores cedidos temporalmente.

Risco medio:

a) Contas de risco e compromiso:

- Crédito concedido a clientes por operacións de valores
- Outras contas de risco e compromiso

b) Contas de orde:

- Ordes de clientes de compra de valores pendentes de liquidar.
- Depósitos de instrumentos financeiros.
- Outras contas de orde.

Risco medio/baixo:

a) Contas de orde:

- Carteiras xestionadas.
- Patrimonio administrado de institucións de investimento colectivo.

Risco baixo:

a) Contas de risco e compromiso:

- Ordes propias sobre valores pendentes de executar.
- Préstamo de valores ao mercado.
- Activos adquiridos en nome propio por conta de terceiros.

b) Contas de orde:

- Dispoñible non condicionado á vista en entidades de crédito.
- Ordes de clientes de venda de valores pendentes de liquidar.
- Instrumentos financeiros propios e de terceiros en poder doutras entidades.

- Préstamo de valores recibidos.
- Valores dispoñibles.
- Garantías depositadas por terceiros noutras entidades financeiras por crédito ao mercado.
- Activos en suspenso regularizados.
- Produtos vencidos e non cobrados de activos dubidosos.
- Garantías recibidas de clientes sobre crédito a particulares.

PARTE B. TIPOS DE DERIVADOS.

1. Contratos sobre tipos de xuro:

- a) Permutas financeiras sobre tipos de xuro nunha soa divisa.
- b) Permutas financeiras sobre tipos de xuro variable.
- c) Acordos sobre tipos de xuro futuros.
- d) Futuros sobre tipos de xuro.
- e) Opcións adquiridas sobre tipos de xuro.
- f) Outros contratos de natureza análoga.

2. Contratos sobre tipos de cambio e contratos sobre ouro:

- a) Permutas financeiras sobre tipos de xuro en diversas divisas.
- b) Operacións a prazo sobre divisas.
- c) Futuros sobre divisas.
- d) Opcións adquiridas sobre divisas.
- e) Outros contratos de natureza análoga.
- f) Contratos sobre ouro de natureza análoga aos enumerados nas letras a á e.

3. Entenderase por contratos de natureza análoga, mencionados nas letras a á e do número 1 e nas letras a á d do número 2, relativos a outros índices ou instrumentos de referencia, polo menos, a todos os instrumentos mencionados a continuación:

– Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con valores, divisas, tipos de xuro ou rendementos, ou outros instrumentos financeiros derivados, índices financeiros ou medidas financeiras que se poidan liquidar en especie ou en efectivo.

– Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que deban liquidarse en efectivo ou que se poidan liquidar en efectivo por petición dunha das partes (por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suceso que leve á rescisión do contrato).

– Contratos de opcións, futuros, permutas e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que se poidan liquidar en especie, sempre que se negocien nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación.

– Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que poidan ser liquidados mediante entrega física non mencionados no punto anterior e non destinados a fins comerciais, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cosas, se se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.

– Contratos financeiros por diferenzas.

– Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con variables climáticas, gastos de transporte, autorizacións de emisión ou tipos de inflación ou outras estatísticas económicas oficiais, que se deban liquidar en efectivo ou que se poidan liquidar en efectivo á elección dunha das partes (por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suposto que leve á rescisión do contrato), así como calquera outro contrato de instrumentos

financeiros derivados relacionado con activos, dereitos, obrigas, índices e medidas non mencionados nos anteriores puntos deste artigo, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cosas, se se negocian nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación, se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.

ANEXO II

Estados



RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10

Correspondente ao ____ de ____ de ____

ENTIDADE _____

	Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)	
							T
1	TOTAL RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES						0001
1.1	RECURSOS PROPIOS BÁSICOS						0005
1.1.1	Capital computable						0006
1.1.1*	Do cal: instrumentos non innovadores suxeitos a límite						0007
1.1.1**	Do cal: instrumentos innovadores suxeitos a límite						0008
1.1.1.1	Capital desembolsado						0009
1.1.1.2	(-) Accións propias						0010
1.1.1.3	Primas de emisión						0011
1.1.1.4	Outros instrumentos computables como capital						0012
1.1.2	Reservas computables						0015
1.1.2.1	Reservas						0016
1.1.2.1.01	Reservas (incluíndo axustes por valoración)						0017
1.1.2.1.02	Parte das reservas que vaian ser filtradas en axustes por valoración						0018
1.1.2.1*	Do cal: por diferenzas de cambio						0019
1.1.2.2	Xuros minoritarios						0020
1.1.2.2.01	Xuros minoritarios (incluíndo axustes por valoración)						0021
1.1.2.2.02	Parte dos xuros minoritarios que vaian ser filtrados en axustes por valoración						0022
1.1.2.2.03	(-) Corrección aos xuros minoritarios						0023
1.1.2.2*	Do cal: instrumentos non innovadores suxeitos a límite						0024
1.1.2.2**	Do cal: instrumentos innovadores suxeitos a límite						0025
1.1.2.3	Resultados do exercicio computables						0030
1.1.2.3.01	Resultado positivo do exercicio auditado						0031
1.1.2.3.02	Parte do resultado positivo do exercicio auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración						0032
1.1.2.4a	(-) Perdas do exercicio						0035
1.1.2.4a.01	Resultado do exercicio non auditado						0036
1.1.2.4a.02	Parte do resultado do exercicio non auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración						0037
1.1.2.4b	Resultados do exercicio que se prevegan aplicar a reservas ou perdas do exercicio corrente						0040
1.1.2.4b.01	(-) Resultado negativo do exercicio auditado						0041
1.1.2.4b.02	Parte do resultado negativo do exercicio auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración						0042
1.1.2.5	(-) Beneficios netos derivados da actualización de futuros ingresos procedentes de activos titulizados						0045
1.1.2.6	Axustes por valoración computables como recursos propios básicos						0050
1.1.2.6.01	Axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda						0051
1.1.2.6.02	Corrección aos axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda						0052
1.1.2.6.03	Axustes por valoración en créditos á clientela dispoñibles para a venda (1)						
1.1.2.6.04	Corrección aos axustes por valoración en créditos á clientela dispoñibles para a venda (1)						
1.1.2.6.05	Axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda						0055
1.1.2.6.06	Corrección aos axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda						0056
1.1.2.6.07	Axustes por valoración en pasivos financeiros a valor razoable						0057
1.1.2.6.08	Corrección aos axustes por valoración en pasivos financeiros a valor razoable						0058
1.1.2.6.09	Axustes por valoración de coberturas de fluxos de tesouraría de instrumentos financeiros medidos polo custo amortizado						0059
1.1.2.6.10	Corrección aos axustes por valoración de coberturas de fluxos de tesouraría de instrumentos financeiros medidos polo custo amortizado						0060
1.1.2.6.11	Axustes por valoración en investimentos inmobiliarios (1)						
1.1.2.6.12	Corrección aos axustes por valoración en investimentos inmobiliarios (1)						
1.1.2.6.13	Axustes por valoración en activos materiais de uso propio (1)						
1.1.2.6.14	Corrección aos axustes por valoración en activos materiais de uso propio (1)						
1.1.2.6.15	Outros axustes por valoración que afecten as reservas computables						0065
1.1.2.6.16	Corrección aos outros axustes por valoración que afecten as reservas computables						0066

(*) Consignaranse:

0 Estado correspondente ao grupo consolidado

1 Estado correspondente ao subgrupo consolidado

2 Estado individual correspondente á entidade

3 Estado individual correspondente á entidade que presenta os seus recursos propios con instrumentais


RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10

Correspondente ao ____ de ____ de ____ de ____

ENTIDADE _____

Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)
			T 3 0 1 0		

1.1.3	Fondos para riscos bancarios xerais (1)	
1.1.4	Outros e recursos propios básicos de acordo coa lexislación nacional	0075
1.1.4.1	Instrumentos non innovadores suxeitos a limite	0076
1.1.4.2	Instrumentos innovadores suxeitos a limite	0077
1.1.4.3	Filtro positivo correspondente á primeira aplicación das Normas Internacionais de Contabilidade (1)	
1.1.4.4	Outros	0080
1.1.5	(-) Outras deducións dos recursos propios básicos	0085
1.1.5.1	(-) Activos inmateriais	0086
1.1.5.2	(-) Exceso sobre os límites para instrumentos non innovadores	0087
1.1.5.3	(-) Exceso sobre os límites para instrumentos innovadores	0088
1.1.5.4	(-) Outras deducións dos recursos propios básicos de acordo coa lexislación nacional	0089
1.1.5.4.1	Filtro negativo correspondente á primeira aplicación das Normas Internacionais de Contabilidade (1)	
1.1.5.4.2	(-) Outras	0091
	Das cales:	
1.1.5.4.2*	(-) Exceso de xuros minoritarios sobre o 10% dos RRPP básicos	0092
1.1.5.4.2**	(-) Exceso sobre o 50% dos recursos propios correspondente a elementos distintos do capital e das reservas	0093
1.2	RECURSOS PROPIOS DE SEGUNDA CATEGORÍA	0095
1.2.1	Recursos propios de segunda categoría principais	0096
1.2.1.1	Exceso sobre os límites para recursos propios básicos transferidos a recursos propios de segunda categoría-principais	0097
1.2.1.2	Corrección realizada aos axustes por valoración nos recursos propios básicos transferida a recursos propios de segunda categoría principais	0098
1.2.1.2.01	Corrección aos axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda transferida a recursos propios de segunda categoría principais	0099
1.2.1.2.02	Corrección aos axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda transferida a recursos propios de segunda categoría principais	0100
1.2.1.2.03	Corrección aos axustes por valoración en investimentos inmobiliarios transferida a recursos propios de segunda categoría principais (1)	
1.2.1.2.04	Corrección aos axustes por valoración en activos materiais de uso propio transferida a recursos propios de segunda categoría principais (1)	
1.2.1.2.05	Outras correccións a axustes por valoración que afecten as reservas computables transferidas a recursos propios de segunda categoría principais	0103
1.2.1.3	Reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos	0105
1.2.1.4	Axustes de valoración para as posicións baixo o método estándar para risco de crédito (1)	
1.2.1.5	Outros elementos	0107
1.2.1.5.01	Cobertura xenérica relacionada con exposicións baixo o método estándar	0108
1.2.1.5.02	Cobertura xenérica relacionada con exposicións baixo o método IRB titulizadas	0109
1.2.1.5.03	Outros	0110
1.2.1.6	Financiamentos subordinados de duración indeterminada e instrumentos similares	0111
1.2.1.7	Importes positivos resultantes da comparación no método IRB entre axustes por valoración por deterioración de activos e provisiones fronte a perdas esperadas	0112
1.2.1.8	Recursos propios de segunda categoría principais de acordo coa lexislación nacional	0113
1.2.1.8.01	Corrección aos xuros minoritarios relacionados con reservas de revalorización transferida aos recursos propios de segunda categoría principais	0114
1.2.1.8.02	Corrección aos xuros minoritarios relacionados con accións sen voto e accións preferentes asimiladas a financiamentos subordinados de duración indeterminada transferida aos recursos propios de segunda categoría principais	0115
1.2.1.8.03	Outras correccións aos xuros minoritarios transferidas aos recursos propios de segunda categoría principais	0116
1.2.1.8.04	Fondos da Obra Social das caixas de aforro e das cooperativas de crédito	0117
1.2.2	Recursos propios de segunda categoría adicionais	0120
1.2.2.1	Compromisos dos membros das cooperativas de crédito (1)	
1.2.2.2	Accións preferentes acumulativas con prazo de vencemento determinado	0122
1.2.2.3	Financiamentos subordinados estándar e instrumentos similares	0123
1.2.2.4	Recursos propios de segunda categoría adicionais de acordo coa lexislación nacional	0124
1.2.2.4.01	Corrección aos xuros minoritarios relacionados con accións preferentes asimiladas a financiamentos subordinados estándar transferida aos recursos propios de segunda categoría adicionais	0125
1.2.2.4.02	Outras correccións aos xuros minoritarios transferidos aos recursos propios de segunda categoría adicionais	0126
1.2.2.5	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría adicionais	0127
1.2.2.5*	Do cal: efecto da ampliación transitoria dos límites para os recursos propios de segunda categoría adicionais	0128
1.2.3	(-) Deducións dos recursos propios de segunda categoría	0130
1.2.3.1	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría	0131
1.2.3.1*	Do cal: efecto da ampliación transitoria dos límites para os recursos propios de segunda categoría	0132
1.2.3.2	(-) Outras deducións de recursos propios de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional	0133

(*) Consignaranse:

0 Estado correspondente ao grupo consolidado

1 Estado correspondente ao subgrupo consolidado

2 Estado individual correspondente á entidade

3 Estado individual correspondente á entidade que presenta os seus recursos propios con instrumentais


RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10

Correspondente ao ____ de ____ de ____

ENTIDADE _____

Ano	Mes	P	Estado	Código entidad	Tipo identificador (*)
			T 3 0 1 0		

1.3	(-) DEDUCCIONES DOS RECURSOS PROPIOS BÁSICOS E DE SEGUNDA CATEGORÍA	0135			
	Das cales:				
1.3.T1*	(-) Dos recursos propios básicos	0136			
1.3.T2*	(-) Dos recursos propios de segunda categoría	0137			
1.3.1	(-) Participacións en entidades financeiras non consolidadas en cuxo capital a "entidade" participa en máis dun 10% (segundo relación anexa)	0138			
1.3.2	(-) Financiamentos subordinados e outros valores computables como recursos propios de entidades financeiras non consolidadas en cuxo capital a "entidade" participa en máis dun 10% (segundo relación anexa)	0139			
1.3.3	(-) Exceso de participacións, financiamentos subordinados e outros valores computables como recursos propios de entidades financeiras non consolidadas distintas das recollidas no 1.3.1 ou no 1.3.2 sobre o 10% dos recursos propios da "entidade"	0140			
1.3.4	(-) Participacións en entidades aseguradoras e asimiladas en cuxo capital a "entidade" participa en máis do 20% (segundo relación anexa)	0141			
1.3.5	(-) Financiamentos subordinados ou outros valores computables en entidades aseguradoras e asimiladas en cuxo capital a "entidade" participa en máis do 20% (segundo relación anexa)	0142			
1.3.6	(-) Deduccions dos recursos propios básicos e de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional	0143			
1.3.LE	Pro-memoria: Recursos propios para os efectos dos límites ás participacións cualificadas e aos grandes riscos	0144			
1.3.7	(-) Determinadas exposicións de titulizacións non incluídas nos requirimentos de recursos propios	0150			
1.3.8	(-) Perdas esperadas das exposicións de renda variable baixo o método IRB e importes negativos resultantes da comparación no método IRB entre correccións de valor por deterioración de activos e provisiones fronte a perdas esperadas	0151			
1.3.9	(-) Exceso de participacións en entidades non financeiras (a maior de 1.3.9.1 e 1.3.9.2)	0152			
1.3.9.1	Exceso das participacións cualificadas en entidades non financeiras sobre o 60% de recursos propios	0153			
1.3.9.2	Suma dos excesos das participacións cualificadas en entidades non financeiras sobre o 15% dos recursos propios	0154			
1.3.10	(-) Operacións incompletas transcorridos 5 días hábiles desde a data do segundo pagamento ou entrega contractual	0155			
1.3.11	(-) Outras deduccions dos recursos propios básicos e dos recursos propios de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional	0156			
1.4	RECURSOS PROPIOS BÁSICOS TOTAIS PARA OS EFECTOS XERAIS DE SOLVENCIA	0160			
1.5	RECURSOS PROPIOS DE SEGUNDA CATEGORÍA TOTAIS PARA OS EFECTOS XERAIS DE SOLVENCIA	0165			
1.6	RECURSOS PROPIOS AUXILIARES TOTAIS PARA A COBERTURA DOS RISCOS DE PREZO E DE TIPO DE CAMBIO	0170			
1.6.1	Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría transferidos aos recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio	0171			
1.6.2	Beneficios netos da carteira de negociación (1)				
1.6.3	Financiamentos subordinados a curto prazo	0173			
1.6.4	(-) Activos illíquidos	0174			
1.6.5	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio	0175			
1.6.LE	Pro-memoria: Recursos propios para os efectos dos límites aos grandes riscos cando se faga uso de recursos propios auxiliares para cubrir os riscos de prezo e de tipo de cambio (1)				
1.6.6	(-) Deduccions dos recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio de acordo coa lexislación nacional	0177			
1.6.7	(-) Recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio computables pero non utilizados	0178			
1.7	(-) DEDUCCIONES DO TOTAL DE RECURSOS PROPIOS	0180			
1.7.1	(-) Deduccions do total de recursos propios de acordo coa lexislación nacional	0181			
1.7.2	(-) Participacións en entidades aseguradoras pola disposición transitoria e discrecional prevista no art. 154 (4) da Directiva 2006/48/CE (1)				
1.8	PRO-MEMORIA:				
1.8.1	Importes positivos (+) / negativos (-) resultantes da comparación no método IRB entre correccións de valor por deterioración de activos e provisiones fronte a perdas esperadas	0190			
1.8.1.1	Importe das correccións de valor por deterioración de activos e provisiones relacionadas coas exposicións baixo o método IRB	0191			
	Do cal:				
1.8.1.1*	Cobertura xenérica / perdas por deterioración de activos financeiros avaliados colectivamente	0192			
1.8.1.1**	Cobertura específica / perdas por deterioración de activos financeiros avaliados individualmente	0193			
1.8.1.1***	Outras correccións de valor por deterioración de activos e provisiones	0194			
1.8.1.2	(-) Importe das perdas esperadas baixo o método IRB	0195			
1.8.2	Importe bruto dos financiamentos subordinados	0196			
1.8.3	Capital inicial mínimo requirido (só en declaracións a nivel individual)	0197			
1.8.4	Activos que serviron como base para o cálculo da cobertura xenérica ponderados por risco baixo o método SA	0198			
1.8.5	Importe bruto dos fondos da Obra Social das caixas de aforro e das cooperativas de crédito que deixasen de ser computables	0199			

(*) Consignaranse:

0 Estado correspondente ao grupo consolidado

1 Estado correspondente ao subgrupo consolidado

2 Estado individual correspondente á entidade

3 Estado individual correspondente á entidade que presenta os seus recursos propios con instrumentais


RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10

Correspondente ao ____ de ____ de ____ de ____

ENTIDADE _____

Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)
			T 3 0 1 0		

2	REQUISITOS DE RECURSOS PROPIOS	0200	
	Dos cales:		
2a	Empresas de investimento suxeitas aos artigos 20 (2) e 24 da Directiva 2006/49/CE	0201	
2b	Empresas de investimento suxeitas aos artigos 20 (3) e 25 da Directiva 2006/49/CE	0202	
2c	Empresas de investimento suxeitas ao artigo 45b da Directiva 2006/49/CE	0203	
2.1	TOTAL REQUISITOS DE RECURSOS PROPIOS POR RISCO DE CRÉDITO, CONTRAPARTE, DILUCIÓN E ENTREGA	0205	
2.1.1	Método estándar	0210	
2.1.1.1a	Total categorías de activos baixo o método estándar (excluíndo posicións en titulizacións)	0211	
2.1.1.1a.01	Administracións centrais e bancos centrais	0212	
2.1.1.1a.02	Administracións rexionais e autoridades locais	0213	
2.1.1.1a.03	Entidades do sector público e outras institucións públicas sen fins de lucro	0214	
2.1.1.1a.04	Bancos multilaterais de desenvolvemento	0215	
2.1.1.1a.05	Organizacións internacionais	0216	
2.1.1.1a.06	Institucións	0217	
2.1.1.1a.07	Empresas	0218	
2.1.1.1a.08	Retallistas	0219	
2.1.1.1a.09	Exposicións garantidas con inmobles	0220	
2.1.1.1a.10	Exposicións en situación de mora	0221	
2.1.1.1a.11	Exposicións de alto risco	0222	
2.1.1.1a.12	Bonos garantidos	0223	
2.1.1.1a.13	Exposicións fronte a institucións e empresas con cualificación crediticia a curto prazo	0224	
2.1.1.1a.14	Exposicións en forma de institucións de investimento colectivo (IIC)	0225	
2.1.1.1a.15	Outras exposicións	0226	
2.1.1.1b	Total categorías de activos baixo o método IRB (excluíndo posicións en titulizacións) (1)		
2.1.1.1b.01	Administracións centrais e bancos centrais (1)		
2.1.1.1b.02	Institucións ⁽¹⁾		
2.1.1.1b.03	Empresas ⁽¹⁾		
2.1.1.1b.04	Retallistas (1)		
2.1.1.1b.05	Renda variable (1)		
2.1.1.1b.06	Outros activos que non sexan activos financeiros (1)		
2.1.1.2	Posicións de titulación. Método estándar	0234	
2.1.1.2.01	Titulizacións tradicionais	0235	
2.1.1.2.02	Titulizacións sintéticas	0236	
2.1.2	Método baseado en cualificacións internas	0240	
